Mesa sectorial multiprodución local	21/11/2022	Enquisas Debate sobre a estratexia Presencial	Avaliar a información Coñece que potenciais, melloras, necesidades e limitacións presenta a comarca Recollida de información cualitativa	Representantes de asociacións de produtores locais
Mesa sectorial da biodiversidade e recursos naturais	21/11/2022	Enquisas Debate sobre a estratexia Presencial	Avaliar a información Coñece que potenciais, melloras, necesidades e limitacións presenta a comarca Recollida de información cualitativa	Representantes de asociacións de biodiversidade e recursos naturais
Mesa sectorial da carne e leite	22/11/2022	Enquisas Debate sobre a estratexia Presencial	Avaliar a información Coñece que potenciais, melloras, necesidades e limitacións presenta a comarca Recollida de información cualitativa	Representantes de S.A.T.s e de asociacións de produtores de carne e leite
Mesa sectorial da cultura, patrimonio, deporte e etnografía	22/11/2022	Enquisas Debate sobre a estratexia Presencial	Avaliar a información Coñece que potenciais, melloras, necesidades e limitacións presenta a comarca Recollida de información cualitativa	Representantes de asociacións culturais, patrimoniais, deportivas, etc.

Mesa sectorial sector forestal: Aproveitamento do soutobosque	22/11/2022	Enquisas Debate sobre a estratexia Presencial	Avaliar a información Coñece que potenciais, melloras, necesidades e limitacións presenta a comarca Recollida de información cualitativa	Representantes do asociacións do sector forestal e comunidade de montes
Mesa sectorial de formación para o desenvolvemento e novas tecnoloxías	22/11/2022	Enquisas Debate sobre a estratexia Presencial	Avaliar a información Coñece que potenciais, melloras, necesidades e limitacións presenta a comarca Recollida de información cualitativa	Representantes de asociacións de mulleres e veciños.
Mesa sectorial dos servizos turísticos no medio rural	22/11/2022	Enquisas Debate sobre a estratexia Presencial	Avaliar a información Coñece que potenciais, melloras, necesidades e limitacións presenta a comarca Recollida de información cualitativa	Representantes de asociacións de empresas do sector turístico.
Reunión técnica periódica	23/11/2022	Debate sobre a estratexia Presencial	Avaliar a información	Reunión técnica do GDR, con representante da Xunta directiva.
Reunión informativa Vilalba	28/11/2022	Proxector Enquisas Debate sobre a estratexia Presencial	Recoller datos para o análise DAFO Avaliar a información Coñece que potenciais, melloras, necesidades e limitacións presenta a comarca Recollida de información cualitativa	Poboación en xeral

Reunión informativa en Riotorto	29/11/2022	Proxector Enquisas Debate sobre a estratexia Presencial e On-line	Recoller datos para o análise DAFO Avaliar a información Coñece que potenciais, melloras, necesidades e limitacións presenta a comarca Recollida de información cualitativa	Poboación en xeral
Reunión da Asamblea xeral	12/12/2022	Debate sobre a estratexia Presencial	Avaliar a información Aprobación borrador actuacións globais estratexia	Socios do GDR
Enquisas da cidadanía	Setembro-Outubro-Novembro	Enquisas On-Line	Recoller datos para o análise DAFO Avaliar a información Coñece que potenciais, melloras, necesidades e limitacións presenta a comarca Recollida de información cualitativa	Cidadáns

Táboa 7. Proposta de tipos de actuacións a desenvolver e de ferramentas da actuación

		Actuación	Ferramentas
	Fase preparatoria	Defínense os pasos principais da elaboración da estratexia mais os axentes clave. Realizase un pequeno estudo da zona para coñecer que entidades e axentes serán potenciais para ser axentes clave. Deseñouse as actuacións a desenvolver: contactar cos axentes clave a través de reunións, entrevistas... a poboación en xeral a través da publicidade, medios de difusión...	Empregouse, para difundir a información e convocar ós partícipes: - Un correo electrónico gdr2norural@gmail.com - Teléfono de contacto: 672063331

FASE I		Creáronse diferentes borradores das futuras entrevistas tendo en conta os diferentes axentes e elaboráronse as enquisas. Neste momento xorde a necesidade e as pautas para a reunión transversal, a que se usará como punto de máxima difusión mais o cronograma para garantir a realización das actuacións Exponse o obxectivo final	- Unha páxina de aterraxe (landing page): https://gdrterracha.org/ - Código QR - Aplicación Survio Difundiuse a información e fíxose publicidade a través das webs das entidades locais, do GDR, da radio e redes sociais. (Instagram, facebook..) Tamén se repartiron carteis(5 por cada concello) e bolígrafos en zonas mais concorridas.
FASE I	Fase informativa	Nesta fase comezase coas actividades que nos axudarán a fomentar a participación. Comézase a difusión a través da publicidade por redes sociais para fomentar a participación. Inícianse as reunións coas axentes claves locais para que a través destas entidades tamén realicen a fase informativa e poder ter a poboación en xeral informada para a reunión transversal. Os cuestionarios son a través dunha aplicación que permite coñecer no momento en que se cubre os resultados para involucrar a poboación. Para fomentar o colectivo de mulleres e mozos, nesta fase realizase a difusión a través dunha reunión para mulleres emprendedoras e empréganse as redes sociais para chegar aos mais mozos. O que se pretende principalmente é explicar e difundir a comunidade o proxecto e a metodoloxía a seguir para o deseño da EDLP.	Convocatoria a través da publicidade (webs e RRSS , de medios de comunicación, xornais, radio, carteleira, folletos...). Programas de participación Survio: é unha aplicación de enquisas, gratuíta. Na cal a través de modelos creas contido, que podes ver os resultados das respostas recollidas en tempo real, gráficos, informes PFD...

		Actuación	Ferramentas
FASE II	Fase de análise	Comeza a fase de recollida de datos. Faise a través das entrevistas, reunións grupais, mesas sectoriais, enquisas á poboación, mesas institucionais... Os datos recóllense en función do axente clave ou colectivo, existindo unha entrevista personalizada para cada grupo. Esta entrevista conta con unha parte común para todos e outra específica. Fanse reunións presenciais para obter información ao momento e obter con mais detalle a información aportada polos axentes e favorecer o seu análise. A recollida de datos intentase facer por bloques para que sexa mais sinxelo despois o seu análise	Convocatoria a través da publicidade (webs e RRSS , de medios de comunicación, xornais, radio, carteis...) Ferramentas empregadas para a recollida de datos para o análise: - Enquisas on-line á cidadanía - Entrevistas individuais ou grupais - Caixas de correo de participación - Correo electrónico e Whatsapp - Programas de procesamento gráfico - Documentación de libros
FASE III	Fase de conclusións	Tras ter os datos e a información precisa, esta analizase. Como na fase anterior a recollida xa se fixo por bloques, as conclusións tamén se dividirán da mesma forma. Diferenciando o colectivo e o axente analizado, as carencias e debilidades por un lado e fortalezas e potenciais por outro, si foron datos obtidos a través de entrevistas ou preguntas abertas ou cerradas...	Revisión documental Tras coñecer as conclusións, difúndense aos socios do GDR e realizase unha reunión con data do 12 de decembro para dar a coñecer os pasos levados acabo máis como se foi elaborando a estratexia.


A.3. Metodoloxía empregada para o tratamento da información obtida

A.3.1. Análise dos datos das persoas convocadas e participantes, tanto de forma presencial como on–line

Táboa 8. Análise da participación

Actuación	Convocados	Participantes	Participantes presenciais	Participantes on-line
Reunión informativa	70	39	26	13
Reunión representantes dos concellos	10	10	10	0
Reunión representantes de entidades privadas, asociación e fundacións potenciais do GDR	30	13	13	0
Reunión representante institucional	2	1	1	0
Reunión representantes do turismo e cultura	40	27	27	0
Mesas sectoriais	135	59	59	0
Reunión técnica periódica	3	3	3	0


Gráfico 1. Análise da participación



Táboa 9. Análise dos participantes

Actuación	Participantes	Procedencia
Reunións	10	Entidades Públicas
Reunións	59	Entidades Privadas
Reunións e entrevistas	1	Asociacións
Reunións e entrevistas	27	Empresas
Enquisas	39	Poboación en xeral

Gráfico 2. Análise dos participantes segundo a súa procedencia



Táboa 10. Análise do impactos das distintas accións


Acción	Dato
Nº de entrevistas individuais	21
Nº de entrevistas grupais	5
Nº de enquisas recibidas	183
Nº de formularios recibidos	183
Impacto en redes sociais	Alto
Participación a través de correo, teléfono, web...	4

A.3.2. Cuantificación e análise das aportación recibidas

Táboa 11. Cuantificación e análise das aportacións recibidas

Área	Nº potencialidades	Nº de melloras	Nº de necesidades	Nº limitacións
Territorio	4	4	4	4
Poboación	5	5	5	6
Actividade económica	6	7	6	6
Comunicacións e enerxía	3	4	3	4
Demais áreas	7	5	4	6

Gráfico 3. Análise das respostas recibidas



A.3.3. Metodoloxía a empregar. Propostas

Na recollida da información podemos distinguir por unha banda a que procede de datos existentes do territorio, información cuantitativa, e por outra banda, a información que non e propiamente datos obtidos directamente se non información que a través dela se obteñen resultados, conclusións ou documentación non analizada ata o de agora, é dicir información cualitativa.

Procuramos recoller a información cuantitativa a través dos seguintes institutos estatísticos ou fontes oficiais de acceso público como: INE, IGE, EPA, web Xunta de Galicia, MITECO, SOGAMA, SERGAS, SIOSE..
A información cualitativa obtívose a través de:

- **Xornada de presentación ou reunión transversal**: A intención era crear unha xeral, pero debido ao distanciamento entre os distintos territorios optouse por crear dúas xornadas de presentación en distintos puntos, unha delas foi en Vilalba e a outra en Riotorto. Ademais levouse acabo unha reunión transversal coa xunta directiva ao inicio da posta en marcha da elaboración da estratexia

Ilustración 2. Reunión transversal



Ilustración 3. Anuncio de reunións informativas





- Encontros ou xornadas profesionais: Teñen como misión conectar representantes de colectivos profesionais (empresas, representantes de sectores, sindicatos...) nos cales se comparte información, dun xeito curto é en forma de debate, sobre temas de interese para un determinado sector e así crear mobilización para a participación na elaboración da Estratexia.

Ilustración 4. Encontro coas mulleres emprendedoras



- Caixón de participación: Crease un correo electrónico específico para que os participantes podan explanar preguntas, dúbidas, consultas ou información durante o proceso de participación. Actualmente, ademais do correo electrónico existen outros medios que tamén se empregarán e que facilitan a participación como o Whatsapp.

Ilustración 5. Correo de participación por parte de empresas da comarca




Ilustración 6. Uso do correo para difundir reunións e lugares de participación





Ilustración 7. Whatsapp como medio de difusión e participación



- Mesas de reflexión ou debate: Aproveitouse as reunións presenciais para engadir nelas a mesa de reflexión ou debate, xa que a elas acudiron profesionais, investigadores ou persoas con coñecementos relativos a certos temas (medio ambiente, fauna, patrimonio, cultura...). Grazas a estas mesas púidose recoller información cuantitativa para a elaboración desta estratexia partindo de documentación e información aportada.

Ilustración 8. Entrevista con membros da hostalería



Ilustración 9. Entrevista con membros do turismo e cultura







ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n
27800 Vilalba (Lugo)
T. 982 512 369
terrachanaturalmente@gmail.com


Ilustración 10. Entrevista con membros da hostalería e turismo



- Entrevistas: Realizáronse maioritariamente de maneira presencial para facilitar a implicación dos axentes dende o primeiro momento. A través destas entrevistas abordouse, en función do axente, os aspectos seguintes:

- Trazos característicos do territorio.
- Necesidades a abordar de xeito prioritario.
- Obxectivos que se pretenden acadar ou liñas de acción e proxectos executables.

Outras entrevistas, debido a dificultade para concretar unha de maneira presencial, fixéronse telefonicamente, sobre todo con asociacións e empresas. A entrevista era telefónica tras realizarse enviábase por o correo electrónico habilitado para que ben, puidesen cubrila ou simplemente ao cubrila por teléfono tivesen que confirmar os datos.



ENTREVISTA A ASOCIACIÓNS POTENCIAIS DO GDR-2 TERRA CHÁ (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Riotorto, Pastoriza A, Vilalba e Xermade)

Remitir ao correo: gdr2norural@gmail.com

CONCELLO:


ASOCIACIÓN:

DATA:

1. Coñecede, o LEADER ou outros programas similares que se desenvolveron na súa zona a través dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs)? Si a resposta e sí, Beneficiouse en algún momento destes programa?
2. Como asociación da comarca, cre que se precisa mais apoio ou que carece de medios para poder levar acabo ou realizar máis actividades?.
3. Cales son as desvantaxes, en xeral, que presenta a contorna e que necesita intervención ou darlle máis importancia para poder poñela en valor?
4. Se alguén lle preguntase as razóns polas que debe vivir na zona, Cales aportaría?
5. Se o considera, aporte unha idea, proxecto ou medida que considera que é importante para ter en conta nos novos programas que se desenvolvan para fomentar a calidade de vida das persoas da comarca. Se tes algún indique brevemente:

- Denominación do proxecto
- Breve xustificación
- Entidade tractora e/ou entidades participantes
- Localización
- Financiación aproximada (en caso de coñecerse)

Sinatura ou selo da entidade



ENTREVISTA A EMPRESAS POTENCIAIS DO GDR-2 TERRA CHÁ (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Riotorto, Pastoriza A, Vilalba e Xermade)

Remitir ao correo: gdr2norural@gmail.com

CONCELLO:

EMPRESA:

DATA:

1. Coñecede, o LEADER ou outros programas similares que se desenvolveron na súa zona a través dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs)? Se a resposta e si, Beneficiouse en algún momento destes programa?
2. Como empresa ou negocio, como lle afecta ou beneficia pertencer comarca da Terra Chá?.
3. Cre que se necesita mais apoio ou se carece de medios por parte da comarca para poder levaba acabo as actividades ou servizos como desexaría? Por favor, intente xustificar a resposta.
4. Cales son as desvantaxes, en xeral, que presenta a contorna e que necesita intervención ou darlle máis importancia para poder poñela en valor?
5. Se alguén lle preguntase as razóns polas que debe emprender ou crear un negocio na zona, Cales aportaría?
6. Se o considera, aporte unha idea, proxecto ou medida que considera que é importante para ter en conta nos novos programas que se desenvolvan. Se tes algún indique brevemente:
7. Denominación do proxecto
8. Breve xustificación
9. Entidade tractora e/ou entidades participantes
10. Localización
11. Financiación aproximada (en caso de coñecerse)

Sinatura ou selo da entidade

- Publicidade e redes sociais: A través dos medios dixitais e da publicidade facilítase non só a participación, senón coñecer os avances e os obxectivos que se pretenden acadar. A poboación podía cubrir unha enquisa anónima onde ademais podía seguir os resultados que se estaban recollendo coas respostas. Aproveitáronse feiras ou eventos para entregar folletos coa publicidade e tamén bolígrafos onde se facilitaba a páxina web para que puidesen informarse ou incluso cubrir a enquisa. Usáronse as redes sociais para difundir as reunións para que, no caso de haber algún interesado, puidese acudir. Tamén se repartiron carteis publicitarios a cada Concello. A maiores usáronse xornais para facer publicidade. A publicidade empregada está no apartado “anexos” deste documento.


Tendo en conta as ferramentas e a metodoloxía emprega púidose obter unha serie de datos para analizar, identificar as necesidades, melloras, potencialidades e limitacións para o futuro análise DAFO. A partir da matriz DAFO e de onde se sacan as conclusións para fixar os obxectivos e as medidas axeitadas que se propoñen ao longo desta estratexia. Esta matriz recolleuse no seguinte punto da estratexia, tras realizar o análise e diagnóstico do contexto territorial e socioeconómico, ademais empregouse tamén no análise retrospectivo para comparar co análise DAFO das anteriores estratexias


A.4. Resultado e conclusións do proceso de participación pública

A.4.1. Análise dos resultados obtidos

A partir dos resultados obtidos na participación poderemos analizar cales son as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que presenta o GDR. Tamén nos dará información sobre onde está o potencial, que limitacións, áreas de mellorara ou necesidades presenta o noso territorio. Para recoller toda esa información usáronse os métodos xa indicados dos que podemos obter os resultados finais para o análise. Entre estes métodos está a recollida da información a través dunha enquisa global e con preguntas abertas da que obtivemos os seguintes datos de incidencia:


Gráfico 4. Resultado das enquisas






Nivel de estudos que posúe:

177 respuestas




En calidade de que responde o enquisado?

177 respuestas




Coñecede o LEADER ou outros programas similares que se desenvolveron na súa zona a través dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs)?

177 respuestas




Se coñece o LEADER, a través de que medio obtivo a información:

163 respuestas




Dos sectores que hai actualmente no seu territorio, cales considera que serven para sustentar a economía? Marque máis de un se o considera necesario.

177 respuestas




Tendo en conta o territorio e a súa economía, cal dos sectores debería ter mais prioridade ou alcanzar maior auxe? Marque mais dunha se o considera necesario

173 respuestas




Cales poderían ser as razón que dificultan ou ameazan o desenvolvemento da economía no territorio? Marque máis dunha se o considera necesario

174 respuestas




Cales cres que poden ser as debilidades que presenta o territorio e pode ocasionar dificultades para o desenvolvemento económico? Marque máis de un se o considera necesario

174 respuestas




Cales cres que poden ser as fortalezas do territorio? Marque as respostas que considere necesarias

175 respuestas




Cales cres que poden ser as oportunidades que presenta o noso territorio? Marque as respostas que considere necesarias.

173 respuestas




Tendo en conta o territorio, Que actividades son as menos desenvoltas no territorio? Marque máis de un se o considera necesario.

173 respuestas



Dentro dos servizos locais que presenta o territorio, cales se consideran importantes para facilitar o asentamento poboacional? Marque máis de un se o considera necesario.

173 respuestas



Táboa 12. Análise dos resultados obtidos. Territorio

TERRITORIO	
Potencialidades	**Areas de mellora**
P1. Uso do terreo	M1. Aldeas, vivendas existentes, terreos abandonados ou en desuso
P2. Posición xeográfica	M2. O contorno, os núcleos de maior poboación e servizos, lugares estratéxicos
P3.Calidade de vida	M3. O rural en xeral, as tradicións, contornos...
P4. Climatoloxía continental con influencia atlántica	M4. Potenciar o aproveitamento produtivo das terras

TERRITORIO	
Necesidades	**Limitacións**
N1. Planificación e estudos para o seu aproveitamento e transformalo.	L1. A propiedade, o minifundismo,
N2. Mais valoración, publicidade ao posicionamento, mobilidade intelixente	L2. Poucos puntos de parada de interese
N3. Maior publicidade e difusión da calidade de vida actual	L3. Pouca difusión e patrocinio do contorno
N4. Ordenación do territorio	L4. Terreos en desuso

Táboa 13. Análise dos resultados obtidos. Poboación

POBOACIÓN	
Potencialidades	**Areas de mellora**
P1. Poboación moza formada	M1.Emprego, sectores de actividade
P2. Programas sociais e culturais	M2. Cultura e ocio
P3. Vivendas xa construídas	M3. Rehabilitación das vivendas, aldeas, zonas deprimidas
P4.Servizos a terceira idade	M4. Centros de día, saúde, actividades e coidados
P5. Muller rural emprendedora	M5. Inserción laboral, convivencia familiar, igualdade

POBOACIÓN	
Necesidades	**Limitacións**
N1. Asentamento da poboación moza, mais ofertas en outros sectores que non sexa o primario	L1.Despoboacion, pouca variedade en ofertas de emprego
N2. Actividades adaptadas e que involucren a poboación, aproveitamento de locais en desuso	L2. Poboación envellecida
N3. Maior inversión, apoio e axudas para a rehabilitación, desligar herdanzas que dificultan a titularidade da propiedade	L3. Falta de subministracións e servizos mínimos públicos, vías adaptadas as vivendas, a propiedade
N4.Maior valor a poboación maioritaria, procura de actividades adaptadas ao envellecemento, recollida de información e coñecementos	L4. Zonas habilitadas para as persoas de terceira idade, poucas actividades para a súa integración
N5. Mais difusión e valoración en certos sectores laborais, axudas para facilitar o seu emprendemento, concienciación do papel que desempeña	L5. Tradicións e costumes na zona onde predomina a masculinidade, pouco apoio para motivar o emprendemento, abandono do rural
	L6. Despoboamento das zonas rurais

Táboa 14. Análise dos resultados obtidos. Actividade económica

ACTIVIDADE ECONÓMICA	
Potencialidades	**Areas de mellora**
P1. Crecemento da actividade	M1. Polígonos, parques empresariais, capacidade empresarial
P2. Sector forestal	M2. Estradas, terreos e vías de comunicación
P3. Calidade das materias primas	M3. As industrias alimentarias
P4. Competitividade e diversificación	M4. Os diferentes sectores, o comercio, innovación e desenvolvemento industrial
P5. Produto local	M5. Tendas, comercios, puntos de venta ou distribución que dean valor ao produto local
P6. Actividade gandeira e agraria, en especial primacía do sector lácteo	M6. A produción do sector cárnico e lácteo
	M7. Terreos e zonas forestais

ACTIVIDADE ECONÓMICA	
Necesidades	**Limitacións**
N1. Apoio das administracións públicas, falta de acompañamento dos proxectos, aumento de áreas empresariais, crear bolsas de chan ao redor dos parques	L1. Descoñecemento, limitacións, burocracia, polígonos pequenos, pouco solo industrial e motivación por xerar novas empresas
N2. Desenvolvemento sostible, control da deforestación, propiedade e utilidade dos terreos	L2. Illamento e desprazamentos por ampla zona xeográfica, abandono dos terreos
N3. Industria de transformación dos produtos primarios que dean un valor engadido	L3. Pouca inversión e actividade de transformación
N4. Novas tecnoloxías, potenciación da artesanía e do comercio local, modernización...	L4. Descoñecemento das nosas fortalezas, pouca tecnoloxía e innovación nas empresas actuais
N5. Mais valoración, publicidade, distribución e apoxeo	L5. Descoñecemento, pouca importancia ou valoración
N6. Vinculación das xeracións futuras	L6. Pouca man de obra

Táboa 15. Análise dos resultados obtidos. Comunicacións e enerxías

COMUNICACIÓNS E ENERXÍAS	
Potencialidades	**Areas de mellora**
P1. Comunicación	M1. Redes de comunicación de datos
P2. Uso de enerxías sostibles e renovables	M2. O autoconsumo e infraestruturas comunicativas
P3. O recurso da auga	M3. Caudais, augas residuais, zonas hidrográficas
	M4. Adopción de innovacións nas TICs

COMUNICACIÓNS E ENERXÍAS	
Necesidades	**Limitacións**
N1. Conexións a internet, fibra, cobertura	L1. Pouca inversión no desenvolvemento das redes tecnolóxicas
N2. Evitar as caídas de luz e mellorar o seu subministro	L2. A propia normativa, pouca innovación e inversión
N3.Depuración e subministro de augas, maior protagonismo deste valor	L3. Burocracia, pouca importancia do recursos hídricos inversión, poucos controis da auga
	L4. Brecha tecnolóxica

Táboa 16. Análise dos resultados obtidos. Demais áreas

DEMAIS ÁREAS	
Potencialidades	**Areas de mellora**
P1. Patrimonio e cultura	M1. O turismo, actividades culturais, tradicións e produtos da zona.
P2.Recursos naturais	M2. Potencial das zonas forestais, terreos en desuso, fontes de enerxía
P3.Axudas das medidas Leader, ou melloras por parte das administracións	M3. Difusión, repercusión, pouca información ou medios para achegala
P4. Medio ambiente, rutas migratorias de distintas aves nos desprazamentos estacionais	M4. Zonas verdes ou protexidas, reserva da Biosfera, Rede Natura 2000
P5. Formación	M5. Emprendemento
P6. Emprego	
P7. Ampla rede hidrolóxica	

OUTRAS ÁREAS	
Necesidades	**Limitacións**
N1. Potenciar zonas, produtos ou actividades e puntos de información públicos	L1. Pouca inversión, descoñecemento, falta de aloxamentos, servizos ao turista...
N2. Maior aproveitamento e ordenación do terreo e as condicións ambientais	L2. Pouca poboación, planificación dos terreos, terreos en desuso
N3. Maior difusión, participación e implicación	L3. Poucos axentes implicados e publicidade
N4. Mais formación, medios para o emprendemento, axudas económicas, desenvolvemento tecnolóxico e innovador	L4. Especies invasoras, contaminación, falta de controis
	L5. Pouca poboación emprendedora, desmotivación, falta de innovación e investigación
	L6. Os recursos naturais non están inventariados

A.4.2. Determinación de obxectivos xerais e particulares

Un dos obxectivos principais da estratexia é o desenvolvemento económico, polo que é necesario a creación e mantemento de emprego. Unido a isto está o obxectivo de mellorar a calidade de vida da poboación tendo en conta non só á poboación en xeral, senón aos diferentes colectivos: a poboación envellecida, as persoas con discapacidade e os nenos. En calquera obxectivo que se leve a cabo partirase da necesidade de ter en conta a innovación e a tecnoloxía como un pilar imprescindible, así como a sostibilidade. Ademais, perséguese a igualdade de oportunidades para tratar de romper ca brecha salarial.

Dentro dos obxectivos terase en conta o marco normativo europeo, centrarase o apoio, as axudas, a difusión, os cambios ou adaptacións a este sen excepcións, fomentando en todo momento a procura de conseguir os obxectivos nosos máis os que se propoñen as políticas europeas (Pacto Verde, Estratexia da Granxa á Mesa, Estratexia da Biodiversidade 2030, Estratexia Forestal UE...) e as iniciativas Leader xunto ás da Xunta de Galicia, por exemplo, as que afectan ao sector lácteo, ao sector cárnico, ao Plan Forestal de Galicia e especialmente a recuperación de terras agrarias e mantemento dos recursos hídricos.

Táboa 17. Obxectivos xerais e obxectivos específicos

Obxectivos xerais
1. Desenvolvemento económico.
2. Calidade de vida e servizos básicos á poboación.
3. Sostibilidade medioambiental e territorio.
4. Innovación e infraestruturas.
5. Igualdade de xénero.
Obxectivos específicos
1. Aumentar a produtividade agroforestal e os ingresos dos produtos.
2. Promover un turismo sostible que cree postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais.
3. Promover a implantación de actividades económicas no territorio.
4. Promover un sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente.
5. Favorecer a cohesión social e evitar situacións de exclusión social.
6. Mellora da gobernanza do territorio.
7. Promoción da bioeconomía.
8. Apoio a medidas relativas ó cambio climático.
9. Conservación, mellora e restauración de ecosistemas e a súa biodiversidade.
10. Protexer e salvagardar o patrimonio cultural e natural e arquitectónico.
11. Promover a recuperación da terra agraria, a implantación de infraestruturas, incluído solo produtivo, que potencien o desenvolvemento territorial.
12. Aumento de poboación con competencias técnicas e profesionais para acceder ó emprego e asegurar a adquisición de coñecementos necesarios para promover o desenvolvemento sostible.
13. Desenvolver a capacidade local para a creación de emprego.
14. Promover o uso de novas tecnoloxías.
15. Velar pola plena e efectiva participación das mulleres e igualdade de oportunidades.

A.5. Anexos do proceso participativo

A.5.1 Fotos das mesas sectoriais e reunións de coordinación.

Ilustración 11. Fotos mesas sectoriais













ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n
27800 Vilalba (Lugo)
T. 982 512 369
terrachanaturalmente@gmail.com





ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n
27800 Vilalba (Lugo)
T. 982 512 369
terrachanaturalmente@gmail.com


Participa na elaboración da estratexia de desevolvemento local participativo do GDR Terra Chá


Participa na elaboración da estratexia de desevolvemento local participativo do GDR Terra Chá






ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ


Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n
27800 Vilalba (Lugo)
T. 982 512 369
terrachanaturalmente@gmail.com



Participa na elaboración da estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR Terra Chá


Participa na elaboración da estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR Terra Chá

Ilustración 12. Participación on-line nas reunións







ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n
27800 Vilalba (Lugo)
T. 982 512 369
terrachanaturalmente@gmail.com



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n
27800 Vilalba (Lugo)
T. 982 512 369
terrachanaturalmente@gmail.com

A.5.2 Publicidade nos xornais, redes sociais e ferramentas de difusión.

Ilustración 13. Imaxes de xornais e redes sociais



L2 · A MARIÑA · Lunes, 7 de noviembre del 2022 · La Voz de Galicia

Arrancan en Foz las Xornadas Micolóxicas de Os Bolouros

FOZ / LA VOZ

La asociación de Foz Os Bolouros recupera las Xornadas Micolóxicas, que este noviembre cumplirán su 42 edición. La agrupación dedica el programa a Berto Quiroga (1938-2020), docente que fuera vicepresidente del colectivo.

Desde hoy y hasta el 28 de se celebrarán los Lunes de Micoloxía, con la identificación de especies (Comúns, 20.00 horas). Los días 10, 17 y 24 habrá tapas de setas con los comensales en los restaurantes Racimo y Casa Damián (20.30 horas).

El 3 habrá una salida a As Lobeiras (Viveiro). Anotan hasta el día 12 en bolouros@cancelladelorzo.es. El 17 Pedro Rodil y Jesús López Penabad hablarán sobre el cultivo de shiitake (Comúns, 20.00).

El domingo 20 se visitarán el Castro de Viladonga y el Pedregal de Irimia, y el 27 Sarria de la mano del colectivo A Mulleira. El sábado 5 habrá un Xantar Micolóxico. Anotan hasta el día 2.

Sale ileso en Foz tras atropellar a un jabalí

FOZ / LA VOZ

Un conductor resultó ileso en Foz tras atropellar su coche a un jabalí en la LU-652, a la altura de Santa Cilla. El siniestro ocurrió sobre las 19.00 horas. El 112 movilizó a Protección Civil, Policía Local y Guardia Civil de Tráfico.

MARÍA JOSÉ RÍOS RESPONSABLE DE CHOCOLATES MORENO

As Catedrais xa ten o seu turrón: «Ogallá poida identificar a Ribadeo»

A marca recibirá o martes da Agacal o diploma de chocolatería artesá

RAMÓN GONZÁLEZ REY
RIBADEO / LA VOZ

María José Ríos recibirá o vindeiro martes, ás 16.00 horas, o diploma que acredita a Chocolates Moreno, a emblemática marca de Ribadeo, como chocolatería artesá. Nese mesmo acto presentará o Turrón de As Catedrais, unha nova creación na que puxo tanto, asegura, que para ela só como un fillo». Lucirá orgulloso o nome dunha das prazas máis singulares e belas da Europa.

—O martes será un día grande para Chocolates Moreno.

—A verdade é que sí. Imos recibir o diploma de chocolatería artesá da man da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal). Que teñan o detalle de entregarme este recoñecemento en persoa é un orgullo moi grande. E tamén imos presentar o novo turrón, que nos fai moita ilusión.

—Que requisitos hai que reunir para acadar ese diploma?

—Hai que reunir unha serie de características. Esixennos seguir a nosa normativa respecto á trazabilidade e seguimento dos produtos que se lles aplica ás iniciativas industriais. Ademais, temos que demostrar que materias primas utilizamos, son aditivos artificiais. Pídennos facer as cousas do xeito máis natural, como se facían hai 80 anos, pero cumprindo os requisitos sanitarios, o que é importantísimo.

—Que significa para vostede este recoñecemento como produtora artesá?

María José Ríos, en el Mercado de Nadal de Ribadeo de 2019. | ALDEO

«O recoñecemento da nosa artesanía lévame a pensar que agora recollo os froitos do traballo de meu pai»

María José Ríos
Responsable de Chocolates Moreno

—É un orgullo, e no primeiro en que penso é que non sería posible acadalo sen o traballo de meu pai, Fernando, durante toda unha vida. Paréceme que agora estou recollendo os froitos do seu traballo. El traballaba cunha gran esixencia, e cando nós empezamos tiñamos un terreo gañado moi importante. Tola nosa parte tentamos facer as cousas como el as facía, con materia prima de calidade, con trato exquisito ao produto... Traballamos con cariño, gústanos o que facemos e por iso o facemos.

—Destaca que Chocolates Moreno mantén clientes que xa lle compraban a seu pai.

—Así é. Esa fidelidade é agora moito máis difícil de lograr. En moitas feiras, cando escoitan o nome de Chocolates Moreno, saben de quen se fala. O traballo de meu pai abríunos moitas portas, con esforzo e sen a presenza dos medios de comunicación que hai agora, só co boca a boca. Por iso estou moi orgulloso de seguir manténdeo.

—Que se pode saber deste novo turrón?

—Hai este anos abrín Bombones Moreno, e o noso produto estrela son as Rocas de As Catedrais. Xa levaba tempo traballando nun Turrón das Catedrais. As expectativas son altas, porque me gustaría que estes doces fosen identificativos da vila de Ribadeo. Estou moi contento do que resultado obtivemos e teño moitas expectativas nel. A materia prima será similar ao das Rocas de As Catedrais, e terá tamén un toque crocante, pero terá unha cremosidade especial. Saerá á venda cun envase especial e un custo de dez euros. Poderase atopar en moitos establecementos e tamén na web.

—Vostede leva facendo turrón dous anos, e ten xa unha gama ampla.

—Estás tendo moito éxito e estamos moi contentos con eles. Un deles é de licor café, que é un sabor que se identifica con Galicia. Fago tamén un de améndoa, canela e limón; outro de chocolate negro, con pasta de abelú; outro de améndoa con xenxibre; outro de pistacho con cacahuete e flor de sal; un almendrado que lembra aos xuados de vainilla; un crocante de abelú, con arroz; e un sen azucre e outro sen proteína do leite.

—Cada vez hai demanda de produtos doces para persoas con intolerancias ou alerxias.

—Teño unha clienta que ten unha nena alérxica á proteína do leite. Daquela, esa nena consumía os produtos que facemos sen leite, pero nunca probara o turrón. A nai contaba que foi emocionante, porque cando o saborou por primeira vez dixo que nunca comera nada tan especial como o turrón. Ten esa textura que lle resultaba distinta ao resto das cousas.

Una furgoneta se empotra contra los puestos del pulpo en la feria de Vilalba

LUGO / LA VOZ

Susto ayer en la feria de Vilalba al empotrarse una furgoneta contra los puestos donde los asistentes estaban comiendo el pulpo este domingo.

El aviso al 112 lo dio el Servizo Municipal de Protección Civil del Ayuntamiento, que alertaba de que había un vehículo parado mientras los operarios estaban descargando la mercancía hasta que el freno de mano se soltó y la furgoneta acabó empotrada. Entonces, el susto fue mayúsculo para los asistentes, aunque afortunadamente no se registraron heridos.

Según Emergencias, no hubo que lamentar daños personales, pero sí materiales.

Herida al despeñarse su coche por una adega de Saviñao

LUGO / LA VOZ

Una mujer resultó herida este domingo al despeñarse en un aparcamiento de una adega de la Ribeira Sacra, en el ayuntamiento lucense de O Saviñao. El suceso se produjo poco antes de las 10 de la mañana de ayer, que fue cuando el vehículo se salió de la vía hasta acabar en medio de una leira de la bodega Abadía da Cova, en Cuñas. Varios particulares llamaron a Emergencias para alertar de lo sucedido y requiriendo auxilio.

Alúmina hará en diciembre su primera parada técnica desde 2011

Durante tres días se cesará la producción para realizar labores de mantenimiento

RAMÓN GONZÁLEZ REY
CERVO / LA VOZ

La planta de alúmina de Alcoa en San Cibrao realizará el próximo mes de diciembre, con una fecha por concretar y que dependiendo de la disponibilidad del material necesario podría posponerse al mes de enero, su primera parada técnica desde 2011. Durante tres días, de forma planificada, se cesará la producción a fin de realizar tareas de mantenimiento en la refinería.

Con anterior a la última parada, se solían realizar de forma habitual cesas productivos planificados en la planta de alúmina para acondicionar las instalaciones y la maquinaria, realizando tareas que no se pueden efectuar de forma segura sin parar la refinería. En la última década dejaron de ejecutarse, al requerir un despliegue de medios y de personal que no se consideraba viable.

Alcoa explicó ante los sindicatos que ha aprobado una inversión de cuatro millones de euros para mantenimiento durante la bajada de caudal, para obras en los departamentos de Digestión y Filtración.

La planta de alúmina sigue produciendo al 50 % de su capacidad tras el recorte anunciado en el pasado mes de agosto. Según expusieron los sindicatos al final de la reunión mantenida con Alcoa, el precio del gas, la razón en la que la multinacional justificó la bajada de caudal, se ha reducido. La compañía, no obstante, solicitó a la Xunta de Galicia poder utilizar fuel como fuente de alimentación para el horno de Calcinación, lo que supondría un 5 % de ahorro con el actual ritmo productivo y un 30 % con la planta funcionando a pleno rendimiento.

La exposición pública de la solicitud finaliza el 17 de noviembre, y a partir de entonces podría confirmarse la autorización de este cambio. Alcoa tendría permiso para cambiar de gas a fuel en la refinería por un período máximo de seis meses.

Aunque Alcoa se mostró «más optimista» que en anteriores reuniones sobre la situación de Alúmina, la situación de la refinería es incierta. Fuentes sindicales exponen que en un período aproximado de un mes habrá una nueva reunión para analizar si se continúa o realiza una parada de la producción o una nueva bajada del caudal.



En los próximos meses habrá reuniones sobre las inversiones en Aluminio y sobre Alúmina. PEPE VEIRAS

Aprobada la excepcionalidad de tres parques eólicos que podrían abastecer a la planta de aluminio

El Consello da Xunta aprobó la declaración de excepcionalidad de tres parques eólicos que podrían abastecer de energía renovable al complejo industrial de Alcoa en San Cibrao. Se trata de Borrasca (de 84 MW), Menzón (50,4 MW) y Ventisca (89,6 MW), proyectos «cunha clara incidencia territorial pola súa entidade socioeconómica e cunha función vertebradora e estruturante do territorio, o que permitirá, no caso de aprobarse, a súa execución fóra das áreas do Plan sectorial eólico de Galicia».

El Gobierno gallego expone que estas tres instalaciones ofrecerían el 9 % de las necesidades energéticas de Alcoa. Alega la Xunta que «ca que cada un dos tres parques eólicos supera os 50 MW, o Goberno central teña sensibilidade para axilizar a súa aprobación».

Alcoa mantiene el arranque

Fuentes de Alcoa insistieron en que la empresa mantiene la fecha del arranque para enero de 2024 y desmintieron que el horno de cocción de ánodos, que no llegará a tiempo, sea necesario para retomar la producción en aluminio. «Hay muchas plantas que no tienen fábrica de ánodos ni las producen ellas mismas», aseguraron.











ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n
27800 Vilalba (Lugo)
T. 982 512 369
terrachanaturalmente@gmail.com



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n
27800 Vilalba (Lugo)
T. 982 512 369
terrachanaturalmente@gmail.com

as pontes

Regresa o tradicional concurso de tapas Saborea As Pontes

O concurso de tapas Saborea As Pontes, organizado polo Concello das Pontes en colaboración coa Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios das Pontes (Cohempo) está en marcha tras dous anos sen celebrarse debido á pandemia.

Nesta ocasión son 12 os establecementos hostaleiros que participan nesta cita, consolidada no calendario de actividades propostas desde a Concellería de Turismo, Hostalería, Comercio e Consumo para dinamizar e promover un dos sectores xeradores de preto dun centenar de postos de traballo no municipio. O certame celebrarase durante dúas semanas consecutivas, de xoves a domingo, ata o día 13 de novembro.

As tapas sírvense os xoves, de 19.30 a 23.00 horas e os venres, sábados e domingos ampliouse o horario para ofrecer tamén as degustacións en horario matutino, de 12.00 a 15.00 horas e durante as tardes de 19.30 a 23.00 horas. O prezo é de 2,50 euros.

Saborea As Pontes repartirá dous premios entre todas as tapas do concurso. Unha Comisión de Valoración Oficial será a encargada de elixir a *mellor tapa pontesa 2022*, mentres que o xurado popular, a través do seu voto, escollerá a *tapa pontesa máis valorada polo público*.

Ademais, repartiranse 9 premios, de 200 euros cada uno, entre todas aquelas persoas que cubran os boletos do concurso de tapas con oito selos de diferentes locais.

A concelleira invita á veciñanza e visitantes a participar neste certame, a degustar as tapas, a saír á rúa e a gozar desta nova edición e tratar de superar a cifra das 28.957 tapas servidas durante a edición do ano 2019.

Presentan o programa de actividades do 25N

O Concello das Pontes deseñou unha programación, composta por unha decena de actividades para conmemorar o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, data que se celebra o próximo 25 de novembro.

Baixo o lema *Cansas de oílo? Nós de vivilo*, a programación, en palabras da concelleira responsable da área de Igualdade, Tania Pardo, ten como obxectivo esencial "informar, formar, educar, sensibilizar sobre a violencia de xénero a toda a poboación das Pontes, especialmente a máis nova, e axuntar esforzos para visibilizar, previr e loitar cunha das maiores manifestacións da desigualdade á que se enfrontan as mulleres, polo simple feito de selo, e a sociedade no seu conxunto".

A imaxe gráfica da programación foi elaborada pola deseñadora gráfica local, Ana Belén Fernández Martel.

As actividades comezaron cuns obradoiros para a prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Educación Secundaria da vila, que se levarán a cabo ata o mes de decembro.

Outra das actividades programadas para os centros educativos de Educación Secundaria é o segundo concurso de carteles que, ao igual que o ano pasado, busca, a través da arte, sensibilizar á cidadanía na loita contra a violencia de xénero, instándoa a que non miren cara outro lado, desenvolvendo actitudes comprometidas na loita contra a violencia machista. A obra gañadora será a imaxe oficial do Día Internacional contra a violencia de xénero e dos actos organizados polo Concello das Pontes con motivo do 25N.

Así mesmo, desde o 4 de novembro está instalada no IES Moncho Valcarce a exposición *Cortos de Amor*. Unha mostra de cómic galego sobre violencia de xénero con debuxos de artistas de fama como Miguel Calatayud, Patricia Castelao, Fausto Isorna, Pirusca, José Luis Méndez, Jack Mircala ou Javier Olivares.

Trátase dunha iniciativa promovida pola Secretaría Xeral da Igualdade mediante na que se establece un paralelismo entre o mundo romántico das primeiras relacións de parella e a crueldade que, ás veces, vai asociada a elas, tendo en conta que, nos últimos anos, detéctanse moitos casos de relacións de parellas entre adolescentes cunha forte carga de violencia verbal e mesmo física. A través desta actividade quérese sensibilizar á poboación máis nova sobre a existencia de violencia nas súas formas de relacionarse, axudar a detectala e, polo tanto, a eliminala.

Dirixido ao alumnado de Educación Primaria dos centros educativos do municipio, o departamento de Igualdade, programou dous contacontos educativos. O primeiro, *Aprendendo a querer*, da compañía teatral Trinketrinke, para as alumnas e alumnos de Educación Infantil, 1º e 2º de Primaria, desenvolverase os días 14 e 15 de novembro, e nel abordaranse os vínculos afectivos e as relacións coas outras persoas. O segundo contacontos, *Contos para cambiar o conto* levarase a cabo os días 28 e 30 de novembro e está dirixido ao alumnado de 5º e 6º de Primaria.

Xa para toda a poboación, o día 25 de novembro, o Auditorio Municipal Cine Alovi acollerá a representación da obra *Feminísimos* de Desteweito Produccións, unha creación colectiva coa amistade como fondo e o feminismo como forma. Un Congreso Feminista na cidade de Vigo. Tres amigas da adolescencia que teñen tres maneiras moi distintas de entender o "feminismo": feminismo radical, feminismo liberal e teoría queer.

O día 30 de novembro, celebrarase unha xuntanza da Rede Pola Igualdade do Concello das Pontes, aberta a toda a poboación e na que participará a Unidade de Coordinación contra a violencia sobre a muller da Subdelegación do Goberno, persoas representantes do Equipo Viogen e da Fundación Meniños para charlar sobre recursos e programas especializados en violencias sexuais.

No ámbito institucional, o día 23, haberá unha xuntanza da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero e o día 25 farase lectura dun manifesto en contra da violencia de xénero, ás 12:00 horas, no salón de plenos.



Teatro, cine, ópera e títeres para terminar novembro

Continúa a desenvolverse este mes de novembro unha intensa programación cultural que combinará de novo teatro, música e baile para todas as idades.

Na categoría de teatro entra *Coleccionistas. A arte feito comedia* de Galiaecia Eventos, o día 11.

Tamén están previstas distintas actuacións musicais, como a de Borja Quiza, o día 19, con cancións sobre a emigración galega. Están tamén programados tres concertos de Santa Icía, o 23 a cargo do profesorado do conservatorio; o día 26 con todos os grupos e rematarán o 27 con misa e ofrenda floral de Santa Icía co concerto do grupo Canavelia. O día 12 haberá unha ópera, *O reflexo*. Unha homenaxe a Emilia Pardo Bazán. E o día anterior, o 11 un recital poético a cargo do grupo Alalá.

Para os pequenos hai dúas citas, o 10 cos títeres de Tarabelos, que representarán *Sobelo e o paxaro máxico*. O 24 haberá dobre sesión, música e clown con Divertimentos e contacontos con Raquel Queizás, coa peza *Cinema de historias*.



NOVAS

vilalba

A vila estrea mobiliario con plástico reciclado



O Concello de Vilalba dá un novo paso na súa aposta pola sostenibilidade coa instalación de novo mobiliario urbano para o descanso dos veciños feito con material reciclado.
En concreto, instaláronse xa oito bancos na avenida Terra Chá realizados con plástico reciclado de alta calidade, 100% reciclables e ademais non necesitan mantemento.
Nas próximas datas colocaranse máis bancos e cadeiras realizados con este material, todos eles co certificado alemán Blauer Engel para produtos e servizos respectuosos co medio ambiente.
"Dámoslle unha utilidade a un residuo como o plástico con bancos de moita calidade para o descanso e o lecer dos nosos veciños, apostando pola economía circular e o respecto medioambiental", afirma Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas.



MILITANTE HISTÓRICO. Os socialistas de Vilalba celebraron o seu xantar anual no Restaurante Terra Chá, no que participaron máis de 130 persoas para homenaxar a César Novo Fernández coa entrega dunha placa. Con 98 anos, é un dos militantes históricos da provincia e foi un dos fundadores do partido socialista nesta vila.

Vilalba recupera os Seráns Musicais os venres de verán

Vilalba presenta os Seráns musicais polas rúas de Vilalba, unha programación cultural con diferentes actuacións musicais durante os meses de verán, entre o 8 de xullo e o 12 de agosto, dándolle prioridade aos grupos locais.
O programa comeza o próximo venres 8 de xullo con Mestura de Nete ás 21:00 horas, continuando o seguinte venres 15 con Buxos Verdes á mesma hora. O venres 22 de xullo, A. C. Cerna de Árbol actuará en Vilalba ás 21:00. O 25 de xullo, Día de Galicia, o programa inclúe dúas actuacións: ás 11:30 horas, Entre Lusco e Fusco, e ás 13:00 horas o concerto da Banda Municipal de Música de Vilalba, nesta ocasión no parque Rosalía de Castro. Para pechar o mes, o venres 29 de xullo inclúe as actuacións de Os do fondo da barra (a través do Agadic) e da Charanga de Vilalba, ás 21:00. O mes de agosto traerá o día 5 á Banda de Gaitas Mato Vizoso e o 12 de agosto será o concerto de A.C. Andrade, ambas ás 21:00.
O peche dos Seráns Musicais polas rúas de Vilalba correrá a cargo do grupo Son da Rúa (Iescha), o 12 de agosto ás 22:30 horas no palco da música da praza da Constitución.

ESPAZO XOVE. O Espazo Xove iniciou a programación de verán que se desenvolverá de martes a domingo ata o 29 de xullo. As actividades pretenden axudar na conciliación das familias ao tempo que se promove a adquisición e mellora de habilidades. Estas están dirixidas a mozos e mozas a partir dos 12 anos. Celebraranse de martes a venres de 11:00 a 13:00 horas, agás algunhas vespertinas.
As actividades son gratuítas pero requiresn de inscrición previa que pode facerse a través de espazoxovevilalba.xuventude@xunta.gal ou no teléfono 982 82 83 40, ademais de persoalmente no Espazo Xove.
Do 12 ao 15 de xullo falarase de reciclaxe e repetirase o taller de robótica e os das emocións, que tamén haberá a seguinte semana, na que tamén contarán con xadrez creativo.
Pecharán a programación con improvisación teatral con Paloma Luxilde e robótica.



Volve a Romaría da Madalena

- Mellora dos equipamentos e dotacións dos Nodos para o equilibrio do territorio aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade. Unha das características da poboación do territorio é o envellecemento polo que se precisa mais poboación moza que procure establecer aquí a residencia.
- Potenciación das súas infraestruturas de telecomunicación como factor esencial para a xeración de novas actividades e de redución das desvantaxes derivadas dunha posición relativamente afastada dos principais centros urbanos. O territorio, unha das deficiencias que presenta e esta, a falta ou escasa calidade das infraestruturas de telecomunicacións.
- Potenciación de axencias de dinamización que faciliten os procesos de difusión, a integración con accións xurdidas en espazos máis dinámicos e a valorización das iniciativas e oportunidades locais. Trátase de achegar os servizos necesarios para superar estrangulamentos inducidos polo illamento e pola falta de capacidade para acceder á información e aos mercados de bens, servizos e capitais exteriores.
- Os Plans estratéxicos de coordinación territorial, dentro da modalidade prevista de Plans territoriais integrados, poden constituír unha estratexia de interese para aplicar estes obxectivos xerais a cada unha das áreas aquí incluídas tendo en conta as súas particularidades

No modelo territorial o espazo rural ocupa a maior parte da superficie da zona que se caracteriza por ter unha enorme diversidade paisaxística e funcional. Os cambios socioeconómicos e as vías de comunicación nos últimos anos introduciron importante cambios nas relacións existentes procurando os novos asentamentos na zona próxima a núcleos máis poboados o que favorece tamén a unificación dos mercados laborais e das áreas de prestación de servizos.

B.2. Tecido socioeconómico

B.2.1. Análise demográfica


Para o análise demográfico teranse en conta os datos do IGE. Na seguinte táboa recóllense os datos relativos ó total da poboación, de homes e mulleres e a idade media.

Táboa 18. Poboación total, desagregada por sexo, concellos e idade media

Concellos	Total	Homes	Mulleres	Idade Media
Abadín	2297	1144	1153	57,27
Begonte	2976	1492	1484	54,67
Castro de Rei	5110	2533	2577	52,55
Cospeito	4374	2142	2232	53,74
Guitiriz	5455	2735	2720	51,17
Muras	611	310	301	57,27
Pastoriza, A	2918	1474	1444	53,9
Riotorto	1213	607	606	56,81
Vilalba	14006	6728	7278	50,11
Xermade	1.768	867	901	55,44
GDR	40.728	20.032	20.696	52,49
Provincia	326.013	157.892	168.121	50,14
Galicia	2.695.645	1.297.301	1.398.344	47,74


Fonte: IGE, padrón municipal de habitantes ano 2021

Gráfico 5. Evolución da poboación na área do GDR



Fonte: IGE, Padrón municipal de habitantes

Ilustración 20. Evolución da poboación no GDR por grupos de idade



Fonte: IGE, Padrón municipal de habitantes

Táboa 19. Distribución da poboación por grupos de idade. 2021

Concellos	Total	Menos de 16 anos	Entre 16 e 64 anos	Máis de 64 anos
Abadín	2297	128	1220	949
Begonte	2976	216	1667	1093
Castro de Rei	5110	485	2981	1644
Cospeito	4374	337	2513	1524
Guitiriz	5455	509	3236	1710
Muras	611	31	326	254
Pastoriza, A	2918	224	1673	1021
Riotorto	1213	72	645	496
Vilalba	14006	1485	8408	4113
Xermade	1768	126	994	648
GDR	40.728	3.613	23.663	13.452
%GDR	100%	8,87%	58,10%	33,03%
Provincia	326.013	34.912	194.602	96.499
%Provincia	100%	10,70%	59,70%	29,60%
Galicia	2.695.645	333.678	1.667.827	694.140
%Galicia	100%	12,38%	61,87%	25,75%

Fonte: IGE, padrón municipal de habitantes

Atendendo aos datos da táboa anterior, o 10,70% da poboación de Lugo ten menos de 16 anos, o 59,70% ten entre 16 e 64 anos e o 29,60% restante ten máis de 64. Polo tanto, máis da metade da poboación de Lugo ten entre 16 e 64 anos.


Con respecto a Galicia, o 12,38% da poboación ten menos de 16 anos, o 61,87% da poboación ten entre 16 e 64 anos e o 25,75% restante ten máis de 64. Polo tanto, ao igual que ocorre na provincia de Lugo, o grupo máis pequeno de poboación en Galicia ten menos de 16 anos e o máis grande ten entre 16 e 64 anos.

Táboa 20. Densidade de poboación, ano 2021

Concellos	Densidade	Variación 5 anos	Variación 10 anos
Abadín	11,5	-10,85%	-20,14%
Begonte	24,1	-3,98%	-9,06%
Castro de Rei	29,5	1,37%	-5,45%
Cospeito	30,4	-7,88%	-13,39%
Guitiriz	18,7	-1,06%	-5,08%
Muras	4,2	-6,67%	-16,00%
Pastoriza, A	16,8	-8,20%	-13,40%
Riotorto	18,6	-7,92%	-16,22%
Vilalba	36,4	-3,19%	-7,61%
Xermade	10,9	-8,40%	-18,05%
GDR	21,56	-4,42%	-10,58%
Provincia	33,1	-3,12%	-7,26%
Galicia	91,2	-0,87%	-2,77%

Fonte: IGE, poboación municipal de habitantes, entidades e densidade.

Gráfico 6. Evolución da pirámide da poboación do GDR



Fonte: IGE, Padrón municipal de habitantes

Táboa 21. Saldo vexetativo, ano 2021

Concellos	Nacementos		Defuncións		Saldo vexetativo
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Abadín	5	2	29	20	-42
Begonte	7	4	37	27	-53
Castro de Rei	11	16	48	57	-78
Cospeito	10	11	38	45	-62
Guitiriz	13	23	58	48	-70
Muras	0	0	12	8	-20
Pastoriza, A	6	10	31	33	-48
Riotorto	2	3	9	11	-15
Vilalba	31	33	106	103	-145
Xermade	5	4	18	17	-26
GDR	196		755		-559
Provincia	1616		5018		-3.402
Galicia	14.759		32.843		-18.084


Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación

Táboa 22. Envellecemento da poboación, ano 2021

Concellos	Índice envellecemento ano 2021	Variación 5 anos	Variación 10 anos
Abadín	596,86	-4,57%	27,68%
Begonte	352,27	-16,22	-10,75
Castro de Rei	292,33	-8,58	-7,5
Cospeito	347,58	-0,45	-3,27
Guitiriz	260,89	-4,56	-5,67
Muras	505,41	-23,4	-7,48
A Pastoriza	351,57	4,54	21,01
Riotorto	504,24	7,14	7,58
Vilalba	209,94	-2,24	0,01
Xermade	416,81	4,93	7,33
GDR	**287,74**	**-4,68%**	**-1,51%**
Lugo	**217,33**	**0,47%**	**2,76%**
Galicia	**163,59**	**0,69%**	**15,30%**

Fonte: IGE, indicadores de poboación

Gráfico 7. Evolución do saldo migratorio. GDR, Galicia e Provincia



Fonte: IGE, Movementos migratorios

Táboa 23. Emigración, ano 2021

Concellos	Total	Á mesma provincia	A outra provincia de Galicia	A outra CCAA	Ao estranxeiro
Abadín	65	39	8	6	12
Begonte	84	64	11	8	1
Castro de Rei	186	124	23	32	7
Cospeito	140	106	15	18	1
Guitiriz	132	35	46	30	21
Muras	18	10	3	3	2
Pastoriza, A	71	52	7	11	1
Riotorto	47	22	4	13	8
Vilalba	310	159	76	62	13
Xermade	48	17	12	9	10
GDR	1101	628	205	192	76
Lugo	10034	4501	2126	2378	1029
Galicia	90.445	51.580	12.163	18.180	8.522

Fonte: IGE- Movementos migratorios

Táboa 24. Inmigración, ano 2021

Concellos	Total	Da mesma provincia	Doutra provincia de Galicia	Doutra CCAA	Do estranxeiro
Abadín	64	40	6	10	8
Begonte	115	81	15	10	9
Castro de Rei	241	138	38	39	26
Cospeito	161	96	19	36	10
Guitiriz	133	29	41	40	23
Muras	31	14	8	5	4
Pastoriza, A	83	48	5	23	7
Riotorto	41	12	5	17	7
Vilalba	396	142	78	84	92
Xermade	77	37	31	8	1
GDR	1342	637	246	272	187
Galicia	104893	51580	12163	21431	19719
Lugo	11.670	4.501	1.863	3.056	2.250

Fonte: IGE- Movementos migratorios

Táboa 25. Composición da poboación por nacionalidades

Concellos	Española	Europa (sen España)	De África	De América	Oceanía e Apátridas	De Asia
Abadín	2.262	20	1	13	0	1
Begonte	2.934	32	0	10	0	0
Castro de Rei	4.833	121	119	26	0	11
Cospeito	4.256	45	44	29	0	0
Guitiriz	5.134	259	23	35	0	4
Muras	591	9	1	10	0	0
Pastoriza, A	2.860	8	32	18	0	0
Riotorto	1.170	27	14	2	0	0
Vilalba	13.449	254	184	105	0	14
Xermade	1.734	23	7	4	0	0

Fonte: IGE, censo de poboación e vivendas. Datos extraídos do INE, ano 2021

Táboa 26. Movemento migratorio, ano 2021

Terra Chá	Total	Saldo interno	Intraprovincial	Co resto de Galicia	Saldo externo	Co resto de España	Co estranxeiro
2010	-62	-155	-90	-65	93	21	72
2011	-62	-127	-119	-8	65	31	34
2012	-41	-61	-74	13	20	52	-32
2013	-18	-15	-27	12	-3	-6	3
2014	-44	-28	-14	-14	-16	20	-36
2015	-32	-102	-93	-9	70	36	34
2016	9	-99	-55	-44	108	-8	116
2017	80	-112	-30	-82	192	36	156
2018	135	-22	47	-69	157	8	149
2019	293	10	16	-6	283	34	249
2020	442	209	132	77	233	103	130

Fonte: IGE, elaboración propia partindo dos datos da Comarca Terra Chá mais municipio de Riotorto

Táboa 27. Variación da poboación (nº de habitantes, ano 2020)

Concellos	Variación relativa en tanto por cen en 10 anos
Abadín	-18,8
Begonte	-12,7
Castro de Rei	-8,9
Cospeito	-15
Guitiriz	-5,7
Muras	-21,3
Pastoriza, A	-15,2
Riotorto	-17,7
Vilalba	-8,1
Xermade	-19,1

Fonte: IGE, poboación municipal de habitantes, entidades e densidade

Táboa 28. Índice de dependencia, ano 2021

Concellos	Total	Homes	Mulleres
Abadín	87,5	69,08	109,99
Begonte	77,3	63,69	93,66
Castro de Rei	71,47	62,63	81,07
Cospeito	70,91	59,15	84,16
Guitiriz	64,72	58,27	71,75
Muras	93,26	91,58	94,98
Pastoriza, A	74,95	65,78	85,46
Riotorto	86,33	73,38	101,93
Vilalba	63,89	56,21	71,87
Xermade	72,23	56,87	90,55

Fonte: IGE, datos do ano 2020.

Táboa 29. Índice de masculinidade, ano 2021

Concellos	Total
Abadín	100,29
Begonte	101,21
Castro de Rei	98,40
Cospeito	97,93
Guitiriz	102,15
Muras	103,43
Pastoriza, A	102,40
Riotorto	103,95
Vilalba	93,36
Xermade	98,17
GDR	100,129
Provincia	94,40
Galicia	93,27

Fonte: IGE, Poboación, indicadores demográficos


Táboa 30. Taxa de fecundidade e idade media da maternidade, ano 2021

Concellos	Taxa xeral de fecundidade	Idade media á maternidade
Abadín	-	-
Begonte	42,3	32,04
Castro de Rei	31,46	31,68
Cospeito	18,73	34,42
Guitiriz	27,8	-
Muras	-	-
Pastoriza, A	27,92	32,36
Riotorto	-	-
Vilalba	31,6	32,48
Xermade	-	-

Fonte: IGE, elaboración propia.

B.2.2. Nivel de instrución

Gráfico 8. Nivel de instrución da poboación de 16 e máis anos. GDR – Provincia – Galicia, ano 2021



Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas segundo nivel de estudos. Educación

Táboa 31. Nivel de instrución da poboación de 16 e máis anos. GDR - Provincia – Galicia, ano 2011

Concellos	Analfabeto e sen estudos	%	Primeiro grao	%	Segundo grao	%	Terceiro grao	%
Abadín	872	33%	452	17%	1213	46%	80	3 %
Begonte	729	23%	755	24%	1473	47%	150	5 %
Castro de Rei	670	14%	1193	25%	2561	53%	369	8 %
Cospeito	1059	22%	1134	24%	2190	46%	336	7 %
Guitiriz	974	19%	1131	22%	2437	48%	571	11 %
Muras	184	26%	208	29%	283	40%	38	5 %
Pastoriza, A	641	20%	448	14%	1850	59%	207	7 %
Riotorto	254	19%	339	25%	628	47%	123	9 %
Vilalba	2562	19%	2412	18%	7105	53%	1286	10 %
Xermade	535	27%	485	24%	838	42%	127	6 %
Lugo	51690	17%	53895	17%	162810	53%	41712	13 %
Galicia	313809	13%	410098	17%	1304126	54%	383431	16 %

Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas segundo nivel de estudos. Educación

B.2.3. Indicadores de calidade de vida

Táboa 32. Indicadores de calidade de vida, ano 2020 e 2018

Concello	Renda dispoñible bruta por habitante 2020	Variación 5 anos (2015 - 2020)	Indicador Municipal da renda base 1995 (Galicia=100)	PIBpc 2018
Abadín	15332	26,68%	72	32829
Begonte	12870	15,61%	76	16758
Castro de Rei	12561	12,32%	83	20334
Cospeito	13646	18,80%	76	16026
Guitiriz	12992	6,46%	86	20342
Muras	11878	10,44%	74	92775
Pastoriza, A	13199	15,40%	67	23611
Riotorto	13922	12,16%	75	17448
Vilalba	14514	10,15%	94	21732
Xermade	14930	12,77%	79	17683
GDR	135844	12,74%	78	27953,8
Lugo	16918	12,03%	96	22424
Galicia	15719	13,63%	100	23031

Fonte: IGE, Renda dos fogares municipal

Táboa 33. Importe medio da pensión segundo o sexo, ano 2021

Concellos	Importe medio		
	Total	Homes	Mulleres
Abadín	770,51	805,29	743,08
Begonte	878,33	959,7	794,1
Castro de Rei	839,61	886,97	795,53
Cospeito	798,6	877,59	729,27
Guitiriz	832,45	905,46	754,19
Muras	818,31	862,31	772,46
Pastoriza, A	771,23	798,22	745,7
Riotorto	801,58	816,63	788,28
Vilalba	867,72	969,73	771,78
Xermade	969,23	1120,53	824,23
Terra Chá	834,757	900,243	771,862
Lugo	1030,13	1139,02	932,28
Galicia	1011,09	1155,62	868,82

Fonte: IGE, elaboración a partir de ficheiros da Seguridade Social

B.2.4. Mercado de traballo

Táboa 34. Contratos. Media anual, ano 2021

Concellos			Agricultura e pesca		Industria		Construción		Servizos	
	Total	M %	Total	M %	Total	M %	Total	M %	Total	M %
Abadín	30,83	54,59%	1,58	10,53%	9,58	53,04%	1,08	7,69%	18,58	61,88%
Begonte	58,67	57,10%	3,17	26,32%	10,75	51,16%	1,33	12,50%	43,42	62,19%
Castro de Rei	87,33	57,35%	5,00	21,67%	30,25	58,13%	2,83	0%	49,25	63,79%
Cospeito	76,92	58,07%	4,00	41,67%	25,08	47,51%	1,75	9,52%	46,08	67,09%
Guitiriz	95,42	55,72%	7,67	18,48%	31,83	59,69%	3,58	0%	52,33	62,58%
Muras	6,25	53,33%	0,33	0%	3,42	51,22%	0,25	33,33%	2,25	66,67%
Pastoriza, A	2,67	51,38%	8,33	10,00%	6,50	43,59%	1,33	0%	20,17	74,38%
Riotorto	13,5	32,10%	0,92	18,18%	0,67	50,00%	0,33	0%	11,58	33,09%
Vilalba	381,50	57,14%	19,25	37,66%	128,33	55,45%	12,33	8,11%	1,03	62,54%
Xermade	27,00	62,04%	1,25	46,67%	12,58	66,23%	0,92	0%	12,25	63,95%
Terra Chá	813,75	56,45%	51,5	27,18%	259	55,41%	25,75	5,83%	477,5	62,90%
Lugo	7298,08	50,68%	527,83	18,63%	1157,00	39,56%	235,08	5,92%	5378,17	58,17%
Galicia	73892,42	47,59%	2861,50	20,34%	13139,92	39,56%	2903,42	6,38%	54987,58	53,10%

Fonte: IGE, consellería de economía, emprego e industria

Táboa 35. Parados, ano 2021

Concellos	Total				Máis dun ano no paro	
	Total	Menores de 25 anos	Mulleres	Mulleres Menores de 25 anos	Total	Mulleres
Abadín	79	3	30	0	35	10
Begonte	113	5	61	1	58	34
Castro de Rei	141	7	68	3	66	33
Cospeito	140	5	74	3	74	42
Guitiriz	196	10	109	7	74	42
Muras	21	1	6	0	105	58
Pastoriza, A	64	3	35	2	26	15
Riotorto	28	1	14	0	13	8
Vilalba	671	28	352	12	376	180
Xermade	57	0	32	0	30	16
GDR	1510	63	781	28	624	319
Galicia	163447	6706	94869	3355	8084	4710
Lugo	15995	722	9119	364	83860	51314

Fonte: IGE – Demandas de emprego

Táboa 36. Paro por sectores de actividade, datos ata o 2021

Concellos	Paro total	Agricultura e Gandería	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Abadín	79	6	9	13	50	2
Begonte	113	5	13	9	78	8
Castro de Rei	141	17	15	7	89	12
Cospeito	140	10	14	14	96	7
Guitiriz	196	16	12	29	131	10
Muras	21	0	4	1	15	2
Pastoriza, A	64	9	6	7	38	4
Riotorto	28	1	4	2	22	0
Vilalba	671	35	69	85	434	49
Xermade	57	8	4	7	35	3
Terra Chá	1510	107	150	174	988	97
Lugo	15995	802	1166	1246	11465	1316
Galicia	163447	5777	18307	11950	114923	12490

Fonte: IGE, demandas de emprego

Táboa 37. Afiliacións á Seguridade Social segundo réxime de afiliación. Media anual 2021

Concellos	Total	Xeral	Autónomo	Agrario	Mar	Fogar
Abadín	860,0	502,5	326,8	16,3	1,8	12,8
Begonte	1088,5	763,0	281,3	18,0	1,0	25,3
Castro de Rei	2010,5	1229,3	620,5	119,5	0,0	41,3
Cospeito	1740,5	1032,3	626,8	57,5	0,0	24,0
Guitiriz	2069,5	1260,0	682,0	82,5	0,0	45,0
Muras	225,3	135,5	80,8	7,0	0,0	2,0
Pastoriza, A	1248,3	583,5	583,3	63,3	0,5	17,8
Riotorto	453,3	256,8	173,8	12,5	0,0	10,3
Vilalba	5468,8	3779,0	1499,5	82,3	1,0	107,0
Xermade	651,3	397,5	218,0	21,5	2,0	12,3
Terra Chá	15815,75	9939,25	5092,5	480,25	6,25	297,5
Lugo	121941	83153,25	32594	1707,75	1425,5	3060,5
Galicia	995069,5	737989	207486	5998,25	18668	24928,3

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

Táboa 38. Afiliacións á Seguridade Social segundo o sector de actividade. Media anual 2021

Concellos	Total	Agricultura e gandeira	Industria	Construción	Servizos
Abadín	860	237,5	122,75	73,5	422
Begonte	1088,5	108,25	199,75	94,25	676
Castro de Rei	2010,5	479,75	339,25	145	1041,75
Cospeito	1740,5	375	275,75	117	964,75
Guitiriz	2069,5	470,25	278,5	137,75	1162,75
Muras	225,25	64	53	13,25	95
Pastoriza, A	1248,25	510	128,25	96	511
Riotorto	453,25	93,25	62,25	27,5	267,25
Vilalba	5468,75	588,25	958,5	437	3435,25
Xermade	651,25	171	112,5	42,25	321,75
Terra Chá	15815,8	3097,25	2530,5	1183,5	8897,5
Lugo	121941	14995	13322	8798,5	84365,25
Galicia	995070	55550	140103,5	74907,5	720484

Fonte: IGE, Afiliación á Seguridade Social

B.2.5. Análise empresarial

Táboa 39. Empresas 2021

Concellos	Empresas	Variación en 5 anos	Alta	Baixa	Permanencia	Tamaño medio
Abadín	376	349,2	67	20	309	2,85
Begonte	255	264,8	22	30	233	2,83
Castro de Rei	694	703,2	48	66	646	3,06
Cospeito	666	668,4	59	73	607	1,69
Guitiriz	740	744,4	72	71	668	2,22
Muras	110	88,8	29	8	81	5,56
Pastoriza, A	696	688,4	54	50	642	2,07
Riotorto	182	180,2	20	13	162	1,78
Vilalba	1625	1644,8	117	159	1508	2,5
Xermade	256	248	28	16	228	1,49
Terra Chá	5600	5580,2	516	506	5084	2,60
Lugo	37300	37287,2	3448	33852	3634	2,69
Galicia	245660	246696,8	23942	221718	26504	3,26

Fonte: IGE, Directorio de empresas; IGE, altas, baias e permanencias segundo sede social; IGE, empresas con actividade segundo CNAE e IGE, tamaño medio das empresas

Táboa 40. Número de empresas segunda a súa condición xurídica, ano 2021

Concellos	Total	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades Limitada	Sociedades cooperativas	Outros
Abadín	376	327	0	22	1	26
Begonte	255	180	2	53	1	19
Castro de Rei	694	494	1	109	8	82
Cospeito	666	515	1	87	2	61
Guitiriz	740	583	1	97	5	54
Muras	110	88	1	9	0	12
Pastoriza, A	696	538	0	42	5	111
Riotorto	182	141	0	24	0	17
Vilalba	1625	1163	4	314	11	133
Xermade	256	207	0	21	3	25
Terra Chá	5600	4236	10	778	36	540
Lugo	37300	25664	205	7388	196	3847
Galicia	245660	156293	2536	65556	1129	20146

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas

Táboa 41. Número de empresas segundo o estrato de asalariados, ano 2021

Concellos	Total	<2	3-5	6-9	10-19	20-49	50-99	100-249	>250
Abadín	376	359	8	5	2	1	1	0	0
Begonte	255	213	23	10	5	3	1	0	0
Castro de Rei	694	634	35	16	4	3	1	0	1
Cospeito	666	620	29	10	5	1	1	0	0
Guitiriz	740	674	43	14	4	3	2	0	0
Muras	110	103	1	1	3	1	1	0	0
Pastoriza	696	659	26	5	4	2	0	0	0
Riotorto	182	167	9	3	1	2	0	0	0
Vilalba	1625	1425	107	47	35	6	4	1	0
Xermade	256	246	6	2	1	1	0	0	0
GDR	5600	5100	287	113	64	23	11	2	1
Provincia	37300	33027	2324	912	612	305	77	33	10
Galicia	245660	211361	17749	7354	5001	2811	809	407	168

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Táboa 42. Número de empresas segundo a súa actividade principal, ano 2021

Concellos	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Abadín	376	267	10	18	81
Begonte	255	84	20	40	111
Castro de Rei	694	392	27	63	212
Cospeito	666	352	25	51	238
Guitiriz	740	400	22	65	253
Muras	110	84	2	5	19
Pastoriza	696	531	9	40	116
Riotorto	182	81	13	14	74
Vilalba	1625	502	90	165	868
Xermade	256	159	7	12	78
GDR	5600	2852	225	473	2050
Provincia	37.300	12.105	1.790	3.866	19.539
Galicia	245.660	40.918	14.035	29.330	161.377

Fonte: IGE, explotación do directorio de empresas e unidades locais

Táboa 43. PIB, ano 2018

Concellos	Miles de euros	Euros por habitante
Abadín	77.181 €	32.829 €
Begonte	52.068 €	16.758 €
Castro de Rei	104.170 €	20.334 €
Cospeito	73.174 €	16.026 €
Guitiriz	112.776 €	20.342 €
Muras	65.499 €	92.775 €
Pastoriza, A	71.517 €	23.611 €
Riotorto	22.264 €	17.448 €
Vilalba	302.548 €	21.732 €
Xermade	32.996 €	17.683 €
GDR	914.193 €	279.538 €
Galicia	62.225.855 €	23.031 €
Lugo	7.412.296 €	22.424 €

Fonte: IGE- Produto interior bruto municipal

Táboa 44. Explotacións gandeiras por tipo de gando, ano 2020

Concellos	Bovino	Ovino e Caprino	Porcino	Aves de Curral
Abadín	315	184	81	127
Begonte	106	58	29	40
Castro de Rei	304	103	52	62
Cospeito	296	88	128	18
Guitiriz	340	60	84	24
Muras	138	16	19	5
Pastoriza, A	382	127	62	14
Riotorto	66	18	5	5
Vilalba	581	155	272	48
Xermade	179	37	26	13
GDR	2707	846	758	356
Lugo	11150	3839	2958	2154
Galicia	28283	10575	6902	6723

Fonte: IGE, INE, Censo agrario

B.2.6. Equipamento e infraestruturas

Análise vías de comunicación

O territorio conta cunha localización relativamente céntrica en relación ás cidades galegas, estando a un paso de A Coruña e a un paso e medio de Santiago, ademais de estar tamén próxima á mariña lucense. Comunícase co resto da comunidade e a península mediante un marco de estradas e unha liña de tren.

As principais vías de comunicación son:

- A autovía A6 (Madrid-A Coruña): principal nexo de unión da comarca co resto da Península Ibérica e con Lugo. Percorre os concellos de Begonte e Guitiriz.
- A A8, a autovía do Cantábrico, que conecta Baamonde con Bilbao, ao longo do Cantábrico. Percorre os concellos de Guitiriz, Vilalba e Abadín.
- A autovía de Ferrol-Vilalba, AG-64. Conecta a comarca co norte da provincia de Coruña. Percorre os concellos de Vilalba e Xermade.
- A estrada N-634: nexo de unión da comarca coa mariña lucense central e Asturias. Percorre os concellos de Abadín, Vilalba e Guitiriz.

- A N-VI: vai paralela á A6, desde Lugo ata Coruña, na comarca transcorre polos concellos de Guitiriz e Begonte
- A estrada N-640: nexo de unión da comarca coa mariña lucense oriental, Lugo e Asturias. Percorre os concellos de Castro de Rei, Pastoriza e Riotorto.
- A liña de ferrocarril (A Coruña-Palencia): percorre vos concellos de Guitiriz e Begonte.
- A estrada LU-861: nexo de unión de Lugo e o norte da provincia da Coruña. Percorre os concellos de Vilalba e Xermade.
- A estrada LU-540: nexo de unión coa mariña lucense occidental. Percorre os concellos de Muras e Xermade.

Existe tamén un armazón de estradas que unen os concellos entre se, e que son as seguintes: LU-120, LU-111, LU113, LU-170, LU-122 e LU-541.

Ilustración 21. Estradas mais importantes de Galicia que atravesan o noso territorio



Tecnoloxías de información e comunicación

Para ter unha información mais aproximada das tecnoloxías de información e comunicación dos concello, farase unha análise relativa á poboación segundo o tipo de acceso a Internet do núcleo residencial, e da poboación segundo tipo de acceso á telefonía móbil do núcleo de residencia por cada un dos concellos que forman parte do GDR.

Táboa 45. Tecnoloxías de información e comunicación no concello de Abadín

Poboación segundo o tipo de acceso a internet do núcleo de residencia		
Ano	2015	
Dispoñen	**Si**	**Non**
R.D.S.I.	339	1543
Asimétrico	339	1543
Rede sen fíos	0	1882
TV cable	0	1882
Rede eléctrica Baixa Tensión	0	1882
Vía satélite	0	1882

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de estatística)*

Segundo a táboa anterior, 339 cidadáns de Abadín contan con acceso a unha rede dixital de servizos integrados e conexión asimétrica, mentres que 1543 non dispoñen delas. Ningún dos 1882 habitantes de este Concello ten acceso a Internet de tipo rede sen fíos, TV cable, Rede eléctrica de Baixa Tensión nin conexión Vía satélite.

Táboa 46. Tecnoloxías de acceso no concello de Abadín

Poboación segundo o tipo de acceso a telefonía móbil do núcleo de residencia			
Ano		2015	
Sistema GSM		**Sistema UMTS**	
Si	Non	Si	Non
1882	0	1872	10

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de estatística)*

Obsérvase no gráfico que ningún dos cidadáns do Concello de Abadín ten acceso ao Sistema global para ás comunicacións móbiles 2G, e tan só 10 dos seus habitantes contan con acceso a telefonía móbil co Sistema Universal.

Táboa 47. Tecnoloxías de información e comunicación no concello de Begonte

Poboación segundo o tipo de acceso a internet do núcleo de residencia		
Ano	2015	
Dispoñen	**Si**	**Non**
R.D.S.I.	685	2189
Asimétrico	685	2189
Rede sen fíos	0	2874
TV cable	0	2874
Rede eléctrica Baixa Tensión	0	2874
Vía satélite	0	2874

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de estatística)*

Segundo ó gráfico anterior, 685 cidadáns de Begonte contan con acceso a unha rede dixital de servizos integrados e conexión asimétrica, mentres que 2189 non dispoñen delas.

Ningún dos 2874 habitantes de este Concello ten acceso a Internet de tipo rede sen fíos, TV cable, Rede eléctrica de Baixa Tensión nin conexión Vía satélite.

Táboa 48. Tecnoloxías e acceso no concello de Begonte

Poboación segundo o tipo de acceso a telefonía móbil do núcleo de residencia			
Ano		2015	
Sistema GSM		**Sistema UMTS**	
Si	Non	Si	Non
2874	0	2514	360

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatística)*

Obsérvase no gráfico que ningún dos cidadáns do Concello de Begonte ten acceso ao Sistema global para ás comunicacións móbiles 2G, e 360 dos 2514 habitantes contan con acceso a telefonía móbil co Sistema Universal.

Táboa 49. Tecnoloxías de información e comunicación no concello de Castro de Rei

Poboación segundo o tipo de acceso a internet do núcleo de residencia		
Ano	2015	
Dispoñen	**Si**	**Non**
R.D.S.I.	396	2906
Asimétrico	396	2906
Rede sen fíos	0	3302
TV cable	0	3302
Rede eléctrica Baixa Tensión	0	3302
Vía satélite	0	3302

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatísticas)*

Segundo ó gráfico anterior, 396 cidadáns de Castro de Rei contan con acceso a unha rede dixital de servizos integrados e conexión asimétrica, mentres que 2906 non dispoñen delas.

Ningún dos 3302 habitantes de este Concello ten acceso a Internet de tipo rede sen fíos, TV cable, Rede eléctrica de Baixa Tensión nin conexión Vía satélite.

Táboa 50. Tecnoloxías e acceso no concello de Castro de Rei

Poboación segundo o tipo de acceso a telefonía móbil do núcleo de residencia			
Ano		2015	
Sistema GSM		**Sistema UMTS**	
Si	Non	Si	Non
3302	0	1372	1930

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatísticas)*

Obsérvase no gráfico que ningún dos cidadáns do Concello de Castro de Rei ten acceso ao Sistema global para ás comunicacións móbiles 2G, mentres que 1372 si que contan con acceso a telefonía móbil co Sistema Universal.

Táboa 51. Tecnoloxías de información e comunicación no concello de Cospeito

Poboación segundo o tipo de acceso a internet do núcleo de residencia		
Ano	2015	
Dispoñen	**Si**	**Non**
R.D.S.I.	1136	2147
Asimétrico	1136	2147
Rede sen fíos	0	3283
TV cable	0	3283
Rede eléctrica Baixa Tensión	0	3283
Vía satélite	0	3283

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatísticas)*

Segundo ó gráfico anterior, 1136 cidadáns contan con acceso a unha rede dixital de servizos integrados e conexión asimétrica, mentres que case o dobre non dispoñen delas. Ningún dos habitantes de este Concello ten acceso a Internet de tipo rede sen fíos, TV cable, Rede eléctrica de Baixa Tensión nin conexión Vía satélite.

Táboa 52. Tecnoloxías e acceso no concello de Cospeito

Poboación segundo o tipo de acceso a telefonía móbil do núcleo de residencia			
Ano		2015	
Sistema GSM		**Sistema UMTS**	
Si	Non	Si	Non
3283	0	2961	322

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatísticas)*

Obsérvase no gráfico que ningún dos cidadáns ten acceso ao Sistema global para ás comunicacións móbiles 2G, mentres que 2961 si que contan con acceso a telefonía móbil co Sistema Universal.

Táboa 53. Tecnoloxías de información e comunicación no concello de Guitiriz

Poboación segundo o tipo de acceso a internet do núcleo de residencia		
Ano	2015	
Dispoñen	**Si**	**Non**
R.D.S.I.	2028	1751
Asimétrico	2036	1743
Rede sen fíos	0	3779
TV cable	0	3779
Rede eléctrica Baixa Tensión	0	3779
Vía satélite	0	3779

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatísticas)*

Segundo ó gráfico anterior, 2028 cidadáns de Guitiriz contan con acceso a unha rede dixital de servizos integrados, mentres que 1751 non dispoñen delas. 2036 dos 3779 habitantes de Guitiriz contan con acceso a conexión Asimétrica.

Ningún dos 3779 habitantes de este Concello ten acceso a Internet de tipo rede sen fíos, TV cable, Rede eléctrica de Baixa Tensión nin conexión Vía satélite.

Táboa 54. Tecnoloxías e acceso no concello de Guitiriz

Poboación segundo o tipo de acceso a telefonía móbil do núcleo de residencia			
Ano		2015	
Sistema GSM		**Sistema UMTS**	
Si	Non	Si	Non
3779	0	3186	593

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatísticas)*

Obsérvase no gráfico que ningún dos cidadáns do Concello de Guitiriz ten acceso ao Sistema global para ás comunicacións móbiles 2G, mentres que 3186 si que contan con acceso a telefonía móbil co Sistema Universal.

Táboa 55. Tecnoloxías de información e comunicación no concello de Muras

Poboación segundo o tipo de acceso a internet do núcleo de residencia		
Ano	2015	
Dispoñen	**Si**	**Non**
R.D.S.I.	87	91
Asimétrico	87	91
Rede sen fíos	87	91
TV cable	0	178
Rede eléctrica Baixa Tensión	0	178
Vía satélite	0	178

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatísticas)*

Segundo o gráfico anterior, 91 cidadáns do concello contan con acceso a unha rede dixital de servizos integrados, mentres que 91 non dispoñen delas. Pasa o mesmo co acceso á conexión Asimétrica e rede sen fíos.

Ningún dos habitantes conta con TV cable, Rede eléctrica de Baixa Tensión nin conexión Vía satélite.

Táboa 56. Tecnoloxías e acceso no concello de Muras

Poboación segundo o tipo de acceso a telefonía móbil do núcleo de residencia			
Ano		2015	
Sistema GSM		**Sistema UMTS**	
Si	Non	Si	Non
178	0	178	0

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatísticas)*

Obsérvase no gráfico que ningún dos cidadáns do Concello ten acceso ao Sistema global para ás comunicacións móbiles 2G, mentres que os 178 si que contan con acceso a telefonía móbil co Sistema Universal.

Táboa 57. Tecnoloxías de información e comunicación no concello de A Pastoriza

Poboación segundo o tipo de acceso a internet do núcleo de residencia		
Ano	2015	
Dispoñen	**Si**	**Non**
R.D.S.I.	947	1309
Asimétrico	947	1309
Rede sen fíos	0	2256
TV cable	0	2256
Rede eléctrica Baixa Tensión	0	2256
Vía satélite	0	2256

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatísticas)*

Segundo ó gráfico anterior, 947 cidadáns de A Pastoriza contan con acceso a unha rede dixital de servizos integrados e conexión asimétrica, mentres que 1309 non dispoñen delas.

Ningún dos 2256 habitantes de este Concello ten acceso a Internet de tipo rede sen fíos, TV cable, Rede eléctrica de Baixa Tensión nin conexión Vía satélite.

Táboa 58. Tecnoloxías e acceso no concello de A Pastoriza

Poboación segundo o tipo de acceso a telefonía móbil do núcleo de residencia			
Ano		2015	
Sistema GSM		**Sistema UMTS**	
Si	Non	Si	Non
2256	0	2256	0

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatísticas)*

Obsérvase no gráfico que ningún dos cidadáns do concello ten acceso ao Sistema global para ás comunicacións móbiles 2G, nin conta con acceso a telefonía móbil co Sistema Universal.

Táboa 59. Tecnoloxías de información e comunicación no concello de Riotorto

Poboación segundo o tipo de acceso a internet do núcleo de residencia		
Ano	2015	
Dispoñen	**Si**	**Non**
R.D.S.I.	237	983
Asimétrico	237	983
Rede sen fíos	0	1220
TV cable	0	1220
Rede eléctrica Baixa Tensión	0	1220
Vía satélite	0	1220

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatísticas)*

Segundo ó gráfico anterior, 237 cidadáns de Riotorto contan con acceso a unha rede dixital de servizos integrados e conexión asimétrica, mentres que 983 non dispoñen delas.

Ningún dos 1220 habitantes de este Concello ten acceso a Internet de tipo rede sen fíos, TV cable, Rede eléctrica de Baixa Tensión nin conexión Vía satélite.

Táboa 60. Tecnoloxías e acceso no concello de Riotorto

Poboación segundo o tipo de acceso a telefonía móbil do núcleo de residencia			
Ano		2015	
Sistema GSM		**Sistema UMTS**	
Si	Non	Si	Non
1220	0	1220	0

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatísticas)*

Obsérvase no gráfico que ningún dos cidadáns do concello ten acceso ao Sistema global para ás comunicacións móbiles 2G, nin conta con acceso a telefonía móbil co Sistema Universal.

Táboa 61. Tecnoloxías de información e comunicación no concello de Vilalba

Poboación segundo o tipo de acceso a internet do núcleo de residencia		
Ano	2015	
Dispoñen	**Si**	**Non**
R.D.S.I.	9081	3158
Asimétrico	9081	3158
Rede sen fíos	5911	6328
TV cable	5911	6328
Rede eléctrica Baixa Tensión	0	12239
Vía satélite	5911	6328

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatísticas)*

Segundo ó gráfico anterior, 9081 cidadáns de Vilalba contan con acceso a unha rede dixital de servizos integrados, mentres que só 3158 non dispoñen delas.

No referente ao acceso ás redes de tipo rede sen fíos, TV cable e conexión vía satélite 5911 dos habitantes teñen acceso mentres que 6328 non.

Ningún dos 3779 habitantes de este Concello ten acceso a Internet con Rede eléctrica de Baixa Tensión.

Táboa 62. Tecnoloxías e acceso no concello de Vilalba

Poboación segundo o tipo de acceso a telefonía móbil do núcleo de residencia			
Ano		2015	
Sistema GSM		**Sistema UMTS**	
Si	Non	Si	Non
12239	0	11023	1216

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de estatísticas)*

Obsérvase no gráfico que ningún dos cidadáns do concello ten acceso ao Sistema global para ás comunicacións móbiles 2G, mentres que a maioría de eles si teñen acceso á telefonía móbil co Sistema Universal.

Táboa 63. Tecnoloxías de información e comunicación no concello de Xermade

Poboación segundo o tipo de acceso a internet do núcleo de residencia		
Ano	2015	
Dispoñen	**Si**	**Non**
R.D.S.I.	557	547
Asimétrico	557	547
Rede sen fíos	76	1028
TV cable	0	1104
Rede eléctrica Baixa Tensión	0	1104
Vía satélite	0	1104

Fonte: https://www.ige.gal/ (Instituto Galego de Estatísticas)

Segundo ó gráfico anterior, 557 cidadáns de Xermade contan con acceso a unha rede dixital de servizos integrados, mentres que 547 non dispoñen delas.

No referente ao aceso ás redes de tipo rede sen fíos, 76 dos habitantes teñen acceso mentres que 1028 non.

Ningún dos 3779 habitantes de este Concello ten acceso a Internet con TV cable, Rede eléctrica de Baixa Tensión nin Vía satélite.

Táboa 64. Tecnoloxías e acceso no concello de Xermade


Poboación segundo o tipo de acceso a telefonía móbil do núcleo de residencia			
Ano		2015	
Sistema GSM		**Sistema UMTS**	
Si	Non	Si	Non
1104	0	1104	0

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de Estatísticas)*

Obsérvase no gráfico que ningún dos cidadáns do concello ten acceso ao Sistema global para ás comunicacións móbiles 2G, nin conta con acceso a telefonía móbil co Sistema Universal.

A nivel concello os datos están bastante desactualizados ao corresponder os últimos ao ano 2015. Se analizamos os datos a nivel provincial, estes están mais actualizados e a tendencia do GDR segue polo xeral a mesma que a provincia ou a comunidade. Si temos en conta os datos a nivel provincia, e en concreto a nosa área, podemos obter datos mais actualizados e comprobar que a tendencia no uso das tecnoloxías cada vez e mais demandada e necesaria. En canto ao uso de dispositivos electrónicos os datos máis recentes son do 2018 pero tras as circunstancias vividas no momento da pandemia Covid-19 a pesar de non ter datos, o uso das tecnoloxías e internet tivo unha importante cabida para facilitar o teletraballo, a teleformación e manter o contacto social que a día de hoxe se sigue empregando e que chega a ter un peso importante tanto na vida social como na laboral.

Gráfico 9. Incidencia do uso do ordenador nos últimos 3 meses



Fonte: IGE, Benestar e condición de vida

Táboa 65. Persoas que empregaron algún dispositivo electrónico nos últimos 3 meses.

	Incidencia	
	2017	**2018**
Galicia	71,59	72,19
Lugo	64,92	66,47
Lugo central	67,27	70,83

Fonte: IGE, Benestar e condición de vida

Abastecemento de auga e saneamentos

Neste apartado empregaranse datos recollidos pola Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) e a Xunta de Galicia ao estar todos os concellos adheridos ao plan SOGAMA. Serviranos para facer unha breve descrición dos servicios, se existe recollida de residuos, plantas de transformación de residuos, programa de recollida de residuos...

- Xestión de residuos urbanos

O labor de Sogama pasa pola aplicación prioritaria das tres erres (Redución, Reutilización e Reciclaxe) e a Recuperación enerxética da parte non reciclable, minimizando as cantidades de refugallos destinadas a vertedoiro. A xestión de residuos nestes concellos adheridos ao plan SOGAMA, centra as súas áreas de xestión na bolsa amarela, que trata os envases de plástico, latas e bricks; e na bolsa negra que inclúe o resto de refugallos. Os materiais da bolsa amarela son remitidos aos centros recicladores por tipoloxías, para ser transformados en novos recursos. No caso da bolsa negra, os materiais que poden ser reciclados son separados e o resto son sometidos a un proceso de valorización enerxética.

- Plantas de transferencia de residuos: Concello de Riotorto

No concello de Riotorto hai unha planta de transferencia de residuos sólidos urbanos construída pola Xunta de Galicia na parroquia de Santa María de Meilán, promovido pola Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama).

Nesta planta permítese o transvase dos residuos dende os camións de recollida municipal a contedores que os transportan. Na planta almacénanse os residuos ata que outro camión os recolle.

- Programas de recollida de residuos

- Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia : PRIGA

O PRIGA promove unha política xeral de xestión de residuos industriais en Galicia. Todos os concellos están adheridos ao plan, xa que o seu ámbito de aplicación comprende toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

- Punto limpo móbil: Concello de Abadín

No concello de Abadín creouse unha infraestrutura itinerante que permite o depósito daqueles residuos que requiren dunha xestión diferenciada. Así recollendo estes residuos de forma separada, poden ser destinados a súa reutilización, favorecer a súas reciclaxe ou a súa correcta eliminación.

(https://www.abadin.es/novas/punto-limpo-mobil/)

- Recollida periódica de residuos sólidos: Concello de Begonte

No concello de Begonte fanse recollidas periódicas de residuos sólidos concretos, tales como utensilios e mobiliario xeral do fogar, electrodomésticos, xoguetes, aparellos, musicais, etc.
(http://www.concellodebegonte.es/gl/actualidade/recollida-residuos-solidos-0)

- Recollida de residuos: Concello de Guitiriz

No concello de Guitiriz existen varios puntos de provisión de plásticos agrícolas, contedores espaciais para pilas, CDS, lámpadas, pilas e pequenos aparatos eléctricos. Contan con puntos de recollida de roupa, mobles e aveños. O concello conta cun Proxecto de Reciclaxe de Aceites Usados.
http://www.lineaverdeguitiriz.com/lv/residuos-documentacion.asp#).

- Recollida periódica de residuos sólidos: Concello de Vilalba

O concello de Vilalba dispón dun plan de recollida de residuos que inclúe un Punto Limpo, contedores de roupa, recollida de plásticos agrícolas e recollida de mobles.

(http://www.lineaverdevilalba.gal/lv/residuos-documentacion.asp?lng=es#).

Servizos á sociedade

Neste punto, referente aos servizos á sociedade nos diferentes concellos analizados; farase referencia aos datos recollidos no IGE (Instituto Galego de Estatísticas), a Rede de Bibliotecas de Galicia e a Consellería de Política Social e Xuventude de Galicia. As variables obxecto de estudo de cada Concello serán as bibliotecas, casas niño, centros educativos e instalacións deportivas.

- Bibliotecas públicas por concello

A maioría dos concellos analizados contan cunha biblioteca, excepto Castro de Rei que ten dúas bibliotecas. Begonte e Cospeito carecen de bibliotecas entre os servizos culturais para a cidadanía.

Táboa 66. Bibliotecas públicas por concellos

BIBLIOTECAS PÚBLICAS POR CONCELLO					
Concello	**N**	**Tipoloxía**	**Acceso**	**Titularidade**	**Nome**
Abadín	1	Axencia de lectura	Público	Pública	Axencia de lectura municipal de Abadín
Begonte	0	0	0	0	0
Cospeito	0	0	0	0	0
Castro de rei	2	Biblioteca pública	Público	Pública	Biblioteca pública municipal Poeta Crecente Vega
		Biblioteca pública	Público	Pública	Biblioteca pública municipal José Trapero Pardo
Guitiriz	1	Biblioteca pública	Público	Pública	Biblioteca pública municipal de Guitiriz Casa Habanera
Muras	1	Axencia de lectura	Público	Pública	Axencia de lectura municipal de Muras
Pastoriza, A	1	Biblioteca pública	Público	Pública	Biblioteca pública municipal da Pastoriza
Riotorto	1	Axencia de lectura	Público	Pública	Axencia de lectura municipal de Riotorto
Vilalba	1	Biblioteca pública	Público	Pública	Biblioteca pública municipal de Vilalba
Xermade	1	Biblioteca pública	Público	Pública	Biblioteca pública municipal de Xermade

Fonte: https://rbgalicia.xunta.gal (Rede de Bibliotecas de Galicia)

- Casas niño por concello

Táboa 67. Casas niño por concello

CASAS NIÑO POR CONCELLO	
Concello	**Casa niño**
Abadín	Non
Begonte	Avelaíña
Cospeito	Non
Castro de rei	Non
Guitiriz	Non
Muras	Non
Pastoriza, A	Non
Riotorto	A croa
Vilalba	Non
Xermade	Pequenos tesouros

Fonte: https://politicasocial.xunta.gal/ *(Consellería de Política Social e Xuventude)*

Tres dos concellos contan con casa niño ao ser zonas rurais que non contan co número de poboación esixido para prestar outros servizos de atención continuada á infancia (garderías, escolas infantís...) nos que si se contan nos restantes concellos.

- Centros educativos por concellos

Táboa 68. Centros educativos por concello

CENTROS EDUCATIVOS			
Concello	**Total**	**Número**	**Tipo**
Abadín	1	1	Educación infantil e primaria
Begonte	1	1	Educación infantil e primaria
Cospeito	2	1	Educación infantil e primaria
		1	Educación primaria e eso
Castro de rei	3	2	Educación infantil e primaria
		1	Eso e / ou postobrigatorias
Guitiriz	3	2	Educación infantil e primaria
		1	Eso e / ou postobrigatorias
Muras	1	1	Educación infantil e primaria
Pastoriza	3	2	Educación infantil e primaria
		1	Eso e / ou postobrigatorias
Riotorto	1	1	Educación infantil e primaria
Vilalba	7	1	Educación infantil
		4	Educación infantil e primaria
		1	Eso e / ou postobrigatorias
		1	Adultos
Xermade	1	1	Educación infantil e primaria

Fonte: https://www.ige.gal/

Todos os concellos teñen algún centro educativo de educación Infantil e Primaria. Excepto os concellos de Xermade, Riotorto, Muras e Abadín, o resto dos concellos contan con centros educativos para ESO e / ou ensinanzas postobrigatorias. No caso do concello de Vilalba, tamén conta cun centro educativo destinado ao ensino polo réxime de adultos. Ademais, os concellos seguintes contan con centros de formacións profesionais presenciais.

Táboa 69. Centros e formacións profesionais

Concellos	Formación Profesional	Centro de Formación
Guitiriz	FP Administración e finanzas (grao superior)	IES Poeta Díaz Castro
Castro de Rei	FP Explotacións agrarias e extensivas (grao superior) FP Xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos (grao superior)	IES A Terra Chá José Trapero Pardo
Vilalba	FP Electromecánica de vehículos (grao medio) FP Xestión Administrativa (grao medio) FP Equipos e instalacións electrotécnicas (grao medio) FP Administración e finanzas (grao superior) FP Administración de sistemas informáticos (grao superior)	IES Lois Peña Novo

Fonte: https://www.edu.xunta.gal/fp/centros

- Instalacións deportivas por concello

Táboa 70. Instalacións deportivas por concello

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS SEGUNDO O TIPO										
Concello	**Abadín**	**Begonte**	**Cospeito**	**Castro de Rei**	**Guitiriz**	**Muras**	**Pastoriza, A**	**Riotorto**	**Vilalba**	**Xermade**
Ano	2015	2015	2015	2015	2015	2015	2015	2015	2015	2015
Complexo polideportivo	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Escola de vela	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Ximnasio	1	0	1	1	0	0	0	1	0	0
Piscina cuberta	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
Piscina ao aire libre	0	0	1	1	3	1	0	1	0	0
Pista polideportiva	3	4	4	3	5	2	6	0	10	3
Porto deportivo	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Polideportivo cuberto	2	1	2	4	4	1	1	1	3	1
Terreo de xogo	1	9	3	4	3	2	2	2	15	6

Fonte: https://www.ige.gal/ *(Instituto Galego de estatística)*

Todos os concellos ofrecen algún servizo de instalacións deportivas, segundo os datos referentes ao ano 2015 recollidos polo IGE.

No caso dos ximnasios, Abadín, Cospeito, Castro de Rei e Riotorto teñen un ao servizo dos seus cidadáns. Varios concellos contan cunha piscina ao aire libre, como Cospeito, Castro de Rei, Muras, Riotorto e Guitiriz, que dispón de 3 piscinas exteriores. Todos os concellos excepto Riotorto dispoñen dunha ou varias pistas polideportivas, todos contan cun polideportivo cuberto ou máis. En todos os concellos existen terreos de xogo.

- Servizos de atención á dependencia. Sector sociosanitario.

A Terra Chá conta cunha media moi alta de poboación maioritariamente de idade envellecida. Por iso, todos os municipios contan cun servizo de atención domiciliada, o cal recíbeno persoas que teñen recoñecido por profesionais da saúde, unha dependencia. Ademais a Terra Chá conta con medios, non todos deles públicos, vinculados á atención da terceira idade. É o caso da Fundación Hospital Asilo, xestionada a través de un padroado e financiación mixta público-privado, situada en Vilalba; centros de día de Abadín, Begonte e Cospeito, xestionado dende o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar; o centro de día de Guitiriz, xestionado polo concello; a residencia para anciáns en Castro de Ribeiras de Lea, propiedade a Xunta de Galicia e xestionada pola empresa privada Domus VI; a residencia para anciáns público-privado, da Fundación San Rosendo e da Xunta de Galicia, situada en A Pastoriza. Riotorto, Muras e Xermade non contan con centros de día nin con residencias.

Táboa 71. Centros de saúde, consultorios, e farmacias, ano 2021

Concellos	Centros de saúde e consultorios	Farmacias
Abadín	1	2
Begonte	2	2
Castro de Rei	2	3
Cospeito	2	4
Guitiriz	1	3
Muras	1	1
Pastoriza, A	2	2
Riotorto	1	1
Vilalba	1	6
Xermade	1	2
GDR	14	26

Fonte: Sergas, mapa servicio sanitario en Galicia

B.2.7. Análise turístico

A Terra Chá a pesar de que cada vez ten máis auxe, non se caracteriza por ter un potencial turístico, igual que ocorre na maior parte da provincia de Lugo, o turismo non sobresaíu ata o momento como un dos sectores potenciais para a economía da zona. A pesar de non ter un peso ata o de agora, cada vez ten maior relevancia, unha das causas e o aumento que está acadando o turismo natural (orientado cara a natureza e aos espazos pouco masificados) e o Camiño Norte de Santiago que pasar por o territorio.

Por as características do relevo e xeográficas da chaira a Terra Chá conta con un recurso característico, a auga. Conta con zonas húmidas cun importante valor ecolóxico e de estudo paisaxístico e tamén con importantes ríos que desencovan no río Miño, o mais importante en toda Galicia, que tamén atravesa esta zona. Outro valor turístico aínda non potencial e a Reserva da Biosfera Terras do Miño e a Rede Natura 2000.

Táboa 72. Aloxamentos turísticos, ano 2021

Concellos	Hoteis	Pensións	Albergues turísticos	Turismo rural
Abadín	0	4	4	0
Begonte	0	3	1	0
Castro de Rei	0	1	0	0
Cospeito	0	1	0	3
Guitiriz	1	6	1	1
Muras	0	0	0	0
Pastoriza, A	0	2	0	1
Riotorto	0	0	0	0
Vilalba	4	9	3	0
Xermade	0	2	0	2
GDR	5	28	9	7
Lugo	128	279	152	146
Galicia	912	1300	441	550

Fonte: IGE, Axencia de Turismo de Galicia

Táboa 73. Aloxamentos turísticos, ano 2021

Concellos	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos	Vivendas turísticas	Vivendas de uso turístico
Abadín	0	0	0	2
Begonte	0	0	1	1
Castro de Rei	0	1	0	1
Cospeito	0	1	1	3
Guitiriz	1	0	0	2
Muras	0	0	0	1
Pastoriza, A	0	0	0	0
Riotorto	0	0	0	1
Vilalba	0	1	0	6
Xermade	0	0	1	3
GDR	1	3	3	20
Lugo	17	64	43	1568
Galicia	129	314	222	12070

Fonte: IGE, Axencia de Turismo de Galicia

Camiño Norte

O camiño Norte entra en Galicia por Ribadeo, e un camiño histórico que os peregrinos medievais seguían para visitar o sepulcro do apóstolo aínda que non foi moi frecuentado por causa da intricada orografía e o menor número de localidades que ofrecían hospitalidade. Cada ano o número de peregrinos aumenta nesta ruta, pasando no ano 2009 de 9.183 peregrinos a ser no 2017 xa 17.836. O que ofrece este camiño a diferencia, por exemplo do Camiño Francés, un dos mais coñecidos, é evitar a masificación e a trivialización sendo unha peregrinación máis comprometida e espiritual. Unha das características deste camiño cando pasa polo territorio da Terra Chá e que tras chegar a Gontán (Abadín) alcanzamos a meseta que constitúe a chaira, un altiplano que oscila entre os 600 e 700 metros de altitude e que fai que os niveis se moderen considerablemente cruzando un interminable número de parroquias nun entorno plenamente rural. Dentro das etapas do Camiño Norte son tres as que pasan por a comarca (etapa 33: Abadín-Vilalba duns case 21 km, etapa 34: Vilalba-Baamonde de 18,5km e etapa 35B: Baamonde-Sobrado dos Monxes unha variante que pasa por Guitiriz, concretamente Parga). Nestas etapa contase actualmente cos seguintes puntos de hospedaxe:

Táboa 74. Aloxamentos Camiño Norte, ano 2022

Concellos	Albergues	Pensión	Hostal	Hotel	Casa rural	Parador
Abadín	3	4	0	0	0	0
Baamonde	1	1	2	0	0	0
Guitiriz	0	1	0	1	0	0
Vilalba	3	4	1	3	0	1

Fonte: Gronze: El camino de Santiago (www.gronze.com)

A maiores actualmente estase a levar a cabo o apoxeo da recuperación da ruta do Antigo Camiño Real Norte, que vai dende Viveiro, pasando por Ourol, Muras e Xermade e xa conta con unha asociación para fomentar e difundilo. Tamén esta en proxecto recuperar outra variante que pasaría por Castro de Rei coa intención de aproveitar este camiño para impulsar o turismo no concello.

Resumo das etapas que transcorren por terras chairegas son:

- Abadín – Vilalba

En San Cosme de Galgao, xa no concello de Abadín, crúzase a N-634 e, a través de Santiago de Quende, chégase a Gontán. Desde Gontán, en dirección a Vilalba, sucédense Santa María de Abadín (queda á esquerda, con interesante igrexa románica), Castres, Castromaior, Galanas (aquí crúzase a N-634) e Goiriz, con cápela dedicada a San Roque e igrexa parroquial en honra de Santiago, ao pe dun afiligranado cemiterio neogótico típico da Terra Cha. Aquí crúzase novamente a estrada.

O seguinte núcleo de poboación, Vilar do Francés, recórdanos que seguimos no Camiño, que se aproxima a Vilalba, localidade na que se entra pola zona do polígono industrial. A historia vilalbesa medieval estivo moi vinculada aos Condes de Andrade, que no século XV fortaleceron o seu poderoso castelo, do que subsiste a torre da homenaxe transformada en parador de turismo. Á beira atópanse a praza e a igrexa de Sta. María. Aquí, a ruta peregrina do Camiño Norte crúzase co antigo Camiño Real de Betanzos e A Coruña, desvío que tamén seguiu máis dun peregrino.

- Vilalba - Baamonde

O Camiño cruza agora Gabín, Alba (outra vez un pétreo e afiligranado cemiterio neogótico), Galiñeiro, Pedrouzos, con interesantes casas típicas, Costián, Coutado, Ferreiro, Codesal, Fontefría, Ferreira e, finalmente, Baamonde, que conserva unha interesante igrexa parroquial románica do século XIII adicada ao Apóstolo. Á beira atópase un cruceiro triplo e un curioso castaño, verdadeira escultura natural.

- Baamonde - Sobrado dos Monxes

Sáese de Baamonde pola estrada (N-VIN), paralela ao ferrocarril, á nova autovía e ao río Parga e iniciase un dos tramos máis atractivos deste itinerario: ponte gótica de San Alberte, miradoiro próximo (500 m. á esquerda) e cápela de San Alberte (con fresca fonte). Seguen unha serie de pequenos núcleos (Cotón, Ceboleira, Raposeira, Aldar, Seixón, con sinxela igrexa románica, Miraz, co seu pazo-torre e a súa igrexa de Santiago, Laxe, Cabana e Cortedoporco, ata chegar a Marco das Pías, límite xa da provincia de Lugo. Desde aquí, a través de Esgueva, éntrase en Sobrado dos Monxes ao pe da soada lagoa creada polos monxes.

B.2.8. Patrimonio, gastronomía e festas

Castro de Viladonga en Castro de Rei

Este sitio arqueolóxico destacou sempre na paisaxe polo seu carácter monumental, xa que ocupa todo o cumio dun outeiro, a 560 m de altura, dende o que se abrangue un amplo panorama sobre a comarca lucense da Terra Chá e as serras de Monciro, Pradairo e Meira. Pertence ó concello de Castro de Rei, e localízase a 23 km. ó nordés da cidade de Lugo, moi preto do km 70 da estrada N-640, de Lugo a Oviedo pola Veiga do Eo, que é o acceso máis doado e que conta coa sinalización adecuada. Outra forma de chegar é dende a estrada comarcal de Lugo a Abadín por Castro de Ribeiras de Lea, onde tamén existe sinal indicativo.

Iniciadas as súas escavacións por Manuel Chamoso Lamas en 1971, e proseguidas por Felipe Arias Vilas desde 1982, este xacemento, por mor da continuidade dos traballos arqueolóxicos e, desde 1985, tamén dos museos, converteuse nun exemplo

paradigmático de castro galaico- romano do noroeste e de museo de sitio. Así pois, ademais das campañas de escavación realizadas ata agora, desde 1986 e de xeito ininterrompido con periodicidade aproximadamente anual, prestouse atención tamén as necesarias labores de limpeza e consolidación do castro, co fin de mantelo en boas condicións de conservación, favorecendo así o seu papel cultural, educativo e turístico, e potenciando ó máximo os seus valores patrimoniais.

Viladonga constitúe un verdadeiro modelo formal de castro de interior, con varias murallas e foxos —sobre todo polo lado de nacente— que acollen dous amplos «antecastros » ou áreas de expansión ben delimitadas e unha extensa croa ou acrópole duns 10.000 m^2. O conxunto do xacemento abranguido polas murallas máis exteriores chega case a 4 hectáreas completas. Nesta croa central é onde se encontran a maioría das construcións escavadas ata agora, dispostas ó redor dunhas rúas ou espazos de paso perfectamente organizados, unha en dirección Norte-Sur, outra na Leste-Oeste, e unha rolda interior paralela á muralla principal. Ademais das construcións que evidencian ser vivendas —soas ou formando conxuntos agrupados ou barrios—, documéntanse áreas para serviren de almacén, de obradoiro, de curral ou para outras funcións; no interior da croa destácase unha gran construción alongada de posible uso social ou comunal. Todas estas construcións están feitas de pedra de lousa ou xisto, pero teñen as veces grandes cachotes de seixo branco nos seus alicerces e, xeralmente, nos ángulos e esquinas. As de planta circular ou muros curvos cubríanse con teito de palla ou colmo, e as cuadrangulares e de muros rectos usaban tellas de barro de introdución romana (tegulae e imbrices), moi abundantes entre os materiais aparecidos no castro.

Entre estes numerosos e moi variados materiais achados, que son os que se gardan, estudan, interpretan e se exhiben selectivamente no museo do sitio, pódense destacar, polo seu significado histórico e cultural e tendo en conta a duración cronolóxica dalgúns deles, algunhas mostras singulares de ourivería como torques e unha arracada de ouro, as numerosas moedas de ouro, prata e bronce (en especial dos séculos IV e V d. C.), as abundantes —e as veces moi orixinais, como dous pasarrendas broncíneos— pezas de adorno de persoas e cabalerías, algunhas armas e moitas ferramentas de pedra, bronce e ferro, elementos de xogo, certa variedade 6manuais —algúns planos, pero a abundantísimas mostras de cerámica, tanto de tradición castrexa como pertencentes a modelos romanos e de importación —comúns de cocina tardía, etc.—. Estes e outros achados, xunto coas estruturas defensivas, espaciais e de habitación do castro evidencian, sobre todo entre fins do S.II e mediados do V d. C. —polo menos—, un sitio

singular e clave para coñecer, estudar e comprender a decisiva etapa histórica de Galicia que é a romanización, representada aquí nun asentamento do medio rural, de clara configuración castrexa pero de caracterización e cronoloxía galaico - romana, e vinculado tanto ó mundo tardío das villae como receptor da influencia dunha cidade próxima como Lucus Augusti. Tamén a maiores está en investigación un posible castro en o concello de A Pastoriza onde o Concello de Arteixo anunciou que xa ten en marcha os trámites para expropiar o castros Pastoriza co obxectivo de "poñelos en valor".

Torres, igrexas, cruceiros, cruces e cristos

Unha das torres máis emblemáticas é a Torre dos Andrade en Vilalba. A actual construción é o resto que se conserva dun castelo sucesor doutra fortaleza de principios do século XIV, época do rei Fernando IV de Castela (1285-1312). Destruída na Primeira Revolta Irmandiña en 1341, volveu a ser reconstruída aínda que derrubada de novo na Segunda Revolta Irmandiña (1467-1469). Rexurdiu sobre de seu outra vez no século XV, torre que chegou aos nosos días. Destaca na construción a súa forma octogonal, que se afasta dos modelos existentes tanto en Galicia coma no norte de España.

A antiga torre da manexe do castelo dos Andrade foi reconvertida no século XX en Parador de Turismo, e na última década sufriu unha importante transformación e modernización.

Outra das torres é a de Caldaloba, localizada en Cospeito sobre unha pequena elevación de 467 metros pero que se mal conservan os seus restos. Unha construción da cal o seu orixe data da época medieval. Baixo esta torre, como en moitas outras fortalezas defensivas, encóntranse restos do castro de O Coto do Mato.

A Terra Chá é un territorio que atesoura algúns dos vestixios históricos e artísticos da comunidade. A pesar do tempo, cóntase cun importante patrimonio nestas figuras polo gran peso que tivo a relixión cristiá no contorno. Entre eles destacan a igrexa e as pontes con gran valor histórico na parroquia de San Breixo en Guitiriz, a ponte é unha construción de estilo gótico con arcos oxivais mentres que a igrexa é unha edificación do século XIII, a pesar de que a fachada principal foi construída no século XVIII. No interior consérvense tres retablos, un deles salomónicos do século XVIII

Táboa 75. Relación de elementos etnográficos

Concellos	Cruceiros	Cristos	Cruces	Calvarios e Viacrucis	Petos de ánimas	Esmoleiros
Abadín	54	28	84	0	0	3
Begonte	15	2	5	1	0	0
Castro de Rei	25	2	6	1	0	1
Cospeito	36	2	11	0	0	0
Guitiriz	45	2	7	3	0	2
Muras	23	5	91	0	0	0
Pastoriza, A	26	28	11	0	0	0
Riotorto	3	2	10	0	0	0
Vilalba	170	18	368	0	0	0
Xermade	37	3	37	0	0	2
GDR	434	92	630	5	0	8
Desaparecidos	64	90	308	3	2	4

Fonte: Proxecto Carboeira: cruceiros, cristos... dos concellos da Terra Chá creado por Mario Saavedra, Fernando Arriabas e Xosé Manuel Blanco.

Muíños e rutas de sendeiro.

A Terra Chá é unha chaira chea de numerosos ríos e lagoas nos que se presentan importantes muíños de auga que nos seus tempos tiveron un importante valor para economía. Actualmente seguen existindo algún deles que se lles mantén o seu uso e conserva a súa labor, pasar o trigo a fariña, como por exemplo o muíño de Isabel, en Cospeito, ou o muíño da Paderna en Guitiriz pero outros a pesar dos anos mantéñense ao carón dos ríos sendo de importante valor patrimonial. Ademais, próximas aos ríos a Terra Chá conta con rutas de sendeirismo que aproveitan as súas augas e percorridos para darlle encanto aos sendeiros. Entre estas rutas destacan:

- Ruta dos Sete Muíños e Pedra da Auga en Guitiriz
- Ruta do río Trimaz en Xermade
- Ruta do río Azúmara en Castro de Rei
- Ruta da lagoa de Cospeito
- Ruta Augas de Fonmiñá, A Pastoriza (Bretoña)
- Rura Maeloc, A Pastoriza (Bretoña)
- Ruta Batán de Folgoso en Xermade
- Ruta dos Muíños en Abadín

- Ruta dos Caneiros en Begonte
- Ruta Roza do Ferro en Riotorto
- Ruta Rego dos Coruxos en Muras
- Ruta do Alto Eume en Muras

Gastronomía e festas

En Galicia existen tradicións entre as que están as Festas de Interese Turístico case todo o ano orientadas principalmente as épocas estivais ou a gastronomía. Ademais de dar un valor turístico a zona tamén teñen un importante valor patrimonial por ser festas con unha traxectoria histórica. Entre elas destacan:

- *Festival de Pardiñas (Guitiriz):* É unha feira e festa orientada a música Folk e a arte galega.
- *Belén Electrónico (Begonte):* Non é propiamente unha festa pero si que ten un importante valor cultural polo valor artesán e mecanismos que empregan nas súas pezas.
- *Festa da Filloa en Muimenta (Cospeito):* É unha festa gastronómica que coincide co día dos traballadores (un de maio) para poñer en valor aos empresarios da zona. Nesta festa e feira destaca principalmente o produto que lle da o seu nome, a filloa.
- Festa do Poldro (Muras): Na serra do Xistral (montes que pertencen a este concello) caracterízase por a cantidade de poldros e gando bravo do monte criado en liberdade. Esta festa faise para en honor a tradición das feiras e tratos entre os feirantes mais a poñer en valor esta carne.

Ademais destas festas hai que destacar as feiras tan presentes no territorio e que teñen unha tradición de mercados locais e feiras que ata o momento non tiveron mais que a publicidade do boca a boca e de ter unhas datas no calendario sinalizadas polo tempo. Entre elas destaca a de Castro Ribeiras de Lea (Castro de Rei) que ten a súa fama por o polbo a feira cada mércores pero en todos os concellos existe unha feira mensual que se manteñen no tempo. Ademais, existen as feiras anuais como a de Parga (Guitiriz) “Feira da canteira, artesanía e callos”, “Feira de Santos de Gontán” (Abadín), “Feira expogrelo” (Abadín), “Feira do queixo de San Simón da Costa” (Vilalba), a feira “Capón de Vilalba”, “Festa Celta de Lugnasad” (Pastoriza) , “Encontro Internacional de Torneiros da Madeira” (Xermade), “Feira da Artesanía do Ferro (Riotorto)” entre outras e que teñen un importante valor na zona.

B.2.9. Análise do sector agrario e forestal

Tal e como se ven manifestando nos apartados anteriores e nos análises que se irán vendo nesta estratexia, as actividades relacionadas co sector primario constitúen unha significativa fonte de emprego en toda a comarca da Terra Chá, e por esta razón resulta interesante realizar unha breve descrición dos caracteres xerais destas actividades económicas que mais tarde analizaremos con máis detalle noutros apartados, así como o análise estrutural das explotacións.

A tradición económica da Terra chá susténtase grazas a dous sectores de desenvolvemento, por un lado a agricultura e a gandaría e por outro o sector forestal con un importante peso nalgún dos concellos (como en Riotorto). Observase que este sector ten unha gran importancia e é a base da economía do territorio tal e como analizaremos mais adiante. A día de hoxe, a comarca de Terra Chá é unha das comarcas de maior produción leiteira de toda Galicia. No que se refire á forza de traballo, cabe destacar que, dado que se trata a meirande parte de empresas familiares, a man de obra está formada polo titular apoiado por membros da súa familia. A pesar disto, sen esquecer que hai que manter este sector, o territorio tamén necesita un desenvolvemento do resto de sectores.

O sector forestal ten un peso importante nos concellos rurais, polo tanto no noso territorio, e das economías agrarias e vai camiño de recuperar a multifuncionalidade dos usos do monte e a produción de madeiras autóctonas que na actualidade escasean nos mercados. Esta orientación pode facilitar o control dos incendios que supoñen un elevado custo público e privado e, a maior especialización desas practicas gandeiras que xa hoxe contan cun mercado á alza. Entre o aproveitamento forestal destaca o de especies de crecemento rápido (Pinus spp. e Eucalyptus spp..) que nutrisen a incipiente industria da celulosa e dos conglomerados de madeira. Este sector, debido a importancia que ten para o noso GDR tamén o estudiaremos e analizaremos mais a fondo nos apartados seguintes da estratexia.

B.3. Matriz DAFO

Para a elaboración da Matriz DAFO terase en conta, ademais, da análise do contexto territorial e socioeconómico, a visión que teñen os distintos axentes do ámbito territorial do GDR que foron tidos en conta para a elaboración da estratexia.

Táboa 76. Matriz DAFO

DEBILIDADES
• Indicadores demográficos negativos. Envellecemento da poboación e despoboamento das zonas rurais • Falta de man de obra • Baixo nivel de renda media, con respecto a provincia, Galicia e Nacional. • Excesiva dependencia das rendas económicas dos subsidios e pensións • Dispersión da poboación, que dificulta un adecuado acceso ós servizos e con un custo elevado • Escasa formación en novas tecnoloxías • Escasa transformación dos produtos do sector primario, o que impide fixar un maior valor engadido na zona (forestal, agrario, gandeiro) • Escaso tecido empresarial • Empresas de reducida dimensión • Diminución do número de empresas do sector agrario • Aproveitamento das terras por baixo do seu potencial produtivo (montes en man común, terreos abandonados…) • Deficiente ordenación do territorio (concentración parcelaria, ordenación de montes…) • Modelo actual de agricultura e gandaría pouco sostible, con alto impacto no medio ambiente • Baixa internacionalización • Falta de emprendemento • Baixo nivel de innovación • Pouca importancia do comercio electrónico nas empresas do territorio • Desaparición de servizos, equipamentos e pequeno comercio por diminución da poboación e polo acceso ó comercio online • Inexistencia de grandes empresas que xeren riqueza e emprego • Internet de baixa calidade, sobre todo en núcleos rurais • Escaseza de puntos de recarga eléctricos • Transporte moi dependente do petróleo. Dominio do transporte en coche privado • Falta de implantación de enerxías renovables e sistemas de aforro enerxético • Falta de produto turístico • Escaseza de puntos de información turística • Recursos turísticos (patrimoniais, naturais ..) non inventariados, tipificados, coñecidos, valorados e localizados, para poder deseñar estratexias e/ou accións de valorización

FORTALEZAS
• Boa rede de comunicacións co resto de Galicia e aceptablemente boa no interior do territorio • Uso xeneralizado de telefonía móbil. • Importancia da superficie forestal, que pode supoñer boas perspectivas de aproveitamento da biomasa e para a industria de transformación • Potencial agrícola debido á fertilidade das terras do territorio e as características climatolóxicas que posibilitan o éxito do cultivo • Indicacións xeográficas protexidas e produtos con Denominación de Orixe (Queixo San Simón, Grelo…) • Potencial da industria agroalimentaria • Primacía do sector lácteo • Existencia de abundantes plantacións e masas forestais • Boa calidade dos terreos e das augas • Medio Natural relativamente ben conservado • Camiño Norte de Santiago e crecemento turístico • Existencia de patrimonio rural en desuso susceptible de reutilización, recuperación, restauración e posta en valor • Proximidade ás zonas turísticas da Mariña de Lugo, Lugo, Ribeira Sacra e Santiago de Compostela • Proximidade con Aeroportos (Santiago e Coruña) e cos portos exteriores (Coruña , Ferrol) • Notable importancia cinexética, actividade ligada ao turismo e susceptible de xerar actividades complementarias como a xestión cinexética, restauración ou aloxamento.

AMEAZAS
• Conxuntura económica con crise de produción de materias primas e enerxética • Inflación actual • Incremento dos custos de financiación • Brecha dixital entre as zonas rurais e a poboación de maior idade • Falta de espírito emprendedor, obstáculos burocráticos e administrativos • Envellecemento da poboación activa • Falta de conciliación da vida laboral coa vida persoal • Excesivo poder de negociación da distribución, coa que os pequenos produtores teñen difícil negociar. • Debido ó cambio climático, incremento de pragas forestais e aumento do risco de incendios • Uso de fertilizantes por las cabanas gandeiras • Intensificación da agricultura, que supón un risco para a conservación da biodiversidade e espazos naturais protexidos. • Perda da competitividade debido á alza de prezos de materias primas • Presión humana que provoca cambios de uso e degradación de hábitats • Presión de usos e actividades sobre determinados hábitats e especies de interese comunitario. • A dispersión xeográfica implica que as alternativas que favorecen a reciclaxe non sexan equitativas en todo o territorio. O tratamento e transporte é en moitos casos ineficiente

OPORTUNIDADES
• Directrices de ordenación do Territorio (DOT) • Lei de Recuperación do Solo de Galicia • Imaxe de calidade asociada ós produtos galegos • Novo período de fondos comunitarios 23-27 • Implantación das TICS na xeración de novos servizos (turismo, asistencia social …) • Novas vías de comercialización para os produtos das zonas rurais • Demanda en ascenso de produtos alimentarios • Tendencias en ascenso en consumos de marcas de calidade, produtos ecolóxicos, produtos de calidade diferenciada, alimentos tradicionais e produtos sostibles • Apoio institucional ó desenvolvemento e mellora de destinos turísticos emerxentes • Aumento del turismo de natureza, ornitolóxico, etc. • Maior conciencia ambiental sobre a necesidade de medidas orientadas á conservación da natureza • Subvención e axudas de diferentes administracións para fomentar o aforro e a eficiencia enerxética • Potenciación de uso de enerxías renovables debido á crise enerxética. • Demandas sociais mais respectuosos co medioambiente. • Existen numerosas oportunidades de valorización dos residuos xerados nas industrias e gandeiras (residuos metálicos, madeira, papel, residuos agrogandeiros, lactosoro etc.) • A xestión de residuos ten un elevado potencial para xerar actividades económicas creando oportunidades de emprego. • Potencial da agricultura ecolóxica que é consecuencia da crecente demanda destes produtos que abriron un novo nicho de mercado para o territorio con boas perspectivas para a súa produción e comercialización.

C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.

Para a análise retrospectiva teremos en conta os anteriores períodos: o período 2014-2020 e o período 2007-2013.

A Asociación de Desenvolvemento Comarcal de Terra Chá xestionou dous LEADER (Leader 2007-2013 e o Leader 2014-2020). No Leader 2007-2013 o territorio abarcado comprendía 9 concellos (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade), e no período Leader 2014-2020 incorporouse un concello mais ó territorio: Riotorto, pasando a ser 10 concellos en total. Por esta razón teremos en conta non só o período anterior, senón tamén o 2007-2013 partindo dos cambios demográficos, socioeconómicos e os servizos á poboación que sufriu o ámbito territorial.

Na medida dos datos dos que se dispoña, tamén se incluirá nesta análise o período Leader +, xa que comprendía os mesmos concellos que o Leader 2007-2013, aínda que foi xestionado pola Fundación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá.
Os distintos períodos Leader foron xestionados nos seguintes anos:

- Leader +, entre os anos 2003 e 2008
- Leader 2007-2013, entre os anos 2009 e 2015
- Leader 2014-2020, entre os anos 2016 ata o período actual (2023)

O máis significativo nestes períodos de xestión é o período de crise financeira durante o Leader 2007-2013 e a crise do COVID-19 no período 2014-2020. Tamén inflúen nos distintos datos que se analizarán a continuación: movementos migratorios, datos de paro, etc.

En resumo, podemos dicir que se falamos da poboación en todos os períodos vemos como cada vez a tendencia é o envellecemento, e o saldo vexetativo é cada vez máis negativo debido a que hai máis defuncións que nacementos. Tanto o nivel de instrución, a calidade de vida e o mercado laboral sufriron variacións duns anos a outros debido as ameazas e a situacións alleas á comarca e que afectaron en xeral non só á comarca (como a crise económica do 2008 ou o Covid-19 no ano 2020).

Como novidade, neste período, debido á necesidade que se percibiu no proceso participativo, incluíuse un breve estudo dentro do análise de equipamentos e infraestruturas orientado á comunicación do acceso ao Internet, no cal se ve unha deficiencia en medios e servizos para a comunicación. Tamén se inclúen datos do abastecemento de auga, saneamento e a xestión de residuos urbanos, servizos á sociedade, como as bibliotecas, casas niño, centros educativo por concello, instalacións deportivas, centros de saúde e farmacias que nos anteriores períodos non chegaron manifestarse.

C.1 Análise da evolución dos principais indicadores demográficos, socioeconómicos e de servizos á poboación no territorio do GDR

A nivel provincial, a provincia de Lugo perde case un 11% de poboación, fronte á media autonómica que é dunha perda do 0,45%. Aínda así, no territorio do GDR Terra Chá case se duplica a perda fronte á media da provincia de Lugo, con perdas destacables nos concellos de Muras (48,40%), Riotorto, Xermade e Abadín. Unicamente o Concello de Vilalba se aproxima á media da provincia, aínda que segue estando moi por encima da media autonómica. Os concellos con mellor evolución son Castro de Rei, Guitiriz e Vilalba, que pasan a aumentar a súa porcentaxe de poboación con respecto á comarca.

Táboa 77. Variación habitantes dende a elaboración estratexia Leader+ ata Leader 2023-2027 (21 anos)

Concello	Habitantes 1999 (Leader +)	% habitantes/total	Habitantes 2021 (Leader 2023-2027)	% habitantes/total	Variación habitantes	% variación habitantes
Abadín	3.531	7,12%	2.297	5,81%	-1.234	-34,95%
Begonte	3.873	7,81%	2.976	7,53%	-897	-23,16%
Castro de Rei	5.952	12,01%	5.110	12,93%	-842	-14,14%
Cospeito	5.971	12,05%	4.374	11,06%	-1597	-26,74%
Guitiriz	6.451	13,02%	5.455	13,80%	-996	-15,44%
Muras	1.184	2,39%	611	1,55%	-573	-48,40%
A Pastoriza	4.143	8,36%	2.918	7,38%	-1.225	-29,57%
Vilalba	15.658	31,59%	14.006	35,44%	-1.652	-10,55%
Xermade	2.797	5,64%	1.768	4,47%	-1029	-36,79%
SUMA	**49.560**		**39.515**		**-10.045**	**-20,26%**
Riotorto	1.980		1.213		-767	-38,37%
PROVINCIA	365.543		326.013		-39.530	-10,81%
GALICIA	2.708.000		2.695.645		-12.355	-0.45%

Fonte : IGE

Pódese ver o incremento porcentual da poboación nos núcleos de Guitiriz, Castro de Rei e Vilalba, destacando Vilalba. Trátase das vilas nas que se ubican a maior cantidade de servizos á poboación: educación, sanidade, comercio, ocio.

Aínda que a inmigración nestes últimos anos no territorio do GDR aumentou de xeito significativo, non abondou para frear a caída de poboación.

Táboa 78. Poboación de nacionalidade estranxeira segundo sexo e nacionalidade no territorio do GDR Terra Chá

	2001			2021			Incremento			
GDR TERRA CHÁ	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	%	Homes	Mulleres
Total	150	58	92	1.504	761	743	1.354	902,67%	703	651
Europa	59	30	29	792	418	374	733	1242%	388	345
Unión Europea	48	25	23	745	397	348	697	1452%	372	325
Resto de Europa	11	5	6	47	21	26	36	327%	16	20
América	86	26	60	263	96	167	177	206%	70	107
América do Norte	3	1	2	9	2	7	6	200%	1	5
América Central e América	83	25	58	254	94	160	171	206%	69	102
Asia	2	0	2	30	14	16	28	1400%	14	14
África	3	2	1	419	233	186	416	13867%	231	185
Oceanía e apátridas	0	0	0	0	0	0	0	0%	0	0

Fonte: IGE

Pódese observar un gran incremento de poboación inmigrante procedente doutros territorios estranxeiros, sobre todo de África e de Europa (sobre todo da Unión Europea).

Táboa 79. Saldos migratorios territorio GDR Terra Chá

	Total	Saldo interno	Intraprovincial	Co resto de Galicia	Saldo externo	Co resto de España	Co estranxeiro
GDR Terra Chá							
1999	-135	-163,00	-59	-104	28,00	-22	50
2000	-113	-154,00	-134	-20	41,00	-9	50
2001	-89	-132,00	-52	-80	43,00	-5	48
2002	-93	-145,00	-69	-76	52,00	3	49
2003	-47	-124,00	-95	-29	77,00	36	41
2004	-100	-169,00	-120	-49	69,00	-10	79
2005	97	-18,00	20	-38	115,00	8	107
2006	47	-166,00	-109	-57	213,00	69	144
2007	195	-107,00	-72	-35	302,00	45	257
2008	106	-94,00	-42	-52	200,00	11	189
2009	-96	-156,00	-123	-33	60,00	16	44
2010	-62	-155,00	-90	-65	93,00	21	72
2011	-62	-127,00	-119	-8	65,00	31	34
2012	-41	-61,00	-74	13	20,00	52	-32
2013	-18	-15,00	-27	12	-3,00	-6	3
2014	-44	-28,00	-14	-14	-16,00	20	-36
2015	-32	-102,00	-93	-9	70,00	36	34
2016	9	-99,00	-55	-44	108,00	-8	116
2017	80	-112,00	-30	-82	192,00	36	156
2018	135	-22,00	47	-69	157,00	8	149
2019	293	10,00	16	-6	283,00	34	249
2020	442	209,00	132	77	233,00	103	130
2021	241	50,00	9	41	191,00	80	111

Fonte: Elaboración propia a partires do IGE

A evolución do saldo migratorio no territorio ven influenciado pola situación económica de cada momento: positivo nos períodos de auxe económico e negativo coincidindo con períodos de crise. É destacable o saldo positivo nos últimos 3 anos, motivado principalmente pola chegada de persoas dende o estranxeiro e o saldo exterior negativo co estranxeiro nos anos 2012 e 2014.


Como conclusión, obsérvase unha chegada de poboación de fora do territorio importante nos últimos anos, pero que non está mitigando á perda de poboación que se está a dar no territorio.


A idade media da poboación aumentou significativamente, dende o ano 2002 ata o ano 2021, pasando de 47,78 anos no 2002 a 52,49 anos no 2021. A idade media no ano 2021 para a provincia de Lugo é de 50,14 anos e de Galicia 47,74 anos. Unicamente se acerca á media provincial o concello de Vilalba, cunha idade media de 50,11 anos no

ano 2021. Vese entón como hai un proceso de envellecemento importante, máis intenso con respecto á provincia de Lugo e tamén con respecto á media de Galicia.

En canto á distribución da poboación por idades (comparativa ano 2001-2021), a tendencia é a diminución de xente nova (< de 16 anos) cun importante incremento da porcentaxe de poboación maior de 65 anos. Isto provoca unha diminución de man de obra e de xente nova emprendedora no territorio e un aumento de poboación envellecida con necesidades de servizos de atención á terceira idade e falla de relevo xeracional nas explotacións e empresas existentes.

Gráfico 10. Distribución da poboación por idades, anos 2001 e 2021





En decembro de 2022, a taxa de paro entre os mozos menores de 25 anos no territorio representa o 4,25% sobre o total de parados, sendo a media de Lugo dun 5,07% e dun 3,89% para o conxunto da Comunidade de Galicia, o que indica unha boa tasa de empregabilidade entre os mozos menores de 25 anos.

No que se refire ao saldo vexetativo (nacementos menos defuncións) acadou valores negativos para a Comarca, debido ó elevado número de defuncións e o baixo número de nacementos. A Terra Chá acada un saldo negativo, comezando no 2007 con -553 e tendo no 2021 unha cantidade de -559, neste intervalo de anos as cantidades soben a baixan, pero as diferenzas son mínimas, como por exemplo no 2014 que acadou unha cantidade de -472. A incorporación de Riotorto non impide que estes parámetros sigan subindo. A maiores, neste período recadamos os datos do ano 2020 e vemos como o índice de dependencia é xeralmente alto, obtendo unha media dun 76%. Isto evidencia o que xa sabemos, que o envellecemento da poboación é elevado e que a natalidade está situada por debaixo do nivel de renovación da poboación.

En canto á migración, na Terra Chá, dende hai moitos anos, cóntase con emigrantes e inmigrantes. No que se refire á emigración, na Terra Chá a poboación emigra principalmente cara a outros municipios, sendo as grandes cidades o destino escollido, se é certo que a medida que pasan os anos estas cifras tenden a aumentar, pero fano a un ritmo baixo. A emigración, dentro da mesma provincia, tanto nos períodos 2007-2013 como nos actuais onde contamos a maiores co concello de Riotorto, seguen sendo as cifras máis elevadas, comparando coa cifra da emigración ao estranxeiro, que a pesar de que aumentou segue sendo a cifra máis baixa. Por outro lado, os inmigrantes tamén proceden da mesma provincia, sendo estes os datos máis altos, seguido doutra comarca da mesma provincia. Tamén contan con inmigrantes do estranxeiro, concretamente no ano 2016 comezou a subir o numero de inmigrantes ata o ano 2020, que de novo comeza a baixar. Todos estes datos repercuten ao saldo migratorio, que é a entrada e a saída da poboación, neste caso a Terra Chá no período 2007-2013 comezou con datos negativos (marchaba máis xente da que entraba) seguiron en datos negativos ata o ano 2016 que había máis entradas de poboación que saídas, dato que segue en aumento actualmente. En relación coas nacionalidades, a que máis abunda en todos os períodos tendo en conta Riotorto é a Española, seguida consecutivamente das nacionalidades Europea, África, América, Asia, e en datos negativos, Oceanía e apátridas.

Se falamos do nivel de instrución, os datos máis actuais son os do 2011. Na comarca da Terra Chá hai un maior número de persoas con estudos que sen eles, o grao de estudos que máis abunda son os de segundo grao, habendo un 40 % de porcentaxe máis baixo no concello de Muras e o máis alto, 53%, en Vilalba, seguido dos que teñen o primeiro grao, logo os analfabetos e sen estudos e por último coas porcentaxes máis baixas atopamos á poboación con estudos de terceiro grao. Observando estes porcentaxes conclúese que a poboación da Terra Chá está formada.

Outro dos indicadores que nos di que conta con poboación formada a comarca e o resultado da participación. A través das enquisas levadas acabo comprobamos que a maior participación conta con estudos elevados, este é un indicador menos obxectivo pero que tamén confirma os datos estatísticos.

Respecto ao nivel de vida, enténdese esta como a relación entre ingreso dispoñible por parte da poboación e a capacidade de consumo, que de forma efectiva, esta realiza. Debemos ter en conta que a disposición da renda non é sinónimo de calidade de vida, máis ben é un factor limitador é baixo, pero que a súa presenza non garante unha boa calidade de vida. A comarca da Terra Chá contaba cunha renda bruta por habitante, no período dos anos 2007-2013 incluíndo a Riotorto, nunha media de 12.103,45 €, actualmente situase nuns 13.267,10 €, tendo unha variación de 5 anos que se situaba en 12.639,42 €. Non obstante, aínda que exista este crecemento queda moi lonxe da media da comunidade autónoma e da Provincia.

Hai que destacar que o número de pensionistas foi aumentando dende o primeiro período ata agora, isto débese a que a poboación da Terra Chá cada vez é máis envellecida. Tamén se pode comparar como as pensións dos homes son máis elevadas que as das mulleres, datos que se repiten nos anteriores períodos contando Riotorto. A finais do ano 2013, a Terra Chá contaba cunha media de 674 €, os homes 712 €, e as mulleres 639 €, a finais do ano 2020, a comarca contaba cunha media de 821 €, os homes 891, e as mulleres 754, en este período do ano 2021 a media é de 834 €, os homes 900 €, e as mulleres 771 €. Tras estes datos obsérvase que a pensión media sobe, e a diferenza entre os homes e as mulleres segue estando presente. Esta comparación tamén é un indicador que vimos na participación, onde unha das necesidades demandadas é evitar esta brecha salarial e desigualdade de xénero.

Se falamos de contratos podemos ver como esta cifra está en relación coa xente parada debido á crise, na comarca da Terra Chá, despois de ter un período de descenso dende o ano 2008 ata o ano 2011, comeza o seu ascenso tendo o número máis alto no 2019 cunha cantidade de 13.697 contratos, contando tamén os rexistrados en Riotorto. Se falamos de sectores vemos como o sector servizos tanto nos períodos anteriores como no actual segue en aumento. O sector industria ata o ano 2010 situábase por debaixo do sector da construción, logo a partir dese ano comezou a ser o segundo sector con máis contratos. O sector construción é o único que despois da crise, no que todos os sectores tiveran un descenso, este non recuperou, e seguiu tendo un descenso ata o ano 2019, que chegou a ter a cifra máis alta despois da crise, volvendo a ter na actualidade un descenso debido á pandemia sufrida no 2020 entre outros factores. Por último, o sector agrícola no período 2007-2013 foi o que xerou menos contratos, a partir do período 2014-2020 comezou a estar por riba do sector construción, sendo así o terceiro sector en número de contratos, datos que continúan na actualidade. Tras obter estes datos vemos como o sector servizos tanto nos anteriores períodos como agora é o que máis contratos realiza.

Se falamos de poboación desempregada ou parada podemos ver como no 2008, coincidindo coa crise, a Terra Chá sofre un aumento importante alcanzando o número máximo no 2013, logo estes datos van en descenso, tendo un número de parados máis pequeno. Se analizamos os datos por idades obsérvase que nos anteriores períodos os maiores de 25 anos seguen sendo o maior número de parados, datos que se manteñen na actualidade. A maiores, neste período podemos ver como Riotorto no ano 2021 conta cun total de 28 parados, dos cales solo 1 é menor de 25 anos, datos que se repiten nos anteriores períodos, sendo os maiores de 25 anos o número máis grande de parados. A razón disto é que ata os 25 hai moita poboación nova que se esta formando academicamente o que fai que non este presente nos indicadores económicos extraídos dos datos estadísticos dos institutos oficiais. Extraese tamén os datos por sectores, onde se observa que na actualidade o sector servizos e o sector industria son os que máis paro xeran (tamén os que maior número de contratos rexistran), seguido do sector da construción sendo o terceiro sector en paro, e o último en contratos, polo cal en ámbito de desemprego é o que peor situación ten, e por último o sector agrícola-gandeira que é o que menos paro xera.

Por outra banda, se falamos de poboación desempregada por sexos, podemos comprobar como na estratexia do 2007-2013 os homes sempre acadaron os niveis máis altos, logo no seguinte período dos anos 2014-2020 podemos ver como isto cambia, xa que no ano 2018 pasan a ser as mulleres as que acadan máis paro, continuando os datos ata a actualidade. É certo que tamén cada vez son máis as mulleres que procuran exercer a vida laboral e iso fai que aumenten. Fano negativamente porque, igual que sucede coas pensións ou os salarios, teñen mais dificultades para a inserción laboral debido ás desigualdades laborais que actualmente marcan a comarca, e en xeral, o territorio nacional.

A afiliación da Seguridade Social segundo o réxime de afiliación vemos como tanto nos anteriores períodos como na actual o predominante é o xeral, seguido dos autónomos, agrario, fogar e por último o marítimo. Obsérvase como tamén se clasifican polo número de afiliados segundo o sector da actividade. Destaca na comarca da Terra Chá o incremento de afiliados no sector industrial entre os anos 2011 e 2016, sendo o único sector que en ese intervalo de anos aumenta o seu numero de afiliados, actualmente o sector que conta con máis afiliados é o sector servizos, o cal ten uns datos en ascendente dende nos anteriores períodos , o sector agricultura e gandeira ocupa igual que nos outros períodos, o segundo lugar, actualmente en descenso comparando cos períodos anteriores, de seguido observase que o sector industria a diferencia que nos anteriores períodos segue un movemento ascendente tendo agora un maior número de afiliados, por último atopamos o sector da construción o cal os seus datos seguen en descenso.

En canto ó tecido produtivo o número de empresas no territorio do GDR2 Terra Chá é de 5.817 no ano 2014 e no ano 2021 é de 5.391 empresas, o que implica unha diminución de 384 empresas nun período de 7 anos. En términos absolutos a maior diminución de empresas deuse no sector agrario, xunto con outros sectores como son a Construcción, Comercio, Transporte terrestre e Servizos de comidas e bebidas. Tamén houbo incrementos de empresas en outras actividades como son a Silvicultura e explotación forestal, abastecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, educación, actividades sanitarias, actividades inmobiliarias e actividades postais e de correos, entre outros. Estas tendencias terán que ser tidas en conta á hora de elaborar a estratexia do GDR e marcarse uns obxectivos e plan de actuación axeitados.

Táboa 80. Sectores no territorio GDR2 Terra Chá, anos 2014 e 2021

	ANO 2014	ANO 2021	DIFERENCIA	%
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	**2.995,00**	**2.611,00**	**-384,00**	**-13%**
02 Silvicultura e explotación forestal	**41,00**	**66,00**	**25,00**	**61%**
03 Pesca e acuicultura	1,00	1,00	0,00	0%
08 Outras industrias extractivas	10,00	9,00	-1,00	-10%
10 Industria da alimentación	61,00	56,00	-5,00	-8%
11 Fabricación de bebidas	1,00	1,00	0,00	0%
13 Industria téxtil	2,00	1,00	-1,00	-50%
14 Confección de roupa de vestir	8,00	8,00	0,00	0%
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría	23,00	26,00	3,00	13%
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	11,00	8,00	-3,00	-27%
20 Industria química	3,00	2,00	-1,00	-33%
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	5,00	3,00	-2,00	-40%
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	15,00	11,00	-4,00	-27%
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	1,00	1,00	0,00	0%
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	59,00	44,00	-15,00	-25%
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	3,00	3,00	0,00	0%
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	5,00	6,00	1,00	20%
31 Fabricación de mobles	17,00	10,00	-7,00	-41%
32 Outras industrias manufactureiras	1,00	2,00	1,00	100%
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	15,00	22,00	7,00	47%
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	3,00	11,00	8,00	267%
38 Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización	2,00	1,00	-1,00	-50%
39 Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	2,00	1,00	-1,00	-50%
41 Construción de edificios	**135,00**	**123,00**	**-12,00**	**-9%**
42 Enxeñaría civil	**8,00**	**6,00**	**-2,00**	**-25%**
43 Actividades de construción especializada	382,00	337,00	-45,00	-12%
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	124,00	123,00	-1,00	-1%

46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	224,00	231,00	7,00	3%
47 Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	**438,00**	**383,00**	**-55,00**	**-13%**
49 Transporte terrestre e por tubaxe	**298,00**	**272,00**	**-26,00**	**-9%**
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	9,00	7,00	-2,00	-22%
53 Actividades postais e de correos	**1,00**	**6,00**	**5,00**	**500%**
55 Servizos de aloxamento	**30,00**	**20,00**	**-10,00**	**-33%**
56 Servizos de comidas e bebidas	**278,00**	**239,00**	**-39,00**	**-14%**
58 Edición	0,00	1,00	1,00	
59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	1,00	0,00	-1,00	-100%
61 Telecomunicacións	4,00	1,00	-3,00	-75%
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	1,00	6,00	5,00	500%
63 Servizos de información	1,00	2,00	1,00	100%
66 Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	52,00	59,00	7,00	13%
68 Actividades inmobiliarias	**33,00**	**63,00**	**30,00**	**91%**
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	47,00	45,00	-2,00	-4%
70 Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial	1,00	5,00	4,00	400%
71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas	**41,00**	**61,00**	**20,00**	**49%**
72 Investigación e desenvolvemento	2,00	6,00	4,00	200%
73 Publicidade e estudos de mercado	5,00	11,00	6,00	120%
74 Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	13,00	23,00	10,00	77%
75 Actividades veterinarias	47,00	46,00	-1,00	-2%
77 Actividades de aluguer	17,00	14,00	-3,00	-18%
79 Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes	3,00	3,00	0,00	0%
80 Actividades de seguranza e investigación	4,00	3,00	-1,00	-25%
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	39,00	39,00	0,00	0%
82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas	12,00	9,00	-3,00	-25%
84 Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria	11,00	11,00	0,00	0%
85 Educación	**51,00**	**66,00**	**15,00**	**29%**
86 Actividades sanitarias	**32,00**	**41,00**	**9,00**	**28%**

87 Asistencia en establecementos residenciais	3,00	3,00	0,00	0%
88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	5,00	6,00	1,00	20%
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	19,00	24,00	5,00	26%
91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	4,00	3,00	-1,00	-25%
92 Actividades de xogos de azar e apostas	3,00	2,00	-1,00	-33%
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	29,00	39,00	10,00	34%
94 Actividades asociativas	**10,00**	**28,00**	**18,00**	**180%**
95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	25,00	18,00	-7,00	-28%
96 Outros servizos persoais	91,00	102,00	11,00	12%

Fonte: IGE

O sector predominate na comarca é o sector agrario. Houbo unha diminución de empresas adicadas á produción gandeira. Porén houbo un incremento de empresas adicadas á cultivos non perennes (cereais, hortalizas, tubérculos...) e de empresas de apoio á agricultura (empresas de prestación de servizos agrarios).

Na anterior estratexia vemos como o seu número baixa, tendo no 2014 un total de 5.817, pasando a ter no 2016, 5.580, na actualidade ese número creceu chegando a ter no 2021 unha cantidade de 5.600 empresas das cales, 5.084 xa permanecían, observando que se deron de baixa 506, e de alta 516, tendo así unha evolución ascendente.

Se falamos do número de empresas segundo a composición, comprobase que tanto nos períodos anteriores como na actual as persoas físicas son as que mas abundan, seguido polas Sociedades Limitadas, datos que van en ascenso, e tendo os datos mais baixos, tanto nos anteriores como no actual período as Sociedades anónimas, e logo as Sociedades Cooperativas, datos que van en descenso. A partir da composición que teñen as empresas, pódese ver o número de asalariados que teñen as empresas na comarca da Terra Chá. Todos os concellos incluído Riotorto contan con un número pequeno que vai de 0 a 2, seguido polo que teñen entre 3 e 5 asalariados que sería o segundo dato mais alto, habendo entre eles unha notable diferencia, xa que neste período hai un total de 5.600 asalariados, dos cales 5.100 contan entre o a 2 asalariados, obtendo estes datos vese como as empresas contan con un número moi reducido de asalariados. No período do ano 2007-2013 ningunha empresa tiña entre 250 e máis

asalariados, foi na estratexia do 2014-2020, cando no ano 2019 unha empresa do concello de Castro de Rei sumou esta cantidade.

Observando o número de empresas segundo a súa actividade principal, vese que os datos dos períodos anteriores o sector con máis empresas é o agrícola-gandeira, seguida do sector servizos, logo o sector industrial e por último o sector construción que vai en descenso. Si partimos de que as empresas que máis abundan son as do sector agrícola-gandeira, podemos dicir que o gando que máis destaca na comarca da Terra Chá é o bovino, seguido do ovino e caprino, sen moita diferenza do porcino e por último as aves de curral.

Con respecto aos servizos e infraestruturas, como xa se viu en apartados anteriores, o territorio conta cunha localización relativamente céntrica en relación ás cidades galegas e dispón de distintas vías de comunicación co resto da comunidade e a península: A6, A8, AG-64, N-634, N-VI, N-640, a liña de ferrocarril (A Coruña-Palencia) e varias estradas.

Respecto ás TIC, os datos están bastante desactualizados, pero dende a pandemia Covid-19 o uso das tecnoloxías e Internet tiveron un papel esencial á hora de teletraballar, facer teleformación e manter o contacto social.

Existen diferentes servizos de abastecemento de auga e saneamentos, como xestión de residuos urbanos (centra as súas áreas de xestión na bolsa amarela e na bolsa negra). Ademais, no concello de Riotorto hai unha planta de transferencia de residuos sólidos urbanos. Tamén existen programas de recollida de residuos nos diferentes concellos.

No referente aos servizos á sociedade, a maioría dos concellos analizados contan cunha biblioteca, excepto Castro de Rei, que ten dúas. Begonte e Cospeito carecen de bibliotecas entre os servizos culturais para a cidadanía. En tres dos concellos hai casa niño ao ser zonas rurais que non contan co número de poboación esixido para prestar outros servizos de atención continuada á infancia (garderías, escolas infantís...). Ademais, todos os concellos teñen algún centro educativo de educación Infantil e Primaria. Excepto os concellos de Xermade, Riotorto, Muras e Abadín, o resto dos concellos contan con centros educativos para ESO e/ou ensinanzas postobrigatorias.

No caso do concello de Vilalba, tamén conta cun centro educativo destinado ao ensino polo réxime de adultos.

Con respecto ás instalacións deportivas, todos os concellos ofrecen algún tipo de servizo. No caso dos ximnasios, Abadín, Cospeito, Castro de Rei e Riotorto teñen un. Varios concellos contan cunha piscina ao aire libre, como Cospeito, Castro de Rei, Muras, Riotorto e Guitiriz, que dispón de 3 piscinas exteriores. Ademais, todos os concellos, excepto Riotorto, dispoñen dunha ou varias pistas polideportivas, e teñen un polideportivo cuberto ou máis.

Ademais, en todos os concellos existen terreos de xogo. Como a Terra Chá conta cunha media moi alta de poboación maioritariamente de idade envellecida, todos os municipios contan cun servizo de atención domiciliada. Así mesmo, a Terra Chá conta con medios, non todos deles públicos, vinculados á atención da terceira idade. Riotorto, Muras e Xermade non contan con centros de día nin con residencias.

Para sintetizar as principais tendencias observadas nos indicadores descritos, cabe destacar que a distribución por idades da Terra Chá evidencia un proceso de envellecemento e que, aínda que as variacións son mínimas, a idade media tende a subir. Con respecto ó saldo vexetativo, os valores son negativos debido ó elevado número de defuncións e o baixo número de nacementos. Ademais, aumentou a emigración a un ritmo baixo e principalmente cara as grandes cidades.

En canto ó nivel de instrución, é maior o número de persoas con estudos que sen eles, sendo os estudos que máis abundan os de segundo grao. Con respecto ó nivel de vida, existe un pequeno crecemento da renda bruta por habitante, aínda que queda moi lonxe da media da comunidade autónoma e da provincia. Ademais, o número de pensionistas foi en aumento debido a que a poboación cada vez é máis envellecida. Na actualidade, aínda existe unha brecha salarial entre homes e mulleres.

Con respecto ós contratos, tanto nos anteriores períodos como agora o sector servizos é o que máis contratos realiza. O sector servizos e o sector industria son os que máis paro xeran, mentres que o sector agrícola-gandeira é o que menos paro xera.

Existen diferentes vías que comunican o territorio co resto da comunidade e a península, as cales foron descritas no apartado “B.2.6. Equipamento e infraestruturas”. Tamén se

recolle información relacionada coas tecnoloxías e o acceso dixital dos habitantes nos diferentes concellos, o abastecemento de auga e o saneamento. Ademais, descríbense os diferentes servizos brindados á sociedade e as diferentes instalacións como bibliotecas, centros educativos, centros e formacións profesionais, instalacións deportivas, servizos de atención á dependencia e centros de saúde, consultorios e farmacias.

C.2 Diagnóstico territorial recollido nas estratexias elaboradas para os períodos anteriores

Neste apartado teremos en conta as principais debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que presentaron as anteriores estratexias comparándoas coa actual e engadimos as novidades que aparecen no DAFO da estratexia e que non estaban nas anteriores e tamén os cambios que hai entre elas. Outra das características diferentes é que se introducen novidades non só no análise DAFO se non na recollida de datos ou información.

O turismo da Terra Chá non se caracteriza por ter un gran potencial ata o de agora, aínda que cada vez ten maior relevancia, sobre todo o turismo natural obtendo así un maior número de turistas, por este motivo os aloxamentos nesta nova estratexia tivéronse en conta. Se falamos do Camiño Norte de Santiago, cada ano o número de peregrinos aumenta nesta ruta, pasando de ser no ano 2009 9.183 peregrinos a ser no 2017 17.836 peregrinos. Cabe destacar que no ano 2017 a Xunta sinaliza un novo trazado que pasa pola nosa comarca que supón 7,8 km menos de percorrido pero que ten a desvantaxe de non contar con apenas servizos intermedios. Esta variante pasa pola nosa comarca, en concreto Parga (Guitiriz) o que da un maior valor turístico que ata o ano 2017 non existía. Ocorre o mesmo co Antigo Camiño Real Norte que da comezo en Vieiro, pasando por dous concellos da comarca, Xermade e Vilalba, que non se tivo en conta nas anteriores estratexias porque se está levando acabo a iniciativa de recuperalo nestes últimos par de anos. Outro valor turístico é o Castro de Viladonga en Castro de Rei, non atopa ningunha variante das anteriores estratexias, seguindo sendo un gran atractivo turístico. Cabe destacar que nesta estratexia, a diferenza das outras, tamén gana protagonismo un novo castro, en A Pastoriza, para poñelo en valor e onde se están levando acabo actividades de investigación e estudo.

Nesta estratexia introduciuse a maiores unha breve valoración de patrimonio como son o inventario de Cruces, Cristos… a incorporación da torre da Caldaloba (Cospeito) entre outros debido a importancia que ten para a Terra Chá.

Nesta estratexia debido a necesidade incluíuse dentro de equipamentos e infraestruturas a comunicación do acceso a Internet. Despois de recadar datos dende o 2015, sacase en conclusión que os núcleos residenciais da comarca, non dispoñen dos servizos ou medios a unha boa conexión e que foi unha da necesidades ou debilidades que reflectiron na parte da participación da estratexia actual e que tras a situación vivida por a pandemia Covid-19 ten unha maior demanda.

Por outro lado, nesta estratexia tívose en conta o abastecemento de auga e saneamento, a xestión de residuos urbanos; plantas de transferencia de residuos (concello de Riotorto); programa de recollida de residuos; recollida periódica de residuos sólidos (concello de Vilalba). A intención de incorporala e poder adaptar a elaboración da nosa estratexia ao marco normativo europeo, como é o Pacto Verde, ambición climática, mobilidade sostible e intelixente, ecoloxía da política agraria común... a estratexia sobre a Biodiversidade e a favor dos bosques para o 2030.

Nesta estratexia tamén se aportan datos dos servizos á sociedade, como as bibliotecas, casas niño, centros educativo por concello, instalación deportivas por concello, centros de saúde e farmacias porque dentro da participación outra das debilidades que se achegaron, é a falta de servizos de atención a terceira idade, servizos públicos ou actividades de ocio.

En canto a infraestruturas de transporte houbo cambios significativos; Hoxe en día contamos con vías de comunicación que no período 2007-2014 non contabamos, como a autoestrada A-8 que conecta Baamonde con Bilbao e percorre os concellos de Guitiriz, Vilalba e Abadín, a autovía Ferrol-Vilalba AG-64, atravesa o concello de Vilalba e Xermade e conecta o norte da comarca co norte da provincia de A Coruña. Outro dos cambios foi a liña de ferrocarril que atravesa na nosa comarca os concellos de Guitiriz e Begonte pero coa diferencia das primeiras estratexias en que decaeu o seu servizo para pasaxeiros chegando a contar con moi poucas paradas ao longo do día o que fai que sexa un servizo de desprazamento cada vez menos empregado.

Táboa 81. Matriz DAFO

DEBILIDADES COMÚNS 2007-2013, 2014-2020, 2023-2027
• Indicadores demográficos negativos. Envellecemento da poboación e despoboación das zonas rurais. • Escasa transformación dos produtos do sector primario, o que impide fixar un maior valor engadido na zona. • Sector agroalimentario con insuficiente desenvolvemento da comercialización que representa a perda do valor engadido da produción agropecuaria. • Falta de promotores e investidores privados, debido a que hai un escaso tecido económico e emprendemento • Aproveitamento das terras por baixo do o seu potencial produtivo (por ex.: montes en man común) • Inexistencia de grandes empresas que xeren riqueza e emprego. • Dispersión da poboación, que dificulta un adecuado nivel de infraestruturas e servizos e significa un custo elevado de calquera actuación en infraestruturas. • Baixa competitividade das explotacións (reducida base territorial e dimensión) • Falta de centros de atención á terceira idade • Baixa formación da poboación (TICs …) • Pouca potencialidade turística ou produto que lle de valor • Escaseza de puntos de información ao turista • Recursos e patrimonio rural non aproveitados • Os recursos no rural non están inventariados, tipificados, coñecidos, valorados e localizados, como primeiro paso para deseñar métodos/estratexias/acciones de valorización • Brecha tecnolóxica. • Deficiente ordenación do territorio (concentración parcelaria, ordenación de montes..) • Mal aproveitamento dos terreos en Monte Veciñal en man común.

FORTALEZAS COMÚNS 2007-2013, 2014-2020, 2023-2027
• Importancia da superficie forestal que pode supoñer boas perspectivas de aproveitamento da biomasa. • Potencial agrícola debido á fertilidade das terras do territorio e as características climatolóxicas que posibilitan o éxito do cultivo. • Potencial da industria agroalimentaria. • Camiño Norte de Santiago e crecemento turístico. • Boas condicións climatolóxicas para numerosas producións vexetais (agrícola e forestal, e indirectamente animal). • Medio natural relativamente ben conservado • Existencia de patrimonio rural en desuso susceptible de reutilización, recuperación, restauración e posta en valor. • Saber facer na actividade agraria para as producións tradicionais e sistemas de explotación. • Primacía do sector lácteo é alta calidade nos produtos lácteos e cárnicos. • Notable importancia cinexética, actividade ligada ao turismo e susceptible de xerar actividades complementarias como a xestión cinexética, restauración ou aloxamento. • Denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas xa implantadas • Monte veciñal en man común como importante atractivo/activo para a fixación de poboación • Tradición de mercados locais e feiras, nas que dar saída aos produtos de pequenos, produtores e produtos de tempada, ademais de ser un atractivo turístico

AMEAZAS COMÚNS 2007-2013, 2014-2020, 2023-2027
• Conxuntura económica desfavorable debido a unha crise enerxética e do uso de materias primas. • Volatilidade dos prezos agrarios, especialmente no sector lácteo. • Tendencia a unha economía de baixa produtividade, pouco competitiva. • Excesivo poder de negociación da distribución, coa que os pequenos produtores teñen difícil negociar. • Excesiva transferencia de recursos do rural cara ao medio urbano. • Intensificación da agricultura, que supón un risco para a conservación da biodiversidade e Rede Natura 2000 • Desertización poboacional no rural • Excesiva dependencia das rendas económicas dos subsidios e pensións • Desaparición de servizos, equipamentos e pequeno comercio por a alta competitividade por as grandes superficies e as compras por internet

OPORTUNIDADES COMÚNS 2007-2013, 2014-2020, 2023-2027
• Imaxe de calidade asociada aos produtos galegos • Potencial da agricultura ecolóxica que é consecuencia da crecente demanda destes produtos que abriron un novo nicho de mercado para o territorio con boas perspectivas para a súa produción e comercialización. • Demanda crecente de produtos agrarios de calidade e diferenciados: produtos ecolóxicos, de calidade, de maior valor engadido e produtos locais. • Reclamo turístico do Camiño Norte de Santiago, con efecto chamamento para o desvío a outros territorios rurais • Potencialidade do sector servizos, en especial dos servizos á poboación • Ambiente propicio para as políticas emprendedoras debido ao desenvolvemento de estratexias administrativas, axudas económicas e asesoramento dirixidas pola Administración Autonómica para dinamizar a economía do territorio. • Potencial para a xeración de enerxías limpas polo aproveitamento dos recursos naturais da comarca para a produción de enerxía eléctrica. • Protección do patrimonio rural: Rede Natura 2000, Reserva da Biosfera. • Posición xeográfica de rótula entre o Eixo Cantábrico e o Eixo Atlántico peninsular (A-8, A-6, N-634, ferrocarril). Plenitude xeográfica • Programas LEADER e outras iniciativas e instrumentos europeos para apoiar o Desenvolvemento Rural. • Demanda e aprecio dun medio rural vivo por parte da sociedade civil. • Importancia dos distintivos territorial e de calidade recoñecidos nos ámbitos rexionais, nacionais, europeos ou internacionais. • Recursos rurais susceptibles de aproveitamento (unha vez inventariados, tipificados, coñecidos, valorados, localizados). • Explotación económica sostible dos Espazos Naturais Protexidos

DEBILIDADES ESPECIFICAS 2007-2013, 2014-2020	DEBILIDADES NOVAS 2023-2027
• Rexeitamento a adopción das innovacións • O alto nivel de desemprego	• Falta de man de obra • Escasa formación en novas tecnoloxías • Pouca importancia do comercio electrónico nas empresas do territorio • Escaseza de puntos de recarga eléctricos • Falta de implantación de enerxías renovables e sistemas de aforro enerxético

FORTALEZAS ESPECIFICAS 2007-2013, 2014-2020	FORTALEZAS NOVAS 2023-2027
• Séguese mantendo as mesmas con respecto as estratexias anteriores	• Uso xeneralizado telefonía móbil e/ou internet

AMEAZAS ESPECIFICAS 2014-2020	AMEAZAS NOVAS 2023-2027
• Caída da ocupación do turismo rural • Crise económica e financeira • Crise da construción	• Inflación actual • Crise enerxética e das materias primas • Alza de prezos de materias primas • Brecha dixital nas zonas rurais e no seu uso nos maiores

OPORTUNIDADES ESPECIFICAS 2014-2020	OPORTUNIDADES NOVAS 2023-2027
• Accesibilidade as TICs.	• Directrices de ordenación do Territorio (DOT) • Lei de Recuperación do Solo de Galicia • Fondos comunitarios 2023-2027 • Implantación das TICS na xeración de novos servizos (turismo, asistencia social …) • Maior conciencia ambiental sobre a necesidade de medidas orientadas á conservación da natureza • A xestión de residuos ten un elevado potencial para xerar actividades económicas creando oportunidades de emprego e hai maior oportunidades de valorización dos nosos recursos • Demandas sociais mais respectuosas co medioambiente

C.3 Estratexia definida polo GDR para o(s) período(s) anterior(es)

Tras a diagnose do territorio recollida no subapartado C.2., establecéronse unha serie de obxectivos.

Un deles está relacionado con mellorar a competitividade. Para elo farase unha modernización do comercio, mellorando as instalacións e favorecendo o comercio ao por menor, promovendo a artesanía ademais de promocionar sistemas innovadores de mercadotecnia, fomentar as novas tecnoloxías, etc. Ademais, búscase a valorización do produto local mediante a promoción de empresas e produtos artesanais, feiras locais, etc., e tamén mediante o apoio ás razas autóctonas, o fomento do cultivo de especies agrícolas tradicionais, a plantación de especies propias ou autóctonas...

Ademais, preténdese completar a oferta turística comarcal mediante a revalorización do patrimonio natural, arquitectónico e cultural a través da adecuación e fomento dos diferentes espazos e recursos naturais, entre outros.

A valoración dos recursos naturais é outro dos obxectivos, o cal conseguirase a través de diferentes actuacións relacionadas ca promoción e a xestión dos montes en mans comúns, o apoio a novas explotacións forestais, o fomento da investigación, desenvolvemento e innovación forestal, etc.

Outro dos obxectivos está relacionado ca mellora da calidade de vida e dos servizos básicos no rural, para iso teranse en conta os diferentes grupos de idades, potenciando o mobiliario urbano e os xogos infantís, así como a oferta de actividades culturais e deportivas, mellorando as TIC no rural e potenciando o coidado das persoas maiores e de persoas con discapacidades, así como as accións de atención á infancia e á mocidade.

Ademais, perseguirase a innovación mediante diferentes actuacións como a mellora de ferramentas tecnolóxicas e a impulsión de accións de I+D+i, entre outras.

Para tratar de loitar contra o desemprego e as desigualdades salariais, perseguirase a creación de emprego, a inclusión de comunidades marxinais, o apoio a emprendedores e a titorización dos proxectos de mozos emprendedores, entre outros.

Ademais, é importante concienciar sobre o uso racional do medio ambiente, medio natural e recursos enerxéticos, o cal pode conseguirse mediante a educación ambiental

e a agricultura ecolóxica, a difusión de eventos relacionados coa valorización de recursos do territorio, etc.

Por último, tense por obxectivo a promoción territorial mediante a promoción de feiras e eventos turísticos, accións de sensibilización ambiental e enerxías alternativas, etc.

Na seguinte táboa recóllense os obxectivos establecidos e as actuacións correspondentes:

Táboa 82. Obxectivos establecidos e actuacións

OBXECTIVOS 2007-2013, 2014-2020	ACTUACIÓNS
Obxectivo1: Mellorar a competitividade	-. Fomentar, dinamizar e potenciar o comercio o por menor e o sector servizos. Instalación e modernización do comercio. -. Promover sistemas innovadores de mercadotecnia. -.Diversificar a economía das zonas rurais e aumentar os ingresos de as familias -. Diversificar a economía agraria cara a actividades non agrícolas. -.Fomentar as actividades agrarias a pequena escala complementaria da actividade principal non agrícola. -. Promoción da artesanía. -. Fomento das novas tecnoloxías. -. Investigación, desenvolvemento e innovación industrial. -. Axudar á modernización e creación de industrias. -. Promover accións de eficiencia enerxética no industrial do país. -. Apoio á creación e reforma de restaurantes típicos en comida galega en lugares e recintos únicos. -. Promover o aumento da calidade dos establecementos hostaleiros -. Promover a mellora da accesibilidade nos establecementos restauradores. -. Promover novos aloxamentos colectivos, deportes, aventura e/ou ofertas complementarias. -. Actuacións de concentración parcelaria

Obxectivo 2: Valorización do produto local	-. Promover a creación e expansión de empresas de transformación dos produtos agrícolas. -. Investigación, desenvolvemento e innovación da produción local. -. Promover e valorar os produtos artesanais. -. Valorar e promover as feiras locais e a exaltación dos produtos e artesanía locais -. Promover a piscicultura. -. Fomento e desenvolvemento da produción agroalimentaria de calidade diferenciada. (denominación de orixe, IGP, produción ecolóxico...) -. Fortalecemento da I+D+i agroalimentaria. -. Potenciar a interiorización dos produtos locais. -. Apoio ás razas autóctonas e outras de interese para o seu valor ambiental e empresarial (equino, porcino...) -. Apoio ás pequenas explotacións de agricultura ecolóxica. -. Fomento do cultivo de especies agrícolas tradicionais. -. Fomento da plantación de especies propias ou autóctonas
Obxectivo 3: Completar a oferta turística comarcal revalorizando o patrimonio natural e arquitectónico e cultural	-.Adecuar espazos de interese natural con fins turísticos. -. Fomento da sinalización e cartografía de rutas. -. Realizar actuacións sobre elementos emblemáticos da arquitectura da auga. -. Valoración do Camiño Norte -. Actuacións sobre restos arqueolóxicos en zonas de concentración parcelaria ou en montes comunais. -. Potenciación de igrexas, cemiterios, cruceiros... -. Recuperación de elementos de interese histórico e promoción. -. Potenciar os museos etnográficos da maquinaria antiga, ferro e liño, así como outras actividades radicado na Terra Chá. -. Potenciación das tradicións en a comarca da Terra Chá. -. Fomento do turismo sostible relacionado cos animais. -. Valoración dos recursos naturais e patrimoniais polos seus uso no ámbito do turismo rural e da natureza. -. Recuperación da paisaxe e das edificacións rurais tradicionais

	-. Impulsar accións dirixidas a aumentar a oferta de ocio, turismo e gastronomía. -. Fomentar a promoción dos recursos e elementos turísticos de interese rural tradicional. -. Promover a mellora da calidade do turismo rural. -. Promoción turística e desenvolvemento de elementos de interese histórico: Camiños de Santiago
Obxectivo 4: Valorización dos recursos naturais	-. Promover a xestión dos montes en mans comúns. -. Apoio ao uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía. -. Valorización da biomasa e dos restos da poda dos montes, sendo un medio de aproveitamento do bosque e un medio de prevención de incendios forestais: aproveitamento e comercialización. -. Favorecer alternativas ao aproveitamento dos montes. (micoloxía, helicicultura,...) -. Valorización dos recursos cinexéticos e pesqueiros. -. Impulsar a implantación da Certificación Forestal sostible. -. Sensibilizar o patrimonio material dos montes. -. Fomento das empresas transformadoras da madeira. -. Apoio a novas explotacións forestais e os seus equipamentos. -. Fomento da investigación, desenvolvemento e innovación forestal
Obxectivo 5: Mellora da calidade de vida e dos servizos básicos no rural.	-. Potenciar o mobiliario urbano, os xogos infantís e a promoción de envellecemento activo e saudable. -. Potenciar e potenciar o coidado das persoas maiores. -. Promover a integración e coidado das persoas con discapacidades. -. Impulsar accións para a poboación e colectivos dependentes desfavorecidos. -. Promover a accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación. -. Promover investimentos relacionados co desenvolvemento de TIC no rural: telecentros, aulas de informática, plataformas de servizos dixitais para a poboación en xeral. -. Apoio ás asociacións locais con accións de creación, ampliación, rehabilitación e equipamento dos locais socios. -. Fomentar e potenciar as accións de atención á infancia e da mocidade.

	-. Potenciar as infraestruturas lectoras (ludotecas, instalacións recreativas, parques ou espazos de lecer) -. Potenciar e fomentar accións que fomenten o deporte. -. Promover actividades culturais dirixidas á poboación.
Obxectivo 6: Innovación	-. Promover accións en novas formas de tratar o retos territoriais. -. Valorar as actuacións que non existen no territorio. -. Promover e mellorar o uso de ferramentas tecnolóxicas e accións en novas tecnoloxías. -. Fomento de actuacións en novas tecnoloxías forestais para a transformación da biomasa. -. Promover accións de transferencia de coñecemento a mediante proxectos cooperativos. -. Promover a mellora da gobernanza e da administración electrónica a través das TIC. -. Impulsar accións de I+D+i
Obxectivo 7: Emprego, igualdade e integración social	-. Promover o mantemento e a creación de emprego de grupos desfavorecidos. -. Promover a integración das persoas con discapacidade ou enfermidades mentais. -. Promover accións de inclusión social a través de servizos de igualdade e benestar da poboación. -. Promover a integración das comunidades marxinais e inmigrantes. -. Favorecer os servizos á poboación dependente. -. Impulsar accións para a creación, modernización e mellora de infraestruturas que incidan na creación e mantemento de traballo. -. Apoio ás hortas públicas/privadas para a práctica agrícola e inclusión social e económica. -. Apoio ás emprendedoras da industria e dos oficios tradicional. -. Titorización dos proxectos de mozos emprendedores que queiran viven da actividade agrícola

Obxectivo 8: Uso racional do medio ambiente, medio natural e recursos enerxéticos.	-. Promover a loita contra o cambio climático e potenciar a adaptación cara a unha economía que reduza as emisións carbono. -. Recuperación, mantemento e rehabilitación de zonas naturais e patrimoniais -. Potenciar as áreas recreativas. -. Promover accións de recuperación do patrimonio, paisaxístico, de especial interese e etnográfico. -. Difundir eventos ou estudos relacionados coa posta en valor de recursos do territorio. -. Impulsar actuacións nos LIC, Rede Natura e espazos de Reserva da Biosfera e en espazos de especial interese. -. Impulsar accións no uso das novas tecnoloxías. -. Promover a educación ambiental e a agricultura ecolóxica en ambientes educativos. -. Plan de xestión propio da ZEC Serra do Xistral
Obxectivo 9: Animación e promoción territorial.	-. Colaboración na celebración de feiras de exaltación de produtos e artesanía locais. Accións de promoción feiras. -. Catalogación da arquitectura vinculada á auga na rexión. -. Actuacións de promoción dos recursos e eventos turísticos -. Accións de sensibilización ambiental. -. Accións de difusión da estratexia e do programa LEADER 2014-2020. -. Sensibilización e información sobre recursos dos bosques do territorio. -. Promoción do territorio a través das estradas Norte de Santiago. -. Sensibilización e información sobre o uso da enerxía alternativas para reducir as emisións de carbono.

C.4. Concreción da estratexia nos cadros financeiros e no baremo de priorización de proxectos

C.4.1. Cadros financeiros

Nos períodos 2014-2020 e 2023-2027 o territorio do GDR Terra Chá é igual e está formado por 10 concellos (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba e Xermade). Para o período 2007-2013 o territorio é o mesmo coa excepción do concello de Riotorto, que pertencía ó GDR3 Asociación Nordés.

Entón o cadro financiero do período 2007-2013 non inclúe o Concello de Riotorto.

PERIODO 2007-2013 – CONVOCATORIA ÚNICA

Ilustración 22. Período 2007-2013 – CONVOCATORIA ÚNICA

ANEXO II
PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013
PLAN FINANCEIRO
GDR: ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHA

Importes en Euros

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA						
		2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	72.618,96	141.851,64	142.846,04	149.026,58	148.063,65	146.699,75	801.106,62
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non produtivos	12.982,16	25.358,96	25.536,72	26.641,62	26.469,48	26.225,65	143.214,59
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	222.319,49	434.272,06	437.316,38	456.237,81	453.289,82	449.114,31	2.452.549,87
	Non produtivos	97.771,89	190.984,61	192.323,44	200.644,73	199.348,26	197.511,95	1.078.584,89
	TOTAL	320.091,39	625.256,67	629.639,82	656.882,54	652.638,08	646.826,26	3.531.134,75
TOTAL ESTRATEXIA	Produtivos	294.938,45	576.123,70	580.162,42	605.264,39	601.353,47	595.814,05	**3.253.656,48**
	Non produtivos	110.754,05	216.343,56	217.860,17	227.286,35	225.817,74	223.737,60	**1.221.799,48**
	TOTAL	405.692,51	792.467,26	798.022,58	832.550,75	827.171,21	819.551,65	**4.475.455,96**
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento (1)	64.910,80	126.794,76	127.683,61	133.208,12	132.347,39	131.128,26	716.072,95
	Promoción	16.227,70	31.698,69	31.920,90	33.302,03	33.086,85	32.782,07	179.018,24
	TOTAL	81.138,50	158.493,45	159.604,52	166.510,15	165.434,24	163.910,33	895.091,19
TOTAL PROGRAMA		486.831,01	950.960,71	957.627,10	999.060,90	992.605,45	983.461,99	5.370.547,15
							FEADER	3.091.286,95
							AXE	1.150.320,30
							XUNTA	1.128.939,91

(1) A submedida 431A aparece cunha dotación prevista máxima equivalente ao 16% dos fondos destinados á estratexia. Nas anualidades 2008 e 2009 o GDR disporá do total da dotación prevista. Segundo se recolle no capítulo VII das bases reguladoras de selección de programas, para as anualidades 2010 a 2013 a dispoñibilidade inicial do GDR terá un importe equivalente ao 12% dos fondos da estratexia e en función do proceso de avaliación do traballo do grupo poderá autorizarse unha porcentaxe superior ao 12% inicialmente previsto, sempre co tope do 16%

Dado que nos anos 2008 e 2009 non se abriu a convocatoria para proxectos Leader, e para non perder os fondos, AGADER trasladou fondos dos anos 2008 e 2009 para os anos 2014 e 2015. E o cadro financeiro para os anos 2014 e 2015 é o seguinte:

Ilustración 23. Anexo Plan Financeiro

ANEXO II

PROGRAMA LEADER GALICIA

PLAN FINANCEIRO ANOS 2013 - 2014 - 2015

GDR-02 ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHA

Importes en Euros

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA		
		2014	2015	TOTAL
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	64.338,90	78.861,10	143.200,00
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non produtivos	11.501,93	14.098,07	25.600,00
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	196.970,47	241.429,53	438.400,00
	Non produtivos	86.623,88	106.176,12	192.800,00
	TOTAL	283.594,35	347.605,65	631.200,00
TOTAL ESTRATEXIA	Produtivos	261.309,37	320.290,63	581.600,00
	Non produtivos	98.125,80	120.274,20	218.400,00
	TOTAL	***359.435,17***	***440.564,83***	***800.000,00***
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento	122.340,61	122.340,61	244.681,22
	Promoción	30.585,15	30.585,15	61.170,31
	TOTAL	***152.925,77***	***152.925,77***	***305.851,53***
TOTAL PROGRAMA		**512.360,93**	**593.490,60**	**1.105.851,53**
			FEADER	829.388,65
			AXE	134.139,79
			XUNTA	142.323,09

A maiores o GDR durante o Leader 2007– 2013 realizouse un traspaso de fondos de proxectos non produtivos a proxectos produtivos dentro da medida 413. Tendo en conta o traslado de fondos de anualidades e o traspaso de fondos da medida 413 o cadro financeiro queda como segue:

Ilustración 24. Gasto Público Programa 2007-2013

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO PROGRAMA 2007-2013
4.1.1 Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	729.836,02
4.1.2 Mellora medioambiental e do contorno rural	Non produtivos	104.873,48
4.1.3 Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	2.665.650,80
	Non produtivos	354.407,97
TOTAL ESTRATEXIA		**3.854.768,27**
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento	895.843,37
	Animación	192.262,16
TOTAL GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ANIMACIÓN		**1.088.105,53**
TOTAL PROGRAMA		**4.974.541,95**

Suma entón un orzamento para o total do programa **de 4.974.541,95 euros**, distribuídos para a estratexia e gastos de funcionamento do GDR e promoción territorial:

- Estratexia: 3.854.768,27 euros
- Gastos funcionamento e promoción territorial: 1.088.105,53 euros

A estratexia esta dividida en 3 medidas:

Ilustración 25. Medidas da estratexia

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO PROGRAMA 2007-2013
4.1.1 Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	729.836,02
4.1.2 Mellora medioambiental e do contorno rural	**Non produtivos**	**104.873,48**
4.1.3 Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	2.665.650,80
	Non produtivos	**354.407,97**
	TOTAL	3.854.768,27

O **límite máximo ao financiamento** dos proxectos para o período 2007-2013 foi de 250.000 euros, tanto para proxectos produtivos como non produtivos.

Existen outros límites máximos de axuda, dependendo do tipo de proxectos:

- 30.000 euros para proxectos de elaboración de estudios, celebración de eventos, certames ou feiras, edición de libros ou guías e páxinas web.
- 50.000 euros para centros sociais e o seu acondicionamento e equipamento.

As porcentaxes máximas de axuda para o período 2007-2013 foron de:

- 45% para proxectos produtivos
- 100% para proxectos non produtivos prioridade máxima
- 70% para proxectos non produtivos prioridade media
- 50% para proxectos non produtivos prioridade baixa.

Por último presentar o cadro de reparto de fondos por obxectivos do Leader 2007 – 2013. Hai que ter en conta que os proxectos poden encaixar en varios obxectivos, neste cadro resumo preséntanse os importes de axuda dos proxectos vinculados ós obxectivos mais representativos.

Táboa 83. Investimento e axuda en relación cos obxectivos

OBXECTIVO	INVESTIMENTO	AXUDA
1. Mellora da competitividade	6.286.025,90	1.831.987,67
2. Valorización da produción local	310.648,04	98.784,48
3. Aumento oferta turística revalorizando o patrimonio natural, arquitectónico e cultural.	478.980.90	184.207,48
4. Valorización dos recursos forestais	402.000,00	118.635,00
5. Mellora da calidade de vida e servizos básicos do medio rural	391.711,93	136.868,16
6. Innovación	1.787.100,25	566.207,90
7. Emprego, igualdade e integración social	683.928,71	288.359,70
8. Utilización racional do medio ambiente, entorno natural e recursos enerxéticos	764.690,00	223.825,47
9. Animación e promoción territorial (*)	141.196,32	141.196,32

PERIODO 2014-2020 – CONVOCATORIAS ANUAIS

O orzamento de custos correntes e de animación para as anualidades dende o ano 2016 ata o ano 2022 son as especificadas no convenio de colaboración entre AGADER e a Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá para a aplicación dunha estratexia de Desenvolvemento Local na medida Leader de Galicia asinado na data de 13 de decembro de 2016 e a addenda do mesmo asinada na data de 11 de decembro de 2020.

Ilustración 26. Gastos e custos correntes

Anualidade	Gastos en custes correntes e animación
2016	0
2017	226.789,95 €
2018	226.789,95 €
2019	226.789,95 €
2020	226.789,95 €
2021	178.647,68€
2022	178.647,68€

No período 2014/2020 as convocatorias foron anuais a diferencia de no período 2007/2013 que foi unha convocatoria única.

CONVOCATORIA 2017-2018

O Diario Oficial de Galicia publicou o 30 de decembro de 2016 a distribución de fondos para a convocatoria do ano 2017.

Táboa 84. Distribución de fondos convocatoria do ano 2017

CONVOCATORIA 2017	Execución ano 2017	Execución ano 2018
933.874,49	563.337,58	370.536,91

Apróbase incorporar á estratexia 38.397,21 euros de gastos de funcionamento e animación da anualidade 2017

O Cadro financiero da convocatoria do ano 2017, quedou como segue:

Táboa 85. Cadro financeiro 2017

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Produtivos	513.941,78	52,85%
	Non produtivos (entidades públicas locais)	245.899,09	25,29%
	Non Produtivos (institucións de carácter privado)	212.430,83	21,85%
	Formación	0,00	0,00
	TOTAL	**972.271,70**	**100%**

Tal e como se especifica na táboa, a suma total para a anualidade 2017 ascende a 972.271,70 euros.

CONVOCATORIA 2018-2019

O Diario Oficial de Galicia publicou o 28 de decembro de 2017 a distribución de fondos para a convocatoria do ano 2018.

Táboa 86. Distribución de fondos convocatoria do ano 2017

CONVOCATORIA 2018	Execución ano 2018	Execución ano 2019
851.747,80	370.536,91	481.210,89

Posteriormente a Xunta Directiva do 25 de xaneiro de 2018 aprobou incorporar a estratexia 52.507,40 euros de sobrantes de gastos de funcionamento e animación da anualidade 2018 e sobrantes da convocatoria de 2017 – anualidade 2018

Polo tanto o cadro financeiro para a anualidade 2018 queda como segue:

Táboa 87. Cadro financeiro para a anualidade 2018

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	2018-2019	
		TOTAL	%
19.2 Apoio á realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	**Produtivos**	564.588,33	61,48%
	Non produtivos (entidades públicas locais)	337.229,75	36,72%
	Non produtivos (institucións de carácter privado	16.507,77	1,80%
	Formación	-	
	TOTAL	**918.325,85**	

Tal e como se especifica na táboa, a suma total da convocatoria é de 918.325,85 euros.

CONVOCATORIA 2019-2020

O Diario Oficial de Galicia publicou o 26 de decembro de 2018 a distribución de fondos para a convocatoria do ano 2019

Táboa 88. Distribución de fondos para a convocatoria do ano 2019

CONVOCATORIA 2019	Execución ano 2019	Execución ano 2020
802.018,15	320.807,26	481.210,89

Na Xunta Directiva do 30 de xaneiro de 2019 aprobou traspasar fondos de gastos de funcionamento e animación á estratexia por importe de 78.409,19 €. Polo tanto o importe total da convocatoria do ano 2019 é de 880.427,34 € (399.216,45 para o ano 2019 e 481.210,89 € para o ano 2020)

O cadro financeiro para a anualidade 2019 queda como segue:

Táboa 89. Cadro financeiro para a anualidade 2019

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.019	%	2.020	%	TOTAL	%
Apoio a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Produtivos	382.519,1	45,2%	463.688,7	54,8%	846.207,8	96,1%
	Non produtivos (entidades públicas locais)	0	0	0	0	0	0
	Non Produtivos (institucións de carácter privado)	16.697,3	48,8%	17.522,1	51,2%	34.219,4	3,89%
	Formación	0	0	0	0	0	0
	TOTAL	399.216,4	45,3%	481.210,9	54,6%	880.427,3	100%

Tal e como se especifica na táboa, a suma total para a anualidade 2019 ascende a 880.427,3 euros.

CONVOCATORIA 2020-2021

O Diario Oficial de Galicia publicou o 30 de decembro de 2019 a distribución de fondos para a convocatoria do ano 2020

Táboa 90. Distribución de fondos para a convocatoria do ano 2020

CONVOCATORIA 2020	Execución ano 2020	Execución ano 2021
394.312,58	197.156,29	197.156,29

A Xunta Directiva do 21 de xaneiro de 2020 acorda incorporar á submedida 19.2 (Apoio á realización de operación conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) a cantidade de 75.608,41 € correspondentes á diferencia entre a asignación para anualidade 2020 de gastos de funcionamento e animación e o realmente orzamentado

O cadro financeiro para a anualidade 2020 queda como segue:

Táboa 91. Cadro financeiro para a anualidade 2020

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO			2020		2021	
		TOTAL	%				
19.2 Apoio á realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Produtivos	413.926,4	88,1%	239.773,2	57,9%	174.153,1	42,1%
	Non produtivos (Entidades Locais)	55.994,6	11,9%	32.991,5	58,9%	23.003,1	41,1%
	Non produtivos (Institucións de carácter privado)						
	Formación						
	TOTAL	**469.920,9**	**100%**	**272.764,7**	**58.0%**	**197.156,3**	**41,9%**

Tal e como se especifica na táboa, a suma total para a anualidade 2020 ascende a 469.920,9 euros.

CONVOCATORIA 2021-2022

O Diario Oficial de Galicia publicou o 3 de maio de 2021 a distribución de fondos para a convocatoria do ano 2021.

Táboa 92. Distribución de fondos para a convocatoria do ano 2021

CONVOCATORIA 2021	Execución ano 2021	Execución ano 2022
651.057,05	272.264,41	378.792,64

O cadro financeiro para a anualidade 2021 queda como segue:

Táboa 93. Cadro financeiro para a anualidade 2021

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	TOTAL	%	2021		2022	
19.2 Apoio á realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	**Produtivos**	455.739,9	0,7	**190.585,1**	0,4	**265.154,9**	0,6
	Non produtivos (entidades públicas locais)	136.722,0		**57.175,5**	0,4	**79.546,5**	0,6
	Non produtivos (institucións de carácter privado	58.595,1	0,1	**24.503,8**	0,4	**34.091,3**	0,6
	Formación	-					
	TOTAL	**651.057,1**		**272.264,4**	0,4	**378.792,6**	0,6

Tal e como se especifica na táboa, a suma total para a anualidade 2021 ascende a 651.057,1 euros.

CONVOCATORIA 2022-2023

Non houbo convocatoria de axudas Leader.

TOTAL

Entón a suma total da Estratexia dende as convocatorias 2017 ata a 2022 queda como segue:

Táboa 94. Convocatorias 2017 ata a 2022

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO		2017-2022
		TOTAL	%
19.2 Apoio á realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Produtivos	2.794.404,31	71,80%
	Non produtivos (Entidades Locais)	775.845,42	19,93%
	Non produtivos (Institucións de carácter privado)	321.753,19	8,27%
	Formación	0,00	0
	TOTAL	**3.892.002,92**	**100%**

Como se recolle na táboa, a suma total da Estratexia dende as convocatorias 2017 ata 2022 ascende a 3.892.002,92 euros.

Conforme á estratexia aprobada o GDR2 Terra Chá, na Asemblea Xeral de 30 de xuño de 2016 aprobouse a seguinte distribución de porcentaxes das submedidas 19.2:

Táboa 95. Distribución de porcentaxes das submedidas

SUBMEDIDA	Tipo proxectos	% Distribución Inicial
19.2 Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	**Proxectos Produtivos**	**Mín. 70%**
	Non Produtivos	**Máx. 30%**
	Entidades Locais	*Máx. 21%*
	Entidades Privadas	*Máx. 9%*
	Total Submedida 19.2	**100%**

Pódese comprobar que a distribución do cadro do GDR2 Terra Chá, as porcentaxes de distribución dos fondos na distinta tipoloxía de proxectos adáptanse ó aprobado para a Estratexia 2014-2020

En total traspasáronse do orzamento de gastos de funcionamento e animación un total de 244.922.91 euros á submedida 19.2 Apoio á realización de operación conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo.

Sinalar que dentro da submedida Apoio á realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo, no GDR2 Terra Chá acordouse en Asemblea Xeral non realizar proxectos de formación.

O total de orzamento de gastos de funcionamento e animación dende as convocatorias 2017 ata a 2022 é de 1.264.455,16 euros que, deducindo a cantidade que se traspasou para a estratexia quedan en 1.019.532,90 euros.
Suma en total a convocatoria Leader do GDR2 Terra Chá un orzamento total de **4.911.535,70 euros.**

Ademais, na data de 12/12/2022 asinouse unha nova addenda ó convenio de colaboración entre AGADER e a Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá na que se orzamenta **226.789,95** euros para custos correntes e de animación **para a anualidade 2023.**

O límite máximo ao financiamento dos proxectos para o período 2014-2020 foi de 200.000 euros, tanto para proxectos produtivos como non produtivos.

Existen outros límites máximos de axuda, dependendo do tipo de proxectos:

- 10.000 euros para proxectos de elaboración de estudios, celebración de eventos, certames ou feiras, edición de libros ou guías e páxinas web.
- 50.000 euros para centros sociais e o seu acondicionamento e equipamento

As **porcentaxes máximas** de axuda para o período 2007-2013 foron de:

- 50% para proxectos produtivos
- 90% para proxectos non produtivos prioridade máxima
- 70% para proxectos non produtivos prioridade media
- 50% para proxectos non produtivos prioridade baixa.

Por último presentar o cadro de reparto de fondos por obxectivos do Leader 2014 – 2020. Hai que ter en conta que os proxectos poden encaixar en varios obxectivos, neste

cadro resumo preséntanse os importes de axuda dos proxectos vinculados ós obxectivos mais representativos.

Táboa 96. Cadro de reparto de fondos por obxectivos do Leader 2014 – 2020

OBXECTIVO	INVESTIMENTO	AXUDA
1. Mellora da competitividade	2.684.415,63	1.093.494,90
2. Valorización da produción local	159.537,91	73.279,29
3. Aumento oferta turística revalorizando o patrimonio natural, arquitectónico e cultural.	1.218.617,84	624.913,67
4. Valorización dos recursos forestais	1.105.300,99	481.218,03
5. Mellora da calidade de vida e servicios básicos do medio rural	1.159.407,22	674.575,16
6. Innovación	229.593,20	106.056,63
7. Emprego, igualdade e integración social	140.364,62	113.157,77
8. Utilización racional do medio ambiente, entorno natural e recursos enerxéticos	879.067,96	412.589,94
9. Animación e promoción territorial (*)	119.108,47	119.108,47

(*) Os proxectos de animación e promoción territorial do ano 2022, aínda se están executando, e unha vez rematados e xustificados pode chegar a axuda a 144.699,47 €

Táboa 97. Tipoloxía de proxectos Leader 2014-2020

TIPOLOXÍA DE PROXECTOS LEADER 2014-2020	OBXECTIVOS LEADER 2014-2020	Nº DE PROXECTOS	EMPREGO CREADO LEADER 2014-2020
Investimentos no sector da produción agraria primaria	1. Mellora da competitividade 2. Mellora da calidade de vida e servicios básicos do medio rural 3. Innovación, Emprego, igualdade e integración social Utilización racional do medio ambiente, entorno natural e recursos enerxéticos	6	2,58
Transformación e comercialización agraria	4. Mellora da competitividade 5. Valorización da produción local 6. Innovación 7. Emprego, igualdade e integración social	9	4
Transformación e comercialización de produtos forestais	1. Mellora da competitividade 2. Valorización dos recursos forestais 3. Emprego, igualdade e integración social	1	0,25

Creación de todo tipo de empresas non agrarias.	1. Mellora da competitividade 2. Aumento da oferta turística revalorizando o patrimonio natural, arquitectónico e cultural 3. Emprego, igualdade e integración social	3	2,25
Ampliación ou modernización de empresas non agrarias	1. Mellora da competitividade 2. Emprego, igualdade e integración social 3. Innovación	14	10,25
Empresas de servicios – Creación e ampliación	1. Mellora da competitividade 2. Aumento da oferta turística revalorizando o patrimonio natural, arquitectónico e cultural 3. Mellora da calidade de vida e servicios básicos no rural 4. Emprego, igualdade e integración social 5. Innovación	16	17,75
Investimentos en conservación e mellora do patrimonio natural en zonas Natura 2000	1. Mellora da calidade de vida e servicios básicos no rural 2. Aumento da oferta turística revalorizando o patrimonio natural, arquitectónico e cultural 3. Utilización racional do medioambiente, entorno natural e recursos enerxéticos.	1	0
Investimentos en servizos para a poboación local	1. Mellora da calidade de vida e servicios básicos no rural 2. Emprego, igualdade e integración social	11	1
Investimentos en infraestruturas recreativas, culturais e de ocio	1. Mellora da calidade de vida e servicios básicos no rural	10	0
Centros sociais	1. Mellora da calidade de vida e servicios básicos no rural	2	0
Animación e promoción territorial	1. Valorización da produción local 2. Aumento da oferta turística revalorizando o patrimonio natural, arquitectónico e cultural 3. Mellora da calidade de vida e servizos básicos do medio rural 4. Emprego igualdade e integración social 5. Utilización racional do medio ambiente, entorno natural e recursos enerxéticos. 6. Animación e promoción territorial.	18	0

A mellora de calidade de vida é un obxectivo común a tódalas actuacións, de tal xeito que a creación de actividade económica, a creación de emprego, a conservación do medioambiente, a conservación do patrimonio, o aumento de servizos para a poboación…, contribúen á mellora da calidade de vida da poboación.

C.4.2. Baremo de priorización de proxectos

Antes de presentar os criterios para a selección e priorización de proxectos é interesante sinalar unhas diferencias entre os períodos 2007 -2013 e 2014 -2020.

A convocatoria de axudas, no período 2007 - 2013, foi única ó principio do período (a finais de 2013 houbo unha prórroga ata 2015 e asináronse mais fondos) e os proxectos eran seleccionados segundo os verificaba AGADER, é dicir, utilizouse o principio de concorrencia non competitiva. Neste período a puntuación servía para obter a porcentaxe de axuda.

No período 2014 - 2020 hai unha convocatoria anual para solicitar as axudas Leader, publicada no DOGa, e o procedemento que se aplica na selección de proxectos é o de concorrencia competitiva, é dicir, a puntuación sirve para priorizar os proxectos (son seleccionados os de maior puntuación ata cubrir o importe de axuda da convocatoria) e para obter a porcentaxe de axuda. En caso de empate en puntuación, o proxecto é seleccionado por orde de entrada. Neste período é obrigatorio a presentación de solicitudes de axuda e pagamento polo REXEL dende o principio para as persoas xurídicas e dende o 2020 para todos os solicitantes.

Táboa 98. Proceso para solicitar axudas

Características	Período 2007 -2013	Período 2014 -2020
Convocatoria	Única (inicio período)	Anual
Procedemento	Concorrencia non competitiva	Concorrencia competitiva.
Puntuación sirve para	Calcular a porcentaxe de axuda	• Priorizar os proxectos • Calcular a porcentaxe de axuda
Presentación solicitudes de axuda, pagamento…	En papel nas oficinas GDR	Rexistro electrónico (REXEL)

Proxectos produtivos

As bases reguladoras para a selección da estratexia (DOGa 02/03/2016) do Leader 2014 -2020 indicaban que na estratexia se podían limitar os investimentos das actividades económicas do sector servizos e do comercio polo miúdo. A Asemblea Xeral, do 30 de xuño de 2016, do GDR na que se aprobou a estratexia Leader 2014 - 2020 non limitou ningún investimento en actividades económicas do sector servizos e tampouco nos investimentos do comercio polo miúdo. O que si fixo foi, por unha banda de esixir a creación de 2 UTAs para a implantación de servicios ou comercio polo miúdo xa existente nas entidades singulares de Vilalba, Guitiriz e Castro de Ribeiras de Lea e, por outra banda, esixir a creación de 1,5 UTAs para a implantación (creación) no resto do territorio de servizos ou comercio polo miúdo xa existente. Isto está recollido nos criterios de selección de proxectos (baremos).

A esixencia de creación de 2 ou 1,5 UTAs na implantación de servicios ou comercio polo miúdo cando xa existe o servicio ou o comercio polo miúdo no núcleo, foi motivada pola necesidade de "penalizar ou desincentivar" a creación de servizos ou comercios existentes no núcleo, xa que tamén se optou na estratexia por non limitar a creación de ningún comercio ou servizo en concreto.

Táboa 99. Período e requisitos

	Período 2007 - 2013	**Período 2014 - 2020**
CONDICIÓN	**REQUISITOS**	
Creación actividade de servizos ou comercio polo miúdo na entidade singular de Vilalba, Guitiriz e Castro Ribeiras de Lea	-	Creación 2 UTAs
Creación actividade de servizos ou comercio polo miúdo no resto de territorio.	-	Creación 1,5 UTAs

Presentase, nas táboas seguintes, un resumo dos baremos de priorización de proxectos produtivos dos período 2007 -2013 e período 2014 -2020.
Criterios de selección e baremación de proxectos 2007 -2013

Táboa 100. Proxectos produtivos

PROXECTOS PRODUTIVOS 2007-2013	
CRITERIOS	**PUNTUACIÓN MÁXIMA**
1.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA.	**40**
1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.	10
1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.	15
1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.	10
1.4.- Outros criterios xeográficos.	5
2.- CRITERIOS RELATIVOS Ó PROMOTOR.	**10**
2.1.-Tipoloxía do promotor	9
2.2.- Utilización de idioma.	1
3.- CRITERIOS DE INCIDENCIA NO EMPREGO	**25**
3.1.- Incidencia na creación de emprego.	5
3.2.- incidencia da inversión na creación do emprego.	10
3.3.- Determinados colectivos	10
4.- CRITERIOS DE IMPACTO SOBRE O TERRITORIO	**25**
4.1.- Capacidade de arrastre do proxecto.	18
4.2.- Incidencia Ambiental. Grado de mellora, protección do entorno e impacto medio ambiental.	7
TOTAL	**100**

1. Para que un proxecto poida ser subvencionado ten que ter unha puntuación mínima de 10 puntos sendo esta a nota de corte. A porcentaxe que lle corresponderá de subvención será dun 25%
2. A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos produtivos será dun 45% para unha puntuación de 90 puntos. Sendo o importe máximo subvencionable 250.000 €
3. As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal.

Criterios de selección e baremación de proxectos 2014 -2020

Táboa 101. Proxectos produtivos

PROXECTOS PRODUTIVOS 2014 - 2020	
CRITERIOS	**PUNTUACIÓN MÁXIMA**
1.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA.	**40**
1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.	10
1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.	15
1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.	10
1.4.- Outros criterios xeográficos.	5
2.- CRITERIOS RELATIVOS Ó PROMOTOR.	**10**
3.- CRITERIOS DE INCIDENCIA NO EMPREGO	**35**
3.1.- Incidencia na creación de emprego.	15
3.2.- incidencia da inversión na creación do emprego.	10
3.3.- Determinados colectivos	10
4.- MELLORA E CONSERVACIÓN DO AMBIENTE. ADAPTACIÓN E MITIGACIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO.	**5**
5.- PROXECTOS QUE SE DESENVOLVAN EN DETERMINADOS ÁMBITOS.	**5**
6.- EN FUNCIÓN DA TIPOLOXÍA DO PROXECTO.-	**5**
TOTAL	**100**

1. Para que un proxecto poida ser subvencionado ten que ter unha puntuación mínima de 20 puntos sendo esta a nota de corte. A porcentaxe que lle corresponderá de subvención será dun 30%
2. A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos produtivos será dun 50% para unha puntuación de 60 puntos. Sendo o importe máximo subvencionable 200.000 €
3. As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais.

Táboa 102. As diferencias mais sinalables

Criterios	Período 2007 -2013	Período 2014 -2020
Nota corte (puntuación mínima)	10 puntos	20 puntos
Porcentaxe subvención mínima	25%	30%
Puntuación para obter a subvención máxima	90 puntos	65 puntos
Porcentaxe subvención máxima	45%	50%
Axuda máxima	250.000 €	200.000€

A efectos de discriminar máis os proxectos subiuse a nota de corte e pasouse de 10 puntos no período 2007 – 2013 a 20 puntos no período 2014 – 2020. Así mesmo, e para paliar a subida de nota de corte, subiuse a porcentaxe mínina de axuda. Tamén, e visto que no período 2007 – 2013 non chegou ningún proxecto a 90 puntos, optouse a baixar a puntuación máxima a 65 puntos, no período 2014 -2020, co fin de que os proxectos puideran chegar a subvención máxima de axuda (50%)

En liñas xerais, os baremos de ambos períodos potencian os investimentos que se sitúen no mais rural do territorio, potencian a tipoloxía do promotor (dentro deste criterio ten mais puntuación si o promotor é unha muller ou persoas con discapacidade que si é unha sociedade limitada, por exemplo), potencian tamén a creación de emprego e a incidencia deste sobre o investimento aceptado (a maior investimento por emprego, menor puntuación) e potencian a creación de emprego en determinados colectivos.

En concreto os cambios dos baremos de proxectos produtivos do 2007 -2013 e do 2014 -2020 foron os seguintes:

- Dentro do criterio relativo ó promotor, no período 2007 – 2013, puntuaba a utilización do idioma (1 punto), no período 2014 – 2020 eliminouse esta puntuación debido a que os programas informáticos de facturación eran en castelán polo que era difícil puntuar este aspecto e tamén eliminouse xa que os idiomas oficiais de Galicia son o Galego e Castelán.

Táboa 103. Criterios relativos ó promotor

PROXECTOS PRODUTIVOS	2007 -2013	2014-2020
2.- CRITERIOS RELATIVOS Ó PROMOTOR.	**10**	**10**
2.1.-Tipoloxía do promotor	9	10
2.2.- Utilización de idioma.	1	0

- No período 2014 -2020 subiuse en 10 puntos a puntuación no criterio de "incidencia do emprego". En concreto no criterio "3.1 Incidencia na creación de emprego". Unha vez finalizada a crise financeira do ano 2008 – 2009 o GDR apostou por fomentar a creación de postos de traballo nos proxectos de axuda Leader co fin de aproveitar a recuperación económica. De xeito que no 2007 – 2013 a puntuación máxima era de 5 puntos creando mais de 2,5 UTAs e no período 2014 – 2020 creáronse outros rangos ata chegar a puntuar 15 puntos no caso de crear 5 ou mais postos de traballo.

Táboa 104. Puntuación no criterio de "incidencia do emprego

	PUNTUACIÓN	
CREACIÓN EMPREGO NETO	2007 - 2013	2014 - 2020
≥ 5 persoas		15
≥ 4 persoas e < 5 persoas		11
≥ 3persoas < 4 persoa		8
≥ 2 e < 3 persoas		5
> 2,5 persoas	5	
> 1 persoa e ≤ 2,5 persoas	3,5	
≥ 0,25 e ≤ 1 persoa	2	
< 0,25 persoas	0	

- No criterio "3.3 Determinados colectivos" aínda que a puntuación máxima deste aspecto é de 10 puntos en ambos períodos, no período Leader 2007 -2013 puntuaba 2.5 puntos por colectivo desfavorecido e no período 2014 -2020, por un lado, subiuse a puntuación por colectivo desfavorecido a 5 puntos con fin de fomentar a contratación de menores, mulleres, maiores de 50 anos e persoas con discapacidade superior ou igual ó 33% e por outro lado, subiuse a idade de 30 a 41 anos no colectivo de menores. Estes cambios foron debidos a que no

momento da realización da estratexia 2014 – 2020 observouse que había moita xente dentro destes colectivos sen traballo.

Táboa 105. Puntuación para determinados colectivos

ASPECTO	PUNTUACIÓN	
	2007 -2013	2014 - 2020
Mozos menores de 30 anos.	2,5	
Mozos menores de 41 anos		5
Mulleres.	2,5	5
Persoas maiores de 50 anos.	2,5	5
Persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%	2,5	5
Outros	0	0

- No período 2007 -2013, o último criterio de puntuación era o impacto sobre o territorio que tiña unha puntuación de 25 puntos dividida entre os aspectos "capacidade de arrastre do proxecto" e "incidencia ambiental. Grado de mellora, protección do entorno e impacto medio ambiental.

  O GDR, para o 2014 -2020 mantivo o criterio "incidencia ambiental. Grado de mellora, protección do entorno e impacto medio ambiental" e eliminou o criterio de capacidade de arrastre do proxecto, creando dous novos criterios que se adaptaban mellor a estratexia sobre todo para fomentar determinados ámbitos establecidos na estratexia (diversificación económica cara actividades non agrarias e explotacións agrarias, a artesanía e a transformación e/ou comercialización de produtos agrarios) e o outro que se creou foi o criterio de "En función da tipoloxía" con este criterio o GDR quere por unha banda fomentar a creación e ampliación de empresas e por outra banda, crea dous índices correctores de comercio polo miúdo ou servizo existente ou non existente na parroquia, este índice é para desincentivar os investimentos dos mesmos servizos ou comercio polo miúdo nos núcleos onde xa existe eses servizos ou comercios polo miúdo. Quere corrixir distorsións na puntuación.

A modo comparativo, pódese observar no cadro seguinte que no período 2014 -2020 que 5 proxectos alcanzaron a porcentaxe máxima de axuda pero ningún proxecto alcanzou a axuda máxima. Non obstante no período 2007 – 2013 ningún proxecto alcanzou a porcentaxe máxima de axuda pero si 2 proxectos conseguiron a axuda máxima. Tamén se pode observar que a porcentaxe de axuda media é mais alta no período 2014 – 2020 que no período 2007-2013.

Táboa 106. Cadro comparativo

Criterios	Período 2007 -2013	Período 2014 -2020
Nº proxectos que levaron axuda máxima	2	0
Nº proxectos con porcentaxe de axuda máxima	0	5
Porcentaxe Axuda media por proxecto	31,02%	44,66%
Investimento Medio por proxecto	254.414,19 € (*)	127.378,67 €
Axuda media por proxecto	78.242,55 € (*)	53.184,34 €

(*) Non se teñen datos dos investimentos produtivos no concello de Riotorto no período 2007 -2013.

Proxectos non produtivos

Os proxectos non produtivos clasifícanse en proxectos non produtivos de entidades públicas e proxectos non produtivos de entidades privadas.

É de resinar que no período 2014 – 2020 os criterios de selección e baremación dos proxectos recollen os centros sociais identificados na estratexia que necesitan ou ben unha reforma ou ampliación ou ben hai unha necesidade de creación. Estes son os únicos centros sociais sobre os que se pode solicitar axuda Leader. A contía máxima de axuda para este tipo de proxecto non poderá exceder de 50.000,00 €. No período 2007 – 2013 a axuda máxima para este tipo de proxectos tamén foi de 50.000 € pero non tiñan que estar identificados na estratexia.

Nos criterios de selección de proxectos do período 2014 -2020 identificáronse os seguintes centros sociais:

Táboa 107. Centros sociais que poden solicitar axudas

Concello	Parroquia	Necesidade	Propiedade
Abadín	Castromaior	Adecuación local e equipamento.	Privada
A Pastoriza	San Andrés de Loboso	Reforma e equipamento	Pública
A Pastoriza	Bretoña (Cruz da Pedra)	Reforma e adecuación (Local Social Tecor Terra Chá)	Privada
Begonte	Begonte	Rehabilitación do antigo edificio da Cámara Agraria de Begonte	Pública
Begonte	Trobo	Rehabilitación de local social e equipamento	Pública
Begonte	Baamonde	Rehabilitación de local e equipamento	Pública
Begonte	Santalla	Creación e equipamento local social	Pública
Begonte	Uriz	Creación e equipamento local social	Pública
Castro de Rei	Dumpín	Rehabilitación e equipamento da escola de Santalla de Dumpín	Pública
Cospeito	Feira do Monte	Rehabilitación e acondicionamento do edificio municipal (Mulleres Rurais)	Pública
Cospeito	Muimenta (Polígono Industrial)	Rehabilitación e acondicionamento edificio municipal	Pública
Guitiriz	Lagostelle (Barrio Asende. Rúa Perexil)	Rehabilitación e equipamento Casa Peóns Camiñeiros	Pública
Guitiriz	Buriz	Rehabilitación e equipamento Escola Municipal da Ventisca.	Pública
Guitiriz	Pígara	Rehabilitación e equipamento da escola municipal	Pública
Guitiriz	Labrada	Rehabilitación e equipamento do local social	Privado
Muras	A Balsa	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Pública
Muras	Irixoa	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Pública
Muras	Silán	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Pública
Muras	Viveiró	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Público
Muras	Paio	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Pública
Riotorto	Ferreiravella	Creación local social e equipamento.	Pública
Riotorto	Vilar de Santiago	Rehabilitación e equipamento	Pública
Riotorto	Galegos	Rehabilitación e equipamento	Pública
Vilalba	Lanzós	Rehabilitación e equipamento escola de Lanzós	Privada
Vilalba	Insua	Rehabilitación e equipamento local social casa reitoral de Insua.	Privada

Vilalba	Santa María de Vilalba	Rehabilitación e equipamento local do Centro Cultural e Recreativo.	Privada
Xermade	Momán	Rehabilitación e equipamento local social (antiga nave do gando)	Pública
Xermade	Candamil	Rehabilitación e equipamento local social (escola unitaria)	Pública
Xermade	Roupar	Rehabilitación e equipamento local social	Privado
Xermade	Xermade	Rehabilitación e equipamento local social (biblioteca)	Publica

Dos anteriores solicitaron e conseguiron a axuda Leader os seguintes:

Táboa 108. Concellos que solicitaron e conseguiron a axuda Leader

Concello	Parroquia	Necesidade	Propiedade
Riotorto	Vilar de Santiago	Rehabilitación e equipamento	Pública
Riotorto	Galegos	Rehabilitación e equipamento	Pública

Tanto no período 2007-2013 como no período 2014 -2020 os proxectos non produtivos son categorizados en proxectos de prioridade alta, media e baixa.

A clasificación dun proxecto en cada prioridade (alta, media ou baixa) é igual nos dous períodos, unicamente foi engadido (no ano 2021) para o período 2014-2020 un punto nos proxectos de prioridade alta para potenciar os proxectos vinculados a Lei de recuperación de Terras Agrarias (parágrafo en sombreado). Preséntanse a clasificación de proxectos por prioridades:

- *Proxectos Non Produtivos de Prioridade Alta.*
    - Proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado e atención das persoas maiores, a infancia e discapacitados (xeriátricos, garderías, apartamentos tutelados, aloxamentos para maiores, centros de día,

centros de atención de colectivos desfavorecidos, centros de atención a discapacitados…)

- Proxectos promoción dun envellecemento activo como os parques biosaudables.
- Proxectos que promovan a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural (telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a poboación en xeral)
- Proxectos de actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construción de interese arquitectónico, catalogación do patrimonio como mámoas, medorras, castros…, conxuntos etnográficos, mazos…
- Proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC, e economía circular, así como actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por AGADER.

- *Proxectos Non Produtivos de Prioridade Media.*
  - Centros de promoción de recursos e puntos de información turística
  - Creación, ampliación e rehabilitación de edificios destinados a locais sociais.
  - Adquisición de equipamento destinado a locais sociais.
  - Infraestruturas de lecer: lóitechas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio, sendas peonís e ciclo turistas, mobiliario urbano e xogos infantís.
  - Proxectos e plans de ordenación dos montes promovidos por comunidades de montes.
  - Creación, reforma e ampliacións de instalacións para feiras locais.
  - Servicios innovadores nos concellos.

- *Proxectos Non Produtivos de Prioridade Baixa.*
    - Sinalización de recursos turísticos
    - Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web
    - Instalacións deportivas (campos de fútbol….)
    - Instalacións hípicas e cinexéticas
    - Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
    - Outros non incluídos nos epígrafes anteriores.

Preséntanse agora as táboas, resumo dos criterios de selección de proxectos non produtivos dos dous períodos

Táboa 109. Táboa resumo dos criterios de selección e baremación de proxectos non produtivos 2007 – 2013

PROXECTOS NON PRODUTIVOS PERIODO 2007 -2013	
CRITERIOS	**P. Max.**
1.- UBICACIÓN XEOGRÁFICA.	**40**
1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.	**15**
1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.	**15**
1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.	**10**
2.- CARACTERISTICAS DO PROMOTOR E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO.	**20 (*)**
2.1.- Proxectos de entidades públicas.	**20**
2.2.- Proxectos de promoción privada.	**20**
3.- CRITERIOS DE IMPACTO SOBRE O TERRITORIO.	**40**
3.1.- Poboación beneficiada co proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida.	**10**
3.2.- Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresarias e a creación de emprego.	**10**
3.3.- Incidencia ambiental.	**10**
3.4.- Incidencia sobre colectivos determinados	**10**
TOTAL	**100**

(*) A puntuación deste criterio non pode superar os 20 puntos. Neste criterio existen dous tipos de promotores excluíntes entre si que son os proxectos executados por entidades públicas e os de promoción privada. Dentro de cada tipo de promotor inclúense varios subcriterios de puntuación, tendo en conta que si quen realiza o proxecto é unha entidade pública como máximo pode alcanzar 20 puntos e se é un proxecto de promoción privada a puntuación máxima que pode alcanzar é tamén de 20 puntos.

1. Os proxectos non produtivos clasificaranse en proxectos de prioridade alta, media e outros proxectos. En canto as tipoloxías de proxectos non produtivos se manteñen as propostas nas Bases Reguladoras.

2. Para que un proxecto non produtivo poida ser subvencionado ten que ter unha puntuación mínima de 15 puntos sendo esta a nota de corte, neste caso corresponderalle unha porcentaxe do 40% de subvención. A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos non produtivos de prioridade alta será dun 100% para unha puntuación de 85 puntos. As porcentaxes de entre o máximo e o mínimo calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada a un decimal.

4. Nos proxectos non produtivos de prioridade media a subvención non poderá superar o 70% do importe non subvencionable do proxecto. Nos proxectos non produtivos de prioridade baixa a subvención non poderá superar o 50% do importe subvencionable do proxecto. Por último o importe máximo subvencionable, independentemente da súa prioridade, é 250.000 €

6. Os proxectos de elaboración de estudos, celebración de eventos, certame ou feiras, edición de libros ou guías, páxinas web terán un límite máximo de axuda de 30.000 € por proxecto.

7. Os centros socias e o seu acondicionamento e equipamento. So serán subvencionables proxectos en centros de uso aberto á poboación en xeral, sendo a axuda máxima de 50.000 € por proxecto.

Táboa 110. Táboa resumo dos criterios de selección e baremación de proxectos non produtivos 2014 – 2020

PROXECTOS NON PRODUTIVOS PERIODO 2014 -2020	
CRITERIOS	**P. Max.**
1.- UBICACIÓN XEOGRÁFICA.	**40**
1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.	**15**
1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.	**15**
1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.	**10**
2.- CRITERIOS DE IMPACTO SOBRE O TERRITORIO.	**30**
2.1.- Poboación beneficiada co proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida.	**10**
2.2.- Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresarias e a creación de emprego.	**10**
2.3.- Incidencia sobre colectivos determinados	**10**
3.- INCIDENCIA AMBIENTAL DO PROXECTO	**10**
3.1.- Incidencia ambiental.	**10**
4.- CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR	**16**
4.1.- Características do promotor.	**12**
4.2.- Peso dentro das persoas ou entidades que promovan o proxecto de determinados colectivos	**4**
5.- CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO	**4**
5.1.- Capacidade de arrastre dos proxectos.	4
TOTAL	**100**

Táboa 111. As notas de corte do período 2014 – 2020

	Nota de Corte	**% Axuda**	**Nota Máxima**	**% Axuda**
Proxecto Non Produtivo Prioridade Alta	20	70%	60	90%
Proxecto Non Produtivo Prioridade Media	20	50%	60	70%
Proxecto Non Produtivo Intensidade Baixa	20	30%	60	50%

Táboa 112. Comparando ambos períodos temos o seguinte resultado

	Períodos	Nota de Corte	% Axuda	Nota Máxima	% Axuda
Proxecto Non Produtivo Prioridade Alta	2007-2013	15	70%	85	100%
	2014-2020	20	70%	60	90%
Proxecto Non Produtivo Prioridade Media	2007-2013	15	50%	85	70%
	2014-2020	20	50%	60	70%
Proxecto Non Produtivo Intensidade Baixa	2007-2013	15	40%	85	50%
	2014-2020	20	30%	60	50%

Pódese observar que as porcentaxes de axuda do período 2007-2013 son mais altas (se se chega a puntuación máxima) nos proxectos de prioridade alta e se parte dunha porcentaxe de axuda mais alta nos proxectos de intensidade baixa. Tamén pode observarse que as notas de corte son mais baixas no período 2007-2013 que no período 2014-2020. E as notas de puntuación máxima son mais alta no período 2007-2013 que no período 2014-2020.

Os cambios, no período 2014 -2020, das porcentaxes de axuda dos proxectos segundo a intensidade dos mesmos (alta, media e baixa) fixéronse para adaptarse as bases Leader, é dicir, son impostos pola normativa.

No período 2007-2013 a axuda máxima para proxectos non produtivos era de 250.000 € e no período 2014 -2020 a axuda máxima é de 200.000 €. En cada período houbo un proxecto que alcanzou a axuda máxima.

Aínda que as bases do Leader 2014 -2020 permitían subir a axuda de proxectos non produtivos a 250.000 € o GDR optou por manter unha axuda máxima de 200.000 € a efectos de repartir os fondos entre mais proxectos.

Táboa 113. Período e axuda máxima

	Período 2007-2013	**Período 2014-2020**
Axuda Máxima	250.000	200.000
Nº proxectos que alcanzaron axuda máxima **Tipoloxía do promotor**	1 Asociación privada	1 Asociación privada

Os promotores dos proxectos que obtiveron a axuda máxima foron entidades privadas.

O cambio máis salientable nos baremos de proxectos non produtivos é debido a simplificación dos mesmos no período 2014- 2020. No período 2007-2013 o criterio "Característica do promotor e ámbito de actuación do proxecto" aplicábase diferente segundo a tipoloxía do promotor (público ou privado). No período 2014 – 2020 optouse, a efectos de simplificar os baremos, crear un único criterio que sirve tanto para proxectos non produtivos públicos ou privados.

Tendo en conta os criterios de selección de proxectos de proxectos non produtivos hai que indicar que no período 2007-2013, no GDR Terra Chá, unicamente recibiron axuda dous proxectos non produtivos (un público e un privado) fronte os 24 (18 públicos e 6 privados) que se levan executados no período 14-20. É de resinar que o Concello de Riotorto realizou 3 proxectos no período 2007-2013 noutro GDR, estes non se teñen en conta a efectos de comparar os criterios de selección do GDR Terra Chá.

Táboa 114. Proxectos non produtivos

Número Proxectos Non Produtivos	**Públicos**	**Privados**	**Total**
Período 2007-2013	1	1	**2**
Período 2014-2020	6	18	**24**

- *Proxectos non produtivos públicos*

En canto a distribución, por prioridades, dos proxectos non produtivos públicos

Táboa 115. Proxectos non produtivos

Proxectos non produtivos públicos				
Nº de proxectos	**P. Baixa**	**P.Media**	**P. Alta**	**Total**
Período 2007-2013		1		**1**
Período 2014-2020		4	14	**18**

No período 2014-2020 obtiveron axuda 17 proxectos mais que no período 2007-2013

Táboa 116. A axuda media por intensidades de proxectos non produtivos públicos

Proxectos non produtivos públicos			
Porcentaxe axuda Media por proxecto	**P. Baixa**	**P.Media**	**P. alta**
Período 2007-2013		58,42%	
Período 2014-2020		60,07%	82,23%

A axuda media é mais alta no período 2014- 2020 que no período 2007-2013.

- *Proxectos non produtivos de entidades privadas*

En canto ós proxectos non produtivos de entidades privadas temos que solicitaron e recibiron axuda 6 proxectos no período 2014-2020 e, unicamente, 1 no período 2007-2013. No cadro seguinte vemos a distribución de proxectos por períodos e prioridades:

Táboa 117. Distribución de proxectos por períodos e prioridades

Proxectos non produtivos privados				
Nº de proxectos	**P. Baixa**	**P. Media**	**P. Alta**	**Total**
Período 2007-2013			1	**1**
Período 2014-2020		1	5	**6**

En canto a porcentaxe de axuda media que recibiron os proxectos é a seguinte:

Táboa 118. Proxectos non produtivos privados

Porcentaxe axuda Media por proxecto	P. Baixa	P. Media	P. Alta
Período 2007-2013			75,16%
Período 2014-2020		54,50%	42,94% (*)

(*) No período 2014-2020 a porcentaxe media de axuda é un 42.94%. Esta porcentaxe está distorsionada xa que un proxecto realizou un investimento moi alto (568.443,22 €) e a axuda que conseguiu foi a máxima (200.000,00 €) limitada polas bases Leader, polo que esta axuda representa o 35,18% do investimento. Realmente a este proxecto corresponderíalle unha porcentaxe de axuda do 89,50%. Sen ter en conta este proxecto a porcentaxe de axuda media foi dun 79,35%.

O motivo destes incrementos no período 2014-2020 é debido a que neste período distribuíuse a submedida 19.2 nas seguintes porcentaxes de axuda:

Táboa 119. Porcentaxes de axuda

SUBMEDIDA	Tipo proxectos	% Distribución Inicial
19.2 Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	**Proxectos Produtivos**	**70%**
	Non Produtivos	**30%**
	Entidades Locais	*21%*
	Entidades Privadas	*9%*
	Total Submedida 19.2	**100%**

As porcentaxes de axuda, tal e como se recollen na táboa, distribúense nun 70% para proxectos produtivos e o 30% restante para proxectos non produtivos.

Esta distribución unido á labor de sensibilización do GDR Terra Chá axudou a que entidades públicas e privadas solicitaran axudas ó Leader 2014 -2020.

Por último indicar que as pretensións das estratexias Leader foron articular un "proxecto de territorio" que promova un proceso de desenvolvemento sostible que permita a dito espazo xeográfico soportar a competencia do mercado e garantir ó mesmo tempo a viabilidade medioambiental, económica, social e cultural, implicando a toda poboación no desenvolvemento da mesma.

A estratexia 2014-2020 ten nove áreas temáticas clave (Mellora da competitividade, valoración da produción local, complementar a oferta turística comarcal revalorizando o patrimonio natural e arquitectónico e cultural, valorización dos recursos forestais, Mellora da calidade de vida e servizos básicos do medio rural, Innovación, Emprego, igualdade e integración social, Utilización racional do medio ambienta, entorno natural e recursos enerxéticos, Animación e promoción territorial). A estratexia 2007-2013 tiña oito áreas de intervención.

Os criterios de selección de proxectos e baremación de proxectos (dos dous períodos) axudan a discriminar os proxectos en función das áreas temáticas clave ou áreas de intervención.

Como xa se comentou, os criterios de selección de proxectos potencian os investimentos no mais rural do territorio, potencian creación do emprego, os proxectos en función da tipoloxía do promotor…. Non obstante, no período 2014-2020, a discriminación e selección de proxectos é mais visible xa que se utiliza o principio de concorrencia competitiva e logo son convocatorias de axudas anuais, polo tanto a puntuación serve para discriminar os proxectos e para obter a porcentaxe de axuda. No período 2013-2014 ó ser unha convocatoria única e a utilización do principio de concorrencia non competitiva, a puntuación so serve para obter a porcentaxe de axuda (os proxectos eran seleccionados segundo os verificaba AGADER), polo tanto neste período non é tan evidente a discriminación.

As axudas Leader son mais restritivas (ex. esixencia de mantemento do emprego 5 anos dende o pago final) fronte a outro tipo de axudas nas que se esixen uns requisitos mais "suaves" (ex. Esixencia de mantemento do emprego 3 anos). Polo tanto obter unha

porcentaxe media de axuda en proxectos produtivos, no período 2007-2013 dun 31,02% te', para o período 2014-2020, dun 44,06%, son adecuadas.

A estratexia 2014-2020 asegurou unha porcentaxe de fondos para os proxectos non produtivos públicos e privados (21% e 9%) o que favoreceu incremento de realización de proxectos destas tipoloxías de proxectos fronte ó período 2007-2013.

Todo isto permite concluír que os criterios de selección e baremación dos proxectos foron adecuados ás estratexias 2007 -2013 e 2014 – 2020, sobre todo, nesta última, na parte correspondente a proxectos non produtivos.

C.5 Datos e indicadores cuantitativos sobre a execución e resultados alcanzados

C.5.1 Cifras globais

LEADER 2007-2013

O plan financeiro para o Leader 2007 – 2013 foi o seguinte:

Táboa 120. Plan financeiro Leader 2007 – 2013

ANEXO II
PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013
PLAN FINANCEIRO
GDR: ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHA

Importes en Euros

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA						
		2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	72.618,95	141.851,64	142.846,04	149.026,58	148.063,65	146.699,75	801.106,62
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non produtivos	12.982,16	25.358,95	25.536,72	26.641,62	26.469,48	26.225,65	143.214,59
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	222.319,49	434.272,06	437.316,38	456.237,81	453.289,82	449.114,31	2.452.549,87
	Non produtivos	97.771,89	190.984,61	192.323,44	200.644,73	199.348,26	197.511,95	1.078.584,89
	TOTAL	320.091,39	625.256,67	629.639,82	656.882,54	652.638,08	646.626,26	3.531.134,75
TOTAL ESTRATEXIA	Produtivos	294.938,45	576.123,70	580.162,42	605.264,39	601.353,47	595.814,06	**3.253.656,48**
	Non produtivos	110.754,05	216.343,56	217.860,17	227.286,35	225.817,74	223.737,60	**1.221.799,48**
	TOTAL	405.692,51	792.467,26	798.022,58	832.550,75	827.171,21	819.551,65	**4.475.455,96**
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento (1)	64.910,80	126.794,76	127.683,61	133.208,12	132.347,39	131.128,26	716.072,95
	Promoción	16.227,70	31.698,69	31.920,90	33.302,03	33.086,85	32.782,07	179.018,24
	TOTAL	81.138,50	158.493,45	159.604,52	166.510,15	165.434,24	163.910,33	895.091,19
TOTAL PROGRAMA		486.831,01	950.960,71	957.627,10	999.060,90	992.605,45	983.461,99	**5.370.547,15**
							FEADER	3.091.286,95
							AXE	1.150.320,30
							XUNTA	1.128.939,91

(1) A submedida 431A aparece cunha dotación prevista máxima equivalente ao 16% dos fondos destinados á estratexia. Nas anualidades 2008 e 2009 o GDR disporá do total da dotación prevista. Segundo se recolle no capítulo VII das bases reguladoras de selección de programas, para as anualidades 2010 a 2013 a dispoñibilidade inicial do GDR terá un importe equivalente ao 12% dos fondos da estratexia e en función do proceso de avaliación do traballo do grupo poderá autorizarse unha porcentaxe superior ao 12% inicialmente previsto, sempre co tope do 16%

As primeiras resolucións de expedientes da estratexia Leader 2007 -2013 son do ano 2010. Os fondos dos anos 2008 e 2009 non se executaron. AGADER trasladou os fondos da estratexia dos anos 2008 e 2009 ós anos 2014 e 2015

Ilustración 27. Anexo Plan Financeiro

ANEXO II
PROGRAMA LEADER GALICIA
PLAN FINANCEIRO ANOS 2013 - 2014 - 2015
GDR-02 ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHA

Importes en Euros

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA		
		2014	2015	TOTAL
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	64.338,90	78.861,10	143.200,00
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non produtivos	11.501,93	14.098,07	25.600,00
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	196.970,47	241.429,53	438.400,00
	Non produtivos	86.623,88	106.176,12	192.800,00
	TOTAL	283.594,35	347.605,65	631.200,00
TOTAL ESTRATEXIA	Produtivos	261.309,37	320.290,63	581.600,00
	Non produtivos	98.125,80	120.274,20	218.400,00
	TOTAL	***359.435,17***	***440.564,83***	***800.000,00***
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento	122.340,61	122.340,61	244.681,22
	Promoción	30.585,15	30.585,15	61.170,31
	TOTAL	***152.925,77***	***152.925,77***	***305.851,53***
TOTAL PROGRAMA		**512.360,93**	**593.490,60**	**1.105.851,53**
			FEADER	829.388,65
			AXE	134.139,79
			XUNTA	142.323,09

O GDR durante o Leader 2007 – 2013 realizou un traspaso de fondos de proxectos non produtivos a proxectos produtivos dentro da medida 413. Tendo en conta o traslado de fondos de anualidades e o traspaso de fondos da medida 413 o cadro financeiro queda como segue

Táboa 121. Cadro financeiro para o Leader 2007 -2013

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO PROGRAMA 2007-2013
4.1.1 Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	729.836,02
4.1.2 Mellora medioambiental e do contorno rural	**Non produtivos**	**104.873,48**
4.1.3 Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	2.665.650,80
	Non produtivos	**354.407,97**
	TOTAL	3.854.768,27

Táboa 122. Medida, tipo de proxecto, gastos público e execución do programa

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO PROGRAMA 2007-2013	EXECUCIÓN PROGRAMA 2007-2013	%
4.1.1 Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	729.836,02	459.951,35	63,02%
4.1.2 Mellora medioambiental e do contorno rural	**Non produtivos**	**104.873,48**	**73.273,71**	**69,87%**
4.1.3 Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	2.665.650,80	2.665.650,80	100,00%
	Non produtivos	**354.407,97**	**250.000,00**	**70,54%**
	TOTAL	3.854.768,27	3.448.875,86	89,47%

Polo tanto executouse un 89,47% dos fondos aprobados

É de destacar que a medida 413 de proxectos produtivos tivo un 100% de execución e quedaron 20 proxectos (desta medida) sen acadar fondos (expedientes verificados e sen verificar)

Táboa 123. Datos totais execución Leader 2007-2013

	Inversión real	Axuda cobrada	CADRO FINANCEIRO (*)	%
Proxectos estratexia	10.626.104,83	3.448.875,86	3.854.768,27	89,47%
Adquisición de capacidades e promoción territorial	141.196,32	141.196,32	192.262,16	73,44%
Gastos de funcionamento 2009-2015	543.138,59	543.138,59	895.843,37	60,63%
	11.310.439,74	**4.133.210,77**	**4.974.541,95**	**83,62%**

(*) O cadro financeiro está axustado por non iniciarse no ano 2008 o Leader 2007 - 2013

A maiores o concello de Riotorto, executou os seguintes expedientes no período 2007-2013:

Ilustración 28. Expedientes Riotorto

EXPEDIENTE	PROMOTOR E PROXECTO	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
RIOTORTO								
L10 41200 03 0018	José Manuel Lodos Martínez							
	Recuperación dun cabazo en Riotorto			2.140,00				
L10 41200 03 0019	José Manuel Lodos Martínez							
	Recuperación dun muíño en Riotorto			2.140,00				
L10 41300 03 0014	Concello de Riotorto							
	IV Feira de Artesanía do ferro de Riotorto		6.063,75					
L10 41300 03 0025	Concello de Riotorto							
	Rede de dinamización rural de Riotorto			30.738,96	46.108,44			
L11 41100 03 0048	SAT Labregos de Lugo							
	Mellora da promoción e comercialización dos produtos da SAT labregos de Lugo			1.200,00				
L11 41100 03 0072	Cárnicos Rio S.L							
	Modernización de industria cárnica en Riotorto				15.531,22			
L11 41300 03 0052	Concello de Riotorto							
	V feira de artesanía do ferro de Riotorto			7.485,97				
L12 41100 03 0106	Raquel Fernández Moirón							
L12 41100 03 0106	Mellora da eficiencia enerxética e tecnolóxica dunha explotación en Riotorto						15.732,00	
Total RIOTORTO			6.063,75	43.704,93	61.639,66		15.732,00	

Táboa 124. Leader 2007-2013 concello Riotorto

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	EXECUCIÓN PROGRAMA 2007-2013
4.1.1 Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	32.463,22
4.1.2 Mellora medioambiental e do contorno rural	**Non produtivos**	**4.280,00**
4.1.3 Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	0
	Non produtivos	**90.397,12**
	TOTAL	**127.140,34**

No Concello de Riotorto, a diferencia do territorio da Comarca da Terra Chá para o Leader 2007-2013 na medida 413 non hai proxectos produtivos. A maior parte dos proxectos encádranse na medida 413 e son non produtivos e promovidos por unha entidade pública.

Hai unha proporción moi baixa de proxectos produtivos.

En canto a animación e funcionamento temos que a distribución e execución de fondos foi a seguinte:

Proxectos de animación Leader 2007 -2013

Táboa 125. Proxectos de animación Leader 2007 -2013

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	Total
Animación Autorizado			31.920,90	33.302,03	33.086,85	32.782,07	30.585,15	30.585,15	**192.262,15**
Animación - Resolución			68.234,43	32.942,00	11.442,17	10.524,17	9.034,69	9.018,79	**141.196,25**
Animación executado			68.234,43	32.942,00	11.442,17	10.524,17	9.034,69	9.018,79	**141.196,25**

Nos anos 2008 e 2009 non se executaron gastos de promoción do territorio. No ano 2010 superouse o aprobado no cadro financeiro e o longo dos anos foi axustándose. A porcentaxe de execución de gastos de animación foi dun 73,43%

Gastos de funcionamento Leader 2007 -2013

Táboa 126. Gastos de funcionamento Leader 2007 -2013

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	Total
Funcionamento Autorizado		126.794,76	127.683,61	133.208,12	132.347,39	131.128,26	122.340,61	122.340,61	**895.843,36**
Animación - Resolución		18.098,67	127.224,82	79.337,68	79.191,45	78.528,82	71.497,69	89.259,46	**543.138,59**
Diferencia		108.696,09	458,79	53.870,44	53.155,94	52.599,44	50.842,92	33.081,15	**244.008,68**
% execución / resolución		14,27%	99,64%	59,56%	59,84%	59,89%	58,44%	72,96%	60.63%

Realizouse a selección e contratación o persoal para o Leader no ano 2009. Seleccionouse un xerente, un técnico e un administrativo. No ano 2011 o grupo quedou con dúas persoas (técnico e administrativo)

A continuación presentase a táboa dos proxectos en función dos obxectivos da estratexia 2007 – 2013

Táboa 127. Proxectos en función dos obxectivos da estratexia 2007 – 2013

OBXECTIVO	PROXECTO
1. MELLORA DA COMPETITIVIDADE	Construcción e de nave e taller industrial para elementos de aceiro con rotura de ponte térmico.
	Novas instalacións para almacenamento e distribución de produtos
	Centro de servicios para automoción na especialidade de coches clásicos
	Taller de zapatería e multiservizos "Futuro"
	Ampliación de liña de produción de empresa de pataca fritida
	Ampliación de empresa de mecanizados
	Ampliación PEME e innovación tecnolóxica na transformación da madeira
	Automatización na fabricación de queixo
	Jesus Obarrio - servicios agrícolas
	Manuel García - Servicios agrícolas
	Servicios agrícolas Obarrio y García
	Inversión en destoconadora
	Melloras tecnolóxicas en empresa de servicios agrícolas
	Inversión para mellora de empresa de servicios agrícolas
	Picadora para SAT
	Ampliación de empresa de servicios agrícolas
	Optimización enerxética da explotación
	Rotoempacadora os do Campo
	Equipamento nova cantería
	Maquinaria servicios agrícolas
2. VALORIZACIÓN DA PRODUCCIÓN LOCAL	Inversión en molidora-embutidora
	Ampliación de panadería
	Acondicionamento local degustación produtos típicos de la comarca
	Automatización na fabricación de queixo
	Obradoiro Señora María
	Adquisición maquinaria queixaría San Simón
3. AUMENTO OFERTA TURÍSTICA REVALORIZANDO O PATRIMONIO NATURAL, ARQUITECTÓNICO E CULTURAL.	Cuadrilongo, cafetería-asador, clases de doma clásica
	Actividades turísticas O`Cruceiro
	Paseo dos Condes

4. VALORIZACIÓN DOS RECUSOS FORESTAIS	Tracto-cargador forestal
	Inversión en maquinaria para empresa forestal
5. MELLORA DA CALIDADE DE VIDA E SERVICIOS BÁSICOS DO MEDIO RURAL	Formación e colocación na Terra Chá
	Parque infantil e biosaudable
6. INNOVACIÓN	Oficina-enlace cabeceira de Internet
	Central receptora de alarmas e sistemas de seguridade
	Innovación Tecnolóxica en clínica médica
	Maquinaria autopropulsada y suspendida mediante sistemas de posicionamento global
7. EMPREGO, IGUALDADE E INTEGRACIÓN SOCIAL	Sala de rehabilitación de persoas dependentes
	Centro actividades socioculturais veciñais de Noche
8. UTILIZACIÓN RACIONAL DO MEDIO AMBIENTE, ENTORNO NATURAL E RECURSOS ENERXÉTICOS	Inversión en maquina mantemento aeroxeradores
	Optimización de eficiencia enerxética en granxa de polos
	Innovación e eficiencia enerxética en gandeiría
	Eficiencia enerxética no muxido das vacas
	Mellora da eficiencia enerxética nunha explotación de gando vacún de leite
9. ANIMACIÓN E PROMOCIÓN TERRITORIAL	Gastos de reparto de material promocional en distintos eventos
	Gastos de difusion do programa en distintos soportes
	Plan de Dinamización Turístico da Comarca
	Material promocional (bolsas, dípticos….)
	A Comarca nun clic
	Terra dos Andrades
	Captación de establecementos turísticos, páxina web
	Comercialización redes sociais portal turismo
	Enquisas sector turístico
	Difusión do Leader 2007-2013 en distintos soportes (radio, prensa, internet …)
	Material promocional (bolsas, dípticos….)
	Reparto de material promocional Leader 2007-2013 en distintos eventos
	Guías, xogo "Unha viaxe pola terra dos Andrade
	Traqueteado e optimización de xogo de rol "Unha viaxe pola Terra dos Andrade"
	Publicidade e difusión do Leader 2007-2013. Ano 2012

	Material promocional (bolsas, dípticos….) Ano 2012
	Reparto de material promocional Leader 2007-2013 en distintos eventos Ano 2012
	Directorio de establecementos turísticos virtual
	Reparto de material promocional Leader 2007-2013 . 4º trimestre.
	Reparto de material Leader en distintos eventos da comarca
	Material promocional Leader 2007-2013
	Publicidade e difusión do Leader en medios de comunicación
	Xornada sobre o emprendemento
	Desenvolvemento de funcionalidade da páxina web "www.turismoterrachá.es"

LEADER 2014-2020

A continuación preséntanse cadros nos que se pode ver o comprometido, o executado (pagado) en relación co cadro financeiro de cada anualidade, segundo a tipoloxía de proxectos e dentro do Leader 2014-2020

Táboa 128. Cadro financeiro de cada anualidade, segundo a tipoloxía de proxectos e dentro do Leader 2014-2020

PROXECTOS PRODUTIVOS	Convocatoria 2017	Convocatoria 2018	Convocatoria 2019	Convocatoria 2020 Provisional	Convocatoria 2021 Provisional	
	(2017 -2018)	(2018-2019)	(2019-2020)	(2020-2021)	(2021-2022)	TOTAL
CADRO FINANCEIRO	513.941,78	564.588,32	846.207,88	413.926,39	455.739,94	2.794.404,31
TOTAL AXUDA Comprometida	499.871,09	564.588,32	846.207,88	413.926,39	455.739,94	2.780.333,62
AXUDA PAGADA	465.622,95	546.698,70	824.306,37	240.224,96	148.569,62	2.225.422,40
% COMPROMISO	97,26%	100%	100%	100%	100%	**99,50%**
% EXECUTADO / COMPROMETIDO	93,15%	96,83%	97,41%	58,04%	32,60%	**80,04%**

- Os datos de execución da convocatoria 2020 son provisionais, ó estar pendente de finalizar un proxecto produtivo
- Os datos de execución da convocatoria 2021 son provisionais ó estar pendentes de finalizar 7 proxectos produtivos

Tendo en conta que se trata de datos provisionais por haber expedientes aínda en tramitación, pódese considerar que tanto a porcentaxe de compromiso (que é definitiva) como a de execución en proxectos produtivos, son bos datos.

Táboa 129. Proxectos non produtivos EELL

PROXECTOS NON PRODUTIVOS	Convocatoria 2017	Convocatoria 2018	Convocatoria 2019	Convocatoria 2020	Convocatoria 2021 Provisional	
	(2017 -2018)	(2018-2019)	(2019-2020)	(2020-2021) (2)	(2021-2022)	TOTAL
CADRO FINANCEIRO	245.899,09	337.229,75	-	55.994,60	136.721,98	775.845,42
TOTAL AXUDA Comprometida	245.899,09	337.229,75	-	55.994,60	124.030,11	763.153,55
AXUDA PAGADA	244.216,83	310.796,27	-	55.346,04	77.684,72	688.043,86
% COMPROMISO	100%	100%	-	100%	90,72%	**98,36%%**
% EXECUTADO / COMPROMETIDO	99,32%	92,16%	-	98,84%	62,63%	**90,16%%**

- Os datos de execución da convocatoria 2021 son provisionais ó estar pendentes de finalizar 3 proxectos non produtivos de entidades locais.
- Na convocatoria 2019 non houbo fondos para a tipoloxía de proxectos no produtivos de entidades locais

Tendo en conta que se trata de datos provisionais por haber expedientes aínda en tramitación, pódese considerar que tanto a porcentaxe de compromiso (que é definitiva) como a de execución en proxectos produtivos, son bos datos.

Táboa 130. Proxectos non produtivos entidades privadas

PROXECTOS NON PRODUTIVOS ENTIDADES PRIVADAS	Convocatoria 2017 (2017 -2018)	Convocatoria 2018 (2018-2019)	Convocatoria 2019 (2019-2020)	Convocatoria 2020 (2020-2021) (2)	Convocatoria 2021 (2021-2022)	TOTAL
CADRO FINANCEIRO	212.430,83	16.507,77	34.219,46	-	58.595,13	321.753,19
TOTAL AXUDA Comprometida	212.430,83	16.507,77	34.219,46	-	58.371,21	321.529,27
AXUDA PAGADA	212.430,83	16.507,77	34.219,46	-	58.371,21	321.529,27
% COMPROMISO	100%	100%	100%	-	99,62%	**99,93%**
% EXECUTADO / COMPROMETIDO	100,00%	100,00%	100,00%	-	100%	**100,00%**

- Os datos referentes a proxectos non produtivos de entidades privadas son definitivos.

Tanto a execución, que foi do 100% con respecto ó comprometido, como o nivel de compromiso que tamén foi moi alto, son moi bos resultados. Quedaron unicamente sen comprometer un total de 223,92 euros.

Destacar que o feito de acadar un nivel de compromiso do 100%, supuxo na maioría de anualidades a existencia de proxectos en reserva, que finalmente non puideron obter fondos. Houbo mais proxectos solicitantes de axuda que fondos dispoñibles no cadro financeiro do Leader 2014-2020.

Gastos de funcionamento e animación Leader 2014-2020

Os gastos de animación nos anos 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021, 2022 quedan como segue:

Táboa 131. Gastos animación

	2017	2018	2019	2020	2021	2022	Total
Animación Autorizado	40.000,00	39.000,00	23.000,00	27.000,00	47.042,07	44.693,28	**220.735,35**
Animación - Resolución	7.168,28	30.628,84	18.340,58	18.086,95	37.001,80	36.481,50	**147.707,95**
Animación executado	6.469,28	29.765,79	16.894,65	18.086,95	37.001,80	10.890,00	**119.108,47**
% execución / resolución	90,25%	97,18%	92,12%	100%	100%	29,85%	

A execución de animación correspondente ó ano 2022 é provisional. Queda pendente de resolver o pago de 2 expedientes.

Os gastos de funcionamento nos ano 2017, 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022 quedan como seguen:

Táboa 132. Gastos funcionamento

	2017	2018	2019	2020	2021	2022	Total
Gastos funcionamento aprobados	148.392,74	135.282,55	125.380,76	124.181,54	131.605,61	133.954,40	**798.797,60**
Gastos funcionamento executados	87.526,77	82.444,96	93.121,28	97.002,30	95.994,87	104.774,56	**561.740,48**
Diferencia	60.865,97	48.807,94	28.658,13	27.179,24	35.610,75	29.179,84	**237.057,12**

C.5.2. Datos sobre os proxectos.

a. Número de proxectos presentados e de proxectos executados.

Preséntanse a táboa co número de proxectos presentados e executados polo GDR Terra Chá nos períodos 2007-2013 e 2014-2020. Hai que ter en conta que no período 2007-2013 o concello de Riotorto no estaba dentro do ámbito de actuación do GDR Terra Chá, non obstante na táboa que se presenta inclúe os datos dos proxectos executados no concello de Riotorto.

Táboa 133. Proxectos executados no concello de Riotorto.

	Período 2007-2013	Período 2014-2020	% Variación
Total Proxectos Animación GDR	33	21	
Total Proxectos Estratexia	95	153	
Total Proxectos presentados	**128**	**174**	**35,94%**

Pode observarse que no período 2014-2020 solicitaron axuda 46 proxectos mais que no período 2007-2013 que representa un incremento dun 35,94%

A táboa seguinte presenta os proxectos da estratexia (submedida 411, 412 e 413 do período 2007 – 2013 e submedida 19.2 do período 2014-2020)

Táboa 134. Proxectos da estratexia

	Período 2007-2013	Período 2014-2020	% Variación
Proxectos Estratexia	95	153	61,10%
Renuncia / desfavorables	25	47	88,00%
Expedientes en lista de agarda que non se puideron activar		27	
Proxectos verificados sen fondos	11		
Proxectos sen verificar	6	3	
Proxectos con resolución favorable	53	76	45,30%
Proxectos con solicitude de fondos non atendidas	3		
Proxectos con resolución que renuncian		4	
Proxectos Certificados	**50**	**72**	**46%**

No período 2007 – 2013 tivo 17 proxectos que non se puideron activar (11 verificados sen fondos e 6 sen verificar) e tiveron resolución 53 proxectos dos que 3 non foron atendidas as solicitudes de pagamento. No período 2014-2020 ten 30 proxectos que non se puideron activar (27 proxectos de lista de agarda e 3 pendentes de verificación) por falta de fondos e tivo 4 proxectos que con resolución renunciaron, destes proxectos poido recuperarse fondos para proxectos en reserva ou activar un proxecto.

O final no período 2007-2013 certificáronse 50 proxectos (nestes están incluídos os proxectos do concello de Riotorto) e no período 2014-2020 certificáronse 73 proxectos, e dicir, certificáronse un 46% máis de expedientes.

A seguinte táboa presenta os proxectos certificados segundo a tipoloxía:

Táboa 135. Tipoloxía expedientes certificados

	Período 2007-2013	Período 2014-2020	% Variación
Proxectos Produtivos	42	48	17%
Proxectos non produtivos Públicos	5	18	260%
Proxectos non produtivos privados	3	6	100%
Total	**50**	**72**	**46%**

Pode observarse que no período 2014-2020 incrementouse un 46% o número de proxectos certificados respecto o período 2007-2013.

En canto ó número total de proxectos certificados en cada período obsérvase que no período 2014-2020 certificáronse 20 proxectos máis que no período 2007-2013 o que representa un 25,33% de incremento.

Táboa 136. Proxectos certificados

Proxectos Certificados	Período 2007-2013	Período 2014-2020	% Variación
Proxectos Certificados Animación GDR	33	21	
Proxectos Certificados Estratexia	42	72	
Total	**75**	**93**	**25,33%**

Por último sinalar que o GDR Terra Chá no período 2007-2013 non obtivo ningunha resolución favorable de proxectos de cooperación. No período 2014-2020 o GDR Terra Chá participou en 2 proxectos de cooperación e ademais solicitou na convocatoria do ano 2022 outros dos proxectos de cooperación, esta convocatoria está pendente de resolución.

Táboa 137. Proxectos cooperación

	Período 2007-2013	Período 2014-2020
Resolución favorable		2
Solicitude a convocatoria 2022 pendente de resolución.		2

A continuación presentase a táboa dos proxectos en función dos obxectivos da estratexia 2014 – 2020:

Táboa 138. Proxectos Leader 2014-2020 - obxectivos da estratexia

OBXECTIVO	PROXECTO
1. MELLORA DA COMPETITIVIDADE (23)	Adecuación instalacións I+D+i, e CPD
	Adquisición de maquinaria, un novo centro de mecanizado
	Adquisición de maquinaria de mellora produtiva
	Produtos mínimos viables, desenvolvemento de novas tecnoloxías y novos modelos de negocio no campo dos drons
	Centro de inspección periódica botellas aire respirable, centro recarga aire respirable, mantemento eras, montaxe
	Instalación de cernedor en modulo fabricación de pensos fariña
	Reparación e mantemento de vehículos de motor
	Proxecto de subministro de centro de mecanizado marca Lagun Modelo L1600
	Ampliación de las instalacións
	Adquisición de maquinaria para diagnoses del automóbil
	Construción nave para ampliación taller para actividade chapa e pintura
	Acondicionamento do local para a actividade de autoservicio de lavandería
	Mecanización de liña de produción de fábrica de mobles
	Adquisición de maquinaria, torno de control numérico
	Escola de traballos en altura e verticais
	Carpintería metálica
	Adecuación local venta público e compra de software de xestión para ampliación de actividade
	Adquisición de GPS GNSS RTK
	Lavandería autoservizo e recollida a domicilio
	Adquisición e acondicionamento de nave para distribución de equipos de muxido robotizados
	Centro de Lavado y desinfección de cisternas y vehículos - Lagostelle
	Proxecto de adaptación e subministros de maquinaria para ampliación de fábrica
	Ampliación, mellora tecnolóxica, dixitalización e optimización ambiental de clínica veterinaria

2. VALORIZACIÓN DA PRODUCCIÓN LOCAL (7)	Instalación dun obradoiro de cociña vexetariana para reparto a domicilio
	Posta en funcionamento dun muiño hidráulico para a moenda de cereais
	Adquisición de maquinaria de mellora produtiva
	Obra para ampliar e mellorar tenda venta directa
	Plan de mellora tecnolóxica e competitividade para o afianzamento no mercado internacional do queixo DOP San Simón da Costa
	Maquinaria para el manipulado de patacas
	Dotación de equipamento para aumento de produción
3. AUMENTO OFERTA TURÍSTICA REVALORIZANDO O PATRIMONIO NATURAL, ARQUITECTÓNICO E CULTURAL. (11)	Instalación para promoción da Feira de Castro de Rei
	Exposición interactiva de maquinaria agrícola
	Empresa multiaventura
	Intervención parcial en edificación existente para creación do museo da dioceses en Bretoña
	Ampliación e adecuación dos recintos feirais do Concello de Cospeito
	Mellora das infraestruturas do local de Bretoña para atracción de visitantes
	Creación dun parque biosaudable en Feira do Monte
	Construcción de parques biosaudables nas parroquias de San Xiao de Mos e Pacios
	Infraestruturas para un envellecemento activo no parque periurbano de Feira do Monte
	Apartamentos turísticos As Rodrigas
	Reforma edificación Casa da Luz para hotel de 2 estrelas
4. VALORIZACIÓN DOS RECUSOS FORESTAIS (5)	Instalación de secadoiro e nave
	Proxecto de acondicionamento da parcela e nave para a actividade industrial e madeireira
	Centro de transformación de produtos madeirables en leñas para calefacción
	Instalación grupo de aspiración de labra para alimentación de caldeira de biomasa
	Construción de nave para almacén de estruturas de madeira en fábrica existente en Xermade
5. MELLORA DA CALIDADE DE VIDA E SERVICIOS BÁSICOS DO MEDIO RURAL (11)	Centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual
	Reforma do Centro de Día de Abadín
	Rehabilitación de edificación para Centro de Día
	Acondicionamento da parte baixa da praza de abastos para adaptala a centro sociocomunitario
	Reforma e acondicionamento do centro social de Vilar de Santiago
	Acondicionamento interior da planta baixa para un telecentro e unha aula de formación
	Adecuación de parcela do centro de Educación ambiental
	Reforma e acondicionamento do centro social de Galegos (Riotorto)
	Reforma e acondicionamento da antiga escola de A Muxueira para Telecentro
	Construción de parques biosaudables nas parroquias de Dumpín e Ludrio
	Construción de parques biosaudables nas parroquias de San Xiao de Mos e Pacios

6. INNOVACIÓN (4)	Produtos mínimos viables, desenvolvemento de novas tecnoloxías y novos modelos de negocio no campo dos drons
	Servicios industriais con drons
	Acondicionamento de local para fabricación artesanal de xogos educativos
	Rehabilitación de adega para elaboración artesanal de sidra natural
7. EMPREGO, IGUALDADE E INTEGRACIÓN SOCIAL (5)	Integración e formación da mocidade no sector agrogandeiro
	Obradoiro: Carpintería para a superación
	Formación e integración no sector avícola e comercial, de mozos e mazas en situación de tutela ou garda administrativa
	Dixitalización e automatización dos procesos na residencia de persoas maiores de Vilalba
	Acondicionamento de vivenda social
8. UTILIZACIÓN RACIONAL DO MEDIO AMBIENTE, ENTORNO NATURAL E RECURSOS ENERXÉTICOS (7)	Rehabilitación e posta a punto do mazo da Fraga de Ferreiravella
	Instalación fotovoltaica para autoconsumo de 15,75 kWp
	Optimización enerxética integral dunha explotación de vacún de leite
	Rehabilitación de elementos etnográficos para creación de centro de interpretación en Folgoso
	Mellora da eficiencia enerxética para Alberto Pacio Otero
	Mellora da eficiencia enerxética en Sat Lodos e Pérez
	Mellora da eficacia enerxética en Sat Teixeiro
9. ANIMACIÓN E PROMOCIÓN TERRITORIAL (21)	Difusión e publicidade do Leader 2014-2020
	Desenvolvemento Plataforma web corporativa
	Difusión e publicidade do Leader 2014-2020 en periódicos
	Escolma de rutas no territorio do GDR-2 Terra Chá
	Valorización da produción local
	Mapa da Terra Chá
	I Encontro Leader Galicia 2018
	Publicidade 2019
	Desenvolvemento nova funcionalidade para listados de proxectos na páxina web
	Libro Guía do territorio do GDR2 Terra Chá
	Difusión da convocatoria da axuda Leader 2014-2020. Ano 2020
	Reportaxe fotográfica da Terra Chá
	Redeseño páxina web
	Publirreportaxe Leader 2014-2020. Ano 2020
	Difusión da convocatoria da axuda Leader 2014-2020. Ano 2021
	Vídeo promocional GDR Terra Chá
	Campaña de difusión do territorio do GDR Terra Chá en medios de publicidade dixital
	Bolsas promocionais GDR Terra Chá
	Vídeos proxectos GDR2 Terra Chá
	Mapas dos concello do territorio
	Plan de dinamización do GDR

Os proxectos do período do 2014 -2020 encadran dentro dos obxectivos da estratexia do GDR.

b. Indicadores para avaliar a execución e resultados

Apoio público outorgado

A continuación preséntanse os importes totais de axuda recibida polos promotores na data actual. Ter en conta que non son datos definitivos, por estar pendentes de rematar expedientes.

Táboa 139. Importes totais de axuda recibida polos promotores na data actual

Leader 2014-2020	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	TOTAIS
Proxectos produtivos	465.622,95	546.698,70	824.306,37	240.224,96	148.569,62	2.225.422,40
Proxectos non produtivos de entidades locais	244.216,85	310.796,27		55.346,04	77.684,72	688.043,88
Proxectos nos produtivos de entidades privadas	212.430,83	16.507,77	34.219,46	-	58.371,21	321.529,27
Totais	**922.270,63**	**874.002,74**	**851.747,93**	**295.571,00**	**284.625,55**	**3.234.995,55**

Na data de hoxe, as porcentaxes de comprometido con respecto ó orzamentado nos cadros financeiros e as porcentaxes de execución (pagado/comprometido) son as seguintes:

Táboa 140. Porcentaxes de comprometido

LEADER 2014-2020	% comprometido	% execución
PROXECTOS PRODUCTIVOS	99,50%	80,04%
PROXECTOS NON PRODUCTIVOS DE ENTIDADES LOCALES	98,36%	90,16%
PROXECTOS NOS PRODUCTIVOS DE ENTIDADES PRIVADAS	99,93%	100%

No conxunto de tódalas anualidades e para todas as tipoloxías de proxectos, a % de comprometido e moi alta. A porcentaxe de execución tamén é alta, pero trátase dun dato provisional e mellorable, posto que tanto de proxectos produtivos como de proxectos non produtivos de entidades locais, aínda quedan expedientes por rematar. (Para unha análise mais detallada, ver o apartado C.5.1.)

Táboa 141. Importes de axuda recibidas no GDR de gastos de funcionamento

GF ANO 2017	87.526,77
GF ANO 2018	82.444,96
GF ANO 2019	93.121,28
GF ANO 2020	97.878,04
GF ANO 2021	95.994,87
GF ANO 2022	104.774,56
	561.740,48

Táboa de importes de axuda recibidas no GDR de animación e promoción territorial:

Táboa 142. Animación e promoción territorial

2017	6.469,28
2018	29.765,79
2019	16.894,65
2020	18.086,95
2021	37.001,80
2022	10.890,00
	119.108,47

Investimento total en función dos obxectivos definidos na estratexia.

A estratexia 2014 -2020 ten establecidos uns obxectivos intermedios (a 31/12/2018) e uns obxectivos finais (a 31/12/2020). Estes preséntanse na táboa seguinte:

Táboa 143. Obxectivos intermedios

OBXECTIVOS	31/12/2018	31/12/2020
PROXECTOS	12	55
EMPREGO CREADO	7	31,58
AXÚDA PÚBLICA	825.000	3.750.000
GASTO PRIVADO	1.951.000	8.870.000

- *Obxectivos Intermedios*

Comparando os datos de compromiso (resolución) ou os datos de execución execución real (certificado) das convocatorias 2017 e 2018 co obxectivo establecido na estratexia para o 31/12/2018 pode observarse que se supera amplamente.

Táboa 144. Comparación de Resolucións a 31/12/2018 cos Obxectivos a 31/12/2018

INDICADORES	Resolucións 31/12/2018	Obxectivo 31/12/2018	Comparativa
PROXECTOS	35	12	+ 23
EMPREGO CREADO	11,33	7	+4,3 UTAs
AXÚDA PÚBLICA	1.876.526,69	825.000	+1.051.526,69
GASTO PRIVADO	3.852.696,69	1.951.000	+1.901.696,69

Observase que os datos das resolucións superan os obxectivos a 31/12/2018.

Táboa 145. Comparación do Certificado a 31/12/2018 co Obxectivos a 31/12/2018

INDICADORES	Certificado 31/12/2018	Obxectivo 31/12/2018	Comparativa
PROXECTOS	33(*)	12	+21
EMPREGO CREADO	10,33	7	+3,33
AXÚDA PÚBLICA	1.796.273,35	825.000	+971.273,35
GASTO PRIVADO	3.629.086,12	1.951.000	+1.678.086,12

(*) Resolucións foron 35 pero renunciaron/non certificaron 2.

Se en vez de escoller as resolución tomamos os datos das certificacións (datos mais restritivos) e os comparamos cos obxectivos establecidos na estratexia pódese observar que tamén son superiores ós obxectivos intermedios establecidos.

- *Obxectivos Finais*

Os obxectivos finais expostos na estratexia son a data 31 de decembro de 2020. Eses obxectivos foron establecidos coa previsión dun cadro financeiro de 3.750.000 € e os fondos obtidos, inicialmente, foron 3.083.291,62 €.
Polo tanto, os obxectivos finais da estratexia axustados os fondos recibidos son os seguintes:

Táboa 146. Obxectivos finais da estratexia axustados os fondos recibidos

INDICADORES	Obxectivo para o 31/12/2020 establecidos na Estratexia (xuño de 2016)	Obxectivo para o 31/12/2020 axustados ós fondos obtidos
PROXECTOS	55	55
EMPREGO CREADO	31,58	31,75
AXÚDA PÚBLICA	3.750.000	3.083.291,62 (*)
GASTO PRIVADO	8.870.000	7.293.012,44 (*)

(*) Importes axustados ós fondos obtidos no cadro financeiro.

Táboa 147. Obxectivos finais da estratexia axustados os fondos recibidos

INDICADORES	Resolucións 31/12/2020	Obxectivo para o 31/12/2020 axustados ós fondos obtidos	Comparativa	Porcentaxe
PROXECTOS	64	55	+ 9	+16,36%
EMPREGO CREADO	31,58	31,75	-0,17UTA	-0,54%
AXÚDA PÚBLICA	3.282.869.77 (*)	3.083.291,62	+ 199.578,15 € (**)	6,47%
GASTO PRIVADO	6.906.019,30	7.293.012,44	- 386.993,14 €	-5,31%

(*) A axuda pública das resolución é superior o cadro financeiro xa que todos os anos trasladáronse fondos de gastos de funcionamento e animación á estratexia.

Ós obxectivos (axustados) a 31/12/2020 son superados un 16,36% en proxectos e un 6,47% en axuda pública concedida e son inferiores en 0,54% en emprego creado e un 5,31% en gasto privado. Pódese dicir que se cumpren.

O seguinte cadro compara a axuda pública e gasto privado certificado (é dicir, o executado) cos obxectivos (axustados) para o ano 2020.

Táboa 148. Comparación a axuda pública e gasto privado certificado

INDICADORES	Certificado 31/12/2020	Obxectivo 31/12/2020	Comparativa	Porcentaxe
PROXECTOS	61	55	6	+10,09%
EMPREGO CREADO	31,58	31,75	-0,17UTA	-0,54%
AXÚDA PÚBLICA	3.023.809,88	3.083.291,62	-59.481,74	-1,93%
GASTO PRIVADO	6.657.296,89	7.293.012,44	-635.715,55 €	-8,72%

.

Ós obxectivos,(axustados) a 31/12/2020 comparado coa execución real son superados nun 10,09% en proxectos e son inferiores nun 0,54% en emprego creado, nun 1,93% en axuda pública concedida nun 8,72% en gasto privado. (Os datos aínda son provisionais xa que existen proxectos que aínda hai proxectos do 2020 pendentes da resolución final de pagamento)

Por último compáranse as resolución dos anos 2017 a 2021 cos obxectivos da estratexia a 31/12/2020 (sen axustar) establecidos na Asemblea Xeral do 30/06/2016

Táboa 149. Comparación as resolución dos anos 2017 a 2021 cos obxectivos

INDICADORES	Resolucións 31/12/2021	Obxectivo 31/12/2020	Comparativa	Porcentaxe
PROXECTOS	77	55	22	40,00%
EMPREGO CREADO	38,08	31,75	6,33	19,94%
AXÚDA PÚBLICA	3.865.016,49	3.750.000,00	115.016,49	3,07%
GASTO PRIVADO	7.955.779,53	8.870.000,00	-914.220,47 €	-10,31%

Nesta comparación observase que os indicadores de proxectos, emprego creado e axuda públicas son superados amplamente e unicamente o indicador do gasto privado é inferior ó obxectivo. Non se comparan cos datos de execución xa que, varios proxectos, aínda están en prazo para presentar a solicitude de pagamento.

Por último presentase os indicadores de seguimento por submedidas a 15/12/2021

Ilustración 29. Submedida e tipoloxía do proxecto

SUB-MEDIDA	TIPOLOXÍA DO PROXECTO	Nº de proxectos financiados polos GDR	NÚMERO DE BENEFICIARIOS					NÚMERO DE EMPREGOS CREADOS					Axuda pública (miles de €)	Gasto privado (miles de €)
			Sector privado		Sector público	GDR	TOTAL	Homes		Mulleres		TOTAL		
			Particulares	Persoas xurídicas				<30	>30	<30	>30			
19.2	Transformación e comercialización de produtos agrarios	9	4	5			9		0.25		3,75	4	109.531,91	236.313,03
	Transformación e comercialización de produtos forestais.	1		1			1	0,25				0,25	85.749,82	206.030,32
	Investimentos en empresas non agrarias													
	Creación de todo tipo de empresas non agrarias	3	2	1			3	1,25		1		2,25	154.118,57	321.755,98
	Ampliación ou modernización de empresas non agrarias	14	1	13			14	0	7	1,25	2	10,25	848.810,36	2.141.217,33
	Comercio polo miúdo – Creación e ampliación													
	Empresas de Servicios – Creación e ampliación	16	6	10			16	5	7,25	1	4,5	17,75	1.059.277,17	2.507.403,84
	Actividades agrícolas, gandeiras ou forestais complementarias á actividade principal non agrícola													
	Investimentos en conservación e mellora do patrimonio natural en zonas Natura 2000	1			1		1						60.057,46	79.999,97
	Investimentos en conservación e mellora do patrimonio natural noutras zonas de alto valor natural													
	Investimentos en servizos para a poboación local	11		5	6		11	0	0	1	0	1	614.728,33	1.076.989,97
	Investimentos en infraestruturas recreativas, culturais e de ocio	10		3	7		10	0	0	0	0		328.077,95	486.720,78
	Formación promovida polo GDR													
	Centros sociais	2			2		2						53.045,83	86.268,00
	Investimentos no sector da produción agraria primaria	6	1	5			6	0	0,08	1	1,5	2,58	348.544,81	813.050,41
	TOTAL	73	14	43	16	0	73	6,5	14,58	4,25	12,75	38,08	3.661.651,19	7.965.779,43
19.4.B	Difusión del programa en el territorio.	7				7	7						38.625,03	38.625,03
	Encontros, xornadas, seminarios, congresos	1				1	1						2.946,50	2.946,50
	Estudos, informes, publicacións.	3				3	3						35.672,01	35.672,01
	Mapas, guías, páxinas web.	6				6	6						24.943,08	24943,08
	Viaxes, presenza en feiras, eventos.													
	Sinalización turística													
	Rutas													
	Accións de sensibilización para difundir as condicións medioambientais do territorio, efectos negativos do cambio climático e posibles accións de mitigación.													
	Promoción do territorio a través dos Camiños de Santiago													
	Outros (especificar)	4				4	4						42.513,35	42.513,35
	TOTAL	21				21	21						144.699,97	144.699,97

Os datos da columna “Axuda pública” son cobros dos promotores (son datos provisionais xa que hai proxectos que están en fase de cobro) e a columna “Gasto privado” son datos de investimento dos proxectos

Número de empregos creados e consolidados

Táboa 150. Leader 2014-2020

	Convocatoria 2017 (2017 -2018)	Convocatoria 2018 (2018-2019)	Convocatoria 2019 (2019-2020)	Convocatoria 2020 (2020-2021)	Convocatoria 2021 (2021-2022)	TOTAL
EMPREGOS CONSOLIDADOS	52,96	65,01	118,15	49,75	45,28	331,15
EMPREGOS CREADOS	6,25	4,08	16,5	4,75	6,5	38,08

Do total de empregos creados 1 pertence a proxectos non produtivos de entidades privadas e 37,08 de proxectos produtivos.

Do total de 48 proxectos produtivos con resolución, 31 crearon algún emprego (64,58%)

Dentro dos 38,08 postos creados, 1,5 pertencen ó colectivo de persoas maiores de 50 anos, 12,75 ó colectivo de mozos de menos de 41 anos e 9,75 ó colectivo de mulleres.

Perspectiva de xénero

Táboa 151. Leader 2014-2020

LEADER 2014-2020	ORZAMENTO APROBADO	% AXUDA	AXUDA	EMPREGO CONSOLIDADO	EMPREGO CREADO
Obradoiro produtos veganos	19.654,26	50,00%	9.782,13	0	1
Posta en funcionamento dun muiño hidráulico para a moenda de cereais	29.215,00	50,00%	14.607,50	0	1
Acondicionamento do local para a actividade de autoservicio de lavandería	45.010,69	45,25%	20.367,34	0	1
Adquisición de GPS GNSS RTK	6.195,00	32,25%	1.997,89	1	0
Acondicionamento de local para fabricación artesanal de xogos educativos	49.782,04	50,00%	24.891,02	0	1
Reforma edificación Casa da Luz para hotel de 2 estrelas	407.732,71	40,50%	165.131,75	1	1
Rehabilitación de edificación para pensión	300.177,34	37,75%	113.316,94	0	1,5
	857.767,04	**40,81%**	**350.094,57**		

Táboa 152. Proxectos produtivos mulleres

TOTAL PROXECTOS PRODUTIVOS MULLERES	7
TOTAL PROXECTOS PRODUTIVOS CON RESOLUCIÓN	48
% P.MULLERES / TOTAL	**14,58%**

Táboa 153. Media axuda proxectos produtivos Leader 2014-2020

% MEDIA AXUDA PROX PRODUCTIVOS LEADER 2014-2020	44,06%
% MEDIA AXUDA PROX MULLERES	**40,81%**

Táboa 154. Total axuda recibida por proxectos produtivos Leader 2014-2020 promovido por mulleres

TOTAL AXUDA RECIBIDA POR PROXECTOS PRODUCTIVOS LEADER 2014-2020 PROMOVIDO POR MULLERES	350.094,57
TOTAL AXUDA PÚBLICA DO LEADER 2014-2020 DO GDR2	2.225.422,40
% AXUDA MULLLER/ TOTAL PROGRAMA	**15,73%**

Se ben a porcentaxe de axuda é mais baixa entre os proxectos promovidos por mulleres, este dato, tal e como se pode ver no cadro, ven influenciado por un proxecto de servicios "Rehabilitación de edificación para pensión". Este tipo de proxectos, segundo os baremos do GDR, teñen unha penalización (índice corrector) ó existir ese mesmo servizo na mesma parroquia. Polo tanto ten unha porcentaxe de axuda menor que se non existise ese servizo

Destacar que de 7 proxectos promovidos por mulleres, 4 (57,14%) teñen axuda por encima da media.
Por outra banda, no total de proxectos con resolución de axuda do GDR Terra Chá, solo 5 alcanzaron a porcentaxe máxima de axuda (50%). Destes 3 son promovidos por mulleres

Tamén hai un total de 4 proxectos que aínda que son unha SL están xestionados/representados por mulleres e 1 proxecto na que os socios son dúas mulleres.

Da análise de datos de emprego observase que en 5 proxectos dos 7 promovidos por mulleres, crearon polo menos o seu propio emprego, e dicir, emprenden o seu propio negocio.

Participación dos mozos e mozas nos proxectos apoiados

Táboa 155. Proxectos apoiados

LEADER 2014-2020	ORZAMENTO APROBADO	% AXUDA	AXUDA	EMPREGO CONSOLIDADO	EMPREGO CREADO
Carpintería metálica	183.544,19	47,50%	87.183,49	0	1
Acondicionamento de local para fabricación artesanal de xogos educativos	49.782,04	50,00%	24.891,02	0	0,5
Reforma edificación Casa da Luz para hotel de 2 estrelas	407.732,71	40,50%	165.131,75	1	1
	641.058,94	43,24%	277.206,26		

Táboa 156. Proxectos promovidos por mozos/as

LEADER 2014-2020	
TOTAL PROXECTOS PROMOVIDOS POR MOZOS/AS	3
TOTAL PROXECTOS RESOLUCIÓN	48
% P.MOZOS OU MOZAS / TOTAL	**6,25%**

Táboa 157. % MEDIA AXUDA PROX PRODUCTIVOS

% MEDIA AXUDA PROX PRODUCTIVOS	44,06%
% MEDIA AXUDA PROX MOZOS/AS	**43,24%**

Táboa 158. % Axuda Muller

TOTAL AXUDA RECIBIDA POR PROXECTOS PRODUCTIVOS LEADER 2014-2020 PROMOVIDO POR MOZOS/AS	277.206,26
TOTAL AXUDA PÚBLICA DO LEADER 2014-2020 DO GDR2	2.225.422,40
% AXUDA MULLLER/ TOTAL PROGRAMA	**12,46%**

Hai unha porcentaxe de proxectos promovidos por mozos/as baixo con respecto á totalidade de proxectos. A media de axuda recibida é moi similar á media do total de proxectos.

Dentro do colectivo de mozos/as, do total de 3 proxectos, 2 son promovidos ademais por mulleres.

Proxectos relacionados con dinamización e formación

Tal e como se indicou anteriormente, na Estratexia do GDR para o Leader 2014-2020 non se contempla formación, tal e como se acordou pola Asemblea Xeral da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá.

Táboa 159. Proxectos de animación do Leader 2014-2020

Animación e promoción territorial (21 proxectos)	Difusión e publicidade do Leader 2014-2020	2017
	Desenvolvemento Plataforma web corporativa	
	Difusión e publicidade do Leader 2014-2020 en periódicos	
	Escolma de rutas no territorio do GDR-2 Terra Chá	2018
	Valorización da produción local	
	Mapa da Terra Chá	
	I Encontro Leader Galicia 2018	
	Publicidade 2019	
	Desenvolvemento nova funcionalidade para listados de proxectos na páxina web	2019
	Libro Guía do territorio do GDR2 Terra Chá	
	Difusión da convocatoria da axuda Leader 2014-2020. Ano 2020	
	Reportaxe fotográfica da Terra Chá	2020
	Redeseño páxina web	
	Publirreportaxe Leader 2014-2020. Ano 2020	
	Difusión da convocatoria da axuda Leader 2014-2020. Ano 2021	
	Vídeo promocional GDR Terra Chá	2021
	Campaña de difusión do territorio do GDR Terra Chá en medios de publicidade dixital	
	Bolsas promocionais GDR Terra Chá	
	Vídeos proxectos GDR2 Terra Chá	2022
	Mapas dos concello do territorio	
	Plan de dinamización do GDR	

Os proxectos de animación levados a cabo foron fundamentalmente encamiñados á facer publicidade do Leader a través de periódicos, web, redes sociais.

Fixéronse tamén proxectos de promoción de recursos do territorio como Escolma de Rutas do GDR, Reportaxe fotográfica, vídeo promocional do GDR, bolsas promocionais, mapas dos Concellos, Plan de dinamización do territorio.

En xeral os proxectos realizados intentan promocionar o Leader e os seus proxectos e enxalzar a potencialidade turística e recursos do territorio.

Táboa 160. O orzamento aplicado a estes proxectos

ANIMACIÓN E PROMOCION TERRITORIAL	
2017	6.469,28
2018	29.765,79
2019	16.894,65
2020	18.086,95
2021	37.001,80
2022	10.890,00
	119.108,47

Sinalar que o orzamento da anualidade 2022, non é definitivo, por quedar pendentes de rematar os proxectos de Mapas do Territorio e Plan de Dinamización de Turismo. Este mesmo pódese ver no cadro seguinte no que se ve unha porcentaxe de execución sobre resolución moi baixo para a anualidade 2022:

Táboa 161. Porcentaxe de execución sobre resolución

	2017	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**	**2022**	**Total**
Animación Autorizado	40.000,00	39.000,00	23.000,00	27.000,00	47.042,07	44.693,28	**220.735,35**
Animación - Resolución	7.168,28	30.628,84	18.340,58	18.086,95	37.001,80	36.481,50	**147.707,95**
Animación executado	6.469,28	29.765,79	16.894,65	18.086,95	37.001,80	10.890,00	**119.108,47**
% execución / resolución	90,25%	97,18%	92,12%	100%	100%	29,85%	

Número de proxectos, investimento e axuda por Concellos

Os datos de investimento e axuda aprobada que constan neste apartado, refírense a datos de resolucións de axudas. Os datos reais non se achegan por quedar expedientes pendentes de rematar e con orzamentos e axudas non definitivas.

Táboa 162. Proxectos produtivos por concello

CONCELLOS	Nº PROXECTOS	ORZAMENTO APROBADO	AXUDA APROBADA	% MEDIA AXUDA
Abadín	1	260.156,33	130.078,17	50,00%
Begonte	0			
Castro de rei	9	1.003.516,44	453.746,68	45,22%
Cospeito	2	245.352,01	109.707,78	44,71%
Guitiriz	4	921.318,57	389.415,57	42,27%
Muras	0			
A Pastoriza	6	1.428.566,20	604.960,72	42,35%
Riotorto	7	574.850,51	267.976,02	46,62%
Vilalba	16	1.235.569,20	489.759,04	39,64%
Xermade	4	572.227,00	241.435,51	42,19%

Sinalase na táboa anterior os Concellos cunha porcentaxe de axuda superior á media do territorio do GDR2 Terra Chá (44,06)

Os proxectos produtivos son todos promovidos por promotores privados.

O Concello de Vilalba é o que conta con mais proxectos. Begonte e Muras non teñen ningún proxecto produtivo.

É destacable o número de proxectos emprendidos no Concello de Riotorto, que é un dos Concellos mais pequenos do territorio.

Táboa 163. Proxectos non produtivos por concellos – entidades locais

CONCELLOS	Nº PROXECTOS PÚBLICOS	ORZAMENTO APROBADO	AXUDA APROBADA	% MEDIA AXUDA
Abadín	1	71.717,52	62.752,83	87,50%
Begonte	2	93.598,85	80.040,96	85,51%
Castro de rei	3	133.111,11	95.818,16	71,98%
Cospeito	3	129.301,17	95.237,68	73,66%
Guitiriz	1	84.450,12	67.137,85	79,50%
Muras	1	72.708,49	62.892,84	86,50%
A Pastoriza	1	84.500,00	64.220,00	76,00%
Riotorto	4	146.566,34	104.897,88	71,57%
Vilalba	1	86.394,00	66.955,35	77,50%
Xermade	1	79.999,97	63.199,98	79,00%

O Concello que promoveu mais proxectos foi o de Riotorto, con 4 proxectos. Séguео Castro de Rei e Cospeito con 3.

As intensidades de axuda dos proxectos non produtivos, tal e como se explica nos criterios de selección de proxectos, varían dependendo da intensidade dos proxectos (Baixa, Media ou alta). Así pois, non son comparables, xa que por exemplo Riotorto ten proxectos de intensidade media e por exemplo Abadín é de intensidade alta.

Táboa 164. Proxectos non produtivos por concellos – entidades privadas

CONCELLOS	Nº PROXECTOS PRIVADOS	ORZAMENTO APROBADO	AXUDA APROBADA	% MEDIA AXUDA
Abadín		-	-	
Begonte		-	-	
Castro de rei	1	568.443,22	200.000,00	42,17%
Cospeito	2	24.469,85	21.211,98	75,73%
Guitiriz		-	-	
Muras		-	-	
A Pastoriza	1	58.100,03	25.438,31	62,87%
Riotorto		-	-	
Vilalba	2	96.618,05	74.878,99	77,50%
Xermade		-	-	

En solo 4 concellos houbo entidades privadas que solicitaron axuda para proxectos non produtivos.

O proxecto de Castro de Rei é de intensidade máxima e, polo tanto, corresponderíalle unha axuda superior ó 70%. Por superar o límite de axuda de 200.000 sae unha media de axuda inferior á que realmente lle correspondería.

Os dous proxectos de Cospeito e os 2 de Vilalba son de intensidade máxima (Axuda superior ó 70%)

O proxecto da Pastoriza é de intensidade media (axuda entre o 50% e o 70%)

Especificamente proxectos produtivos

No período 2014-2020 tiveron resolución 48 proxectos dos que 16 corresponden a empresas creadas e 32 proxectos son de investimentos de empresas que se amplían ou modernizan.

Táboa 165. Proxectos produtivos 2014 -2020

PROXECTOS PRODUTIVOS 2014 -2020	Nº	%
Empresas Creadas	16	33,33%
Empresas modernizadas/ampliadas	32	66,66%
TOTAL	**48**	**100%**

Táboa 166. Investimentos por servizos

Sectores proxectos produtivos	Nº Empresas	%	Investimento Privado	%
Servicios	22	45,83%	3.131.514,55	51,28%
Sector agroalimentario	14	29,17%	991.182,32	16,23%
Industria	12	25,00%	1.983.674,45	32,49%
TOTAL	**48**	**100%**	**6.106.371,32**	**100%**

Observase que o sector servizos representa o 45,83% de proxectos pero representa o 51,28% do investimento. Por el contrario o sector agroalimentarios representa o 29,17% de proxectos pero representa o 16,23% do investimento.

No cadro seguinte preséntanse a distribución de proxectos por sectores e se os investimentos corresponden a empresas creadas ou son investimentos de ampliación ou modernización.

Táboa 167. Distribución de proxectos por sectores

PROXECTOS PRODUTIVOS	Sector Servizos	%	Sector Agroalimentario	%	Sector Industrial	%
Empresas Creadas	12	54,55%	2	14,29%	2	16,67%
Empresas modernizadas/ampliadas	10	45,45%	12	85,71%	10	83,33%
TOTAL	**22**	**100%**	**14**	**100%**	**12**	**100%**

Observase que as empresas creadas no sector servizos representan o 54,55% do total de empresas do sector servizos. As empresas do sector agroalimentario creadas representan o 14,29% de empresas do sector agroalimentario. E as empresas creadas do sector industrial representan o 16,67% do total de empresas do sector industrial.

Preséntanse agora as empresas do sector servizos clasificándoas en empresas creadas o empresas modernizadas ou ampliadas e o investimento privado en cada clasificación.

Táboa 168. Proxectos produtivos

PROXECTOS PRODUTIVOS	Sector Servicios	%	Investimento privado	%
Empresas Creadas	12	54,55%	1.274.212,94	40,69%
Empresas modernizadas/ampliadas	10	45,45%	1.857.301,61	59,31%
TOTAL	**22**		**3.131.514,55**	**100%**

Observase que as empresas creadas representan un 54,55% das empresas do sector e representan un 40,69 % do investimento nese sector.

Preséntanse agora as empresas do sector agroalimentario clasificándoas en empresas creadas o empresas modernizadas ou ampliadas e o investimento privado en cada clasificación.

Táboa 169. Proxectos produtivos

PROXECTOS PRODUTIVOS	Sector Agroalimentario	%	Investimento privado	%
Empresas Creadas	2	14,29%	48.869,26	4,93%
Empresas modernizadas/ampliadas	12	85,71%	942.313,06	95,07%
TOTAL	**14**	**100%**	**991.182,32**	**100%**

Observase que as empresas creadas representan un 14,29% das empresas do sector e representan un 4,93 % do investimento nese sector.

Preséntanse agora as empresas do sector industrial clasificándoas en empresas creadas o empresas modernizadas ou ampliadas e o investimento privado en cada clasificación.

Táboa 170. Proxectos produtivos

PROXECTOS PRODUTIVOS	Sector Industrial	%	Investimento privado	%
Empresas Creadas	2	16,67%	389574,51	19,64%
Empresas modernizadas/ampliadas	10	83,33%	1.594.099,94	80,36%
TOTAL	**12**	**100%**	**1.983.674,45**	**100%**

Observase que as empresas creadas representan un 16,67% das empresas do sector e representan un 19,64 % do investimento nese sector.

C.6. Balance cualitativo sobre a execución, resultados e impacto do programa LEADER no territorio; grao de cumprimento da estratexia deseñada

C.6.1 Avaliación do proceso de participación e da xeración de capital social.

A Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá constituíuse, como tal, o 7 de xullo de 2008. Asinaron a acta de constitución 89 entidades (80 entidades privadas e os 9 concellos do territorio do GDR)

Táboa 171. Evolución de socios ó longo dos anos

	Nº Socios	Altas	Baixas	
Constitución 2008	89	52		
31/12/2008	141			
31/12/2009	141			
31/12/2010	144	3		
31/12/2011	144			
31/12/2012	144			
31/12/2013	144			
31/12/2014	144			
31/12/2015	143		1	
31/12/2016	144	4	3	
31/12/2017	150	18	12	Integración do concello de Riotorto
31/12/2018	151	1		
31/12/2019	151			
31/12/2020	151			
31/12/2021	151			
15/12/2022	147	3	7	

As entidades integradas na Asociación Terra Chá agrúpanse en 10 Mesas Sectoriais.

- Mesa Institucional.
- Mesa Sectorial dos servicios turísticos no medio rural
- Mesa Sectorial da carne e leite
- Mesa Sectorial da formación para o desenvolvemento e novas tecnoloxías

- Mesa Sectorial da multiprodución local
- Mesa Sectorial do sector forestal: aproveitamento do sotobosque e biomasa
- Mesa Sectorial do comercio, pequena empresa e artesanía.
- Mesa Sectorial da biodiversidade e recursos naturais: caza e pesca.
- Mesa Sectorial do patrimonio, cultura, deportes e etnografía.
- Mesa Sectorial de asuntos sociais.

As mesas sectoriais dos servicios turísticos no medio rural, da multiprodución local, do sector forestal: aproveitamento do sotobosque e biomasa, do comercio, pequena empresa e artesanía, da biodiversidade e recursos naturais: caza e pesca, do patrimonio, cultura, deportes e etnografía e de asuntos sociais correspóndelle un representante a cada una delas na Xunta Directiva. As mesas sectorias da carne e leite e da formación para o desenvolvemento e novas tecnoloxías correspóndelle a cada unha dela dous representantes na Xunta Directiva e a Mesa Institucional correspóndelle (na constitución 9 representantes) 10 representantes (os 10 concellos do territorio)

Os motivos das baixas dos socios son principalmente a falta de relevo nas asociacións polo que a asociación desaparece ou queda sen representante.

Grado de participación dos socios nos órganos do GDR.
Os órganos do GDR son: Comisión Permanente, Xunta Directiva e Asemblea Xeral.
A Comisión Permanente do GDR está composta por 5 membros. A participación nestas reunións case sempre o 100% de asistentes.
A Xunta Directiva do GDR está composta por 21 membros: Actualmente a participación dos membros ás reunións está o redor dun 80% e si se contan as delegacións pódese chegar ó 95% de participación. Non obstante o longo dos anos a participación foi variando en función de diferentes aspectos (os membros privados da Xunta Directiva son persoas que están en activo, é dicir, teñen os seus traballos que teñen que atender a parte de ser membros da Asociación). Tamén e difícil compatibilizar os horarios das reunións co tempo ceibe dos membros da Xunta Directiva.
En cambio nas Asembleas Xerais, a participación é menor, soen asistir de xeito presencial unha media de 35-45 persoas (un trinta por cento do total), si se contan con delegación asisten unha media de 45-50 persoas. O motivo da baixa asistencia é tamén a dificultade de compatibilizar as vidas profesionais, laborais e persoais con ser socios do GDR.

Para subir a participación o GDR, na reunión da Asemblea Xeral do 12 de decembro de 2022, modificou os seus estatutos, a efectos de poder realizar reunións presenciais, telemáticas ou mixtas. Con esta modificación intentase facilitar ós asociados participar nas reunións.

Colectivo específico con menor representación

Como socios no GDR están representados todos os colectivos que indican as bases reguladoras da selección de estratexias. Non obstante na Xunta Directiva, por non desexar formar parte da mesma, non están representadas as asociacións de mulleres e as asociación do sector cultural, educativo e etnográfico. Estas últimas asociacións están integradas na Mesa do patrimonio, cultura, deportes e etnografía e son representadas por unha asociación deportiva.

Para incentivar a participación das asociacións das mulleres na Xunta Directiva realizarase unha mesa redonda dirixida a todas as asociacións de mulleres integradas no GDR para identificar as necesidades e problemáticas das mulleres e os motivos polo que non desexan formar parte da Xunta Directiva e dese xeito orientar actuacións para favorecer a participación. Complementaria a esta actividade, realizarase un taller de formación (esta formación decidirase na mesa redonda) que inclúa unha viaxe coas participantes a un lugar que este relacionado coa mesma.

Outra actuación para animar as asociacións de mulleres será unha campaña de visibilización, nas redes socias, de proxectos levados a cabo ou dirixidos por mulleres no territorio do GDR (financiados ou non polo Leader)

Intimamente relacionado co anterior, poderíanse facer unha publicación ou xornadas de mulleres emprendedoras no rural.

C.6.2 Avaliación dos resultados e o impacto no territorio

Adecuación da estratexia á DAFO

Tanto a estratexia Leader 2007 – 2013 como a estratexia Leader 2014 -2020 foron elaboradas en base a análise DAFO, dos estudos socioeconómicos do territorio e dos procesos participativos (reunións, enquisas....) de cada período.

Ambas estratexias (obxectivos, criterios de selección de proxectos, plan de actuación) dos períodos Leader 2007 – 2013 e Leader 2024-2020 están orientados a corrixir as debilidades e a aproveitarse das fortalezas do territorio.

Como exemplo indícanse a continuación algunhas das actuacións que contribúen a mitigar algunha das debilidades e a aproveitar algunha das fortalezas plasmadas na DAFO do período 2014-2020

Táboa 172. Actuacións que contribúen a mitigar debilidades doutras Matriz Dafo

DEBILIDADES (DAFO ESTRATEXIA 2014-2020)	PROXECTOS LEVADOS A CABO
Escasa transformación de produtos agrarios	- Creación de un obradoiro de cociña vexetariana - Posta en funcionamento dun muiño hidráulico para a moenda de cereais - Adquisición de maquinaria para mellora produtiva nunha fábrica de queixos - Maquinaria para manipulado de patacas - …
Sector agroalimentario con insuficiente desenvolvemento da comercialización	- Obra para ampliar e mellorar tenda de venta directa - Adquisición e acondicionamento de nave para distribución de equipos de ordeño robotizados
Falta de inversores e promotores privados	- Creáronse 16 empresas/actividades novas.
Falta de centros de atención á terceira idade	- Creación de Centro de día en Guitiriz - Reforma do Centro de día de Abadín
Pouca tradición turística	- Elaboración do plan de desenvolvemento turístico do Territorio - Apartamentos turísticos en Riotorto
Rexeitamento á adopción de innovacións	- Creación de empresa de servizos industriais con drons
Recursos e patrimonio rural non aproveitados	- Rehabilitación de elementos etnográficos para creación de centro de interpretación en Folgoso
Recursos no rural non están inventariados, tipificados, coñecidos, valorados e localizados	- Escolma de rutas do territorio do GDR - Mapas dos concellos do GDR

Táboa 173. Actuacións que contribúen a aproveitar fortalezas doutras Matriz Dafo

FORTALEZAS (DAFO ESTRATEXIA 2014-2020)	PROXECTOS LEVADOS A CABO
Importancia da superficie forestal que pode supoñer boas perspectivas de aproveitamento da biomasa	- Centro de transformación de produtos maderables en leñas para calefacción - …
Potencial da industria agroalimentaria	- Plan de mellora tecnolóxica e competitividade para o afianzamento no mercado internacional do queixo DOP San Simón da Costa
Camiño Norte de Santiago	- Creación de Pensión en Parga – Camiño Norte
Primacía do sector lácteo	- Varios proxectos de eficiencia enerxética en granxas do territorio
Notable importancia cinexética e piscícola	- Mellora das infraestruturas do local de Bretoña para atracción de visitantes – Tecor Terra Chá
Denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas xa implantadas	- 2 proxectos en queixerías DOP San Simón da Costa
Tradición de mercados locais e feiras	- 3 actuacións en recintos das feiras de Castro de Rei, Muimenta e Feira do Monte

As ameazas e oportunidades da DAFO son externas ó territorio, aínda que si inflúen nas actuacións que se levan a cabo, polo tanto, as actuacións que se desenvolven no territorio tamén contribúen a aproveitarse das oportunidades e, en menor medida, a mitigar as ameazas.

A estratexia elaborouse en base as DAFO coa idea de que esta logre articular un proxecto de territorio

<u>Avaliación das acción de dinamización e formación:</u>

O GDR, no período 2007-2013, realizou un proxecto de dinamización turístico que contiña unhas charlas formativas e visitas a distintos lugares do territorio e tamén

realizáronse dúas xornadas de emprendemento nos anos 2013 e 2014, nos que emprendedores do territorio comentaron as súas experiencias no proceso de creación e posta en marcha dos seus proxectos. No período 2007-2013 non se fixo formación.

No período 2014-2020, a Estratexia non contemplou a formación (acordo da Asemblea Xeral) e, polo tanto, o GDR tampouco realizou formación neste período.

As actividades de dinamización, tanto do período 2007-2013 como do período 2014-2020, foron deseñadas para dar visibilidade ó GDR, as axudas do Leader e o territorio do GDR. Así mesmo, tamén, no período 2014-2020 o GDR comeza a usar as redes sociais de Facebook, twitter e Instagram para dar visibilidade tanto ó GDR como ás súas actuación (cada mes ten mais repercusión, e mais visitas).

Neste senso, no período 2014-2020, realizouse un vídeo de promoción do territorio que ten sobre 38.000 visitas en youtube (un alto número en visitas para un GDR). Tamén se realizaron 14 vídeos de proxectos que recibiron axuda Leader (están todos no canal de youtube do GDR) que, unidos a difusión dos mesmos nas redes socias, están dando lugar a solicitudes de información das axudas Leader.

Polo tanto cabe concluír que a dinamización que está realizando o GDR está dando os seus froitos (coñecemento do GDR, difusión das axudas e visibilidade do territorio do GDR).

- As temáticas das accións de dinamización e formación estiveron directamente relacionadas cos obxectivos da estratexia?

  As actividades de dinamización están totalmente relacionadas cos obxectivos da estratexia.
  De feito creouse no período 2007-2013, a parte da difusión das axudas, un portal turístico do territorio e realizouse unha Guía “Unha viaxe pola terra dos Andrade” que consistía nun percorrido polos lugares máis destacados do territorio.
  Xa no período 2014 -2020 realizouse o proxecto de valorización da produción local no que se creou un buscador (na web do GDR) de produtores locais, realizáronse proxectos de difusión das convocatorias Leader, publireportaxes de proxectos financiados polo Leader, vídeos de proxectos financiados polo Leader, repartíronse entre a poboación bolsas reutilizables a fin de evitar o uso de plásticos, realizouse

difusión do territorio con un vídeo promocional do mesmo e con un libro guía do territorio e cunha colección de mapas do territorio.

Todas as actuacións están relacionadas coas áreas temáticas clave que desenvolven as actuacións para conseguir os obxectivos da estratexia.

Como xa se comentou o GDR non realizou formación por non estar contemplada na Estratexia en ningún dos períodos Leader anteriores

- Existe un perfil diverso nos promotores das acción de formación?

O GDR non realizou formación por non estar contemplada na Estratexia.

- Tiveron incidencia esas accións sobre outras actuacións financiadas?

Tanto no período 2007-2013 como no período 2014 - 2020, a difusión que realizou o GDR dos proxectos que recibiron axuda Leader (No Leader 2007-2013, un libro escolma de proxectos, unha publireportaxe en formato papel e no Leader 2014-2020, vídeos de proxectos que se difundiron a través da canle youtube e nas redes socias do GDR), unido as campañas de difusión da convocatoria anual Leader nos periódicos, dan lugar o coñecemento das axudas Leader e polo tanto dan lugar ás solicitudes de axuda.

Tamén, a difusión do territorio e a súa difusión turística axuda ou anima ós promotores na posta en marcha dos seus proxectos. Neste senso o GDR financiou a través do Leader (2007-2013 e 2014-2020) 4 proxectos turísticos: a creación dunha empresa de actividades turísticas en A Pastoriza, a creación dunha pensión en Parga, un hotel de dúas estrelas en Bretoña e uns apartamentos turísticos en Riotorto.

Avaliación global das realizacións e resultados de execución da estratexia en comparación co previsto.

O GDR Terra Chá no período 2007 – 2013 tivo un cadro financeiro de 3.854.768,27 € e executou un total de 3.448.875,86 €, é dicir, tivo unha execución global da estratexia

dun 89,47%. Neste período existían tres medidas, a 411 Dinamización do sector agrario e forestal na que se executou o 63,02%, a medida 412 Mellora medioambiental e do contorno rural (esta era para proxectos non produtivos) na que se executou o 69,87%, e a medida 413 Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida (incluía proxectos produtivos e non produtivos) nesta medida executouse o 100 % e quedaron 20 expedientes sen acadar fondos.

O número de proxectos aprobados foron en total 50 proxectos tanto públicos como privados, a porcentaxe media de axuda por proxectos foi dun 32,45%. Creáronse 55,28 UTAs e consolidáronse 159,28 UTAs.

Na estratexia 2007 – 2013 non se contemplaron indicadores de creación de emprego e número de proxectos.

Durante a execución do Leader 2007 – 2013 tivo lugar a crise financeira mundial, non obstante a execución do mesmo foi moi boa debido, en gran medida, a fortaleza de sector forestal e de servicios agrarios do territorio.

En cuanto ós proxectos de cooperación, no período 2007 – 2013, o GDR presentou xunto coa Asociación Mariñas – Betanzos o proxecto de cooperación interterritorial “Bosques de Ribera” e tamén presentou xunto GAL Adriss de Salamanca o proxecto “Boletus” pero non foron seleccionados ningún dos proxectos.

No período Leader 2014-2020, o GDR Terra Chá é o cuarto grupo con mais fondos asignados entre tódolos GDRs de Galicia e ademais en varias anualidades o GDR traspasou fondos de gastos de funcionamento á submedida 19.2 (Proxectos produtivos e non produtivos). En total o GDR dispuxo para proxectos da estratexia duns 3,9 millóns de euros, dos que se comprometeron o 99,31 %. Se se analizan as porcentaxes de comprometido por tipoloxía de proxectos temos un compromiso do 99,5% de proxectos produtivos e un 98,36% e un 99,93% de proxectos non produtivos públicos e privados, respectivamente. Pódese dicir que o nivel de compromiso de fondos foi moi alto.

No período Leader 2014-2020, en canto a execución dos fondos, (con data a 20/12/2022, na que aínda están en prazo de xustificación os expedientes da convocatoria 2021) o nivel de execución atópase nun 83,70% (este nivel subirá cando xustifiquen os expedientes da convocatoria 2021). Se se analiza a execución por

tipoloxía de proxectos, temos que a execución de proxectos produtivos está nun 80,04%, e nun 90,16% e nun 99,93% de proxectos non produtivos públicos e privados, respectivamente. As porcentaxes de execución subirán xa que están pendentes varios expedientes de presentar as súas xustificacións. Tendo en conta o anterior o nivel de execución é alto.

O número total de proxectos aprobados da estratexia foron 72 (48 produtivos, 24 non produtivos, dos que 18 son públicos e 6 son privados). O investimento total comprometido foi de 3,86 millóns de euros (2,78 millóns de proxectos produtivos e 1,08 millóns de euros en proxectos non produtivos (0,76 millóns e 0,32 millóns de euros en proxectos non produtivos públicos e privados, respectivamente). Na estratexia aprobarase que para proxectos produtivos foran destinados como mínimo o 70% de fondos, para proxectos non produtivos, como máximo, o 30% dos fondos (21% para proxectos públicos e 9% para proxectos privados).

A axuda pagada (a mediados de decembro) de proxectos produtivos foi de 2,2 millóns de euros (aínda hai expedientes pendentes de presentar a xustificación), de proxectos non produtivos públicos pagáronse 0,68 millóns de euros (tamén hai proxectos pendentes de xustificación) e de proxectos non produtivos privados pagáronse 0,32 millóns de euros (esta tipoloxía de proxectos xa está toda certificada)

As porcentaxes de axuda media dos proxectos foi:

- Para proxectos produtivos foi dun 44,66% (hai que ter en conta que 5 proxectos tiveron a porcentaxe máxima de axuda).

- Para proxectos non produtivos de entidades públicas a porcentaxe media foi dun 77,69% (nesta tipoloxía hai 4 proxectos de prioridade media e 14 de prioridade alta que tiveron unha axuda media de 60,07% e do 82,23%, respectivamente). Ningún proxecto obtivo a porcentaxe máxima de axuda.

- E para proxectos non produtivos de entidades privadas foi dun 43,01% (*). Recibiron axuda 6 proxectos (1 de prioridade media e 5 de prioridade alta. O proxecto de prioridade media recibiu unha porcentaxe de axuda dun 54,50% e recibiron axuda 5 proxectos de prioridade alta que recibiron unha porcentaxe de axuda media dun 42,94% (*).

(*) Esta porcentaxe está distorsionada xa que un proxecto realizou un investimento moi alto (568.443,22 €) e a axuda que conqueríu foi a máxima (200.000,00 €) limitada polas

bases Leader, polo que esta axuda representa o 35,18% do investimento. Realmente a este proxecto corresponderíalle unha porcentaxe de axuda do 89,50%. Sen ter en conta este proxecto a porcentaxe de axuda media foi dun 79,35%.

Con todos estes fondos mobilizados creáronse 38,08 postos de traballo (un posto de traballo foi creado por un proxecto non produtivo de entidades privadas e o resto son creados por proxectos produtivos). Pódese destacar que 48 proxectos produtivos con resolución crearon 37,08 postos de traballo. Da totalidade de postos de traballo creados, 1,5 pertencen ó colectivo de persoas maiores de 50 anos, 12,75 corresponden ó colectivo de mozos de menos de 41 anos e 9,75 postos de traballo pertencen o colectivo de mulleres.

Na estratexia do período 2014 -2020 tíñase previsto, en relación ós proxectos Leader, os seguintes indicadores e obxectivos a 31 de decembro de 2018 e de 2020.

Táboa 174. Indicadores e obxectivos 31/12/2018 - 31/12/2020

	OBXECTIVOS	
INDICADORES	**31/12/2018**	**31/12/2020**
PROXECTOS	12	55
EMPREGO CREADO	7	31,75
AXÚDA PÚBLICA	825.000	3.750.000
GASTO PRIVADO	1.951.000	8.870.000

Comparando os obxectivos intermedios cos datos de expedientes con resolucións de concesión de axuda para proxectos Leader temos que:

Táboa 175. Indicadores e obxectivos 31/12/2018

	OBXECTIVO	**RESOLUCIÓNS (*)**	
INDICADORES	**31/12/2018**	**31/12/2018**	**Diferencia**
PROXECTOS	12	33	+21
EMPREGO CREADO	7	10,33 (*)	+3.33
AXÚDA PÚBLICA	825.000	1.796.273.35(*)	+971.273,35
GASTO PRIVADO	1.951.000	3.629.086,12 (*)	+1.678.086,12

(*) Son datos de certificacións

Táboa 176. Indicadores e obxectivos 31/12/2020

Se se comparan os obxectivos a 31/12/2020:

INDICADORES	CERTIFICADO 31/12/2020	OBXECTIVO 31/12/2020	COMPARATIVA	PORCENTAXE
PROXECTOS	61	55	6	+10,09%
EMPREGO CREADO	31,58	31,75	-0,17UTA	-0,54%
AXÚDA PÚBLICA	3.023.809,88	3.083.291,62 (*)	-59.481,74	-1,93%
GASTO PRIVADO	6.657.296,89	7.293.012,44 (*)	-635.715,55 €	-8,72%

(*)(*) No momento da elaboración da Estratexia Leader 2014-2020, previáse un cadro financeiro de 3.750.000 €. AGADER asignou ó GDR fondos por importe de 3.083.291,62 €. O importe de gasto privado redúcese proporcionalmente os fondos asignados por AGADER.

Cos datos anteriores, pódese dicir que se cumpriron os indicadores establecidos na estratexia do período 2014 -2020.

Tendo en conta que no ano 2021 houbo unha nova convocatoria LEADER, o cumprimento destes obxectivos marcados aínda se amplía, xa que houbo novos proxectos con mais axuda e creación de emprego. Os datos tendo en conta esta convocatoria son:

Táboa 177. Ampliación obxectivos Leader 2021

INDICADORES	RESOLUCIÓNS 31/12/2021	OBXECTIVO 31/12/2020	COMPARATIVA	PORCENTAXE
PROXECTOS	72	55	17	30,91%
EMPREGO CREADO	38,08	31,75	6,33	16,78%
AXÚDA PÚBLICA	3.865.016,49	3.750.000,00	115.016,49	3,07%
GASTO PRIVADO	7.971.534,98	8.870.000,00	-898.465,02 €	-10,13%

Nesta comparación observase que os indicadores de proxectos, emprego creado e axuda pública son superados amplamente e unicamente o indicador do gasto privado é inferior ó obxectivo.

Non hai que esquecer que tamén se consolidaron 331,15 postos de traballo. Neste sendo é de sinalar que algunha empresa que tiña a obriga de crear 1 emprego e consolidar 14 e no momento da xustificación tiña 32 traballadores.

Tendo en conta o anterior, os resultados superan o previsto inicialmente polo que a execución do Leader 2014-2020 é moi boa e conforme os indicadores establecidos na estratexia.

Da estratexia do período 2007 – 2013 non existen indicadores como na estratexia 2014 – 2020

A diferencia do período 20207 – 2013, AGADER no período 2014 -2020 realizou dúas convocatorias de proxectos de cooperación, nos anos 2018 e 2022. O GDR Terra Chá foi seleccionado en ambas convocatorias con dous proxectos en cada unha, Alimentos da Biosfera: Rede para a promoción de circuítos cortos alimentario baixo a marca reserva da biosfera" (proxecto que promove os produtos de cercanías) e "Incorporando ilusións" (proxecto que promove a integración dos mozos nas empresas do rural) na convocatoria do ano 2018 e "Rede Ecocomedores para animar o consumo de produtos ecolóxicos, de tempada e proximidade" e o proxecto "Nó Rural . Rede para animar a incorporación de persoas no sector primario" (este proxecto inclúe a identificación de posibles zonas para aplicar os instrumentos incluídos na Lei de Recuperación de Terra Agraria)na convocatoria do ano 2022.

Os proxectos de cooperación entre GDRs son fundamentais xa que a parte de cumprir os obxectivos dos proxectos serven, por unha banda, para coñecer novas formas de traballar e, por outra, serven para crear interrelacións entre os GDRs,

Análise do reparto territorial de fondos, tanto de proxectos produtivos como de non produtivos.

No período 2007 -2013, recibiron axuda 50 proxectos dos que 42 eran proxectos produtivos, 5 proxectos non produtivos públicos e 3 foron proxectos non produtivos privados.

A distribución territorial dos proxectos produtivos non é homoxénea (neste período a selección de proxectos é por orde de entrada, non por puntuación): O territorio que máis proxectos tivo foi o concello de Castro de Rei con 15 proxectos e despois foi concello de Vilalba con 14 proxectos. Ségueos o concello da Pastoriza con 12 proxectos. Nos concellos de Begonte e Xermade non se subvencionaron proxectos.

En canto ó reparto de fondos o que acadou mais fondos foi o concello de Castro de Rei seguido do concello de A Pastoriza e logo o concello de Vilalba.

O concello con mais proxectos non produtivos foi o de Castro de Rei con dous proxectos e é de especial relevancia o proxecto "Sala de rehabilitación de persoas dependentes" promovido pola Fundación de Dano Cerebral no concello de Castro de Rei.

No período 2014 – 2020, recibiron subvención 48 proxectos produtivos e 24 de proxectos non produtivos.
A distribución territorial dos proxectos produtivos non é homoxénea. O territorio do concello de Vilalba tivo 16 proxectos, o do concello de Castro de Rei tivo 9 proxectos e o do concello de Riotorto 7 proxectos. Hai dous concellos que non tiveron proxectos produtivos no seu territorio (Begonte e Muras). O motivo de que nestes dous concellos non se subvencionaran proxectos coa axuda Leader é debido a que os promotores que solicitaron información e manifestaron o seu interese na execución dun proxecto, non chegaron a presentar solicitude de axuda Para o novo período Leader 2023-2027 sería convinte realizar, entre outros, unha reunión no polígono industrial de Begonte e así mesmo realizar reunións con diversos axentes sociais dos concellos de Begonte e Muras. Así mesmo, é gratificante a implicación do concello e promotores de Riotorto xa que tendo en conta que se integrou no GDR Terra Chá no ano 2016, tivo 7 proxectos produtivos con axuda Leader.

En canto o reparto de fondos por concellos, o concello de A Pastoriza realizou 6 proxectos e é o que mais fondos leva, seguido de Vilalba e Castro de Rei. Neste reparto inflúe o feito de que tanto Pastoriza como Castro de Rei polos criterios de priorización dos proxectos obteñen mais puntuación, e polo tanto mais porcentaxe de axuda, e porque Vilalba, ó ser un núcleo mais grande, ten un maior número de proxectos.

Respecto ós proxectos non produtivos, recibiron axuda 18 proxectos non produtivos de entidades públicas. Os 10 concellos do territorio solicitaron e recibiron polo menos unha axuda Leader. O concello que mais proxectos presentou foi o concello de Riotorto (4 proxectos). Os concellos que so recibiron unha axuda Leader cobraron un importe entre 62.000 e 67.000 €. O concello que mais fondos recibiu foi o concello de Riotorto (104.000 €). Esta tipoloxía de proxectos ten reservada na estratexia o 21% dos fondos, actualmente lévanse distribuídos case 800.000 €. Debido ós baremos, a concorrencia competitiva e a limitación de fondos no cadro financeiro non todos os concellos teñen as mesmas oportunidades pero é importante que todos os concellos realizaran como mínimo unha actuación subvencionada polo Leader.

En canto ós proxectos non produtivos de entidades privadas, pódese comentar que recibiron axuda Leader 6 proxectos. Un deles de prioridade media e o resto foron de prioridade alta. Estes proxectos foron realizados en 4 concellos (Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza e Vilalba). Cinco proxectos foron realizados por entidades que traballan con persoas discapacitadas, maiores e menores de idade tutelados. En canto a distribución de proxectos foi a seguinte: Vilaba 2 proxectos, Cospeito 2 proxectos, A Pastoriza 1 proxecto e Castro de Rei 1 proxecto. Unha entidade (Fogares Lar) recibiu dúas axudas Leader. Tamén é de mencionar á Fundación de Dano Cerebral (FUDACE) que é a única (tanto de proxectos produtivos como de non produtivos) que recibiu o máximo de axuda Leader (200.000 €). Excluíndo esta entidade o resto de promotores recibiron entre 21.000 e 74.000 €. O proxecto non produtivo de prioridade media recibiu unha porcentaxe de axuda dun 62,87%. E os proxecto non produtivos de prioridade alta teñen unha porcentaxe de axuda media do 79,35%.
Para este tipo de proxectos a estratexia ten reservado o 9% dos fondos. Na actualidade lévanse distribuído 321.000 €.

Análises das tipoloxías de proxectos executados.

- Os proxectos apoiados están ben axustados ós obxectivos? O reparto de proxectos e fondos entre sectores correspondese co establecido na estratexia?

As estratexias estableceron unhas áreas temáticas clave (actuacións) para acadar os obxectivos e, polo tanto, todos os proxectos que recibiron axuda están dirixidos a cumprir os obxectivos.

O reparto de fondos está totalmente axustado á estratexia. No período 2014 -2020 a diferencia do establecido no período 2007 – 2013 estableceuse un reparto de fondos entre proxectos produtivos (70%), non produtivos públicos (21%) e non produtivos privados (9%), esta distribución ten a vantaxe que garantía un mínino de fondos para cada unha das tipoloxías de proxectos. Esta distribución cómprese ó 100%

- Valorización da participación dos distintos tipos de promotores (mulleres, mozos e mozas…). Correspondese co establecido na estratexia?

No período 2007 – 2013 unicamente conqueríu a axuda un proxecto promovido por unha muller e houbo tres proxectos promovidos por mozos. Non obstante, serían 10 proxectos mais se se ten en conta o peso dos mozos nas sociedades que solicitaron axuda. A estratexia (criterios de puntuación) valoraba este tipo de promotores. Pero hai que recordar que neste período os proxectos seleccionábanse por orde de entrada e non por puntuación.

No período 2014 – 2020. o 15,73% dos proxectos que recibiron apoio Leader foron promovidos por mulleres e o 6,25% dos proxectos que recibiron apoio foi promovido por mozos/mozas. A estratexia non estableceu nada neste senso. O que si é interesante e que todos os proxectos promovidos por mulleres ou mozos/as foron apoiados polo Leader. Isto é debido a que nos criterios de selección de puntuación dos proxectos estaba recollido unha prima de puntuación para estes colectivos. Tamén é moi interesante que as mulleres promovan proxectos xa que son as que fixan poboación no territorio e ese é un dos obxectivos xerais da estratexia.

- Valoración da aplicación dos baremos establecidos. Resultaron suficientemente discriminantes? Levaron a unha porcentaxe de apoio público excesiva? Cumpriron a función de seleccionar proxectos axustados ás medidas e obxectivos da estratexia?

No período 2007 – 2013, unha vez que se solicitaba a axuda e se superaba a nota de corte, os criterios de puntuación unicamente servían para definir a porcentaxe de axuda a recibir.

En cambio no período 2014 -2020, os criterios de selección e puntuación dos proxectos establecen unha nota de corte e serven para discriminar os proxectos que teñen mais puntuación dentro da convocatoria (son elixidos os proxectos con maior puntuación dentro de os todos os proxectos que concorren a convocatoria, e dentro de cada tipoloxía de proxectos). O normal é que os posibles promotores se informen nas oficinas do GDR sobre a posibilidade de solicitar a axuda Leader. Neste caso, sempre se realiza un cálculo da posible puntuación do proxecto, no caso de que non supere a nota de corte os promotores non presentan a solicitude de axuda. Polo tanto os baremos axudan a discriminar proxectos xa no momento inicial (antes de solicitar)

Por outra banda, os criterios de selección de proxectos, claro que discriminaron proxectos, na convocatoria 2017 oito proxectos quedaron sen axuda, na convocatoria 2018 quedaron sen axuda 3 proxectos e na convocatoria 2020 quedaron sen axuda 11 proxectos. Os baremos impulsaron ós proxectos que, entre outros, crean mais emprego e os proxectos que se sitúan nas zonas mais rurais do territorio.

Os proxectos produtivos levaron unha axuda media sobre un 44% tendo en conta que a porcentaxe máxima de axuda é o 50% e, por outra banda, só obtiveron a porcentaxe de axuda máxima (50%) 5 proxectos. Ningún proxecto produtivo levou o importe máximo de axuda (200.000,00 €). Tendo en conta o anterior, non se considera que os proxectos produtivos levaran un excesivo apoio público.

A porcentaxe de axuda media dos proxectos non produtivos públicos de prioridade alta (82,23%), atópase xusto na media do rango establecido para estes proxectos (70%-90%). O mesmo ocorre coa porcentaxe de axuda media dos proxectos non produtivos públicos de prioridade media (60,07%) que se atopa no medio de rango das porcentaxes establecidas para estes proxectos (50%-70%).

Os proxectos non produtivos de entidades privadas de prioridade alta teñen unha porcentaxe media de axuda dun 79,35% que está no medio do rango das porcentaxes de axuda para proxectos non produtivos de prioridade alta (70%-90%). Nesta tipoloxía de proxectos os baremos foron determinantes e apoiáronse proxectos dirixidos a colectivos moi desfavorecidos (persoas con patoloxía dual e con alta dependencia)

Tendo en conta o anterior, non se considera que o apoio público para proxectos non produtivos (públicos/privados) sexa alto, mais ben está no rango medio das porcentaxes para esta tipoloxía de proxectos.

Os baremos compren a función de seleccionar proxectos axustados ás actuacións establecidas nas áreas temáticas clave da estratexia .

C.6.3 Proxectos considerados casos de éxito a destacar

Como casos de éxito, identificamos 2 proxectos produtivos que naceron no Leader 2007-2013 ou que tiveron na axuda Leader 2007-2013 un punto de inflexión no seu crecemento.

1. **Grupo On, S.L. – "Central de Alarmas" -** Solicitou unha axuda para iniciar a súa actividade do Leader 2007-2013 no ano 2011.
   Nese momento non tiña empregados e ía empezar. A actividade emprázase no polígono industrial de Vilalba. Solicita axuda para a construción dunha nave industrial e para a adquisición de equipamentos varios.

Táboa 178. Proxecto Produtivo Leader 2007 - 2013

Promotor	Título	Orzamento	% axuda	Importe axuda	Empregos a consolidar	Empregos a crear
Grupo On Seguridade, S.L.	Central receptora de alarmas e sistemas de seguridade	594.944,76	31,62%	188.121,53	-	10

Para ver a súa evolución con datos reais, contrastamos os datos cos achegados coa presentación de un proxecto ás axudas Leader 2014-2020 no ano 2017 (6 anos despois):

Táboa 179. Datos Proxecto Produtivo Leader 2007 – 2013 no 2017

Promotor	Título	Orzamento	% axuda	Importe axuda	Empregos a consolidar	Empregos a crear
Grupo On Seguridade, S.L.	Adecuación de instalacións para realización de proxecto de I+D+D, e CPD, para recepción de eventos	136.166,33	42,25%	57.530,27	20,58	1

Este proxecto contemplaba a adecuación das instalacións que permitan contar con un laboratorio de I+D+D propia para desenvolver novos produtos e testear os existentes antes da súa comercialización. Inclúe ademais a creación dun Centro de Proceso de Datos que permita xestionar procesos de eficiencia enerxética, de análise de vídeo ou sistemas contra incendios, por exemplo, e poder ofrecer ó mesmo tempo ós terceiros servizos de almacenamento de información on-line.

No período de 6 anos, dende que solicitou a primeira axuda no Leader 2007-2013 ata a segunda no Leader 2014-2020, creou un total de case 21 empregos, comprometéndose ademais á creación dun posto mais.

Observase ademais no expediente unha facturación para o ano 2015 de case 700.000 euros, e non tivo perdas.

Na actualidade a empresa segue mantendo a súa actividade

Por todo o anterior, e por ser un sector de traballo tecnolóxico, e no seu momento o único no territorio, consideramos que podemos tratalo como caso de éxito.

2. **Academia Newton, S.L. – "Formación e colocación na Terra Chá"** – Solicitou unha axuda no ano 2010, para a ampliación da súa actividade no Leader 2007-2013.
   Partía dunha situación de empresa en local no centro de Vilalba, moi limitado para a súa actividade. Daba formación a pequenos grupos de alumnos.
   Solicita axuda para a construción dunha nave no Polígono industrial de Vilalba, xunto con equipos necesarios:

Táboa 180. Segundo Proxecto Produtivo Leader 2007 - 2013

Promotor	Título	Orzamento	% axuda	Importe axuda	Empregos a consolidar	Empregos a crear
Academia de Ensinanza Newton Vilalba, S.L.U.	Formación e colocación na Terra Chá	378.126,93	34,40%	130.075,66	2	2

Para ver a súa evolución con datos reais, contrastamos os datos cos achegados coa presentación de un proxecto ás axudas Leader 2014-2020 no ano 2019 (9 anos despois):

Táboa 181. Datos Segundo Proxecto Produtivo Leader 2007 – 2013 no 2019

Promotor	Título	Orzamento	% axuda	Importe axuda	Empregos a consolidar	Empregos a crear
Academia de Ensinanza Newton Vilalba, S.L.U.	Escola de traballos en altura e verticais	43.067,53	33,75%	14.535,29	10,44	

Este proxecto consista na adaptación dunha nave industrial para a impartición de formación en alturas, traballos verticais, extinción de incendios e espazos confinados. É unha ampliación da liña de negocio en formación, aplicando as técnicas propias de PPRRLL en traballos de altura, verticais, espazos confinados e extinción de incendios.

Está a facer formación para empresas , ampliando as súas liñas de traballo, adaptándose ás esixencias do mercado actual.

Observase ademais no expediente unha facturación para o ano 2017 de case 520.000 euros, e non tivo perdas.

Na actualidade a empresa segue mantendo a súa actividade.

Xunto con estes dous proxectos no GDR hai outros promotores que teñen unha traxectoria similar en canto á súa relación co Leader, solicitando axudas en distintos períodos para proxectos que lles vai marcando a súa evolución e crecemento: Xardinor, S.L, SMI Solucións Integrales, S.L., Demaq, S.L., Leitigal, S.L., Carnicos Rio, S.L., Queixería Cas-Leiras …

A destacar como éxito, dentro de proxectos non produtivos os promovidos por FUDACE no Centro de Daño Cerebral en Castro Riberas de Lea. Son proxectos de atención a persoas con dano cerebral e neste Leader 2014-2020 tamén de persoas con patoloxía dual. No Leader 2007-2013 solicitou unha axuda para a construción dunha Sala de rehabilitación de persoas dependentes, con un orzamento de 603.526,91 euros e unha axuda pública de 250.000 euros. No Leader 2014-2020 solicitou unha axuda para a creación dun centro de atención a persoas con trastorno e patoloxía dual, con un orzamento de 568.443,22 euros e unha axuda pública de 200.000 euros.

Todos estes proxectos, tanto os 2 produtivos como o non produtivo, son susceptibles de ser replicados noutros territorios, pois cobren necesidades e/ou prestan servizos comúns e necesarios en todos os territorios.

O éxito destes proxectos produtivos pode radicar en centrarse en nichos de mercado nos que non hai promotores suficientes que presten o servizo e o seu saber facer adquirido co paso do tempo. Pero sobre todo o “éxito” radica no empeño e na implicación dos promotores (administradores das empresas) para levar a cabo o proxecto. Unha cousa e recibir unha axuda financeira o inicio do negocio e outra é, anos despois, manter e ampliar o negocio e seguir creando novos postos de traballo. Calquera caso de éxito pode ser replicado pero o mais importante é a implicación do promotor no proxecto.

C.7. Orientacións e leccións extraídas para o novo período 2023-2027

A modo de reflexión é interesante promover proxectos en todos os concellos do territorio, tanto produtivos como non produtivos, xa que un proxecto Leader é un escaparate para outros promotores.

En canto a proxectos produtivos, no período 2007 – 2013, houbo dous concellos (Begonte e Xermade) que non recibiron axuda Leader e no período 2014 -2020, tampouco dou concellos non recibiron axuda Leader (Begonte e Muras). De cara o período 23 -27 deberanse facer labores de difusión entre os axentes sociais e emprenderes dos concellos de Begonte e Muras a fin de conseguir que polo menos en cada concello exista un proxecto con axuda Leader. Estas labores de difusión téñense que facer ademais entre outros concellos que, aínda que si solicitaron axudas Leader, fixérono en menor medida que outros como Riotorto, Castro de Rei, Vilalba e A Pastoriza.

Respecto os proxectos non produtivos, o cambio do período 2007 – 2013 ó período 2014 -2020 no que xa se reservan no cadro financeiro fondos distribuídos para cada unha das tipoloxías de proxectos é fundamental. No período 2014 -2020 todos os concellos recibiron como mínimo unha axuda Leader. Para o novo Leader tamén sería interesante que cada concello teña unha axuda Leader.

Nos criterios de priorización, un dos cambios mais salientables que se prevé é a eliminación (no criterio 6 “En función da tipoloxía” dos baremos produtivos) dos índices correctores do comercio polo miúdo ou servicio non existente na parroquia e reducir o índice corrector para o comercio polo miúdo ou servizo existente na parroquia. Observouse que estes índices correctores estaban impedindo obter axuda Leader os promotores nos núcleos mais grandes (Vilalba, Guitiriz, Castro Riberas de Lea) de poboación do territorio.

Pola conxuntura económica actual xorden novos retos para os distintos territorios, que levan a orientar os obxectivos cara uns territorios e economías mais sostibles, facendo fincapé en obxectivos de aforro e eficiencia enerxética e de conservación de medioambiente. Outro reto para a poboación é a adaptación á transformación dixital.
Obxectivos medioambientais:

- Uso sostible e protección dos recursos hídricos
- Economía circular
- Protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas

Polo tanto, é interesante fomentar nos baremos, entre outros, o uso das enerxías renovables, proxectos de bioeconomía circular. E por suposto incentivar as empresas que teñan determinadas certificacións medioambientais e sociais.

O territorio do GDR é un territorio eminentemente agrario e con abundancia de explotacións agro-gandeiras, e polo tanto, hai que conciencialos da realización de actuacións de conservación e respecto do medioambiente.

Un dos obxectivos importantes é a innovación, coa finalidade de que se poidan xerar produtos, servicios que melloren a eficiencia do uso dos recursos e a redución da xeración de residuos.

Outro dos obxectivos a marcar para o Leader 2023-2027 é o de Xestión ordenada do Solo. No proceso participativo do GDR, en moitas das reunións levadas a cabo, marcase como unha debilidade do territorio. Existen terreos abandonados e polo tanto improdutivos. Marcase tamén como debilidade o escaso tamaño das propiedades que non permite xestionalas dun xeito correcto. Outra posibilidade produtiva son as extensións de terreo pertencentes a Montes Veciñais en man común e que na maioría dos casos están mal xestionados. A lei do Solo de Galicia pode ser un instrumento que axude a mitigar este problema no territorio.

En función destes obxectivos especificados, o GDR participa en dous grupos focais para abordar retos comúns e aproveitar oportunidades do desenvolvemento do territorio con outros GDRs do territorio galego: Auga e enerxía: Cambio climático e innovación ambiental e no grupo focal de Recuperación de terras agrarias: Ferramentas para a xestión do territorio.

Durante este período observouse tamén un aumento do turismo. A pandemia mundial COVID-19 fixo que o turismo de natureza tivese un certo repunte. O territorio ten como recursos turísticos mais importantes o Camiño Norte de Santiago, que pasa por 4 dos 10 concellos do territorio e os recursos naturais. Parte do territorio esta incluído na Reserva da Biosfera Terras do Miño, hai zonas de Rede Natura…

Dadas as posibilidades do territorio e o aumento do turismo nestes últimos anos faise necesario tamén para a próxima estratexia 2023-2027, a potenciación, valorización e posta en valor dos recursos do territorio (natural, cultural e patrimonial), co obxectivo de atraer visitantes á comarca.

Haberá que adaptar os criterios de selección de proxectos ós obxectivos definidos na nova Estratexia e necesidades detectadas, intentando subsanar ou mitigar as posibles eivas detectadas no anterior programa Leader 2014-2020.

No período Leader 2014-2020 leváronse a cabo 4 proxectos de cooperación: " Alimentos da biosfera: rede para la promoción de circuítos cortos alimentarios baixo a Reserva de Biosfera españolas" e "Incorporando Ilusións", na convocatoria do ano 2018 e os proxectos "Rede de Ecocomedores para animar o consumo de produtos ecolóxicos, de tempada e proximidade" e o proxecto "Nó Rural . Rede para animar a incorporación de persoas no sector primario" na convocatoria 2022.

Os proxectos de cooperación do ano 2022 son unha continuación dos proxectos da convocatoria 2018

Todos estes proxectos están en liña cos obxectivos do territorio, fomentando a economía circular e intentando frear o éxodo do rural da xuventude e poderán seguir sendo liñas de traballo para o GDR2 no período 2023-2027.

Para o período 2023-2027 considerase importante manter relacións de cooperación con outros GDRs (galegos, nacionais e internacionais). Neste senso o GDR está a participar nos grupos focais que se crearon entre os GDRs galegos coa finalidade de abordar retos comúns e aproveitar oportunidades de desenvolvemento territorial nos territorios dos GDRs participantes.

D. Análise do novo marco normativo e institucional e impacto previsible na futura estratexia.

Dentro do análise normativo, institucional e estratéxico centrarémonos no máis relevante e de interese directo para o noso GDR. A intención e coñecer que incidencia deste marco ten no noso territorio e a forma en como pode condicionar na estratexia e especificar cales destas prioridades da normativa e documentos son incorporadas co fin de maximizar as sinerxías e a complementariedade, especialmente coas restantes medidas de desenvolvemento rural que se van apoiar no marco da PAC 2023-2027 e das recentes políticas europeas (Pacto Verde, Estratexia da Granxa á Mesa, Estratexia de Biodiversidade 2030, Estratexia forestal, etc.). Para iso, e importante recalcar que a Terra Chá encádrase dentro do sector primario onde destaca a especialización leiteira, a cárnica e, en canto ao forestal, a explotación da especie *Pinus radiata*. Conta tamén cunha superficie ampla dedica ao cultivo, explotacións gandeiras e uso forestal e boas condicións ambientais, de aí a que a incidencia da nova PAC e das recentes políticas - europeas teñan importante cabida na estratexia de desenvolvemento local e especialmente, sexa importante ter en conta a Lei de recuperación da terra agraria.

Partindo do coñecemento que temos do ámbito xeográfico da comarca vamos analizar e incluír na futura estratexia de desenvolvemento local as estratexias que detallaremos nos seguintes apartados.

D.1 Estratexias da UE

D.1.1 Pacto Verde

O Pacto Verde é a estratexia da UE para conseguir a neutralidade climática. Engloba un amplo abano de iniciativas políticas en ámbitos moi diversos, destinadas a encamiñar á UE nesa transición ecolóxica polo que é importante para considerar dentro da estratexia do GDR. Partindo das actuacións que propón o Pacto Verde Europeo, das características do noso territorio e da información aportada pola período de participación desta estratexia, teremos en conta as seguintes actuacións en función da súa incidencia no GDR é como se poden incorporar:

Táboa 182. Obxectivos, incidencia e incorporación do Pacto Verde na estratexia

OBXECTIVOS DO PACTO VERDE	INCIDENCIA NO TERRITORIO DO GDR-02	INCORPORACIÓN NA ESTRATEXIA
AMBICIÓN CLIMÁTICA: Apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro	Xera un aforro económico global Acada a neutralidade climática (redución de emisións, subministro de enerxía segura e limpa...)	O apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro Campañas ou iniciativas para concienciar sobre os logros da neutralidade climática
ENERXÍA LIMPA, ASEQUIBLE E SEGURA: Produción e utilización de enerxía limpa	Non efectúa emisións de gases de efecto invernadoiro Protexer, manter e mellorar o capital natural, a saúde e o benestar dos cidadáns fronte os riscos medioambientais	Intensificar a produción e utilización de combustibles alternativos e sostibles para o transporte Prioridade a eficiencia enerxética
PRESERVACIÓN E PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE	Eliminación da pegada de carbono no desempeño da actividade diaria Valor das áreas paisaxísticas e das reservas do territorio	Impulsando proxectos que poñan en valor a capacidade de espazos naturais e a redución de emisións
SISTEMA ALIMENTARIO XUSTO E RESPECTUOSO CO MEDIO AMBIENTE (Estratexia da granxa á mesa)	Harmonizar o sistema, a produción, transformación e comercialización da alimentación coas necesidades do planeta con prácticas e produción sostibles	Fomento da economía circular
INTEGRACIÓN DA SOSTENIBILIDADE: Contribución a un entorno sen substancias tóxicas	Mellora da calidade de vida e da produción	Apoiar as iniciativas con produción tradicionais, as actividades ecolóxicas, a eliminación de químicos e sulfatos na produción Incentivar aos proxectos que procuran a calidade do alimento e o ben estar animal

D.1.2 Estratexia da granxa á mesa

É unha das iniciativas clave no marco do Pacto Verde Europeo ao fin de contribuír o logro da neutralidade climática de aquí ao 2050, período no que abarca tamén a nosa estratexia 2023-2027. O que se pretende e facer evolucionar o sistema alimentario cara un modelo sostible. Os principais obxectivos desta estratexia que podemos encaixar na nosa comarca e debemos dar prioridade podemos encadralos tendo en conta cales son os obxectivos da UE: reducir a pegada ambiental e climática do sistema alimentario europeo e reforzar a súa resiliencia, asegurar a seguranza alimentaria encarando o cambio climático e a perda de biodiversidade ao tempo que lidera a transición global cara unha sustentabilidade competitiva da granxa á mesa.

Táboa 183. Obxectivos, incidencia e incorporación da granxa á mesa na estratexia

OBXECTIVOS OU ELEMENTOS DA ESTRATEXIA DA GRANXA Á MESA	INCIDENCIA NO TERRITORIO DO GDR-02	INCORPORACIÓN NA ESTRATEXIA
1.Produción sostible de alimentos	Aumento do autoconsumo Aumento do valor dos produtos locais e potenciar novas oportunidades de negocio, ao valor tradicional de mercados locais, feiras e mercados tradicionais xa existentes	Fomentar o autoconsumo, a economía circular, a agricultura tradicional, a produción ecolóxica…
- Modelos de negocio verdes: secuestro de carbono por agricultores e silvicultores ('EU carbón farming' initiative)	Aproveitamento a abundancia dos recursos propios e obter proveito das variedades locais, razas autóctonas etc.	Fomentar os métodos de produción máis rápido a través de solucións tecnolóxicas ou dixitais baseadas na natureza e no territorio para proporcionar mellores resultados ambientais, climáticos e aumentar a resiliencia climática. Fomentar reducir a dependencia de determinadas materias primas (ex. soia procedente de zonas deforestadas)
- Bioeconomia circular (enerxía renovable, biodixestión, enerxía solar…)	Emprego dos nosos residuos en recursos Reducir o consumo de combustibles fósiles	Apoio á economía circulas e a produción de enerxías renovables Incentivar proxectos bioeconómicos

- Redución do uso de pesticidas químicos	Aumento da fertilidade das terras do territorio e aproveitamento das características climatolóxicas que posibilitan o éxito do cultivo.	Potenciar a agricultura tradicional impulsar prácticas que reduzan a utilización de pesticidas químicos e o exceso de fertilización
- Redución da perda de nutrientes e do uso de fertilizantes	Aumenta a calidade ou mantén a calidade dos produtos primarios da zona	Motivar os pequenos produtores e a utilización dos produtos de tempada e garantir a competitividade e a seguridade alimentaria, a saúde pública e alcanzabilidade Crear investimentos que con leven estudos ou traballos dos solos para coñecer as propiedades e necesidades
- Redución do impacto ambiental e climático da produción animal (aditivos, impulso proteaxinosas, métodos de menores emisións…)	Mellora do benestar animal do territorio, da súa produción e polo tanto do produto que se comercialice. Calidade dos produtos primarios en xeral, da calidade ambiental e na zona	Impulso dunha cadea alimentaria sostible
- Redución do uso de antimicrobianos	Mellorar a calidade de vida, a utilización dos recursos naturais e crear un ambiente neutro, reverter a perdida da biodiversidade	Facilitar as inversións sostibles na loita contra a resistencia dos antibiomicrobianos Fomentar o uso controlado e limitado dos medicamentos
- Mellora do benestar animal	Calidade dos alimentos e polo tanto aumento do seu valor. Garantir a estabilidade dos animais do territorio e os seus coidados e alimentación	Incentivar iniciativas que con leven a mellora do benestar animal
- Sanidade vexetal (incluído impulso de variedades tradicionais e locais)	Protexe a natureza e a biodiversidade da zona Apoio e fomento ao cultivo, plantación de especies propias ou autóctonas xunto coas que manteñen características de agricultura tradicionais, favorecer a utilidade dos terreos a través da ordenación e dos usos actuais dos terreos. Valoración das granxas e actividades que fomenten o ben estar animal	Estímulo de prácticas sustentables na transformación de alimentos, no comercio, na hostalaría e nos servizos de comidas Apoio a produción de sementes de calidade, adaptadas ás condicións locais e fomentar este tipo de agricultura Impulso de cadeas de comercialización cortas e iniciativas de cooperación que reforcen a posición dos agricultores na cadea alimentaria

- Impulso da agricultura ecolóxica	Aumento do valor dos produtos locais	Fomentar o consumo de produtos ecolóxicos
2.Seguridade alimentaria (en particular en situacións de crise)	Garantir unha estabilidade alimentaria	Fomentar o uso responsable dos alimentos Impulsar iniciativas que acheguen os alimentos a colectivos de poboación (colexios, centros de día…)
3.Cadea alimentaria sostible	Incorpora na sociedade o uso responsable dos alimentos e dos residuos	Incentivar a produción e o consumo final dos nosos alimentos a que queden no noso territorio, a través de axudas, garantías de calidade, publicidade..
- Fortalecer os circuítos curtos e sistemas alimentarios locais	Aumento do valor dos produtos locais e potenciais, xera novas oportunidades de negocio ao valor tradicional de mercados locais, feiras e mercados tradicionais xa existentes	Apoiar a economía da zona, a economía circular
- Reforzo das DOP e IXP	Aumento de valor dos DOP e IXP que xa temos e da súa comercialización	Mais publicidade e fomento dos produtos con DOP e IXP
- Envasado sostible (redución de químicos, materiais renovables, reciclables….)	Reducir os residuos	Incentivar a produción sen envasados, uso de materiais renovables na produción actual (leite, cárnica, alimentos de tempada…)
- Economía circular na cadea de procesado e distribución	Crecemento e riqueza dos produtores e empresas de transformación	Axudas económicas as empresas actuais que xeran o produto que tamén queiran transformalo e vender o produto final
- Integración da sustentabilidade como elemento de estratexia corporativa	Maior valor e calidade da cadea de produción e do produto final	Crear iniciativas que teñan en conta a integración da sustentabilidade e poder levalas acabo na industria, comercialización…
- Inducir dietas máis saudables (reducindo graxas, azucre ou sal)	Poboación con maior calidade de vida e mais saudable	Publicidade de produtos naturais e da zona. Impulsar campañas da necesidade do consumo alimentario mais saudable
- Prácticas empresariais e de marketing responsables	Maior valor as empresas actuais. Creación de empregos mais innovadores e orientados ao uso responsable	Apoiar empresas que leven acabo marketing e publicidade responsable ou que realicen a súa actividade nesa liña
- Etiquetaxes harmonizadas de sustentabilidade	Mais transparencia para os nosos cidadáns, maior coñecemento e facilidades para estar informado	Colaborar con empresas que queira mellorar o seu etiquetaxe. Apoiar as empresas para que procuren un alimento con etiquetaxe mais sostible e responsable
- Licitación pública de alimentos sostibles	Maior equidade e igualdade nos alimentos	Fomentar a redución de desperdicios e menús equilibrados en centros públicos

4.Redución do desperdicio de alimentos	Redución de residuos e perdidas de alimentos	Fomentar o emprego de materiais reutilizables, a distribución de produtos de proximidade e ecolóxicos…

D.1.3 Nova Estratexia en favor dos bosques 2030

Os bosques desempeñan un papel importante na Terra Chá, xeran emprego, proporcionan alimentos, menciñas, materiais e auga limpa entre outros. Ademais, ocupa unha superficie significativa que engade valor ao territorio. Actualmente a superficie forestal na Terra Chá ocupa case o 60% da superficie total polo que é importante ter en conta a estratexia en favor dos bosques 2030. Está baseada no Pacto Verde e na estratexia sobre a biodiversidade e inclúe medidas para reforzar a protección e restauración dos bosques, así como mellorar a xestión forestal sustentable de cara a garantir uns ecosistemas forestais resilientes e multifuncionais. Durante o proceso participativo unha das demandas mais aportadas tiña que ver co sector forestal, a propia poboación ou axentes viron relevante dar mais protagonismo e importancia a nosa capacidade forestal. Con este fin, nesta estratexia ponse en valor as zonas forestais pero tamén vai unida a necesidade da biodiversidade. Esta prospera mellor en espazos protexidos e actualmente a Terra Chá conta con unha importante rede de espazos protexidos, de especial conservación, reservas da biosfera... que se localizan da seguinte maneira dentro do territorio:

Táboa 184. Espazos e áreas de especial protección ou conservación

MEDIO AMBIENTE	
Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN)	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba, Xermade
Rede Natura 2000: Zona de Especial Conservación (ZEC)	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba, Xermade
Espazo Privado de Interese natural (EPIN)	Xermade
Árbores senlleiras	Begonte, Castro de Rei, Vilalba e Xermade
Reservas da Biosfera	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
Zonas de protección avifauna	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, Xermade
Áreas prioritarias avifauna	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, Xermade

Tamén o territorio conta con varias áreas paisaxísticas:

Táboa 185. Áreas paisaxísticas do GDR e superficie e concellos que abarcan

Grande área paisaxística	Nome	Superficie total (ha)	Superficie afectada do GDR (ha)	Concellos do GDR afectados
Chairas e Fosas Luguesas	Serra da Carba	3542,95	3542,95	Muras, Vilalba e Xermade
Chairas e Fosas Luguesas	Monseivane	3851,8	3851,8	Abadín e Vilalba
Chairas e Fosas Luguesas	Lagoa de Cospeito	132,83	132,83	Cospeito
Chairas e Fosas Luguesas	Veigas de Muimenta	468,06	468,06	Castro de Rei e Cospeito
Chairas e Fosas Luguesas	Fonmiñá	66,78	66,78	A Pastoriza
Chairas e Fosas Luguesas	Río Parga-Guitiriz	136,05	136,05	Guitiriz
Chairas e Fosas Luguesas	Alto Miño	1591,98	745,93	Begonte
Chairas e Fosas Luguesas	Castro de Viladonga	101,18	101,18	Castro de Rei
Galicia Setentrional	Fraga de Ambosores-Alto Sor	300,75	45,74	Muras
Galicia Setentrional	Serra do Xistral	6555,97	3761,75	Abadín e Muras
Galicia Setentrional	Serra da Toxiza-Tronceda-Fragavella	3426,13	1306,54	Abadín

Si se ten en conta a capacidade forestal e a biodiversidade do territorio do GDR e os obxectivos que se queren alcanzar coa estratexia a favor dos Bosques 2030 pódense sacar as seguintes propostas que sirvan para coñecer que incidencia ten o territorio e a estratexia e como podemos incorporalos a esta.

Táboa 186. Obxectivos, incidencia e incorporación da Estratexia a favor dos bosques na nosa estratexia do GDR Terra Chá

Obxectivos da Estratexia a favor dos Bosques para o 2030	**Incidencia no territorio do GDR-02**	**Incorporación na estratexia**
Apoiar funcións socioeconómicas dos bosques para lograr zonas rurais prósperas e impulsar a bioeconomía forestal dentro dos limites da sustentabilidade	Importancia da superficie forestal que pode supoñer boas perspectivas de aproveitamento da biomasa. Aproveitamento das terras por baixo do o seu potencial produtivo (por ex.: montes en man común) Ofrece múltiples funcións e beneficios socioeconómicos, en particular empregos adicionais e oportunidades de crecemento en zonas rurais, así como funcións recreativas que contribúen á saúde física e mental da cidadanía.	Promover unha bioeconomia forestal sostible para os produtos de madeira de longa duración Garantir o usos sostible dos recursos baseados na madeira para a bioenerxía Promover a bioeconomia forestal non destinada a madeira, en particular ao ecoturismo Desenvolver capacidades e capacitar as persoas para unha bioeconomia forestal sostible
Protexer, restaurar e ampliar os bosques da UE para loitar contra o cambio climático, investir a perda de biodiversidade e garantir uns ecosistemas forestais resilentes e multifuncionais	Protección do patrimonio rural: Rede Natura 2000, Reserva da Biosfera Maior almacenaxe importante de reservas de carbono e tamén eliminación do carbón da atmosfera, ademais de dar maior valor a nosa biodiversidade e a prestación de servizos ecosistémicos. Maior valor patrimonial e turístico A longo prazo melloraría a adaptabilidade e a capacidade dos bosques para recuperarse e organizarse por si mesmos	Protección dos últimos bosques primarios e maduros do GDR Garantir a restauración forestal e o reforzo da xestión forestal sostible para adaptación ao cambio climático e a resiliencia dos bosques, en especial ás árbores senlleiras Apoio a reforestación e forestación de bosques ricos en biodiversidade (partindo de que contamos con zonas protexidas e de gran valor natural) Incentivar as actividades que procuren a mellora da cantidade e calidade dos paisaxes e bosques do GDR
Seguimento estratéxico dos bosques, presentación de información e recompilación de datos	Favorecer que recursos no rural estean inventariados, tipificados, valorados e localizados, como primeiro paso para deseñar métodos/estratexias/acciones de valorización Facilitar a ordenación dunha gran parte do territorio (lembremos que a superficie forestal ocupa un 60%)	Estudos ou investigacións sobre o estado dos nosos bosques, o seu valor social e económico que fomenten a información e a recompilación de datos Diminuír a necesidade de indicadores e limiares de xestión forestal sostible mais detallados sobre as características climáticas e biodiversidade do noso GDR

Unha axenda sólida de investigación e innovación para mellorar os nosos coñecementos sobre os bosques	Dar valor a superficie forestal que pode supoñer boas perspectivas de aproveitamento da biomasa. Capacitar á poboación do GDR para unha economía forestal sustentable	Fomentar actividades de investigación e innovación relacionadas coa nosas áreas paisaxísticas, zonas protexidas, plantacións autóctonas... Inversións na mellora do so de datos e desenvolvemento de infraestruturas, tecnoloxías e modelos que aceleren a aplicación de innovacións dixitais na silvicultura, zonas rurais e cadeas de valor... Apoia o intercambio de coñecementos, cooperación, educación, formación e asesoramento en apoio de prácticas de xestión forestal
Marco integrador e coherente de gobernanza forestal da EU e intensificar a aplicación e o cumprimento do acervo vixente da UE	Conservar o medio natural actual, en especial as áreas protexidas, as reservas e os recursos forestais.	Fomentar a participación dunha amplía variedade de expertos e partes interesadas a través dun intercambio multidisciplinar que facilite o coñecemento dos nosos bosques ou áreas paisaxísticas e poder introducir os obxectivos da estratexia da EU A nivel GDR fomentar as reunións conxuntas nas que se xeren debates que procuren o compromiso da sociedade civil, propietarios, xestores forestais, industrias... do GDR para ampliar o compromiso coa nosa paisaxe e economía

Actualmente xa existen exemplos de boas prácticas de xestión forestal para conservar e restaurar a biodiversidade a nivel internacional das cales algunhas poderían adaptarse perfectamente ao territorio do GDR. Dentro dos obxectivos temos en conta que algunha delas poderíamos utilizala para usar como ferramentas nos obxectivos e estratexias que nos marquemos.

D.1.4 Nova Estratexia sobre a biodiversidade 2030

Dentro do Pacto Verde podemos ter en conta a estratexia sobre a biodiversidade 2030. Trata de protexer a natureza e contribuír á recuperación dos ecosistemas, particularmente a biodiversidade. A biodiversidade proporciona moitos beneficios para o ser humano por desempeñar un papel importante no funcionamento dos ecosistemas e nos numerosos servicios que proporciona. O que se pretende con esta estratexia e reforzar á resiliencia da sociedade fronte a ameazas (cambio climático, incendios forestais, inseguridade alimentaria...). Esta vai unida as demais estratexias europeas

nomeadas anteriormente (estratexia a favor dos bosques, da granxa á mesa..) polo que é una iniciativa que temos que ter en conta na nosa estratexia e que dará mais valor ao noso contorno, a nosa economía, a poboación e a calidade de vida. Ademais, a biodiversidade xoga un papel mais importante tras a pandemia Covid-19, xa que fixo que aumente a concienciación acerca dos vínculos que existen entre a saúde da poboación e a dos ecosistemas, entre as cadeas de subministro e os hábitos de consumo sostible dentro dos límites do planeta. En particular, na nosa estratexia podemos abordar tendo en conta os obxectivos da estratexia da UE os seguintes aspectos tendo en conta a súa incidencia e forma e incorporación no noso GDR:

Táboa 187. Obxectivos, incidencia e incorporación da Biodiversidade 2030 na estratexia

OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA SOBRE A BIODIVERSIDADE 2030	INCIDENCIA NO TERRITORIO DO GDR-02	INCORPORACIÓN NA ESTRATEXIA
Unha rede coherente de espazos protexidos	Recuperación e valoración de un medio rural ben conservado Potenciar a nosa Rede Natura 2000, ZEC Ladra-Parga-Támoga, ZEC Serra do Xistral, Reserva da Biosfera...	Apoia o intercambio de coñecementos, cooperación, educación, formación e asesoramento en apoio a valorar os espazos protexidos Actuacións de recuperación de áreas protexidas do territorio
Plan de recuperación da natureza na UE	Dar apoio ao contorno	Impulso de prácticas agrarias sustentables Apoio á ecoloxización de áreas rurais e núcleos urbanas
Propiciar un cambio transformador	Diversidade territorial: paisaxes naturais e culturais	Apoio a iniciativas empresariais que contribúan a recuperación da biodiversidade
Ambicioso plan mundial sobre a biodiversidade	Explotación económica sostible dos Espazos naturais Protexidos Valoración das áreas protexidas e da biodiversidade do GDR	Contribución á recuperación de ecosistemas degradados do noso GDR Apoio a ecolixación en áreas con maior núcleo poboacional ou mais urbanas

Dentro do Pacto Verde presentando pola Comisión Europea podemos englobar as estratexias nomeadas ata o de agora. Todas elas van orientadas cara un ben común onde en conxunto se da prioridade, tendo as características da comarca, os seguintes aspectos:

- O apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro.
- A produción e utilización de enerxía limpa.
- O fomento da economía circular.
- O impulso dun sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente. (Estratexia da granxa á mesa).
- O apoio a iniciativas para protexer a biodiversidade (Estratexia sobre biodiversidade).
- A contribución a un entorno sen substancias tóxicas.
- O fomento de prácticas que contribúan ao secuestro de carbono.
- O apoio á economía circular e á produción de enerxías renovables.
- O impulso de prácticas que reduzan a utilización de pesticidas químicos e o exceso de fertilización.
- O apoio á produción de sementes de calidade, adaptadas ás condicións locais.
- O fomento da agricultura ecolóxica.
- O impulso de iniciativas de cooperación que reforcen a posición dos agricultores na cadea alimentaria.
- O estímulo de prácticas sustentables na transformación de alimentos, no comercio maiorista e minorista, na hostalaría e nos servizos de comidas.
- O impulso de cadeas de comercialización cortas.
- As actuacións en áreas protexidas do territorio.
- A contribución á recuperación de ecosistemas degradados.
- O impulso de prácticas agrarias sustentables.
- O apoio a iniciativas empresariais que contribúan á recuperación de biodiversidade.
- O fomento do abastecemento sustentable de enerxías renovables.
- O apoio á ecoloxización de áreas urbanas e periurbanas.

- A promover a bioeconomia forestal sustentable para os produtos de madeira de longa duración.
- A garantir o uso sustentable dos recursos baseados na madeira para a bioenerxía.
- A promover a bioeconomia forestal non madeireira, particularmente o ecoturismo.
- A capacitar ás persoas para unha economía forestal sustentable.

D.2 Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 e a súa aplicación en Galicia

D.2.1 Aclaración inicial sobre os documentos relevantes a nivel español

O que procura a Política Agraria Común e ofrecer un firme apoio aos agricultores contribuíndo a proporcionarlles un nivel de vida acorde ao resto da sociedade e que define as condicións que permiten que o sector agrario cumpra as súas importantes funcións para a sociedade. Dentro destes beneficios para a sociedade podemos resumilos da seguinte maneira:

Alimentación	Medioambiente	Emprego	Poboación
Suministro de produtos a precios estables e asequibles Incrementar a competetitividade Reequilibrar o poder da cadea alimentaria	Conservación do medioambiente e loita contra o cambio climático Conservar a paisaxe e a biodiversidade	Fixación da poboación e xeración de emprego no medio rural	Xeración de maneira directa e indirecta de traballo no sistema agroalimentario Zonas rurais vivas

A nivel español durante o 2000-2020 a produción na rama agraria incrementouse un 46%, as exportacións un 226% e a renda agraria por unidade de traballo anual un 96% (traballo a tempo completo dunha persoa durante un ano). A última reforma da PAC finalizou no 2022 e aplicarase xunto o período da nosa estratexia, de 2023 a 2027. Entre outras, o plan estratéxico da PAC 2023-2027 engade os seguintes puntos:

- Agricultor activo

- Axuda básica da renda (ABRS)
- Pago redistributivo
- Condicionalidade forzada
- Eco-rexímenes
- Axudas asociadas
- Intervención sectorial
- Reforzo ao relevo xeracional e a incorporación de mulleres
- Reforzo da formación e asesoramento, innovación e dixitalización

Dentro destas 9 novidades ou obxectivos específicos e do obxectivo transversal, a intervención LEADER vai contribuír co obxectivo "Reforzo ao relevo xeracional e a incorporación de mulleres" dedicado a promover o emprego, o crecemento, a igualdade de xénero, incluída a participación das mulleres na agricultura, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, entre elas a bioeconomia circular e a silvicultura sustentable

D.2.2 Orientacións e indicacións prácticas en relación co Plan Estratéxico da PAC

a. Necesidades identificadas no PEPAC ás que contribúe a estratexia do GDR

Vamos centrar o análise en como pode contribuír a estratexia do GDR nas necesidades identificadas no PEPAC pero, principalmente, no obxectivo indicado anteriormente: O reforzo ao relevo xeracional e a incorporación de mulleres.

Galicia, historicamente é un dos territorios máis poboados de España, sofre desde hai décadas unha intensa perda de poboación que afecta de forma especial ás zonas rurais menos poboadas. En moitas delas a baixa densidade e a elevada dispersión poboacional dificultan que exista unha masa social e un tecido asociativo e empresarial que facilite procesos de desenvolvemento local participativo tal e como sucede no noso territorio da Terra Chá. O envellecemento e a baixa taxa de natalidade son especialmente intensos no territorio e acentuáronse no último decenio. Por outra banda, a dinámica galega do emprego esconde grandes contrastes territoriais: incremento nos núcleos urbanos e, sobre todo, nas zonas periurbanas, fronte a unha contracción nas áreas rurais e especialmente naquelas que teñen unha base menos diversificada. O GDR ademais, non se caracteriza por contar con varios núcleos urbanos o que fai que

a procura de asentarse aquí, tamén, condiciona a despoboación na propia comarca. A brecha de xénero no emprego é máis intensa nas zonas rurais. O proceso de desagrarización (aínda non completamente finalizado) unido á ausencia de diversificación económica explican nunha alta proporción a deterioración demográfica, o diferencial de renda e o reducido nivel de participación das áreas rurais no PIB galego.

O salario medio anual que perciben as traballadoras do sector agrario é significativamente menor que o dos homes; con todo, a titularidade das explotacións pódese considerar igualitaria entre homes e mulleres. En cambio, é moi escasa a representación de mulleres en órganos de decisión de empresas e cooperativas agroalimentarias.

A brecha das infraestruturas e os servizos é aínda unha realidade: a situación desfavorable de acceso aos diferentes servizos, as desiguais relacionadas co coidado de dependentes, a escasa dispoñibilidade de ferramentas de mobilidade e a deficiente conectividade e baixo desenvolvemento e uso de TIC, continúan sendo un importante obstáculo á hora de viabilizar demográfica e economicamente as zonas rurais.

En resumo, podemos concluír na seguinte táboa como estas necesidades se ven reflexadas na nosa estratexia da seguinte maneira:

Táboa 188.Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco do PEPAC

MEDIDA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE INTERESE PARA O GDR	RELACIÓN CO DAFO DO GDR	ROL DO GDR	OUTRAS POSIBLES ACCIÓNS DO GDR SINÉRXICAS
Permanencia e asentamento de nova poboación, xoves e mulleres.	Indicadores demográficos negativos Falta de asentamento da poboación moza, mais ofertas en outros sectores que non sexa o primario	Beneficiario potencial	Apoio a rehabilitación das vivendas, aldeas, zonas deprimidas Favorecer os servizos básicos, públicos e actividades de ocio

Sistemas agroalimentario e forestal sustentables e diversificados e xestión forestal sustentable.	Potente sector forestal e primario Pouca diversificación e valoración dos recursos naturais, o rural e o sector primario	Colaborador	Apoio e fomento ao cultivo, plantación de especies propias ou autóctonas xunto coas que manteñen características de agricultura tradicional Favorecer alternativas ao aproveitamento de montes (micoloxía, helicicultura...)
Emprendemento e talento innovador.	Falta de promotores e investidores privados, debido a que hai un escaso tecido económico.	Promover	Titorizar proxectos de mozos emprendedores que queiran vivir da actividade agrogandeira ou calquera negocio innovador e sostible Apoio a emprendedores na industria e oficios tradicionais Procurar a retención do talento innovador
Infraestruturas e servizos en áreas rurais.	Carencia de polígonos e zonas empresarias Servizos rurais escasos ou concentrados en núcleos sen ter en conta a dispersión xeográfica	Colaborar na implementación	Mellorar a dotación de infraestruturas e servizos das áreas rurais Fomentar actuacións de creación e mellora de infraestruturas
Mellora de colectivos en risco de exclusión social.	Calidade de vida no rural Falta de servizos e medios mínimos Uso das tecnoloxías de calidade	Divulgación e promotor	Asegurar e fomentar a implementación de un desenvolvemento endóxeno Actividades adaptadas e que involucren os colectivos de exclusión social
Formación, divulgación e transferencia de coñecemento en bioeconomia.	Novas tecnoloxías e innovacións Imaxe de calidade asociada aos produtos baseados na bioeconomia Aproveitamento do auxe dos novos modelos de negocio	Divulgador e colaborador	Difundir o coñecemento e a utilización de recursos, procesos para proporcionar bens e servizos de forma sostible Facilitar o aumento da inversión en bioeconomia Fomentar as actividades que procuren a economía circular

Explotacións de mulleres.	Mulleres formadas, en especial, mozas. Incorporación cada vez maior no mundo laboral Pouca man de obra	Promotor	Mellorar a dimensión física e económica das explotacións de mulleres Mais difusión e valoración en certos sectores laborais Axudas para facilitar o seu emprendemento
Incorporación e permanencia de mulleres.	Desigualdade e brecha salarial por xénero Falta de concienciación do papel que desempeña	Promotor	Mellorar as condicións para incorporación e permanencia na actividade agraria Incentivar a través de axudas económicas as mulleres emprendedoras
Órganos de decisión e mulleres.	Desigualdade e brecha salarial por xénero Falta de concienciación do papel que desempeña Desfeminización	Promotor	Un enfoque estratéxico e integrado do relevo xeracional que favorezan a simplificación e redución da burocracia Fomentar aspectos culturais e actividades que empoderen a muller Priorizar na asignación de dereitos na Fomentar a incorporación das mulleres nos órganos de decisión vinculados ao sector agrario

b. Sinerxías e complementariedades coas outras medidas de desenvolvemento rural que vai xestionar a Xunta de Galicia

Táboa 189. b. Sinerxías e complementariedades coas outras medidas de desenvolvemento rural que vai xestionar a Xunta de Galicia

MEDIDA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE INTERESE PARA O GDR	RELACIÓN CO DAFO DO GDR	ROL DO GDR	OUTRAS POSIBLES ACCIÓNS DO GDR SINÉRXICAS
Compromisos ambientais, climáticos e demais compromisos de xestión	Concienciación da necesidade do coidado do medio ambiente	Colaboración	Compromiso de fomentar os cultivos sostibles, a economía circular e as pequenas explotacións

Inversións en mellora e modernización das instalacións	Necesidade de inversión en Tics, innovación e modernización que dan valor a produción do sector primario Potencial da industria agroalimentaria	Colaboración	Inversións nas explotacións, maquinaria ou equipamentos
Cooperación para promover os produtos agrarios e alimentarios	Abundancia de recursos naturais Falta de promotores e investidores privados	Divulgador	Cooperar con medidas, asociacións, agrupacións... que favorezan a produción agrícola.
Intercambio de coñecementos e información (akis)	Necesidade de I+D+i e de obter información e formación para o desenvolvemento das actividades	Divulgador	Fomentar o intercambio de coñecementos e experiencias entre os diferentes actores agrarios Apoio as inversións en coñecementos e innovacións agrarios

c. Interese potencial das intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas (xestionadas polo MAPA)

No período 2014-2020 desenvolvese un Programa Nacional de Desenvolvemento Rural (PNDR) con intervencións de ámbito nacional baseado en Acordo en Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural (24 e 25 de xullo de 2013) que aposta pola continuidade en 2023-2027 da maior parte de medidas incluídas no PNDR 2014-2020:

- Investimentos en regadíos con obxectivos ambientais
- Cooperación de Grupos Operativos da Asociación Europea para a Innovación
- Dixitalización do sector agroalimentario
- Apoio á Integración Asociativa
- Conservación de recursos xenéticos

A partir destas apostas que desexa levar acabo o Programa Nacional de Desenvolvemento Rural podemos sacar algunha que pode ser relevante para o noso

territorio ou ter un papel relevante o GDR para a súa aplicación e complementarse na estratexia do GDR

Táboa 190. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR coas intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas

INTERVENCIÓN SUPRA-AUTONÓMICA	RELACIÓN CO DAFO DO GDR	ROL DO GDR	OUTRAS POSIBLES ACCIÓNS DO GDR SINÉRXICAS
Dixitalización do sector agroalimentario	Formación da poboación en TICs Falta de innovación e modernización das actividades agrarias e gandeiras	Colaborador na implementación	Financiación de un programa temático que de interese xeral para o sector agroalimentario Formación aos profesionais do sector agroalimentario e asesoramento en materia de dixitalización
Apoio á Integración Asociativa	Falta de promotores e investidores privados Pouco emprendedor ou xerador de emprego	Colaborador	Axudas para a creación de servizos de asesoramento Inversións que deben contribuír a mellora da competitividade e do rendemento global das entidades asociativas
Conservación de recursos xenéticos		Colaborador	Recollida e difusión de información relativa aos recursos xenéticos; Axuda a construción e conservación de infraestruturas para a conservación de recursos Elaboración de rexistros e bases de datos; estudos e informes; actividades formativas.
Servizos de asesoramento e transferencia de coñecementos e actuacións de formación e información	Necesidade de obter información e formación para o desenvolvemento das actividades Falta de acompañamento nos proxectos	Divulgador	Apoio na elaboración de proxectos ou iniciativas emprendedoras Difundir información para a procura de melloras na actividades e a conseguir os obxectivos normativos

D.3 Estratexias sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionadas co medio rural

D.3.1 Documentos de maior relevancia a considerar

Dentro das iniciativas e estratexias sectoriais impulsadas pola Consellería do Medio Rural existen algunhas que teñen unha incidencia significativa no territorio do noso GDR. Entre estas estratexias e iniciativas podemos destacar:

- Lei da recuperación da terra agraria de Galicia
- Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2028
- Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia.
- Plan Forestal de Galicia 2021-2040
- Plan estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña.

Lei da recuperación da terra agraria de Galicia

O principal obxectivo da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia é loitar contra o abandono e o desuso das terras e facilitar unha base territorial suficiente a aquelas explotacións que a precisan, á vez que procurar anticiparse aos incendios e traballar, en definitiva, pola recuperación demográfica e pola mellora da calidade de vida da poboación no rural. A xestión adecuada da terra agraria é imprescindible para conseguir os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, os obxectivos do Pacto Verde da UE e os do Pacto Europeo polo clima. Ademais, a seguridade esixe garantir a competitividade das explotacións agrícolas e a resiliencia dos sistemas alimentarios locais e rexionais, polo que resulta esencial protexer un recurso escaso e non renovable como é a terra agraria, así como asegurar o seu acceso aos produtores agroalimentarios. Esta lei e importante tela en conta debido a que o territorio do noso GDR sofre o abandono da terra e o seu desaproveitamento na maior parte do territorio pero para non repetirnos e dado que no análise do uso e ocupación do territorio rural a vamos ter en conta so planearemos neste punto os aspectos e instrumentos de maior relevancia para o territorio e como o GDR pode promocionar e implementar os obxectivos establecidos no artigo dous desta lei. Dentro dos obxectivos e actuacións relevantes deste plan temos os seguintes:

1. Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de Galicia, desenvolvendo para iso mecanismos de posta en valor baseados nos arrendamentos, nas cesións, nas permutas ou nas transmisións da titularidade das terras por calquera medio válido en dereito, así como na xestión conxunta das terras.

2. Previr e loitar contra o abandono das terras agroforestais, establecendo medidas de recuperación, agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización e prestando atención especial ao fomento de iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas.

3. Facilitar a posta en contacto entre as persoas emprendedoras de proxectos agroforestais e as persoas titulares de terras.

4. Favorecer o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal, promovendo e recoñecendo o papel da muller en condicións de igualdade e a remuda xeracional.

5. Afianzar a actividade agroforestal fomentando o seu desenvolvemento, así como o doutras actividades complementarias que sexan compatibles co respecto dos valores naturais, a conservación do patrimonio cultural de interese agrario e a integridade da contorna.

6. Incentivar as producións agroforestais sustentables e, en especial, a produción ecolóxica, os sistemas gandeiros de carácter extensivo e a xestión forestal sustentable.

7. Impulsar instrumentos innovadores en materia de acceso á terra que favorezan a incorporación de persoas mozas á actividade agraria.

Segundo estes obxectivos, quedarémonos co 1, 2, 3, 4 e 7, non porque non consideremos relevantes os outros dous, senón porque ademais da lei de recuperación agraria centraremos a nosa estratexia no Plan Forestal de Galicia, e estes obxectivos enfocarémolos a este plan para non repetirnos.

Táboa 191. Aliñamento da estratexia do GDR coas estratexias da lei de recuperación da terra agraria de Galicia

OBXECTIVOS DA LEI RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA	RELACIÓN CO DAFO DO GDR	ROL DO GDR	OUTRAS POSIBLES ACCIÓNS DO GDR SINÉRXICAS
1 e 2	Pouco aproveitamento das terras por baixo do o seu potencial produtivo Deficiente ordenación do territorio Boa calidade da terra e climatoloxía Abandono do terreo	Divulgador Beneficiario potencial	Fomento da creación de polígonos agroforestais Localización de zonas para aldeas modelo ou aldeas intelixentes Bancos de terra Favorecer a creación del catálogo de solos agropecuarios y forestais Planificación e estudos para o aproveitamento e transformación do solo Actuacións de concentración parcelaria, ordenación de térreos Iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas.
3, 4 e 7	Falta de emprendemento, xente moza e motivación para emprender no rural Persoal mozo con formación Importancia a muller na actividade	Divulgador	Localizar áreas para os novos proxectos (polígonos agroforestais, banco de terras, permutas...) e fomentar o contacto cos titulares das propiedades Motivar e incentivar a poboación (en especial mulleres e a idade moza) para a produción forestal e a información

A maiores hai que ter en conta que a consellería do medio rural está lexislando a través a través das ferramentas da normativa da PAC 2023-2027, como o banco de terras, aldeas modelo, polígonos agroforestais... un borrador que favorece ou reserva dereitos para poder optar ao pago único da reserva nacional e axudas especiais vinculadas a terreos incluídos dentro destas ferramentas e outras axudas vinculadas.

Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2028

O sector lácteo en Galicia é a principal rexión produtora de España, cunhas entregas de 2,8 millóns de toneladas no 2019, que representan o 38,6% do total estatal. O peso das Comunidades nas entregas de leite as industrias sufriu modificacións durante as últimas dúas décadas, Galicia aumentou a produción de leite de forma continua, mentres que na meirande parte das restantes comunidades a produción sufriu un descenso ata os anos previos á desaparición das cotas, momento no que algunhas aumentaron a produción e outras mantivérona. Debido a isto, Galicia pasou de representar o 28,8% das entregas no ano 2001 ao 38,6% no ano 2019. No territorio do GDR da Terra Chá o sector lácteo tamén xoga un papel importante, sendo unha das comarcas con maior produción de leite e transformación deste en produtos (maioritariamente queixo, contando incluso con denominación de orixe). Segundo os datos aportados polo FOGGA, entre os concellos galegos que mais producen tres son do territorio do GDR (A Pastoriza, Castro de Rei e Cospeito en orde de produción). Por iso é importante ter en conta a estratexia de dinamización do sector lácteo no noso territorio e analizar a súa contribución nos obxectivos xerais desta estratexia.

Si temos en conta os obxectivos desta estratexia:

1. Consolidar a Galicia como unha das primeiras rexións produtoras de leite de Europa en equilibrio coas capacidades do territorio.
2. Aumentar a industrialización do leite en Galicia apostando pola diversificación dos produtos.
3. Mellorar o posicionamento dos produtos lácteos galegos no mercado español e impulsar a internacionalización.
4. Reforzar as relacións entre os axentes integrantes da cadea de valor do leite.
5. Reforzar o ecosistema de formación e I+D+i conectándoo coas necesidades do sector.

Dende o noso territorio, calquera deles son relevantes porque repercutirá na produción e na zona. Polo tanto, partindo dos obxectivos en conxunto da estratexia de dinamización do sector lácteo e do noso territorio podemos resumir a súa repercusión na nosa estratexia da seguinte maneira.

Táboa 192. Aliñamento da estratexia do GDR coas estratexias ou plans sectoriais de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025

RELACIÓN CO DAFO DO GDR	ROL DO GDR (DIVULGADOR, BENEFICIARIO POTENCIAL, COLABORACIÓN NA IMPLEMENTACIÓN...)	OUTRAS POSIBLES ACCIÓNS DO GDR SINÉRXICAS
Escasa transformación dos produtos do sector primario Primacía do sector lácteo é alta calidade nos produtos lácteos Pouca man de obra	Divulgador Beneficiario Colaborador	Identificar as principais necesidades do sector no territorio para o seu fortalecemento, tanto no eido da produción, da industria, dos mercados, nas relacións ao longo da cadea e das estruturas de formación e de I+D+i. Divulgación da importancia deste sector na nosa economía Apoiar a empresas xa creadas ou a emprendedores neste sector Fomentar sucesión e o relevo xeracional, o fortalecemento das relacións entre produción, industria e distribución

Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia

A estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia pretende construír de forma colaborativa, coa participación de todos os axentes dos diferentes elos da cadea, o marco de actuación conxunto que potencie o potencial do sector da produción e o transformación da carne no período 2021-2030. Entre os sectores asociados á produción alimentaria galega, destaca a carne, cuxa actividade xera un importante impacto económico na Galicia rural. Neste sentido, Galicia conta cunha destacada cabana gandeira e é apreciada polo resultado da unha alimentación de calidade, as melloras xenéticas, a promoción de razas autóctonas e a aplicación dos protocolos de sanidade animal existentes. O GDR Terra Chá non queda atrás neste sentido, tendo o sector primario como o sector potencial da economía da zona fai que tanto o sector lácteo como o cárnico teña un peso importante non so no territorio dos concellos que o

forman senón tamén a nivel Galego. Por esa razón é importante valorar este sector e telo en conta para os obxectivos que expomos coa nosa estratexia tendo en conta o noso DAFO e os obxectivos deste plan que poidan ser sinérxicas coa acción do noso GDR.

Obxectivos da estratexia:

1. Avanzar cara a unha produción sustentable, respectuosa co medio ambiente, que aposte polo benestar animal e que xere riqueza e oportunidades nos espazos rurais.

2. Impulso dos sistemas de explotación ligados á protección do medio ambiente (producións extensivas e semiextensivas).

3. Mellora do nivel de transformación da industria cárnica e da xeración de valor engadido en todos os elos da cadea.

4. Aumentar o peso das marcas de calidade.

5. Manter ou aumentar os volumes de produción e o consumo.

6. Mellorar a imaxe e o recoñecemento social dos produtores e contribuír á remuda xeracional nas explotacións cárnicas.

7. Avanzar na promoción da carne galega.

8. Mellorar o ecosistema de investigación, innovación e formación.

Táboa 193. Aliñamento da estratexia do GDR coas estratexias ou plans sectoriais de dinamización do sector cárnico

RELACIÓN CO DAFO DO GDR	ROL DO GDR	OUTRAS POSIBLES ACCIÓNS DO GDR SINÉRXICAS
Primacía do GDR no sector cárnico Indicación xeográfica protexida xa implantada	Divulgador Beneficiario Colaborador	Promocionar a carne galega Avanzar cara unha produción sostible, comprometida co benestar animal e que xere riqueza no medio rural Mellorar o ecosistema de investigación, innovación e formación Divulgación da importancia deste sector na nosa economía Apoiar a empresas xa creadas ou a emprendedores neste sector Mellorar a imaxe e o recoñecemento dos produtores do territorio e das explotacións cárnicas

Plan Forestal de Galicia 2021-2040

A finalidade do Plan Forestal de Galicia e actualizar o instrumento básico de planificación forestal estratéxica para o deseño da política forestal galega, cumprindo os requisitos esixibles e procurando a súa adecuación tanto ás novas circunstancias, necesidades, retos e oportunidades de futuro que se presentan para o monte e o sector forestal galego, como ás demandas e tendencias emerxentes xurdidas a nivel nacional e internacional. A través deste plan podemos entender que vai da man do Pacto Verde, da estratexia da biodiversidade e da recuperación dos bosques, para non repetirnos centrarémonos só nos obxectivos específicos (que non comparte coas anteriores estratexias) adaptándoos ao noso territorio:

1. Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais.
2. Protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais.
3. Xestión forestal e loita contra o abandono do monte.
4. Recursos forestais e cadea monte-industria.
5. Estatística, formación e investigación forestal.
6. Planificación, ordenación e gobernanza.

Táboa 194. Aliñamento da estratexia do GDR con Plan sectorial 2021-2040

RELACIÓN CO DAFO DO GDR	ROL DO GDR	OUTRAS POSIBLES ACCIÓNS DO GDR SINÉRXICAS
Territorio potencial no sector forestal Medio natural ben conservado Capacidade produtiva de biomasa Necesidade de unha planificación e ordenación do territorio	Colaborador	Procurar a actividade produtiva que revalorice e mellore a calidade, eficiencia, produtividade, rendibilidade... Procurar un desenvolvemento socioeconómico sustentable con maior contribución á produción final agraria e ao produto interior bruto de Galicia, Fomentar o inventariado e estatística forestal, programas de formación, investigación e desenvolvemento e innovación forestal Programa de dinamización da ordenación e xestión forestal e da certificación forestal. Favorecer a sustentabilidade do monte galego, en concreto do noso territorio Colaborar coa protección, prevención e defensa contra incendios forestais Colaborar na implementación de recursos forestais non madeireiros e madeireiros e a industria do territorio

Plan estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña.

O castiñeiro está considerado unha das árbores cunha maior variedade de aplicacións e utilidades nos ámbitos rurais, polo que é un recurso de gran relevancia desde o punto de vista da alimentación (humana, de animais domésticos ou fauna silvestre), como tamén polo seu valor para usos madereitos. Ademais desas utilidades como materia prima básica para a industria alimentaria ou madeireira, o ecosistema creado nos soutos orientados á produción de castaña ou á produción de madeiras repercute tamén positivamente na creación de valor como recurso turístico e paisaxístico. Desde o punto de vista medioambiental, actúa como elemento de defensa contra os incendios forestais e a protección do solo ou como hábitat para a proliferación doutras especies animais e vexetais que poden ser compatibles dentro do propio souto. Por todo iso, o castiñeiro veu sendo a especie arbórea cunha maior tradición e apego sociocultural das economías rurais en Galicia durante moito tempo. A produción de castañas en montes ou terreos forestais recoñécese como un aproveitamento forestal na normativa vixente, que establece o dereito das persoas propietarias dos montes ao acoutamento das súas propiedades. Pero, ademais desta enorme importancia económico-produtiva, deben terse en conta os valores sociais, ecolóxicos e culturais que achegan á nosa sociedade as formacións arboradas desta especie. Dada a importancia que ten esta especie tanto na economía rural como na paisaxe e na preservación dos hábitats naturais galegos, é prioritario manter os soutos nun bo estado de conservación. A comarca da Terra Chá, que constitúe a maior parte do territorio do GDR, conta con un total de 1.021,31 hectáreas da súa superficie dedicada ao castiñeiro, sendo a oitava con maior superficie na comunidade. En canto aos soutos a superficie que ocupa son 427,15 ha da superficie total.

Dentro dos obxectivos globais que se propón este plan son os seguintes:

- Recuperación de soutos tradicionais
- Novos soutos, produción de castaña
- Novos soutos, produción de madeira
- Planificación, seguimento e control da produción do castiñeiro en Galicia.
- Investigación, transferencia e apoio ao sector viverístico.
- Desenvolvemento e revitalización de aproveitamentos.
- Impulso da comercialización e fomento da calidade da castaña, impulso ao desenvolvemento da IXP."

- Mellora da competitividade e do valor engadido das empresas.

Calquera dos obxectivos poderían ter cabida na noso territorio, polo que os teremos en conta a todos

Táboa 195. Aliñamento da estratexia do GDR con plan estratéxico do castiñeiro e produción de castaña

RELACIÓN CO DAFO DO GDR	ROL DO GDR	OUTRAS POSIBLES ACCIÓNS DO GDR SINÉRXICAS
Medio natural ben conservado Potenciar os nosos recursos naturais Riqueza dos produtos naturais da zona Importante valor dos nosos bosques	Divulgador	Fomentar a plantación de castiñeiros multifuncionais Apoiar o sistema de aproveitamento micolóxico organizado arredor dos soutos de castiñeiro Promover novas plantacións con destino á produción de madeira e modelos silvícolas acaídos a este obxectivo Impulso da IXP, a través da difusión, publicidade Apoio das iniciativas que poñan en valor a calidade da castaña

Habería mais iniciativas para poñer en aliñamento co plan estratéxico do castiñeiro e da produción da castaña pero van enfocados aos plans anteriores e que en conxunto axudarán a favorecer a biodiversidade, o sector forestal, a recuperación dos nosos bosques e en particular manter as nosas árbores senlleiras e os produtos autóctonos.

E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente.

E.1 Análise do uso e ocupación do territorio rural

E.1.1 Usos do solo

Nos seguintes epígrafes realízase unha **análise comparativa dos últimos anos das coberturas e usos actuais da terra do GDR Terra Chá**, tomando como referencia diferentes fontes: Sistema de Información sobre Ocupación del Suelo de España (SIOSE), Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) e o Mapa Forestal de España (MFE 50).

E.1.1.1 Análise cobertura e usos do solo a nivel GDR

- *SIOSE*

Nas seguintes táboas recóllese a información sobre a superficie total, e porcentaxe de uso do solo para cada unha das clasificacións que se recollen no SIOSE, ademais de realizarse unha comparativa dos cambios acaecidos entre as últimas dúas edicións, a de 2005 e a de 2014.

No 2005 (táboa 196), **as principais clases de coberturas do solo predominantes e por orde de importancia en superficie eran o *cultivo herbáceo*, a *combinación de cultivos* e *vexetación*, o *matogueira*, o *bosque de coníferas* e o *bosque mixto*** (mestura de coníferas e perennifolias).

- *Usos 2005*

Táboa 196. Clasificación usos do solo SIOSE 2005

Clasificación	Superficie (ha)	% uso 2014 sobre o total
Cultivo herbáceo	48.689,60	25,78
Combinación de cultivos con vexetación	30.443,80	16,12
Bosque de frondosas	27.056,82	14,33
Matogueira	23.038,29	12,20
Bosque de coníferas	20..142,14	10,67
Bosque mixto	19846,18	10,51
Combinación de vexetación	1.2442,55	6,59
Pasteiro ou herbal	1.320,23	0,70
Asentamento agrícola e horta	1.253,07	0,66

Clasificación	Superficie (ha)	% uso 2014 sobre o total
Rede viaria ou ferroviaria	865,03	0,46
Casco	599,37	0,32
Prado	462,09	0,24
Turbera	426,25	0,23
Infraestrutura de subministración	419,37	0,22
Descontinua	380,70	0,20
Extracción mineira	311,34	0,16
Industrial	238,68	0,13
Instalación agrícola e/ou gandeira	192,16	0,10
Temporalmente desarborado por incendios	183,79	0,10
Servicio Dotacional	117,41	0,06
Solo nu	97,20	0,05
Rochedo	93,17	0,05
Lago ou lagoa	68,28	0,04
Infraestrutura de residuos	56,17	0,03
Curso de auga	49,77	0,03
Instalación forestal	17,51	0,01
Aeroporto	13,93	0,01
Ensanche	7,55	0
Embalse	4,24	0
Invernadoiro	2,36	0

Logo da análise dos datos do ano 2014, **as principais ocupacións dos usos do solo mantéñense, cambiando de posición a superficie correspondente á matogueira que pasa da cuarta posición a sexta.** Isto débese ao aumento de parte da superficie arborada (bosque de coníferas e mixto). O resto dos usos do solo mantéñense sen variacións significativas.

- *Usos 2014:*

Táboa 197. Clasificación usos do solo SIOSE 2014

Clasificación	Superficie (ha)	% uso 2014 sobre o total
Cultivo herbáceo	47.451,67	25,13
Combinación de cultivos con vexetación	30.061,77	15,92
Bosque de frondosas	27.632,42	14,63
Bosque mixto	22.095,72	11,70
Bosque de coníferas	21.721,87	11,50

Clasificación	Superficie (ha)	% uso 2014 sobre o total
Matogueira	20.664,50	10,94
Combinación de vexetación	9.905,00	5,25
Pasteiro ou herbal	2.227,74	1,18
Casco	1.300,98	0,69
Rede viaria ou ferroviaria	1.244,38	0,66
Asentamento agrícola e horta	654,22	0,35
Turbera	583,83	0,31
Prado	534,76	0,28
Solo nu	515,42	0,27
Infraestrutura de subministración	427,94	0,23
Descontinua	394,53	0,21
Extracción mineira	358,60	0,19
Industrial	303,72	0,16
Instalación agrícola e/o gandeira	260,86	0,14
Servizo Dotacional	125,22	0,07
Rochedo	96,12	0,05
Lago ou lagoa	84,86	0,04
Infraestrutura de residuos	71,84	0,04
Curso de auga	49,72	0,03
Froiteira non cítrico	14,44	0,01
Aeroporto	13,94	0,01
Instalación forestal	13,14	0,01
Temporalmente desarborado por incendios	11,32	0,01
Ensanche	7,56	0
Zona verde urbana	6,79	0
Encoro	4,24	0

Como pode distinguirse claramente, **o cultivo herbáceo é o maioritario no período sometido a análise** (2007-2014), superando o **25%** sobre o total da superficie ocupada, inda que en cifras absolutas perdeu peso, pasou de **48.689,60 ha** a **47.451,67 ha.**

Como xa mencionamos nos parágrafos anteriores, **a superficie de matogueira viuse reducida** en **2.373,78 ha**, sendo o máis significativo desta variación, non tanto a perda de superficie para o período, se non ao **aumento paralelo da superficie de arborado**, que suma **4.404,85 ha**, con respecto ao período 2014.

En liñas xerais, **existen variacións significativas en canto a variación das cifras absolutas da superficie dedicada a algunhas das clases**. En especial diminúen o número de hectáreas que ocupan os *cultivos herbáceos*, *de combinación de cultivos con vexetación*, *de matogueira*, *de asentamentos hortícola*s e horta, e en menor medida as

de *instalación forestal* e *desarborado por incendios*. **Pola contra o resto de clases aumenta**, fano en especial o *bosque mixto,* de *frondosas* e de *coníferas*, pero tamén a *combinación de vexetación* e os *pasteiros*. **En cando a variación porcentual, apenas se observan cambios significativos** entre o período 2005-2014.

Asemade, **existen clasificacións do uso do solo que non son susceptibles dunha análise comparativa**. No ano 2005 existía o uso *invernadoiro* que pasou a desaparecer no ano 2014. Pola contra, no 2014 apareceron os usos de *froiteiras non cítricas,* e a distinción de *zona verde urbana*.

- *Comparativa coberturas SIOSE 2007-2014*

Táboa 198. Evolución da cobertura do solo SIOSE 2005-2014

COMPARATIVA COBERTURAS SIOSE 2005-2014						
Clase	2007		2014		DIFERENCIA	
	Superf. (ha)	% uso	Superf. (ha)	% uso	Superf. uso	%uso
Cultivo herbáceo	47.451,67	25,13	48.689,60	25,78	-1.237,93	-0.66
Combinación de cultivos con vexetación	30.061,77	15,92	30.443,80	16,12	-382,03	-0.20
Bosque de frondosas	27.632,42	14,63	27.056,82	14,33	575,60	0.30
Bosque mixto	22.095,72	11,70	19.846,18	10,51	2.249,54	1.19
Bosque de coníferas	21.721,87	11,50	20.142,14	10,67	1.579,72	0.84
Matogueira	20.664,50	10,94	23.038,29	12,20	-2.373,78	-1.26
Combinación de vexetación	9.905,00	5,25	12.442,55	6,59	-2.537,55	-1.34
Pasteiro ou herbal	2.227,74	1,18	1.320,23	0,70	907,50	0.48
Casco	1.300,98	0,69	599,37	0,32	701,60	0.37
Rede viaria ou ferroviaria	1.244,38	0,66	865,03	0,46	379,35	0.20
Asentamento agrícola e horta	654,22	0,35	1.253,07	0,66	-598,86	-0.32
Turbera	583,83	0,31	426,25	0,23	157,58	0.08
Prado	534,76	0,28	462,09	0,24	72,66	0.04
Solo nu	515,42	0,27	97,20	0,05	418,22	0.22
Infraestrutura de subministración	427,94	0,23	419,37	0,22	8,57	0
Descontinua	394,53	0,21	380,70	0,20	13,83	0.01
Extracción mineira	358,60	0,19	311,34	0,16	47,26	0.03
Industrial	303,72	0,16	238,68	0,13	65,04	0.03
Instalación agrícola e/o gandeira	260,86	0,14	192,16	0,10	68,69	0.04
Servizo Dotacional	125,22	0,07	117,41	0,06	7,81	0
Rochedo	96,12	0,05	93,17	0,05	2,95	0
Lago ou lagoa	84,86	0,04	68,28	0,04	16,58	0.01

COMPARATIVA COBERTURAS SIOSE 2005-2014						
Clase	2007		2014		DIFERENCIA	
	Superf. (ha)	% uso	Superf. (ha)	% uso	Superf. uso	%uso
Infraestrutura de residuos	71,84	0,04	56,17	0,03	15,66	0.01
Curso de auga	49,72	0,03	49,77	0,03	-0,05	0
Froiteira non cítrico	14,44	0,01	-	-	-	-
Aeroporto	13,94	0,01	13,93	0,01	0,01	0
Instalación forestal	13,14	0,01	17,51	0,01	-4,36	0
Temporalmente desarborado por incendios	11,32	0,01	183,79	0,10	-172,4	-0.09
Ensanche	7,56	0,00	7,55	0	0	0
Zona verde urbana	6,79	0,00	-	-	-	-
Encoro	4,24	0,00	4,24	0	0	0
Invernadoiro	-	-	2.36	0	-	-

Atendendo á análise das principais clases de usos da terra (*Superficie Agraria Utilizada*, *Mato*, *Arborado* e *outros usos*), **observamos que a Superficie Agraria Utilizada** (S.A.U), que integra a superficie de terras labradas e terras para pastos permanentes **atópase preto do 43% sobre o total de hectáreas para ambos períodos**. Esta **viuse reducida en 1.157 ha entre 2005 e 2014**, supoñendo apenas diminución en canto ao valor porcentual. Do mesmo xeito, a **superficie de mato** (na que se inclúen as clasificacións de *matogueira* e *combinación de vexetación* do SIOSE) **sofre unha perda de -4.911,34 ha, o que se traduce nunha redución do 2,60% de superficie sobre o total, en detrimento do aumento do 2,33% de arborado** (*bosque frondoso, caducifolio e mixto*). A clasificación *outros usos (*que son o resto de clases*),* aumenta en 1.668,72 ha, pero apenas supón unha variación do -0,89%.

- *Principais usos SIOSE 2005-2014*

Táboa 199. Principais usos da terra SIOSE 2005-2014

PRINCIPAIS CLASES DE USOS DA TERRA						
	SIOSE 2014		SIOSE 2005		DIFERENCIA	
	Superficie (ha)	%	Superficie (ha)	%	Diferencia superficie (ha)	%
SAU	81.205,43	43,00	82.363,31	43,62	-1.157,88	-0,62
Mato	30.569,50	16,19	35.480,84	18,79	-4.911,34	-2,60
Arborado	71.463,15	37,84	67.062,65	35,51	4.400,49	2,33
Outros usos	5.600,99	2,97	3.932,27	2,08	1.668,72	-0,89

- *SIXPAC*

A continuación **achégase unha análise con datos obtidos a partir das últimas publicacións do SIXPAC**, onde analizaremos as diferentes clases nas que se descompoñen os usos do solo, a superficie que ocupan e a porcentaxe que supón cada tipoloxía dentro do total de terras clasificadas. Ademais, **o acceso as edicións de 2007 e 2015 permiten ver a evolución dos usos do solo nese período.**

Observamos que, nos datos obtidos no ano 2007 do SIXPAC, os usos *Forestal, Pradería, Pasto arbustivo e Terra arable* son os usos con maior representación, só entre os catro suman un **87,16%**. No outro extremo sitúanse os terreos *Improdutivo, Zonas urbana, Correntes de auga superficiais, Froiteiras, Edificacións, Horta e Viña,* ningún deles chega ao **1%** de representación.

- *Usos 2007*

Táboa 200. Usos do solo SIXPAC 2007

Clasificación	Superficie (ha)	% uso 2014 sobre o total
Forestal	51.409,95	27,20%
Pradería	44.381,95	23,48%
Pasto arbustivo	43.984,79	23,27%
Terra arable	24.971,04	13,21%
Zona concentrada	9.800,03	5,19%
Viais	5.951,64	3,15%
Pasto arborado	4.090,65	2,16%
Improdutivo	1.740,57	0,92%
Zona urbana	1.273,52	0,67%
Correntes de auga superficiais	873,39	0,46%
Froiteira	432,01	0,23%
Edificacións	41,10	0,02%
Horta	24,34	0,01%
Viña	5,29	0,00%
TOTAL	188.980,27	100%

No 2015 a situación mantense practicamente igual, con pequenas variacións nas partes altas da táboa.

- *Usos 2015*

Táboa 201. Usos do solo SIXPAC 2015

Clasificación	Superficie (ha)	% uso 2014 sobre o total
Forestal	58.604,22	31,38%
Pradería	47.926,10	25,66%
Pasto arbustivo	39.905,46	21,37%
Terra arable	25.372,97	13,59%
Zona concentrada	-	-
Viais	6.909,14	3,70%
Pasto arborado	3.781,14	2,02%
Improdutivo	2.217,86	1,19%
Zona urbana	877,43	0,47%
Correntes de auga superficiais	576,50	0,31%
Froiteira	471,39	0,25%
Edificacións	69,11	0,04%
Horta	29,52	0,02%
Viña	0,51	0%
TOTAL	**186.741,34**	**100%**

Na vista conxunta dos datos do SIXPAC para os anos 2007 e 2015, vemos que existe un aumento, tanto de superficie como da porcentaxe que representan sobre o total, dos usos *Forestal* e de *Pradaría*. Tamén é destacable que, inda que o *Pasto Arbustivo* diminúe ata en **4.079,33 ha** a súa extensión, a porcentaxe que representa no conxunto do mosaico de terras só se reduce un **1,91%**.

Obsérvase un incremento da superficie de *Edificacións*, en **28,01 ha**, que concorda co aumento da *Zona urbana* en case **400 ha**, e que en valores porcentuais significa apenas un **0,02%.**

- *Comparativa coberturas SIXPAC 2007-2015*

Táboa 202. Evolución da cobertura do solo SIXPAC 2007-2015

COMPARATIVA COBERTURAS SIXPAC 2007-2015						
Clase	2007		2015		VARIACIÓN	
	Superf. (ha)	% uso	Superf. (ha)	% uso	Superficie (ha)	% uso
Forestal	51.409,95	27,20%	58.604,22	31,38%	7.194,27	4,18%
Pradería	44.381,95	23,48%	47.926,10	25,66%	3.544,15	2,18%
Pasto arbustivo	43.984,79	23,27%	39.905,46	21,37%	-4.079,33	-1,91%
Terra arable	24.971,04	13,21%	25.372,97	13,59%	401,93	0,37%
Zona concentrada	9.800,03	5,19%	-	-	-	-
Viais	5.951,64	3,15%	6.909,14	3,70%	957,50	0,55%
Pasto arborado	4.090,65	2,16%	3.781,14	2,02%	-309,52	-0,14%
Improdutivo	1.740,57	0,92%	2.217,86	1,19%	477,29	0,27%
Zona urbana	877,43	0,47%	1.273,52	0,67%	396,09	-0,20%
Correntes de auga superficiais	873,39	0,46%	576,50	0,31%	-296,89	-0,15%
Froiteira	432,01	0,23%	471,39	0,25%	39,37	0,02%
Edificacións	41,10	0,02%	69,11	0,04%	28,01	0,02%
Horta	24,34	0,01%	29,52	0,02%	5,18	0%
Viña	5,29	0,00%	0,51	0%	-4,78	0%
TOTAL	**188.980,27**	**100%**	**186.741,34**	**100%**	**-2.238,94**	**100%**

- *Principais usos SIXPAC 2007-2015*

En canto ao aglutinamento das clases para formar **os principais usos da terra***: SAU, Matogueira, Arboredo e Outros usos,* **atopamos diferenzas marcadas en canto ao número de hectáreas que ocupa cada uso do solo en comparación ao SIOSE, no período 2005-2014 máis non as hai en canto a tendencia.**

Agás para a *SAU*, que nos datos recollidos polo SIXPAC medra da orde dun 2,44%, ocupando en 2015 unha superficie de 77.581,62 ha, mentres que nos datos do SIOSE tende a reducirse (1.157,88 ha), inda que ten un valor absoluto máis alto, de 81.205,43 ha.

O arboredo tamén amosa cifras absolutas dispares entre estas dúas fontes de datos, 67.062,65 e 71.463,15 (SIOSE 2014-2005), 51.409,95 e 58.604,22, medrando un 4,18% (SIXPAC 2007-2015), máis non tanto co *Mato*, que mantén valores semellantes e a tendencia a reducirse, segundo esta fonte para o período sinalado na táboa, fíxoo un 1,91%.

A clasificación *Outros usos* é a que maior alteración presenta, non sendo estatisticamente comparábel entre as fontes anteriormente mencionadas. Ademais, para o caso do SIXPAC, no 2015 non aparecen datos da categoría *Zona concentrada,* o que explica a merma de case 9.030,20 ha do ano 2007 ao 2015.

Táboa 203. Principais usos da terra SIXPAC 2007-2015

PRINCIPAIS CLASES DE USOS DA TERRA						
Concello	SIXPAC 2007		SIXPAC 2015		VARIACIÓN	
	Superficie (ha)	%	Superficie (ha)	%	Diferencia superficie (ha)	%
Outros usos	19.680,24	10,41%	10.650,04	5,70%	-9.030,20	-4,71%
SAU	73.905,29	39,11%	77.581,62	41,54%	3.676,33	2,44%
Mato	43.984,79	23,27%	39.905,46	21,37%	-4.079,33	-1,91%
Arboredo	51.409,95	27,20%	58.604,22	31,38%	7.194,27	4,18%
Total	**188.980,27**	**100,00%**	**186.741,34**	**100,00%**	**-2.238,94**	**-1,18**

- *Mapa Forestal de España 2011*

O Mapa de Usos Forestais de España ofrécenos unha clasificación moi detallada dos usos do solo. Na táboa 183 expoñemos os datos extraídos desta capa. En primeira instancia, os catro primeiros usos da táboa: *Cultivo, Bosque, Prados e Arbustedo*, representan el **78,86%** de toda a superficie.

Táboa 204. Clasificación dos usos do solo MFE 2011

Clase	Superficie (ha)	% sobre el total
Cultivo	36.778,92	19,47%
Bosque	33.147,62	17,55%
Prados	28.109,93	14,88%
Arbustedo	26.370,56	13,96%
Bosque de Plantación	24.570,31	13,01%
Prados con sebes	10.448,1	5,53%
Mosaico de repoboacións	9.195,14	4,87%
Msc arb/desarborado	6.154,51	3,26%
Msc arb/cultivo e/o prado	4.596,71	2,43%
Aliñacións	1.588,67	0,84%
Bosquetes	1.558,67	0,83%

Clase	Superficie (ha)	% sobre el total
Herbal-Pasteiro	1.013,89	0,54%
Bosque de Galería	995,44	0,53%
Tallas	609,59	0,32%
Urbano continuo	604,86	0,32%
Transportes	508,1	0,27%
Msc matogueira/cultivo e/o prado	484,55	0,26%
Urbano descontinuo	460,47	0,24%
Primario	431,79	0,23%
Enerxía	385,53	0,20%
Superficies arborizadas queimadas	206,61	0,11%
Mosaico agrícola con artificial	200,17	0,11%
Cavado non agrícola	125,74	0,07%
Devasa	98,68	0,05%
Equipamento/Dotacional	71,28	0,04%
Zonas pantanosas	45,93	0,02%
Outras superficies artificiais	40,87	0,02%
Terciario	25,99	0,01%
Msc de pasteiro sobre Cultivo e/o prado	22,6	0,01%
Galerías arbustivas	21,85	0,01%
Cursos da auga	20,26	0,01%
Sup. forestal residual	14,33	0,01%
Cultivos con arboledo disperso	8,48	0%
Pantano, encoro	7,89	0%
Afloramentos rochosos	6,75	0%
TOTAL	**188930,79**	100%

Táboa 205. Principais clases de usos da terra do MFE 2011

PRINCIPAIS CLASES DE USOS DA TERRA		
Clasificación	**Superficie (ha)**	**% uso 2014 sobre o total**
Arborado	81.821,25	43,31%
SAU	75.939,23	40,19%
Mato	28.313,99	14,99%
Outros usos	2.856,32	1,51%
TOTAL	**188930,79**	**100%**

E.1.1.1 Análise das principais clases de uso da terra a nivel municipal

- *SIOSE*

Observando os datos que nos ofrece o **SIOSE, en xeral, existe unha tendencia á redución da S.A.U. nos concellos do GDR- Terra Chá**. Non obstante, existen tres excepcións, estas son: **Abadín, Muras e Xermade que, aumentaron a superficie agraria**.

Inda que **en todos os concellos se reduce a superficie ocupada por mato**, esta é especialmente significativa no **concello de Muras**, no que se reduce ata en 1.186,43 ha. Do mesmo xeito, desaparece unha cantidade nada desprezable de ha de mato nos concellos de **Vilalba, Xermade e Abadín**, 6.126,18, 4.112,07 e 3.796,57 hectáreas, respectivamente.

O **aumento da superficie arborada é común a todos os territorios** sinalados na táboa, máis os concellos de **Vilalba** e **Castro de Rei** destacan sobre os demais, en canto ao aumento do número de hectáreas de superficie arborada para o período 2005-2014.

Táboa 206. Principais usos da terra por concellos do SIOSE 2005-2014

SIOSE						
	SAU			Mato		
	2005	2014	Var 2005-2014 (ha)	2005	2014	Var 2005-2014 (ha)
Abadín	8.657,73	8.888,87	231,13	4.406,89	3.796,57	-610,32
Begonte	3.944,97	3.576,17	-368,80	1.273,73	1.218,03	-55,70
Castro de Rei	9.973,21	9.697,63	-275,58	1.708,54	1.198,41	-510,13
Cospeito	9.609,68	9.339,29	-270,40	740,99	479,34	-261,65
Guitiriz	10.522,30	9.908,45	-613,85	5.670,07	5.397,15	-272,92
Muras	3.917,33	4.711,44	794,12	6.733,32	5.546,89	-1.186,43
Pastoriza, A	10.894,31	10.684,50	-209,80	2.012,27	1.781,67	-230,60
Riotorto	2.039,24	1.854,66	-184,58	1.210,54	913,19	-297,35
Vilalba	16.662,23	16.320,04	-342,20	6.997,01	6.126,18	-870,83
Xermade	6.142,31	6.224,39	82,07	4.727,48	4.112,07	-615,41
TOTAL	**82.363,31**	**81.205,43**	**-1.157,88**	**35.480,84**	**30.569,50**	**-4.911,34**

SIOSE						
	Arborado			Outros usos		
	2005	2014	Var 2005-2014 (ha)	2005	2014	Var 2005-2014 (ha)
Abadín	6.230,76	6.455,74	224,97	299,51	453,73	154,22
Begonte	7.046,62	7.289,29	242,68	407,82	589,64	181,82
Castro de Rei	5.698,57	6.417,18	718,61	310,01	377,10	67,10
Cospeito	3.867,09	4.251,19	384,11	254,97	402,92	147,94
Guitiriz	12.680,74	13.157,56	476,82	511,74	921,68	409,94
Muras	4.915,16	5.145,15	229,99	808,38	970,71	162,32
Pastoriza, A	4.268,55	4.602,00	333,44	321,49	428,45	106,96
Riotorto	3.269,88	3.711,91	442,03	111,45	151,34	39,89
Vilalba	13.580,79	14.457,36	876,58	677,22	1.013,66	336,45
Xermade	5.504,49	5.975,75	471,26	229,69	291,77	62,08
TOTAL	**67.062,65**	**71.463,15**	**4.400,49**	**3.932,27**	**5.600,99**	**1.668,72**

- *SIXPAC*

Cos datos extraídos do SIXPAC, vemos unha tendencia xeral nos concellos pertencentes ao GDR a aumentar a SAU, excepto en Abadín, que se reduce en máis de 600 ha, e Begonte e Cospeito, onde as reducións da superficie agrícola non son moi significativas.

No extremo contrario está situado o *Mato*, que se reduce en todos os concellos excepto en **Abadín**, máis redúcese en **Riotorto** e **Vilalba** en boa medida, 2.425,73 ha e1.349,48 ha respectivamente.

O *Arborado*, amosa un incremento xeralizado en todos os concellos, destacando en **Xermade**, **Muras** e en **Abadín**, onde suma máis de 1.000 novas hectáreas.

En canto a *Outros usos*, faise complexo o seu análise, xa que non se utilizaron os mesmos parámetros, ao non analizarse *zonas concentradas no ano 2015,* na recollida de datos para ambos períodos.

Táboa 207. Principais usos da terra por concellos do SIXPAC 2007-2015

SIXPAC						
Concello	SAU			Mato		
	2007	2015	Var 2007-2015 (ha)	2007	2015	Var 2007-2015 (ha)
Abadín	8.471,27	7.839,50	-631,76	838,19	1.033,82	195,62
Begonte	3.770,33	3.755,68	-14,66	977,82	965,50	-12,32
Castro de Rei	8.428,51	9.257,24	828,73	6.641,54	5.879,89	-761,65
Cospeito	9.180,12	9174,212	-5,91	2.088,24	1.776,33	-311,91
Guitiriz	5.294,27	6.180,61	886,34	1.793,05	1.666,84	-126,21
Muras	9.458,10	10.004,80	546,70	1.267,39	1.130,69	-136,69
Pastoriza, A	2.793,66	3.189,03	395,37	4.796,53	4.303,82	-492,71
Riotorto	10.130,63	10.177,07	46,43	8.167,24	5.741,51	-2.425,73
Vilalba	1.613,44	1.636,64	23,20	9.084,88	7.735,40	-1.349,48
Xermade	14.764,85	16.365,89	1.601,04	2.631,67	2.090,15	-541,52
TOTAL	**73.905,18**	**77.580,67**	**3.675,49**	**1.536,13**	**1.257,69**	**-278,44**

SIXPAC						
Concello	Arborado			Outros usos		
	2007	2015	Var 2007-2015 (ha)	2007	2015	Var 2007-2015 (ha)
Abadín	3.719,78	4.738,56	1.018,78	838,19	1.033,82	195,62
Begonte	5.886,38	5.981,95	95,56	977,82	965,50	-12,32
Castro de Rei	4.387,30	5.384,67	997,37	2.983,74	1.288,17	-1.695,57
Cospeito	3.131,39	3.216,75	85,36	850,29	875,39	25,10
Guitiriz	4.428,33	5.155,13	726,80	2.098,74	895,69	-1.203,06
Muras	10.303,26	11.895,67	1.592,41	1.332,23	1.390,07	57,84
Pastoriza, A	3.925,17	4.185,76	260,59	482,02	566,33	84,32
Riotorto	3.791,05	4.153,81	362,76	915,64	909,83	-5,82
Vilalba	3.113,65	3.342,84	229,19	440,97	462,86	21,89
Xermade	8.723,63	10.549,08	1.825,45	8.515,76	2.262,39	-6.253,38
TOTAL	**51.409,95**	**58.604,22**	**7.194,27**	**19.435,41**	**10.650,04**	**-8.785,37**

- *Mapa Forestal de España 2011*

O Mapa Forestal de España amósanos a situación actual dos municipios. **Existe unha dicotomía entre os concellos**. Por un lado, **dáse o caso de que a SAU ocupe a maior proporción da superficie dos concellos en detrimento da superficie arborada**, como nos concellos de **Cospeito ou a Pastoriza**. E, por outro lado, xusto o caso contrario, **dándose os concellos con maior vocación forestal, como é o caso dos concellos de Begonte ou Guitiriz**. Tamén se observa o caso de **concellos con vocacións equitativas, como Vilalba ou Abadín**.

Non obstante, temos o singular caso de Muras, onde superficie ocupada polo *Mato* (42,87%) supera as outras tres sometidas a análise.

Táboa 208. Principais usos da terra por concellos do MFE 2011

Mapa Forestal de España 2011				
	SAU	**Mato**	**Arborado**	**Outros usos**
Abadín	7.538,67	5.054,82	6.912,96	97,00
%	38,46%	25,79%	35,26%	0,49%
Begonte	3.476,98	688,26	8.113,42	370,71
%	27,49%	5,44%	64,14%	2,93%
Castro de Rei	9.841,40	576,76	7.060,73	299,96
%	55,35%	3,24%	39,71%	1,69%
Cospeito	9.527,21	281,25	4.377,81	298,93
%	65,77%	1,94%	30,22%	2,06%
Guitiriz	9.166,84	4.207,40	15.524,51	503,43
%	31,18%	14,31%	52,80%	1,71%
Muras	2.707,32	7.019,17	6.377,87	270,27
%	16,53%	42,87%	38,95%	1,65%
Pastoriza, A	10.848,19	1.534,68	4.968,65	122,29
%	62,08%	8,78%	28,43%	0,70%
Riotorto	1.806,73	562,61	4.253,56	9,30
%	27,24%	8,48%	64,13%	0,14%
Vilalba	15.678,22	5.304,75	16.194,16	739,46
%	41,35%	13,99%	42,71%	1,95%
Xermade	5.346,52	3.084,29	8.037,58	144,97
%	32,18%	18,57%	48,38%	0,87%
TOTAL	**75.939,23**	**28.313,99**	**81.821,25**	**28.56,32**
%	40,19%	14,99%	43,31%	1,51%

A modo resumo deste epígrafe, podemos determinar que, independentemente da fonte consultada, a Superficie Agraria Utilizada tende, inda que en pouca medida a reducirse.

E.1.2 Xestión agrogandeira e forestal do territorio

Nas últimas décadas as explotacións gandeiras experimentaron un acelerado proceso de reestruturación, caracterizado pola crecente especialización e o abandono simultáneo da maioría das unidades de pequenas dimensións. Sendo esta evolución resultado do efecto combinado dos factores internos ás propias unidades produtivas, ligados a súa situación económica e familiar, e dos derivados do entorno económico e institucional como o establecemento das cotas lácteas.

Do mesmo xeito, comezouse a apostar polo aproveitamento forestal de especies de crecemento rápido (*Pinus spp.* e *Eucalyptus spp.*.) que nutrisen a incipiente industria da celulosa e dos conglomerados de madeira.

Estes procesos foron acompañados, non só de cambios nas estruturas das explotacións gandeiras, ou no manexo do gando, nin no cambio do mosaico forestal, se non nunha serie de profundas reformas nos sistemas de xestión do solo.

Nos seguintes epígrafes exponse a análise realizada sobre os últimos datos dispoñíbeis obtidos de diversas fontes: Censo Agrario, Mapa Forestal de España e SIOSE coa fin de caracterizar as principais orientacións produtivas da Superficie Agrícola Utilizada e da Superficie Forestal, a escala GDR e municipal.

E.1.2.1 Análise da orientación produtiva da SAU

O **Censo Agrario de 2020, non nos achega datos sobre o aproveitamento da terra e os usos pormenorizados do solo nin sobre a superficie forestal, máis é a fonte máis recente de información sobre a SAU**. A cifra total desta é similar a que nos dá o SIXPAC ou o MFE, 72.365 ha, ocupadas na súa maioría por *Pastos permanentes* 54.370 ha (75,13%) e Terras Labradas (24,42%).

Táboa 209. Superficie Agraria Utilizada Censo Agrario 2020

Clases	Superficie (ha)	%
SAU ao aire libre	72.354	99,98%
Terras labradas	17.669	24,42%
Cultivos leñosos	258	0,36%
Pastos permanentes	54.370	75,13%
Hortas para consumo propio	55	0,08%
SAU en invernadoiro ou cultivo alto accesible	11	0,02%
Total SAU	**72.365**	**100%**

Cos datos que nos ofrece o Censo Agrario 2020 distribuídos por concellos (Táboa 209), podemos afirmar que a maior parte da SAU atópase o aire libre, de feito en **Abadín, Muras, A Pastoriza e Riotorto**, a porcentaxe acada o 100%. **En canto a cobertura do solo, imponse o *Pasto Permanente* en todos os concellos**, en **Muras o 97,74% da superficie agraria está dedicada a este uso**, o que supera a media para o total de concellos, 75,13%, en máis dun 20%.

En segundo lugar de porcentaxe de ocupación da SAU, temos as ***Terras labradas*, cuxa media para o conxunto atópase nun 24,42%, repartidas en 17.669 hectáreas**, situándose só 94 destas no concello de Muras, o que supón apenas un 1,95% deste uso no cómputo total da súa SAU.

Os *Cultivos leñosos,* seguindo a orde**, ocupan 256 hectáreas na extensión do GDR, o que significa un 0,36%** da superficie agraria utilizada, estando o groso repartido entre **Abadín**, con 84 ha (3,78% da súa SAU) e **Xermade**, que conta con 47 hectáreas de cultivos leñosos (1,03% da súa SAU).

As H*ortas para consumo propio* e os *Invernadoiros ou cultivos altos accesibles* declarados, apenas suman entre eles un 1%, repartido en 66 hectáreas (55 ha hortas e 11 invernadoiros e cultivo alto accesible).

Táboa 210. Composición da SAU segundo o Censo Agrario 2020

	Total SAU	SAU ao aire libre		Terras labradas		Cultivos leñosos		Pastos permanentes		Hortas para consumo propio		SAU en invernadoiro ou cultivo alto accesible	
Abadín	**8.948**	8.948	100%	852	9,52%	9	0,10%	8.076	90,25%	11	0,12%	0	0%
Begonte	**2.224**	2.223	99,96%	458	20,59%	84	3,78%	1.678	75,45%	3	0,13%	2	0,09%
Castro de Rei	**9.201**	9.200	99,99%	4.621	50,22%	48	0,52%	4.525	49,18%	6	0,07%	1	0,01%
Cospeito	**8.260**	8.256	99,95%	2.603	31,51%	14	0,17%	5.633	68,20%	6	0,07%	5	0,06%
Guitiriz	**8.670**	8.668	99,98%	1.621	18,70%	20	0,23%	7.019	80,96%	8	0,09%	2	0,02%
Muras	**4.825**	4.825	100%	94	1,95%	13	0,27%	4.716	97,74%	1	0,02%	0	0%
Pastoriza, A	**11.297**	11.297	100%	3.870	34,26%	9	0,08%	7.411	65,60%	6	0,05%	0	0%
Riotorto	**1.410**	1.410	100%	333	23,62%	1	0,07%	1.075	76,24%	1	0,07%	0	0%
Vilalba	**12.974**	12.973	99,99%	2.566	19,78%	13	0,10%	10.384	80,04%	10	0,08%	0	0%
Xermade	**4.556**	4.554	99,96%	651	14,29%	47	1,03%	3.853	84,57%	3	0,07%	1	0,02%
TOTAL	**72.365**	**72.354**	**99,98%**	**17.669**	**24,42%**	**258**	**0,36%**	**54.370**	**75,13%**	**55**	**0,08%**	**11**	**0,02%**

Para obter un maior grado de detalle sobre os aproveitamentos da SAU temos que recorrer aos datos do SIOSE, os máis recentes son os de 2014. O censo achéganos una Superficie Agraria Utilizada de 72.365 ha ,18.745,46 ha menos que o SIOSE 2014, que se cifra en 91.110,46 ha., diferenza que é entendible, tendo en conta que existen 6 anos de diferencia da toma de datos de unha fonte a outra.

Así e a todo, podemos observar que a maior parte da SAU (52,08%) está ocupada por *Cultivos herbáceos*, 47.451,67 ha, (o que podería considerarse o equivalente, sumando as categorías de *Prados* e *Pastos*, a clasificación de *Pastos permanentes* do Censo 2020), o **que nos dá unha porcentaxe bastante inferior da recollida polo Censo** para a categoría homóloga. O seguinte uso do solo en orde descendente segundo a súa importancia no total da SAU é *Combinación de cultivos con vexetación*, que se estende por un 32,99% e, xa en menor medida por distintas Combinacións de vexetación que supoñen o 10,87%. As *hortas* a penas teñen representación (0,72%), ao igual que as *instalacións agrícolas e/ou gandeiras* (0,29%).

As *Froiteiras non cítricas*, ocupan tan só 14,44 ha, supoñendo unha porcentaxe do 0,02%.

Táboa 211. Clasificación dos usos do solo que forman a SAU segundo o SIOSE 2014

Clasificación da SAU segundo SIOSE 2014		
Clasificación	**Superficie (ha)**	**% uso 2014 sobre o total**
Cultivo herbáceo	47.451,67	52,08%
Combinación de cultivos con vexetación	30.061,77	32,99%
Combinación de vexetación	9.905,00	10,87%
Pasteiro ou herbal	2.227,74	2,45%
Asentamento agrícola y horta	654,22	0,72%
Prado	534,76	0,59%
Instalación agrícola e/ou gandeira	260,86	0,29%
Froiteira non cítrica	14,44	0,02%
Total SAU	**91.110,46**	**100,00%**

Como podemos observar na táboa 190, a nivel concello observamos que en cinco dos dez concellos do GDR **mantense o *Cultivo herbáceo* como o uso que maior parte do solo ocupa do total da SAU** (**Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, A Pastoriza** e **Vilalba**), mentres que nos outros 5, ocupan máis hectáreas a *Combinación de cultivos con vexetación* e ou a clasificación de *Combinación de vexetación* por si soa.

O resto de categorías seguen as tendencias do conxunto do GDR, destacando o **elevado número de hectáreas de prado que presentan Abadín, Vilalba e Xermade, 96,89 ha, 120,20 ha e 120,1 ha.**

Táboa 212. Clasificación por concellos dos usos do solo que forman a SAU segundo o SIOSE 2014

Clasificación da SAU por concellos segundo SIOSE 2014					
	Abadín	**Begonte**	**Castro de Rei**	**Cospeito**	**Guitiriz**
	Superf.(ha)	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**
Cultivo herbáceo	2.263,86	2.761,17	8.986,94	8.334,72	6.255,74
Combinación de cultivos con vexetación	5.707,02	731,56	562,43	863,85	3.469,14
Combinación de vexetación	641,27	540,92	477,89	302,91	1.914,64
Pasteiro ou herbal	718,59	0	0	0	42,55
Asentamento agrícola y horta	95,38	73,59	66,01	92,75	55,40
Prado	96,89	3,17	0,00	5,53	68,88
Instalación agrícola e/ou gandeira	7,11	6,68	82,26	42,44	16,74
Froiteira non cítrica	0	0	0	0	0
	Muras	**A Pastoriza**	**Riotorto**	**Vilalba**	**Xermade**
	Superf.(ha)	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**
Cultivo herbáceo	261,45	5.933,49	645,45	9.749,52	2.259,32
Combinación de cultivos con vexetación	3.229,16	4.616,32	1.148,90	5.944,12	3.789,27
Combinación de vexetación	1.443,85	403,37	290,99	1.870,20	2.018,95
Pasteiro ou herbal	1.142,91	44,95	6,56	240,61	31,57
Asentamento agrícola y horta	0,47	0,00	6,43	252,77	11,42
Prado	54,50	19,40	44,09	120,20	122,10
Instalación agrícola e/ou gandeira	8,52	70,34	3,23	12,83	10,71
Froiteira non cítrica	14,44	0	0	0	0

A información **máis actualizada e desagregada por concellos, son os datos das superficies declaradas polos agricultores no marco das axudas da PAC de 2021** (táboa 213), que sitúan o total da SAU do GDR en **79.937,22ha.**

Do mesmo xeito, estes datos amosan que son **A Pastoriza, Vilalba, Castro de Rei** e **Muras os concellos con maior importancia de superficie agrícola utilizada**, sumando entre os tres o **42,40%** do total da SAU no GDR.

Táboa 213. Superficies declaradas polos agricultores no marco das axudas da Política Agraria Común (PAC) 2021.

SUPF. DECLARADA 2021 SAU (HA)		
Concello	**Superficie (ha)**	**%**
Abadín	7.758,29	9,71%
Begonte	4.790,44	5,99%
Castro de Rei	10.628,74	13,30%
Cospeito	7.462,69	9,34%
Guitiriz	8.841,23	11,06%
Muras	10.280,40	12,86%
Pastoriza, A	12.037,66	15,06%
Riotorto	1.895,37	2,37%
Vilalba	11.224,83	14,04%
Xermade	5.017,58	6,28%
TOTAL	**79.937,22**	**100%**

E.1.2.2 Análise da superficie forestal

O Mapa Forestal de España, establece a diferencia entre tres tipos de bosque: o de Masa frondosa, o de Masa coníferas e o de Masa mixta. Na táboa 214 recóllese esta clasificación para o total do GDR. Con isto podemos determinar que a masa máis representativa na comarca, abarcando unha extensión de 49.652,36 ha, 43,83% sobre o total do arborado do GDR, son as masas de frondosas, compostas principalmente de carballos (Quercus robur). Seguido do arborado composto por coníferas, que supón un 34,66% con 39.262,69 ha, cuxas especies máis representativas son os eucaliptos (Eucalyptus globulos e Eucalyptus nitens.) e os piñeiros (Pinus pinaster e Pinus radiata).

As masas mixtas son as menos representativas, cun 21,51%, entendéndose en 24.363,29 ha.

Táboa 214. Clasificación das masas forestais do Mapa Forestal de España 2011

CLASIFICACIÓN DE MASAS FORESTAIS DO MFE 2011		
Clasificación da masa forestal	**Superficie(ha)**	**%**
Frondosas	49.652,36	43,83%
Coníferas	39.262,69	34,66%
Masa Mixta	24.363,25	21,51%
Total	**113.278,29**	**100%**

Atendendo ao número de hectáreas que abrangue cada tipo de masa boscosa por concello, vemos que hai concellos que se afastan da tendencia xeral na que dominan as frondosas. En **Abadín , Begonte** e **Castro de Rei** e **Guitiriz**, os conxuntos de coníferas superan en extensión aos de especies frondosas.

Táboa 215. Clasificación por concellos das masas forestais do Mapa Forestal de España 2011

Clasificación das masas forestais por concellos segundo o MFE 2011					
Masas boscosas	**Abadín**	**Begonte**	**Castro de Rei**	**Cospeito**	**Guitiriz**
	Superf.(ha)	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**
Frondosas	3.057,59	3.326,93	2.612,97	3.360,43	6.276,12
Coníferas	4.057,10	4.300,87	4.394,33	1.826,06	7.412,53
Masa Mixta	1.238,83	3.014,10	2.534,65	1.186,56	4.583,46
Total	**8.353,52**	**10.641,90**	**9.541,95**	**6.373,05**	**18.272,11**
	Muras	**A Pastoriza**	**Riotorto**	**Vilalba**	**Xermade**
	Superf.(ha)	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**
Frondosas	6.000,52	3.455,31	3.968,45	11.479,27	4.481,51
Coníferas	1.759,06	1.417,73	823,49	5.474,35	2.495,29
Masa Mixta	682,36	2.201,29	1.859,60	3.475,49	2.616,53
Total	8.441,94	7.074,33	6.651,54	20.429,11	9.593,33

Son precisamente estes tres concellos os que ostentan a maior parte das ha forestais do conxunto do GDR, como se pode observar na Táboa 215. Pola contra son **Cospeito, Riotorto e A Pastoriza son os concellos que presentan menor porcentaxe de superficie arborada.**

Táboa 216. % das masas forestais sobre o total do GDR por concellos do MFE 2011

% das masas forestais sobre o total do GDR por concellos do MFE 2011					
Masas boscosas	**Abadín**	**Begonte**	**Castro de Rei**	**Cospeito**	**Guitiriz**
	Superf.(ha)	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**
Frondosas	16,41%	17,85%	14,02%	18,03%	33,68%
Coníferas	18,45%	19,56%	19,98%	8,30%	33,71%
Masa Mixta	9,87%	24,00%	20,18%	9,45%	36,50%
Total	**15,71%**	**20,01%**	**17,94%**	**11,98%**	**34,36%**
	Muras	**A Pastoriza**	**Riotorto**	**Vilalba**	**Xermade**
	Superf.(ha)	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**
Frondosas	20,42%	11,76%	13,50%	39,06%	15,25%
Coníferas	14,70%	11,84%	6,88%	45,73%	20,85%
Masa Mixta	6,30%	20,32%	17,16%	32,08%	24,15%
Total	**16,18%**	**13,55%**	**12,74%**	**39,14%**	**18,38%**

Os datos que ofrece o SIOSE en referencia ao ano 2014 amosan unha importante redución, de case a metade (de **113.278,29ha** a **71.463,15ha)** da masa forestal nos 3 anos transcorridos entre a toma de datos de ambas fontes, que ben se pode explicar debido a diferencia metodolóxica das diferentes fontes de datos.

A proporcionalidade das masas boscosas mantense, existindo un maior porcentaxe do total das masas boscosas que corresponde as frondosas, inda que neste caso, tanto as cifras absolutas como as porcentaxes das masas de coníferas e mixtas non amosan apenas diferencia (**30,92%**e **30,40%,** respectivamente).

Táboa 217. Clasificación de las masas forestais segundo o SIOSE 2005-2014

CLASIFICACIÓN DAS MASAS FORESTALES SIOSE 2014		
Clase	**2014**	
	Superf. (ha)	**% uso**
Bosque de frondosas	27.632,42	38,67%
Bosque de coníferas	22.095,72	30,92%
Bosque mixto	21.721,87	30,40%
Total superficie forestal	**71.463,15**	**100%**

Se ben as cifras absolutas que nos ofrece o MFE para o 2011 distan significativa mente das ofrecidas polo SIOSE 2014, os concellos nos que as coníferas superan as masas de frondosas mantéñense (**Abadín, Begonte** e **Castro de Rei** e **Guitiriz).**

Táboa 218. Clasificación das masas forestais por concellos do SIOSE 2014

Clasificación das masas forestais por concellos do SIOSE 2014					
Masas boscosas	**Abadín**	**Begonte**	**Castro de Rei**	**Cospeito**	**Guitiriz**
	Superf.(ha)	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**
Frondosas	2.262,61	2.310,75	1.774,45	1.746,08	3.845,98
Coníferas	3.044,04	2.943,03	2.124,51	817,66	4.786,60
Masa Mixta	1.145,25	2.032,30	2.518,22	1.687,45	4.522,54
Total	6.451,90	7.286,08	6.417,18	4.251,19	13.155,12
	Muras	**A Pastoriza**	**Riotorto**	**Vilalba**	**Xermade**
	Superf.(ha)	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**
Frondosas	3.124,97	2.123,91	1.497,12	5.822,97	3.123,57
Coníferas	1.331,22	1.335,25	1.073,74	2.901,20	1.364,61
Masa Mixta	685,30	1.142,84	1.141,06	5.733,19	1.487,58
Total	37.561,47	31.109,57	23.823,49	17.406,31	13.155,12

O SIOSE ofrécenos diferencias menos acusadas entre a superficie ocupada polos concellos en comparación ao conxunto, salvando as excepcións de **Vilalba e Guitiriz**, que amosan unha elevada porcentaxe de masa forestal (20,23% e 18,41% respectivamente).

Táboa 219. Porcentaxe das masas forestais sobre o total do GDR por concellos do SIOSE 2014

% das masas forestais sobre o total do GDR por concellos do SIOSE 2014					
Masas boscosas	**Abadín**	**Begonte**	**Castro de Rei**	**Cospeito**	**Guitiriz**
	Superf.(ha)	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**
Frondosas	8,19%	8,36%	6,42%	6,32%	13,92%
Coníferas	14,01%	13,55%	9,78%	3,76%	22,04%
Masa Mixta	5,18%	9,20%	11,40%	7,64%	20,47%
Total	**9,03%**	**10,20%**	**8,98%**	**5,95%**	**18,41%**
	Muras	**A Pastoriza**	**Riotorto**	**Vilalba**	**Xermade**
	Superf.(ha)	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**	**Superf.(ha)**
Frondosas	11,31%	7,69%	5,42%	21,07%	11,30%
Coníferas	6,13%	6,15%	4,94%	13,36%	6,28%
Masa Mixta	3,10%	5,17%	5,16%	25,95%	6,73%
Total	**7,20%**	**6,44%**	**5,20%**	**20,23%**	**8,36%**

E.1.2.3 Análise estrutural das explotacións agrarias como xestoras do territorio

As explotacións agrarias do territorio do GDR teñen un tamaño medio de 14,79 ha. Con isto, superan o tamaño medio para o conxunto galego, fixado pola mesma fonte de datos, o Censo Agrario do 2020, en tan só **8 ha.**

Na táboa 220, preséntanse o número de explotacións agrarias por concellos, a súa SAU e o cálculo do tamaño medio de explotación e a carga gandeira, realizado a partir datos publicados do Censo Agrario 2020.

Táboa 220. Tamaño medio das explotacións e carga gandeira. Censo Agrario 2020

TAMAÑO MEDIO DAS EXPLOTACIÓNS. CENSO AGRARIO 2020					
	Número de explotacións	SAU (ha)	Tamaño medio expl (ha)	UGM	UGM/ha
Abadín	588	8.948	15,22	8.747	0,98
Begonte	214	2.224	10,39	2.947	1,33
Castro de Rei	633	9.201	14,54	20.988	2,28
Cospeito	564	8.260	14,65	12.911	1,56
Guitiriz	515	8.670	16,83	16.936	1,95
Muras	173	4.825	27,89	7.794	1,62
Pastoriza, A	572	11.297	19,75	22.026	1,95
Riotorto	119	1.410	11,85	3.764	2,67
Vilalba	1.274	12.974	10,18	14.320	1,10
Xermade	241	4.556	18,90	6.729	1,48
Total	**4.893**	**72.365**	**14,79**	**117.162**	**1,62**

Desta información podemos extraer que o concello de **Muras** é o que presenta un maior **tamaño medio de explotación,** con **27,89 ha,** seguido de **A Pastoriza (19,75 ha), Xermade (18,90 ha), Guitiriz (16,83 ha) e Abadín (15,22)**. No lado contrario están **Vilalba, Begonte, Riotorto e Castro de Rei**, con **10,18 ha, 10,39 ha, 11,85 ha e 14,54 ha** de tamaño medio cada un.

Nos datos que refiren a **carga gandeira** dos concellos, os que maior carga gandeira teñen son **Riotorto (2,67 UGM/ha), Castro de Rei (2,28 UGM/ha), Guitiriz (1,95 UGM/ha), A Pastoriza (1,95 UGM/ha) e Muras (1,62 UGM/ha).**

Para achegar datos sobre as **dimensións económicas das explotacións** e a súa intensidade produtiva do conxunto e dos concellos do GDR Miño-Ulla foi necesario extraer a información dos microdatos do Censo Agrario 2020 relativos a **Orientación Técnico-Económica (OTE)** e a **Produción Estándar Total (PET**), así como do número de explotacións, a SAU e as UGT para cada categoría xeral das OTE.

Na táboa 220, pódese observar o tamaño medio das explotacións segundo a súa orientación produtiva, e a PET. A vista dos datos expostos queda claro que para o

conxunto do GDR a orientación produtiva que maior dimensión económica ten é a ***4. Herbívoros*** que inclúe as categorías de *Bovino de leite, Bovino de cría e carne, Bovino de leite, cría e carne, Ovinos, Ovinos e bovinos, Caprinos e Herbívoros diversos.* Estas explotacións tamén son as que maior número de UGT involucran e as que teñen maior tamaño **(20, 31 ha)**, necesario dado o volume e o manexo dos animais.

As segundas explotacións, tomando como criterio o económico, son as de **orientación granívora,** que incorpora as subcategorías de *Porcino de cría, Porcino de engorde, Porcino de cría e engorde, Galiñas poñedoras, Polos de engorde, Galiñas poñedoras e de engorde e Combinadas de granívoros.* Mais non presentan un gran tamaño **(11,5 ha)**, tampouco é necesario dado a natureza da cría deste tipo de gando, que normalmente se fai en cebadeiros ou explotacións pechadas. Chama a atención de que ocupe o segundo lugar en canto a importancia económica existindo tan só en todo o GDR **68 explotacións deste tipo**, o que demostra que son instalacións moi rendibles.


O resto de explotacións teñen un rendemento moito menor que as dúas anteriormente mencionadas.

Táboa 221. Orientación Técnico-Económica (OTE) no ámbito do GDR

	Nº Explotacións	SAU ha	Tamaño medio	PET miles de euros
1 Agricultura Xeral	483	4.919,18	10,25	2.092,16
2 Horticultura (horta e flores)	128	712,56	5,48	3.892,30
3 Cultivos leñosos	37	365,59	1,08	5.698,64
4 Herbívoros	2.465	59.798,20	20,31	147.188,81
5 Granívoros	68	349,19	11,5	19.770,20
6 Policultivos	77	933,54	7,26	520,50
7 Gandaría mixta	79	561,04	18,47	686,09
8 Cultivos e gandaría	314	2.536,37	7,15	3.599,15

Na seguinte imaxe extraída do Visor de Estratexias-GDR pódese observar a distribución por intervalos da PET de toda a OTE, por concellos, destes datos extráese que os concellos que maior PET concentran son os de **A Pastoriza e Castro de Rei,** que sobrepasan os 7.500 miles de euros.

Ilustración 30 Produción Estándar Media (PET) do Visor de Estratexias-GDR.



Na táboa 221 recóllese o número de explotacións por concello repartidas en cada unha das 8 categorías xerais da OTE que recollen os Microdatos do Censo Agrario e que nos amosa que o maior número de explotacións atópase adscrito na categoría ***4. Herbívoros***. Sendo superior o número deste tipo de explotacións nos concellos de **Vilalba (450), A Pastoriza(394) e Guitiriz (312).**

A primeira categoría de OTE, **Agricultura Xeral**, inda que non é a maioritaria, ten importancia en todos os concellos, sobre todo en **Vilalba (105).**

Apenas existen no ámbito do GDR explotacións con **orientación hortícola.** Cóntanse 128 en todo o territorio, das cales **43 están ubicadas en Vilalba.**

Na categoría **5. Granívoros,** son **Vilalba (17)**, **Guitiriz (17)** e castro de Rei as que maior número de explotacións suman. Pola contra para os concellos de **Vilalba e Riotorto** o censo só recolle 1 explotación deste tipo, e **Abadín e A Pastoriza** 2.

O número de explotacións dedicadas ao **policultivo** non é moi abondoso, só **Vilalba** superan a vintena de este tipo de explotacións. Mentes que para A **Pastoriza e Riotorto** só se cona 1 explotación adscrita a esta OTE e en **Muras 2**.

Apenas existen explotacións orientadas á **gandaría mixta,** atopándose a maior parte destas no concello de **Vilalba (36)** porén, non se contabilizan explotacións de gandaría mixta en **Muras.**

As explotacións adscritas a OTE de ***Cultivos e gandaría*** están máis expandidas que a anterior. **Vilalba conta con 129 explotacións, Abadín con 34** e **Guitiriz con 31**.

Táboa 222. Número de explotación por OTE e concello.

EXPLOTACIÓNS POR GRUPOS OTE XERALES					
	Abadín	**Begonte**	**Castro de Rei**	**Cospeito**	**Guitiriz**
1 Agricultura Xeral	49	24	81	69	47
2 Horticultura (horta e flores)	16	7	9	18	14
3 Cultivos leñosos	2	10	4	3	4
4 Herbívoros	281	84	298	291	312
5 Granívoros	1	3	13	8	17
6 Policultivos	12	8	8	5	8
7 Gandaría mixta	8	6	11	7	3
8 Cultivos e gandaría	34	16	22	25	31
	Muras	**A Pastoriza**	**Riotorto**	**Vilalba**	**Xermade**
1 Agricultura Xeral	19	53	13	105	23
2 Horticultura (horta e flores)	2	3	4	43	12
3 Cultivos leñosos	3	2	1	1	7
4 Herbívoros	127	394	61	450	167
5 Granívoros	5	3	1	15	2
6 Policultivos	2	1	1	28	4
7 Gandaría mixta	0	2	1	36	5
8 Cultivos e gandaría	10	16	10	129	21

En canto a SAU por orientación produtiva, vemos unha clara superioridade do número de hectáreas nas explotacións de *Herbívoros* e *Granívoros* en todos os concellos. *Sendo* esta sensiblemente superior nos concellos de **Vilalba (9.311,06 ha)**e **A Pastoriza (10.171,06 ha).**

Táboa 223. Número de explotacións por SAU e concello

SAU POR GRUPOS OTE XERALES (ha)					
	Abadín	**Begonte**	**Castro de Rei**	**Cospeito**	**Guitiriz**
1 Agricultura Xeral	829,09	154,78	704,71	695,79	497,05
2 Horticultura (horta e flores)	73,55	20,07	75,14	87,58	34,02
3 Cultivos leñosos	4,76	137,78	43,95	25,33	26,52
4 Herbívoros	7.299,20	1.566,01	7.679,59	6.788,60	7.540,35
5 Granívoros	26,11	41,26	22,00	47,56	135,94
6 Policultivos	216,35	69,80	71,46	42,65	97,92
7 Gandaría mixta	79,74	26,74	53,47	69,69	31,63
8 Cultivos e gandaría	237,36	143,55	222,15	194,36	222,76
	Muras	**A Pastoriza**	**Riotorto**	**Vilalba**	**Xermade**
1 Agricultura Xeral	256,06	624,04	97,54	872,15	187,97
2 Horticultura (horta e flores)	22,15	17,04	57,39	295,13	30,49
3 Cultivos leñosos	29,88	7,89	0,53	9,58	79,37
4 Herbívoros	4.337,05	10.171,06	1.122,91	9.311,06	3.982,37
5 Granívoros	9,67	4,85	26,27	14,29	21,24
6 Policultivos	53,38	18,26	12,70	285,92	65,10
7 Gandaría mixta	0,00	27,69	11,43	226,73	33,92
8 Cultivos e gandaría	87,00	175,32	48,16	1.017,90	187,81

Na táboa 222, desagrégase a PET por OTE das explotacións a nivel municipal. Como xa puidemos ver cos datos a nivel GDR, son as explotacións de *Herbívoros* e *Granívoros* a que maior importancia económica teñen neste ámbito destacando en especial da primeira categoría mencionada.

Os concellos de **A Pastoriza, Castro de Rei, Cospeito e Guitiriz**, amosan as explotacións de maior dimensión económica no que se refire aos *Herbívoros,* mais estas explotacións son as que máis rendibilidade teñen en todos os concellos.

As granxas con orientación granívora representan o segundo posto en importancia económica para os concellos de **Castro de Rei, Guitiriz, Riotorto e Muras**. No resto dos concellos non representan unha rendibilidade significativa atendendo ao conxunto dos datos achegados.

No que respecta ao resto das OTEs, como xa vimos, as dimensións económicas das explotacións son moito menores. Non obstante, nas explotacións de *Agricultura Xeral,* acadan certa importancia **Cospeito (480,48 miles de euros) e na Pastoriza (311,41**

miles de euros). Na *horticultura,* o único concello que destaca é o de Abadín, que con tan só 16 explotacións dedicadas a esta orientación e **73,55 ha**, amosa a mellor cifra **(322,36 miles de euros)**. Pola contra, **Vilalba** que conta con **43** explotacións hortícolas repartidas en **135,44** explotacións tan só produce **135,44 miles de euros**.

Resulta de importancia comentar que **Begonte** é o concello con maior peso económico no que se refire a cultivos leñosos con **4.335 miles de euros**, cifra moi superior a de calquera outro concello.

As explotacións de *Policultivos* non aportan ao conxunto unha importancia económica relativa.

As explotacións con maior tamaño económico dedicadas a *Gandaría mixta* atópanse en **Castro de Rei (309,41 miles de euros).** Compre mencionar que para o caso de **Muras e Vilalba** a información que nos brindan os Microdatos do Censo Agrario do 2020 é de que non existen explotacións con esta categorización. Asemade, **Riotorto** presenta unha cifra de PET moi reducida **(19,04 miles de euros)** en comparación ao resto.

Para o oitavo grupo de OTE, *Cultivos e gandaría,* á vista dos datos determínase que son as explotacións de **Xermade (805,09 miles de euros)** e **A Pastoriza (638,52 miles de euros)** e **Abadín (465,54 miles de euros)** as que maior dimensión económica albergan.

Táboa 224. PET en miles de euros por OTE xeneral.

PET POR GRUPOS OTE XERALES (MILES DE EUROS)					
	Abadín	**Begonte**	**Castro de Rei**	**Cospeito**	**Guitiriz**
1 Agricultura Xeral	221,43	107,37	480,48	408,60	194,58
2 Horticultura (horta e flores)	1.322,36	213,08	539,65	297,08	280,33
3 Cultivos leñosos	5,35	4.335,10	166,59	768,96	38,53
4 Herbívoros	10.434,16	3.064,61	33.784,47	23.008,27	20.171,72
5 Granívoros	173,54	1.205,19	5.994,39	335,34	5.434,65
6 Policultivos	80,23	95,25	88,22	43,97	65,09
7 Gandaría mixta	82,00	43,21	309,40	89,36	46,04
8 Cultivos e gandaría	465,54	395,54	282,73	360,53	332,33

	Muras	A Pastoriza	Riotorto	Vilalba	Xermade
1 Agricultura Xeral	44,80	311,41	24,79	18,38	280,32
2 Horticultura (horta e flores)	52,04	170,97	596,13	135,44	285,25
3 Cultivos leñosos	57,02	79,96	3,08	50,57	193,47
4 Herbívoros	4.454,83	38.665,12	3.075,19	1.041,41	9.489,04
5 Granívoros	4.244,77	428,56	1.657,99	11,31	284,46
6 Policultivos	12,69	61,97	3,88	38,99	30,20
7 Gandaría mixta	0,00	56,39	19,04	0,00	40,66
8 Cultivos e gandaría	117,21	638,52	161,71	39,93	805,09

A falla de datos dificultan en grande medida a caracterización da intensidade produtiva para as explotacións forestais. Neste senso, só se pode dispoñer dos datos do aproveitamento dos montes de xestión privada desagregados por concellos (táboa 225).

O GDR Terra Chá ten unha produción de **662.358,34 m³** de madeira. Das cales os catro concellos con maior actividade no sector son **Guitiriz, Vilalba** e **Castro de Rei**.

Táboa 225. Aproveitamentos en montes de xestión privada por concellos

APROVEITAMENTOS MADEIREIROS MONTES PRIVADOS. MEDIO RURAL 2019		
Concello	**Produción m³**	**%**
Abadín	51.100,41	7,71%
Begonte	81.426,28	12,29%
Castro de Rei	83.976,68	12,68%
Cospeito	37.180,78	5,61%
Guitiriz	111.517,02	16,84%
Muras	28.516,47	4,31%
A Pastoriza	64.544,64	9,74%
Riotorto	60.255,49	9,10%
Vilalba	103.094,06	15,56%
Xermade	40.746,51	6,15%
TOTAL	**662.358,34**	**100%**

Táboa 226. Aproveitamentos en montes de xestión privada por concellos

	Parroquia (Sectores)	
Concello	**Lácteo**	**Forestal**
Abadín	Baroncelle	Labrada
Begonte	Saavedra	Santalla
Castro de Rei	Santa Leocadia	Loentia
Cospeito	Arcillá	Pino
Guitiriz	Vilares	Lagostelle
Muras*	-	-
A Pastoriza	Álvare	Lagoa
Riotorto	Aldurfe	Espasande
Vilalba	Noche	San Simón
Xermade	Momán	Lousada

(*): o concello de Muras non ten sector lácteo nin forestal pero presenta unha explotación de carne en Viveiro.

E.2 Caracterización da aptitude agraria e do abandono

E.2.1 Caracterización da aptitude agraria dos solos

Co obxectivo de estimar a aptitude agraria para o territorio do GDR da Terra Chá, procédese a análise dos datos dispoñíbeis resultado da dixitalización en 2014 do *Mapa de capacidades produtivas dos solos de Galicia (1984)* de *Díaz-Fierros e Gil Sotres*. O traballo tomaba como guía metodolóxica o esquema proposto pola FAO: *A Framework for Land Evaluation (1976),* que incluía una serie de calidades da terra que servían como factor limítante da produtividade e tomaba como base tres cultivos de referencia: millo, prado e piñeiros (*Pinus pinaster*).

Deste xeito, **a modo de efectuar una análise simplificada e concisa da aptitude agraria da zona, valerémonos das dúas primeiras categorías**, a de **Orde** (Apto ou Non Apto) e **Clase** (A1-Altamente apta, A2- Moderadamente apta, A3- Marxinalmente apta, N1- No apta actualmente, N2 - No apta permanentemente) **e dos cultivos referencia tipicamente agrarios**, o **millo** e o **prado**. Todos estes datos aparecen recollidos na táboa 137.

No que se refire a aptitude para o cultivo do millo, non hai ningún concello que presente terras agrarias cunha clasificación de altamente aptas (A1). Non obstante, si se identifican concellos con **aptitudes moderadas (A2)** ou **marxinais (A3)**. Neste senso destaca **Vilalba**, con **12.120,79 ha** en **A2** e **15.507,27ha** en **A3**, inda que xa se reduce notablemente a superficie destas clasificacións, **Guitiriz, Xermade** ou **Castro de Rei** son os seguintes en orde. Pola contra, os concellos de **Riotorto** e **Muras**, son, con diferencia os que menos superficie para o cultivo do millo teñen nestas dúas categorías.

A clasificación N1, terras non aptas actualmente para o cultivo (do millo), as cales teñen limitacións que poderían superarse con medios técnicos, pero cuxas modificacións en la actualidade non son consideradas, é dicir, terras que poderían ser susceptibles de mellora da súa actitude se se simplemente técnicas de traballo rendibles, teñen pouca representación, un total de **1.712,82 hectáreas** para o GDR, dos que **1.173,38** están en **Guitiriz**, **678,76** en **Xermade**, **249,73** en **Begonte** e **289,71** en **Abadín**. Para o resto dos concellos nesta clasificación o mapa de Díaz-Fierros e Gil Sotres non inclúe superficie.

As terras non aptas permanentemente (N2), que son as que presentan limitacións graves, xeralmente de tipo físico e que son inviábeis a longo prazo teñen grande presencia nos concellos de **Muras (14.824,20 ha), Abadín** (**12.952,43 ha**), **Guitiriz(11.761,88 ha**) e **Vilalba (10.077,92 ha).**

Os datos achegados polo *Mapa de capacidades produtivas dos solos de Galicia,* determinan para o total da superficie do GDR, que hai un total de **103.653,58 hectáreas con capacidade produtiva para o cultivo do millo** e **83.773,81 hectáreas calificadas como non aptas**.

A capacidade produtiva do solo do GDR para o cultivo do prado é ben superior. **177.926,40 hectáreas de terras aptas** fronte a **9.500,99 hectáreas que non presentan aptitude** para este cultivo.

Atendendo a análise por concellos, os datos determinan que **Vilaba, Xermade e Guitiriz teñen superficie clasificada como altamente apta (A1**), **30.836,80 ha**, **20.793,94 ha** e **17.224,70 ha** respectivamente, cifra nada desprezábel. En canto a **superficie moderadamente apta paro cultivo** (do prado) destacan **A Pastoriza (8.392,99 ha),**

Muras (5.139,28 ha) e Guitiriz (5.139,28 ha). Sinalar, tamén que a fonte utilizada non contempla superficie nesta clasificación para Cospeito. A superficie marxinalmente apta (**A3**) é a menos presente das tres clasificacións das terras aptas, tendo maior número de extensión nos concellos de **Muras (3.219,36 ha), Cospeito (3.165,18 ha)** e **Guitiriz (3.134,04 ha).**

As terras temporalmente non aptas para o cultivo e que poden ser susceptibles de selo nun futuro **(N1)**, representan pouca superficie, sendo en **Begonte**, con **900,90 ha** o concello que maior extensión ten, pola contra para os concellos de **Cospeito, Muras** e **A Pastoriza**, non se recollen hectáreas deste tipo. Asemade, as terras que non son aptas permanentemente (**N2**), inda que significan unha cifra superior as de clase **N1**, non teñen unha importancia excesivamente significativa, sendo **Guitiriz** e **Abadín** con **3.568,22 ha** e **2.765,52 ha,** respectivamente.

Táboa 227. Aptitude agraria dos solos para os cultivos agrícolas de referencia.

APTITUDE AGRARIA DOS SOLOS DO GDR TERRA CHÁ POR CONCELLOS					
Concello	**MILLO (superficie en hectáreas)**				
	A1	**A2**	**A3**	**N1**	**N2**
Abadín	0	1.848,69	4.628,30	0	12.952,43
Begonte	0	2.150,97	6.669,75	249,73	3.609,31
Castro de Rei	0	4.176,27	9.466,40	289,71	3.495,58
Cospeito	0	5.699,75	5.324,14	0	3.165,18
Guitiriz	0	8.155,86	8.253,10	1.173,38	11.761,88
Muras	0	414,49	1.001,51	0	14.824,20
A Pastoriza	0	1.556,52	6.198,59	0	9.743,89
Riotorto	0	109,30	383,38	0	6.140,01
Vilalba	0	12.120,79	15.507,27	0	10.077,92
Xermade	0	5.321,22	4.667,28	678,76	6.291,54
Total	**0**	**41.553,86**	**62.099,72**	**1.712,82**	**82.061,94**
	103.653,58 ha			**83.773,81 ha**	
	APTAS			**NON APTAS**	

APTITUDE AGRARIA DOS SOLOS DO GDR TERRA CHÁ POR CONCELLOS					
	PRADO (superficie en hectáreas)				
Concello	**A1**	**A2**	**A3**	**N1**	**N2**
	11.817,92	2.431,80	2.316,31	97,87	2.765,52
Abadín	8.362,21	1.143,43	1.741,66	900,90	531,56
Begonte	13.156,37	2.261,46	1.926,18	83,95	0
Castro de Rei	11.023,89	0	3.165,18	0	0
Cospeito	17.224,70	5.139,28	3.134,04	277,98	3.568,22
Guitiriz	4.526,76	8.392,99	3.219,36	0	101,09
Muras	11.573,13	5.662,25	263,62	0	0
A Pastoriza	1.747,93	3.961,55	632,94	290,27	0
Riotorto	30.836,80	3.425,05	2.685,79	408,22	350,12
Vilalba	20.793,94	3.750,78	879,71	130,22	460,01
Xermade	**121.677,53**	**36.168,59**	**20.080,28**	**4.523,34**	**7.442,80**
Total	**177.926,40 ha**			**9.500,99 ha**	
	APTAS			**NON APTAS**	

Para unha maior asimilación destas cifras, a continuación preséntanse os mapas correspondentes as aptitudes do solo do GDR Terra Chá:

Ilustración 31. Mapa da capacidade produtiva para o cultivo de Millo.





Ilustración 32. Mapa da capacidade produtiva para o cultivo de Prado.



Co obxectivo de determinar o nivel de aproveitamento agrícola para o territorio do GDR, procédese a comparar os mapas de usos do solo simplificado dunha das fontes máis recentes e cuxa tipoloxía de coberturas se adapta mellor para a análise, o SIOSE 2005 (ilustración 33) e SIOSE 2014 (ilustración 34) **cos mapas de aptitudes produtivas anteriormente referidos.**

Deste xeito, podemos afirmar que **todo o territorio do GDR presenta unha capacidade produtiva para o prado moi boa, sendo a meirande parte do territorio calificada de "altamente apta"** para o seu cultivo. Neste sentido compre tamén mencionar que a maior parte das terras non aptas, que teñen unha presenza marxinal se o comparamos coas "aptas", sitúanse estas en zonas elevadas de superficie rochosa e dificilmente accesibles, e que no mapa de usos do solo aparecen maiormente cubertas de mato ou masas de coníferas.

A maior parte das terras con boa aptitude para o prado están cubertas por cultivos agrícolas na súa meirande parte cultivos herbáceos.

Con respecto ás zonas con matogueira, é destacable a súa presenza en sitios con aptitudes moderadamente altas para o prado como son o norte de Vilalba, o noroeste da Pastoriza e Muras que presenta este problema case na totalidade do seu territorio.


A presenza de matogueira en zoas aptas para o cultivo é un claro indicador de abandono xa que se estas zonas contaran cunha forte actividade agrícola estarían cubertos de cultivos produtivos.

Pola contra, a **aptitude para o cultivo do millo ten un perspectiva máis mermada**. A superficie non apta permanentemente para o cultivo achégase bastante a cifra de zonas aptas. En canto a superficie temporalmente non apta, que podería servir para o aumento da superficie con capacidade produtiva no cultivo do millo, é moi escasa e practicamente inapreciábel a nivel gráfico, o que deixa pouca marxe para o aumento da superficie dedicada a este cultivo nun futuro. Ademais non se recolle superficie calificada de "altamente apta". Cabe destacar que, **a maior parte da superficie considerada apta**

para producir millo, atópase recollida no SIOSE como "ocupado por cultivos herbáceos".

Outro aspecto salientábel é a alta presenza de bosques de coníferas, frondosas e bosque mixto en todo o territorio, tanto en zonas aptas como non aptas para o prado e o millo. Outro feito que nos pode indicar o grado de abandono.


Ilustración 33. Mapa da cobertura do solo simplificada do SIOSE 2005



Con respecto ao SIOSE 2014, aínda que e**n xeral as terras con capacidade produtiva para o prado están ocupadas por *Cultivos agrícolas ou asimilábeis***, existen zonas con clasificación A2 ou A3 ocupadas por mato e/ou coníferas (extremos norte e noroeste do concello de **Vilalba**, extremo noroeste do concello de **Xermade** e a metade occidental do concello de **Muras,** son os territorios máis destacábeis con esta casuística).

A maior parte da superficie considerada apta para producir millo, atópase recollido no SIOSE como ocupado por usos agrícolas ou asimilábel, coa excepción de algunhas manchas que se poden apreciar no mapa ao noroeste do concello de **Xermade** e no extremo noroeste de **Castro de Rei.**

Ilustración 34. Mapa da cobertura do solo simplificada do SIOSE 2014



Como conclusión de este epígrafe, e logo de comparar os mapas de cobertura do solo e os de capacidades produtivas para os cultivos de referencia, cabe mencionar que, non existen grandes diferenzas entre os dous períodos (2005, 2014), en xeral existe un bo aproveitamento das terras aptas para o cultivo tanto para o millo coma para o prado. **A meirande parte do territorio susceptible de establecerse nel un uso agrario corresponde en ocupación a este**, con excepcións puntuais. Asemade existe pouca marxe de mellora, debido a escaseza de superficie calificada como *Non apta actualmente*.

Con respecto ao abandono pódese observar como ai zonas con presenza de mato en sitios con boa aptitude para o prado, este é un problema que apenas variou no período de estudo (2005-2014). Outro indicador de abandono é o aumento da presenza de bosques (de coníferas e mixtos) que tivo lugar en 2014 con respecto ao ano 2005, isto soe ser indicador do peche de moitas explotacións gandeiras e agrícolas que unha vez que non necesitan as terras para a produción cultivos agrícolas establecen nelas cultivos

forestales co obxectivo de dar un uso ás fincas e sacar de paso un beneficio económico coa venta da madeira.

Se se mantén a mesma dinámica é sinxelo prever que no futuro o problema do abandono vai continuar, xa que nesta zona a maior parte dos xefes das explotacións gandeiras e agrícolas son maiores de 50 anos e non teñen continuidade, o que vai provocar o aumento tanto da superficie de matogueira como da superficie de bosques.

E.2.2 Identificación de zonas incluídas en selos ou esquemas de certificación da calidade agroalimentaria (D.O, IXP) e/ou forestal

Na táboa 228 preséntanse os produtos de calidade certificados que se atopan dentro do ámbito do GDR da Terra Chá, distinguindo entre Denominación de Orixe (D.O.) e Indicación Xeográfica Protexida (I.X.P.).

Táboa 228. Produtos con certificación de calidade no ámbito do GDR da Terra Chá


SELO DE CALIDADE	DOP/IXP	ÁMBITO
Augardente	I.X.P	Todo o GDR
Castaña de Galicia	I.X.P	Todo o GDR
Queixo de Tetilla	D.O	Todo o GDR
Queixo San Simón	D.O	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade
Grelos de Galicia	I.X.P	Toda Galicia
Pataca de Galicia	I.X.P	Abadín, Cospeito, Xermade e Vilalba
Lacón Galego	I.X.P	Todo o GDR
Tenreira Galega	I.X.P	Todo o GDR
Mel de Galicia	I.X.P	Todo o GDR
Tarta de Santiago	I.X.P	Todo o GDR
Pan Galego	I.X.P	Todo o GDR
Licor Café	I.X.P	Todo o GDR
Licor de Herbas de Galicia	I.X.P	Toda Galicia
Augardente de Herbas de Galicia	I.X.P	Toda Galicia
Vaca Galega/Boi Galego	I.X.P	Toda Galicia

E.2.3 Caracterización do abandono das terras agrarias

No presente apartado búscase a identificación de zonas que, tendo aptitudes para a produción agraria, poidan ter un nivel de xestión baixo é dicir, que non se estea a aproveitar todo o seu potencial produtivo. Para isto, realizouse unha superposición cartográfica que involucra as diferentes superficies con aptitudes ou capacidades produtivas (actitudes produtivas do *Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia e superficie dos Montes Veciñais,* e a superficie de mato do SIOSE 2014).


Nunha primeira ollada xeral á ilustración 35, **pódese ver a relación directa da presencia do mato en zonas non aptas permanentemente para o cultivo de referencia**. Pola contra, nas terras con aptitude para a súa produción, obsérvase que a presencia do mato é moito menor.

Ilustración 35. Mapa de aptitude produtiva do millo e matogueira



As terras con aptitude para o prado, que como xa comentamos en apartados anteriores, esténdense por case todo o territorio do GDR, xa que é un cultivo pouco esixente, tanto coa topografía como coa climatoloxía. É precisamente por isto, como se pode observar na ilustración 36, polo que nos **atopamos zonas con aptitudes moderadas (A2), pero tamén con altas capacidades (A1) e marxinais (A3) cubertas de mato**. Estas atópanse principalmente no concello de Muras, na parte noroccidental de Abadín e nos extremos occidentais de Guitiriz e Xermade.


Ilustración 36. Mapa de aptitude produtiva do prado e matogueira



Co obxectivo de facer unha comparación temporal e ver como é a tendencia en canto ao abandono realizarse unha superposición cartográfica das capacidades produtivas do *Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia e superficie dos Montes Veciñais,* e a superficie de mato do SIOSE 2005.


Neste caso pódese apreciar que non hai moita diferenza con respecto ao período 2014, xa que a maior parte do mato obsérvase en zonas non aptas para o cultivo do millo.

Ilustración 37. Mapa de aptitude produtiva do millo e matogueira



Con respecto á presenza de mato en zonas aptas para o prado a cuestión aseméllase bastante con respecto ao período de 2014, onde as zonas con maior problema xa viñan sendo as mesmas que continúan a ser no período de 2014. Polo que neste aspecto non houbo melloras notables.

Ilustración 38. Mapa de aptitude produtiva do prado e matogueira.



Tamén resulta de interese analizar a superficie de mato que ocupan os Montes Veciñais en Man Común (M.V.M.C) xa que son un indicador económico e produtivo do sector agroforestal. Neste caso calculouse a porcentaxe de mato que ocupan estas zonas desagregadas por concello (táboa 229).


Táboa 229. Porcentaxe de superficie de matogueira nos M.V.M.C.

Concello	MATOGEIRA	MVMC	MATOGUEIRA
	Ha	Ha	%
Abadín	1.950,90	5.835,03	33,43%
Begonte	467,94	2.673,46	17,50%
Castro de rei	406,32	2.498,58	16,26%
Cospeito	17,54	172,01	10,20%
Guitiriz	1.572,90	8.613,34	18,26%
Muras	47,18	1.174,13	4,02%
A Pastoriza	582,67	1.808,68	32,22%
Riotorto	0,94	0,94	100%
Vilalba	1.038,52	3.117,84	33,31%
Xermade	279,46	1.289,40	21,67%
Total	**6.364,37**	**27.183,41**	**23,41%**

Destes datos podemos extraer que, a nivel GDR **6.364,37 ha** das **27.183,67 ha** dos montes. da zona de análise son matogueira, o que supón que **o 23,41% dos M.V.M.C están ocupados por matogueira.**

Dunha análise a menor escala, a municipal, podemos determinar que son **Riotorto (100%), Abadín (33,43%), Vilalba (33,31%) e Xermade (21,67%)** os que máis porcentaxe de cobertura de matogueira presentan nos seus Montes Veciñais de Man Común, e así se pode observar no mapa:

Ilustración 39. Montes veciñais e superficie ocupada por matogueira



Debido ao seu valor ambiental que representan, tamén é preciso identificar a superficie de mato que ocupan as zonas da Rede Natura 2000 do ámbito do territorio (táboa 230). A maior parte dos concellos a penas presentan superficie de matogueira nas súas Z.E.Cs., mais chama a atención o caso de **Vilalba**, que das súas **3.745,33 ha**, **1.875,66 ha pertencen a superficies ocupadas polo mato, é dicir, o 50,08%,** seguido en orde

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n
27800 Vilalba (Lugo)
T. 982 512 369
terrachanaturalmente@gmail.com


decrecente por **Abadín (31,94%), Muras (18,20%), Guitiriz (4,53%), Begonte (0,92%) e Cospeito (0,06%). Castro de Rei, A Pastoriza, Riotorto e Xermade teñen un 0**%, o que se explica pola seu reducida ou inexistente territorio incluído na Rede Natura 2000.

Táboa 230. Porcentaxe de superficie ocupada por matogueira na Rede Natura 2000 no ámbito do GDR

Concello	MATOGUEIRA	RN	MATOGUEIRA
	Ha	Ha	%
Abadín	1.263,21	3.954,46	31,94%
Begonte	12,133	1.321,26	0,92%
Castro de Rei	0	124,21	0%
Cospeito	0,563	980,8	0,06%
Guitiriz	12,523	276,32	4,53%
Muras	1.044,418	5.738,23	18,20%
A Pastoriza	0	0	0%
Riotorto	0	0,38	0%
Vilalba	1.875,665	3.745,33	50,08%
Xermade	220,664	1852,42	11,91%
Total	**4.429,176**	**17.993,41**	**24,62%**

Para unha maior comprensión dos datos achegados preséntase no mapa da ilustración 40, no cal se presenta a superposición da capa de “Matorral” do SIOSE 2014 a de Zonas de Especial Protección da Rede Natura 2000.

Ilustración 40. Zonas de Especial Conservación da Rede Natura 2000 e a superficie ocupada por matogueira



Tendo en conta a análise anterior podemos destacar varios concellos que presentan maiores problemas de abandono como son:

- Abadín é o concello que presenta maior problema coa presenza de mato nas tres zonas, en zonas con aptitudes produtivas, montes veciñais en man común (33,43%) e zonas de rede natura (31,94%).
- Xermade conta con presenza de mato en zonas con boa aptitude e en montes comunais (21,67 %).
- Logo tamén destaca o caso de Vilalba que presenta nos seus montes veciñais unha presenza de mato dun 33,31 % e na súas zonas de rede natura conta cunha destacable presenza de matogueira na súa superficie cun 50,08 %.

Aínda que tódolos concellos da zona GDR son susceptibles ao abandono, os máis destacados neste ámbito son: Abadín, Xermade e Vilalba.

E.2.4. Tendencias na xestión territorial por parte das explotacións agrogandeiras

Para aproximarse ás posibles tendencias do sector agrogandeiro no territorio fíxose unha análise cos datos dispoñibles do Censo Agrario 2020, concretamente cos microdatos. Dividíronse en dous grandes grupos: xefes de explotación maiores de 60 anos e menores de 40 anos por concello.

- Xefes de explotación maiores de 60 anos

Táboa 231. Xefes de explotación e titulares de explotación maiores de 60 e 55 anos

MUNICIPIO	Nº EXPLOTACIÓNS TOTAIS	Nº EXPLOTACIÓNS XEFE MAIOR 60 ANOS	Nº EXPLOTACIÓNS XEFE MAIOR 55 ANOS	Nº EXPLOTACIÓNS TITULAR MAIOR 65 ANOS	Nº EXPLOTACIÓNS TITULAR MAIOR 55 ANOS
Abadín	403	215	268	28	36
Begonte	158	93	117	3	4
Castro de Rei	447	203	267	12	17
Cospeito	427	192	280	13	25
Guitiriz	436	195	266	11	18
Muras	168	82	106	10	17
A Pastoriza	92	41	54	2	3
Riotorto	474	180	267	7	12
Vilalba	812	397	535	10	20
Xermade	241	109	150	10	13

Como se pode ver na táboa anterior o número de xefes de explotación maior de 60 anos é moi elevado con respecto ao total, se se consideran os maiores de 55 anos a cifra aínda é maior. En canto aos titulares, como non existen datos para todas as explotacións consideraranse os xefes de explotacións.

Observando os datos anteriores, pode verse que existe unha gran probabilidade de liberación de terreos, pois os xefes de explotación próximos á idade de xubilación representan un número moi elevado.

Táboa 232. Nivel de formación dos xefes de explotación maiores de 60

NIVEL DE FORMACIÓN XEFE DE EXPLOTACIÓN MAIOR DE 60 ANOS				
MUNICIPIO	**EXPERIENCIA AGRARIA EXCLUSIVAMENTE**	**CURSOS DE FORMACIÓN AGRARIA**	**FORMACIÓN PROFESIONAL AGRARIA**	**ESTUDOS UNIVERSITARIOS E/OU SUPERIORES AGRARIOS**
Abadín	184	30	1	0
Begonte	78	15	0	0
Castro de Rei	156	45	1	1
Cospeito	145	45	2	0
Guitiriz	161	32	1	1
Muras	75	7	0	0
A Pastoriza	36	5	0	0
Riotorto	125	52	3	0
Vilalba	363	32	1	1
Xermade	90	18	1	0

Atendendo á formación, en todos os concellos a maioría de xefes de explotación maiores de 60 anos, só teñen experiencia agraria. Tamén e representativa a presenza de persoas con cursos de formación agraria.

En canto, á formación profesional agraria pode comprobarse que o número de persoas redúcese considerablemente con respecto aos estudos mencionados anteriormente, aínda así, en todos os concellos, agás Begonte, Muras e Riotorto, existen xefes de explotación con esta formación.

Por último, Castro de Rei, Guitiriz e Vilalba son os únicos concellos no GDR Terra Chá nos que os xefes de explotación maiores de 60 anos contan con estudos universitarios e/ou superiores agrarios.

Táboa 233. Presenza de pluriactividade dos xefes de explotación maiores de 60

PRESENZA PLURIACTIVIDADE XEFE DE EXPLOTACIÓN MAIOR DE 60 ANOS			
MUNICIPIO	**OUTRA ACTIVIDADE LUCRATIVA COMO PRINCIPAL**	**OUTRA ACTIVIDADE LUCRATIVA COMO SECUNDARIA**	**NON REALIZA OUTRA ACTIVIDADE LUCRATIVA**
Abadín	0	1	55
Begonte	0	0	6
Castro de Rei	0	0	22
Cospeito	0	0	26
Guitiriz	0	0	20
Muras	0	1	17
A Pastoriza	0	0	4
Riotorto	0	0	14
Vilalba	0	0	20
Xermade	0	0	20

Na táboa anterior pon de manifesto que en todos os casos non teñen outra actividade como principal. Existen dous casos en Abadín a Muras que teñen outra actividade lucrativa como secundaria.

Táboa 234. Superficies que xestionan os xefes de explotación maiores de 60

SUPERFICIES QUE XESTIONAN XEFE MAIOR 60 ANOS		
MUNICIPIO	**SUPERFICIE TOTAL (ha)**	**SAU (ha)**
Abadín	3.995,83	3.479,39
Begonte	940,64	802,78
Castro de Rei	2.958,92	2.787,06
Cospeito	2.509,47	2.367,17
Guitiriz	2.875,78	2.716,01
Muras	2.695,74	2.193,71
A Pastoriza	472,06	361,25
Riotorto	3.457,51	3.224,18
Vilalba	4.626,93	4.237,91
Xermade	1.733,77	1.570,23

A Superficie Agraria Útil é a maioritaria dentro da superficie que xestionan en todos os concellos do GDR.

Táboa 235. Réxime de tenencia de terras dos xefes de explotación maiores de 60

RÉXIME DE TENENCIA DE TERRAS XEFE MAIOR 60 ANOS				
MUNICIPIO	SAU EN PROPIEDADE (ha)	SAU EN ARRENDAMENTO (ha)	SAU OUTROS REXIMES (APARCERÍA, FIDEICOMISO,...) (ha)	SAU TERRAS COMUNAIS (ha)
Abadín	1.335,78	1.044,40	14,14	1.085,07
Begonte	412,66	379,02	6,69	4,41
Castro de Rei	1.324,20	1.277,39	26,33	159,14
Cospeito	1.038,80	1.307,31	2,24	18,82
Guitiriz	1.338,94	1.202,59	13,88	160,6
Muras	1.159,95	655,78	196,3	181,68
A Pastoriza	177,86	177,5	2	3,89
Riotorto	1.650,9	1.495,67	3,56	74,05
Vilalba	2.038,48	2.055,73	17,43	126,27
Xermade	633,29	867,16	17,69	52,09

Pode comprobarse como en todos os concellos a necesidade de maior SAU fai que os xefes de explotación maiores de 60 anos teñan tanto SAU en propiedade, como en arrendamento, como en outros réximes (aparcería, fideicomiso,...) e en terras comunais.

Táboa 236. Tamaño económico dos xefes de explotación maiores de 60

TAMAÑO ECONÓMICO XEFE MAIOR 60 ANOS	
MUNICIPIO	PRODUCCIÓN ESTANDAR TOTAL DA EXPLOTACIÓN MEDIO (€)
Abadín	10.855,29
Begonte	12.271,58
Castro de Rei	21.153,86
Cospeito	18.937,35
Guitiriz	16.565,13
Muras	18.753,43
A Pastoriza	4.601,98
Riotorto	17.056,63
Vilalba	9.090,01
Xermade	11.976,99

Para comprobar o interese que puidera ter unha nova incorporación, calculouse o tamaño económico medio das explotacións por concello, pódese ver como os concellos de Riotorto e Vilalba acadan os valores máis baixos, o que indica baixas probabilidades de novas incorporacións.

No extremo oposto encóntrase Castro de Rei, Cospeito e Muras que pode indicar que existan persoas interesadas en incorporarse ás explotacións destes concellos.

- Xefes de explotación menores de 40 anos

Táboa 237. Xefes de explotación e titulares de explotación menores de 40

MUNICIPIO	Nº EXPLOTACIÓNS TOTAIS	EXPLOTACIÓNS XEFE MENOR 40 ANOS	EXPLOTACIÓNS TITULAR MENOR 40 ANOS
Abadín	403	23	3
Begonte	158	8	1
Castro de Rei	447	26	1
Cospeito	427	26	1
Guitiriz	436	40	2
Muras	168	9	3
A Pastoriza	92	7	0
Riotorto	474	41	3
Vilalba	812	43	10
Xermade	241	6	1

En canto aos xefes de explotación menores de 40 anos, pódese ver que en tódolos casos representan un número moi baixo, o mesmo ocorre cos titulares de explotacións, aínda que neste caso, como ocorría cos xefes de explotación maiores de 60 anos, non se teñen datos para todas as explotacións, polo que nos seguintes apartados empregaranse os xefes de explotación menores de 40 anos para os cálculos.

Táboa 238. Xefes de explotación menores de 40 con cultivos ao aire libre e nº de animais de gandería extensiva

		GANDARÍA EXTENSIVA				
MUNICIPIO	**CULTIVOS AO AIRE LIBRE (Nº)**	**VACAS LEITEIRAS AIRE LIBRE (Nº)**	**RESTO BOVINOS AIRE LIBRE (Nº)**	**PORCAS REPRODUTORAS AIRE LIBRE (Nº)**	**RESTO PORCINOS AIRE LIBRE (Nº)**	**GALIÑAS POÑEDORAS AIRE LIBRE/CAMPEIRAS (Nº)**
Abadín	23	0	10	0	0	0
Begonte	8	0	0	0	0	0
Castro de Rei	25	30	0	0	0	0
Cospeito	25	0	0	0	0	4
Guitiriz	39	0	0	0	0	0
Muras	9	0	0	0	0	0
A Pastoriza	7	0	0	0	0	0
Riotorto	41	0	23	0	2	0
Vilalba	42	60	483	0	2	10
Xermade	6	0	55	0	0	0

Na táboa anterior, pode comprobarse que os cultivos ao aire libre presentan un número moi elevado con respecto ao número de explotacións de xefes de explotación menores de 40 anos (presentes na táboa *Xefes de explotación e titulares de explotación menores de 40*). O total de explotacións de A Pastoriza, Abadín, Begonte, Muras, Riotorto e Xermade teñen cultivos ao aire libre. Nos concellos de Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz e Vilalba só existe 1 que non ten cultivos ao aire libre (en tódolos casos).

En canto á gandería extensiva para os xefes de explotación menores de 40 anos non é moi representativa. O número máis elevado encóntrase no concello de Vilalba.

Táboa 239. Nivel de formación dos xefes de explotación menores de 40

	NIVEL DE FORMACIÓN XEFE DE EXPLOTACIÓN MENOR DE 40 ANOS			
MUNICIPIO	**EXPERIENCIA AGRARIA EXCLUSIVAMENTE**	**CURSOS DE FORMACIÓN AGRARIA**	**FORMACIÓN PROFESIONAL AGRARIA**	**ESTUDOS UNIVERSITARIOS E/OU SUPERIORES AGRARIOS**
Abadín	12	10	0	1
Begonte	3	5	0	0
Castro de Rei	12	10	0	4
Cospeito	11	13	2	0
Guitiriz	11	27	0	2
Muras	6	2	1	0
A Pastoriza	10	26	5	0
Riotorto	2	3	0	2
Vilalba	22	19	1	1
Xermade	1	4	0	1

Atendendo á formación, en todos os concellos a maioría de xefes de explotación menores de 40 anos, só teñen experiencia agraria. Tamén e representativa a presenza de persoas con cursos de formación agraria.

En canto, á formación profesional agraria pode comprobarse que o número de persoas redúcese considerablemente con respecto aos estudos mencionados anteriormente, aínda así, só os concellos de A Pastoriza, Cospeito, Muras e Vilalba teñen xefes de explotación con formación profesional agraria.

Por último, A Pastoriza, Begonte, Cospeito e Muras son os únicos concellos no GDR Terra Chá nos que os xefes de explotación menores de 40 anos non contan con estudos universitarios e/ou superiores agrarios.

Táboa 240. Presenza de pluriactividade dos xefes de explotación menores de 40

	PRESENZA PLURIACTIVIDADE XEFE DE EXPLOTACIÓN MENOR DE 40 ANOS		
MUNICIPIO	**OUTRA ACTIVIDADE LUCRATIVA COMO PRINCIPAL**	**OUTRA ACTIVIDADE LUCRATIVA COMO SECUNDARIA**	**NON REALIZA OUTRA ACTIVIDADE LUCRATIVA**
Abadín	1	0	5
Begonte	0	0	2
Castro de Rei	0	0	2
Cospeito	0	0	2
Guitiriz	0	0	4
Muras	0	2	4
A Pastoriza	0	0	6
Riotorto	0	0	0
Vilalba	0	0	20
Xermade	0	0	2

No caso dos xefes de explotación menores de 40 anos, existe en Abadín un que ten outra actividade lucrativa como principal, e en Muras dúas persoas con outra actividade lucrativa como secundaria. Nos demais casos non se presenta ningún tipo de pluriactividade.

E.2.5 Incidencia dos lumes forestais

A análise da superficie afastada polos incendios forestais pode resultar un bo complemento para a caracterización do abandono agrario dun territorio. É por iso que neste apartado imos analizar os datos dispoñíbeis sobre os incendios nos últimos anos, en concreto no período 2010-2020, a nivel GDR, municipal e parroquial.

Das **188.935 ha** de superficie que ten o GDR da Terra Chá, **1.549,47 ha** foron afectadas polos incendios no período referido, o que significa un **0,82%** do territorio. **Esta porcentaxe tan baixa indícanos, en consonancia aos datos que analizamos nos anteriores epígrafes, que o GDR da Terra Chá ten unha incidencia baixa de abandono**.

Na táboa 240 podemos ver a distribución da superficie afectada por incendios a nivel municipal. A vista dos datos, observamos que **Vilalba** destaca en superficie incendiada sobre o resto dos concellos, con **516,12 ha, seguido de Guitiriz (236,87), Xermade**

(189,55), Muras(167,63) e Cospeito(140,28), o resto de concellos non superan as 10 ha afectadas nos últimos anos.

Táboa 241. Incendios no período 2010-2020 por concello. Plan Básico Autonómico

FRECUENCIA ACUMULADA DE INCENDIOS 2010-2020 (Plan Básico Autonómico)	
Concello	**Superficie queimada (HA)**
Abadín	40,19
Begonte	53,58
Castro de Rei	96,48
Cospeito	140,28
Guitiriz	236,87
A Pastoriza	61,79
Muras	167,63
Riotorto	46,98
Vilalba	516,12
Xermade	189,55
TOTAL	**1.549,47**

Pola distribución das principais superficies afectadas polo lume nos últimos anos, é interesante analizar a superficie queimada por parroquias, na táboa 241 ofrécese unha relación das principais parroquias afectadas por incendios nos últimos anos (as parroquias que superan as 100 ha de superficie afectada polo lume). Das 516,12 ha afectadas en Vilalba, 213,76 ubícanse na parroquia de Corvelle e 110 ha na de Vilapedre, asemade das 167,63 ha de Muras, 138,43 ha, a maior parte, na parroquia de O Burgo.


Táboa 242. Incendios no período 2010-2020 por concello e parroquia. Plan Básico Autonómico

FRECUENCIA ACUMULADA DE INCENDIOS 2010-2020 (Plan Básico Autonómico)		
Concello	**Parroquia**	**Superficie queimada (ha)**
Vilalba	Corvelle (San Bartolomeu)	213,76
Muras	O Burgo (Santa María)	138,49
Vilalba	Vilapedre (San Mamede)	110,51

Tamén resulta de especial interese analizar como os lumes da última década afectaron as superficies máis produtivas do territorio. Con este obxecto expóñense nos vindeiros mapas a superposición cartográfica das capas de *Montes veciñais en Man Común do Visor do Plan Básico* e das aptitudes agrarias do *Mapa de Capacidade Produtiva dos solos de Galicia* coa de *Áreas Incendiadas* , tamén do visor po P.B.A.


Non se observa especial afección nos montes comunais. A nivel gráfico, e como se pode observar no mapa da ilustración 41, destaca unha área zona noroeste de **Vilalba,** concretamente na parroquia de **Corvelle**, que afecta a práctica totalidade do seu monte, e dúas e na zona oriental de **Guitiriz.**

Ilustración 41. Áreas incendiadas e Montes Veciñais de Man Común




Nunha análise da superficie afectada polos lumes e as terras con actitude para o millo, observamos que na metade norte do GDR os lumes non afectaron de forma significativa a terras con aptitudes produtivas. Pola contra, na parte sur, si se observan terras con capacidades produtivas que sufriron incendios, sobre todo nos concellos de **Castro de Rei, Cospeito** e **Sur de Vilalba.**

Ilustración 42. Áreas incendiadas e terras con aptitude produtiva para o millo



De xeito moi similar as terras con aptitude para o cultivo de millo, as terras con aptitudes para o prado tamén se viron afectadas por incendios, destacando as terras con aptitudes óptimas para o desenvolvemento deste cultivo nos concellos de **Vilalba** e **Cospeito**.

Ilustración 43. Áreas incendiadas e terras con aptitude produtiva para o prado



E.3 Identificación, localización e caracterización das actividades de transformación e comercialización de producións agroforestais.

Segundo os últimos datos do I.G.E, pertencentes ao ano 2014, a industria da alimentación é a prioritaria no GDR no tocante ás industrias agroforestais, seguida Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría e, por último, a Fabricación de bebidas.

Táboa 243. Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (I.G.E., 2014)

2014	Abadín	Begonte	Castro de Rei	Cospeito	Guitiriz	Muras	Pastoriza, A	Riotorto	Vilalba	Xermade	TOTAL
10 Industria da alimentación											
	4	5	8	5	7	1	1	2	28	0	61
10.1 Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos											
	0	0	3	0	0	0	0	1	6	0	10
10.3 Procesamento e conservación de froitas e hortalizas											
	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1
10.5 Fabricación de produtos lácteos											
	1	0	1	0	0	0	0	0	11	0	13
10.6 Fabricación de produtos da moenda, amidóns e produtos amiláceos											
	0	0	0	0	2	0	0	0	1	0	3
10.7 Fabricación de produtos de panadaría e pastas alimenticias											
	3	5	3	4	5	1	1	1	9	0	32
10.9 Fabricación de produtos para a alimentación animal											
	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0	2
11 Fabricación de bebidas											
	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	1
11.0 Fabricación de bebidas											
	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	1
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría											
	0	4	1	3	1	0	0	2	10	2	23
16.1 Serradura e cepilladura da madeira											
	0	2	0	1	1	0	0	0	1	0	5
16.2 Fabricación de produtos de madeira, cortiza, cestaría e espartaría											
	0	2	1	2	0	0	0	2	9	2	18

No directorio de empresas que elaboran produtos amparados por Denominacións de Orixe e Indicacións Xeográficas Protexidas están recollidas as seguintes empresas:

Táboa 244. Directorio de empresas que elaboran produtos amparados por DO e IXP

Tipo de empresa agroalimentaria	Nome	Dirección	Municipio	Denominación de orixe
CARNES	Acisclo Álvarez Martín e Hijos, S.L.	Estrada de Baamonde, s/n,27800	Vilalba	C.R.I.X.P. "Lacón Gallego"
	Atilano Anllo, S.L.	Pol. Industrial, parcela 6,27800	Vilalba	C.R.I.X.P. "Lacón Gallego"
	Cárnicos Río, S.L.	A Veiga, s/n,27744	Riotorto	C.R.I.X.P. "Lacón Gallego"
	Friarte Galicia, S.L.	Parque Empresarial de Castro de Ribeiras de Lea,27260	Castro de Rei	C.R.I.X.P. "Ternera Gallega"
	Frilea, S.L.	Avda. Cospeito, 21 - Ribeiras de Lea,27260	Castro de Rei	C.R.I.X.P. "Lacón Gallego"
	Jamones Francisco Otero Pérez, S.L.	Estrada Oviedo, km 621,27840	Vilalba	C.R.I.X.P. "Lacón Gallego"
QUEIXOS	Crisanto, S.A.T	Moreda, 24 - Lanzós ,27816	Vilalba	C.R.D.O.P. "San Simón da Costa"
	Daniberto, S.A.T.	Pude, 2 - San Simón da Costa ,27815	Vilalba	C.R.D.O.P. "San Simón da Costa"
	Lácteos Lorán, S.L.	Campo da Feira, s/n,27730	Abadín	C.R.D.O.P. "Queixo Tetilla"
	Leitigal, S.L.	Pol. Ind. Castro de Ribeiras de Lea, P-50,27260	Castro de Rei	C.R.D.O.P. "Queixo Tetilla"
	Queixería As Fontelas	Lobán, 3 - San Simón da Costa ,27815	Vilalba	C.R.D.O.P. "San Simón da Costa"
	Queixería Cas Leiras, S.L.	Cabanas, s/n - Oleiros ,27812	Vilalba	C.R.D.O.P. "San Simón da Costa"
	Queixería Catadoiro	O Catadoiro, 2 - San Simón da Costa,27815	Vilalba	C.R.D.O.P. "San Simón da Costa"
	Queixería Catadoiro	San Simón da Costa,27815	Vilalba	C.R.D.O.P. "Queixo Tetilla"
	Queixería Don Gabino	Augarrío, 10 - San Simón da Costa,27815	Vilalba	C.R.D.O.P. "San Simón da Costa"

	Queixería Prestes, S.L.	Prestes, 5 - San Simón da Costa ,27815	Vilalba	C.R.D.O.P. "San Simón da Costa"
	Queixería Prestes, S.L.	Prestes, 5 - San Simón da Costa ,27815	Vilalba	C.R.D.O.P. "San Simón da Costa"
	Queixería Valado	O Valado, 14 - San Simón da Costa,27815	Vilalba	C.R.D.O.P. "San Simón da Costa"
OUTROS	Fertipram, S.L.	Avda. Xeneralisimo, 64,27377	Cospeito	C.R.I.X.P. "Pataca de Galicia"
	Leche de Galicia, S.L.	Estrada de Meira - Sancovade ,27810	Vilalba	C.R. "Agricultura Ecolóxica de Galicia"
	Obenfield, S.L.	O Hedreiro, 2 - Samarugo ,27800	Vilalba	C.R.I.X.P. "Pataca de Galicia"
	Patatas Condiño, S.L.	As Carballas, 11 - Seixas,27375	Cospeito	C.R.I.X.P. "Pataca de Galicia"

Complementando estes datos co visor xeográfico do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Pesca, engádense as seguintes:

Táboa 245. Directorio de empresas engadidas segundo o visor xeográfico do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Pesca.

Tipo de empresa agroalimentaria	Nome	Dirección	Municipio	Denominación de orixe
QUEIXOS	Leitigal S.L.	Pol. Ind. de Castro R.de Lea, P-50	Castro de Rei	D.O.P. San Simón da Costa
	Daniberto S.A.T.	Pude 2 . San Simón da Costa	Vilalba	D.O.P. Queixo Tetilla
	Crisanto S.A.T.	Moreda nº 24- Lanzós	Vilalba	D.O.P. Queixo Tetilla
	Queixería Prestes	Polígono Industrial Sete Pontes. Parcelas 49-50	Vilalba	D.O.P. Queixo Tetilla
	Lácteos Lorán S.L.,	Gontán	Abadín	D.O.P. San Simón da Costa
	Ganadería Casa Anxel S.C.	Abegás nº 3 – Crecente	A Pastoriza	D.O.P. San Simón da Costa
	Ganadería Casa Anxel S.C.	Abegás nº 3 – Crecente	A Pastoriza	D.O.P. Queixo Tetilla

Na táboa 246 menciónanse empresas que se dedican ao sector agroforestal no territorio GDR.

Táboa 246. Empresas do sector agroforestal.

Nome	Dirección	Municipio
Maderas Rego	Ctra. de Prevesos, 8 - 27250 - (Lugo)	Castro de Rei
Servicios Forestales Carles S.L.	Chairo, 14 - Ribeiras de Lea - (Lugo)	Castro de Rei
Servicios Agrícolas y Forestales Palomo S.L.	Av. da Terra Cha, 15, 27800, Lugo	Vilalba
Explotaciones Forestales Ram, S.L.	Guitiriz Pl. Ind. Guitiriz Nº55, 27300, Lugo	Guitiriz
Explotaciones Forestales Rudive S.L.	Lugar A Moreira s/n - San Salvador - 27305 - (Lugo)	Guitiriz
Maderas Pedreira	Avda. Poeta Díaz Castro, 15 - 27300 - (Lugo)	Guitiriz
Maderas Goiriz	Polígono Sete Pontes, s/n - 98828 - (Lugo)	Vilalba
Maderera de Cospeito	Calle Támoga, 12, 27379 A Feira do Monte, Lugo	Cospeito

Con respecto ao abastecemento das industrias agroalimentarias do territorio GDR, a gran maioría contan con materias primas que proveñen ou ben do territorio GDR ou de Galicia case exclusivamente.

Algúns exemplos son a empresa Atilano Anllo S.L, que elabora os seus produtos cárnicos con porco de raza autóctona, alimentados con castañas, landras e tubérculos no campo.

A empresa Frilea S.L abastécese de tenreira rubia galega e morena do noroeste, criadas en Galicia.

Leitigal S.L elabora os seus queixos con leite de vaca de Galicia 100%, ademais as explotacións que abastecen de leite esta industria, alimentan ao seu gando en réxime de pastoreo, o cal proporciona un leite de moi alta calidade respectando o medio ambiente.

Queixería As Fontelas, tamén elabora os seus produtos con leite de vaca Alpina e Frisona pero criadas 100 % en Galicia, algo semellante a Queixeira Don Gabino que fai os seus queixos con leite da zona.

Como conclusión podemos citar que, as empresas agroalimentarias do territorio GDR abastécense de produtos locais, impulsando así a economía e a sostibilidade da zona e apoiando aos produtores e produtos Galegos.

O caso do abastecemento das empresas forestales é semellante ao das industrias agroalimentarias xa que as súas materias primas proceden de Galicia ou máis concretamente do territorio GDR, ademais moitas delas non traballan con materias primas senón que proporcionan servizos de limpeza, tala, etc.… Neste caso, estas empresas tamén proporcionan os seus servizos case exclusivamente dentro do territorio GDR.

E.4. Análise da aplicabilidade de instrumentos de recuperación de terras.

E.4.1 Caracterización das estruturas de propiedade

Para caracterizar as estruturas de propiedade teranse en conta:
- O tamaño medio de parcela.
- A importancia territorial dos Montes Veciñais en Man Común (número, extensión e proporción do territorio ocupada).

Para obter o tamaño medio da parcela, empregáronse as estatísticas catastrais.

Táboa 247. Tamaño medio da parcela rústica

	Superficie rústica (ha)	Parcelas (ud.)	Tamaño medio parcela
27001 Abadín	19.587,37	40.699	0,48
27007 Begonte	12.475,84	36.341	0,34
27010 Castro de Rei	17.074,62	22.707	0,75
27015 Cospeito	14.406,69	41.593	0,35
27021 Xermade	16.191,37	49.871	0,32
27022 Guitiriz	29.127,68	75.442	0,39
27033 Muras	16.268,86	21.781	0,75
27044 Pastoriza (A)	17.372,41	21.343	0,81
27054 Riotorto	6.645,06	11.377	0,58
27065 Vilalba	37.612,67	113.854	0,33

Como pode observarse na táboa anterior, A Pastoriza é a que ten o tamaño medio da parcela máis grande (0,81 Ha), seguida de Castro de Rei e Muras (0, 75 Ha en ambos casos).

Pola contra, Xermade con 0,32 Ha, Vilalba con 0,33 Ha, Begonte con 0,34 Ha e Cospeito con 0,35 Ha son os concellos cun tamaño medio de parcela máis pequena.

Táboa 248. Montes Veciñais en Man Común por concello

	Número MVMC (ud)	Superficie MVMC (ha)	Superficie concello (ha)	Proporción do territorio ocupada
27001 Abadín	17	5.835,03	19.595,15	29,78%
27007 Begonte	12	2.673,46	12.673,14	21,10%
27010 Castro de Rei	13	2.498,58	17.690,32	14,12%
27015 Cospeito	4	172,01	14.472,73	1,19%
27021 Xermade	12	1.289,40	16.603,98	7,77%
27022 Guitiriz	17	8.613,34	29.384,85	29,31%
27033 Muras	6	1.174,13	16.374,19	7,17%
27044 Pastoriza (A)	10	1.808,68	17.492,65	10,34%
27054 Riotorto	1	0,94	6.630,65	0,01%
27065 Vilalba	3	3.117,84	37.917,24	8,22%
TOTAL	**95**	**27.183,41**	**188.834,90**	**14,40%**

A proporción de MVMC no conxunto da comarca da Terra Chá supón unha superficie ocupada dun 14,40 %.

Na táboa anterior pode comprobarse como Abadín (29,78%), Guitiriz (29,31%) e Begonte (21,10%) son os concellos que contan cunha porcentaxe de superficie ocupada maior que a media da comarca.

O único concello cunha cifra semellante á da Terra Chá é Castro de Rei (14,12 %).
No extremo oposto, Riotorto (0,01%), Cospeito (1,19%), Muras (7,17%), Xermade (7,77%), Vilalba (8,22 %) e A Pastoriza (10,34%) contan cunha proporción de terreo ocupada menor que a media da comarca.

E.4.2 Instrumentos de recuperación e de re-organización executados ou en curso

Para localizar os instrumentos de recuperación e re-organización tivéronse en conta zonas de concentración parcelaria ou re-estruturación parcelaria, polígonos agroforestais, aldeas modelo, superficies do banco de terras. Indicando para cada unha destas figuras a localización (parroquia e municipio) e extensión afectada.


Táboa 249. Zonas de Concentración Parcelaria ou Re-estruturación Parcelaria executados

ZONA	CONCELLO	SUPERFICIE
Fraiás	Abadín	187 ha
Baroncelle	Abadín	635 ha
Candia	Abadín	533 ha
Quende	Abadín	971 ha
Fanoi	Abadín	656 ha
Pacios	Castro de Rei	738 ha
Santa Leocadia	Castro de Rei	790 ha
Prevesos	Castro de Rei	905 ha
Bazar	Castro de Rei	998 ha
Outeiro	Castro de Rei	832 ha
Quintela	Castro de Rei	425 ha
Balmonte - Goberno	Castro de Rei	1026 ha
Ansemar	Castro de Rei	875 ha
Ramil	Castro de Rei	767 ha
San Xiao de Mos	Castro de Rei	435 ha
Goá	Cospeito	829 ha
Pastoriza	Pastoriza, A	299 ha
Vián	Pastoriza, A	483 ha

Úbeda	Pastoriza, A	973 ha
Lagoa	Pastoriza, A	1417 ha
Saldanxe	Pastoriza, A	524 ha
Santiago de Reigosa	Pastoriza, A	651 ha
San Vicente de Reigosa	Pastoriza, A	1085 ha
Bretoña	Pastoriza, A	2780 ha
Cadavedo	Pastoriza, A	775 ha
Loboso	Pastoriza, A	63 ha
Baltar	Pastoriza, A	334 ha
Álvare	Pastoriza, A	526 ha
Pousada	Pastoriza, A	884 ha
Gueimonde	Pastoriza, A	468 ha
Crecente	Pastoriza, A	571 ha
San Cosme de Piñeiro	Pastoriza, A	675 ha
San Julián y Cordal	Pastoriza, A	197 ha
Sa - Montillón	Pastoriza, A	76 ha
Loboso II	Pastoriza, A	168 ha
Aguarda	Pastoriza, A	580 ha
Fomiñá	Pastoriza, A	363 ha
Aldurfe	Riotorto	452 ha
A Muxueira	Riotorto	1005 ha
Meilán	Riotorto	1697 ha
Ferreiravella	Riotorto	378 ha
Riotorto - Espasande	Riotorto	1196 ha
Órrea - Galegos	Riotorto	1269 ha
Árbol	Vilalba	1045 ha
Vilapedre	Vilalba	3538 ha
Santabaia	Vilalba	3139 ha
Castiñeiras	Xermade	403 ha
Piñeiro	Xermade	1394 ha
Candamil	Xermade	742 ha
Insua de Zalarroia	Xermade	80 ha

A táboa anterior pon de manifesto que todos os concellos pertencentes ao GDR contan con Zonas de Concentración Parcelaria ou Re-estruturación Parcelaria executadas, agás os concellos de Begonte, Guitiriz e Muras.


Ilustración 44. Zonas de concentración parcelaria na zona GDR.



Táboa 250. Zonas de Concentración Parcelaria en tramitación

ZONA	CONCELLO	SUPERFICIE
Triabá	Castro de Rei	1163 ha
Viladonga	Castro de Rei	632 ha

Ilustración 45. Zonas de concentración parcelaria en tramitación na zona GDR



No concello de Castro de Rei existen dúas zonas de Concentración Parcelaria en tramitación.


Táboa 251. Banco de Terras

Concello	Parroquia	Número de parcelas	Superficie (ha)
Abadín	Candia (San Pedro)	11	11,24
Abadín	Aldixe (San Pedro)	3	0,98
Abadín	Baroncelle (Santiago)	14	7,66
Abadín	As Goás (San Pedro)	3	1,25
Abadín	Quende (Santiago)	42	33,36
Abadín	Fraiás (San Pedro)	5	2,43
Abadín	Castromaior (San Xoán)	1	8,35
Abadín	Abadín (Santa María)	1	0,35
Abadín	A Graña de Vilarente (Santa María Madanela)	1	2,57
Abadín	Galgao (San Martiño)	1	1,16
Abadín	Romariz (San Xoán)	2	2,59
Begonte	Bóveda (Santalla)	42	9,37
Begonte	Felmil (Santiago)	1	0,31
Begonte	Santalla de Pena (Santalla)	1	1,68
Begonte	Bóveda (Santalla) e O Castro (Santa María)	1	1,86
Begonte	O Castro (Santa María)	1	0,18
Begonte	Illán (Santiago)	2	1,65
Castro de Rei	Pacios (San Salvador)	5	5,30
Castro de Rei	Bendia (San Pedro)	11	19,78
Castro de Rei	Viladonga (Santiago)	5	3,57

Castro de Rei	Balmonte (San Salvador)	12	3,47
Castro de Rei	Goberno (San Martiño)	24	13,48
Castro de Rei	Ansemar (San Salvador)	11	4,82
Castro de Rei	Outeiro (Santa María)	25	8,66
Castro de Rei	Bazar (San Pedro)	43	17,83
Castro de Rei	Quintela (Santa María)	14	11,05
Castro de Rei	Triabá (San Pedro)	1	2,23
Castro de Rei	Ribeiras de Lea (San Xoán)	1	0,75
Castro de Rei	Santa Locaia (San Pedro)	1	0,04
Cospeito	Xermar (Santa María)	5	1,69
Cospeito	Santa Cristina (San Xulián)	4	0,96
Cospeito	Cospeito (Santa María)	11	5,57
Cospeito	Goá (San Xurxo)	31	15,57
Cospeito	Arcillá (San Paio)	1	0,67
Cospeito	Xustás (Santiago)	1	8,48
Xermade	Roupar (San Pedro Fiz)	8	9,81
Xermade	Candamil (San Miguel)	26	18,22
Xermade	Burgás (Santa Baia)	1	0,08
Xermade	Cabreiros (Santa Mariña)	2	3,14
Xermade	Piñeiro (San Martiño)	31	35,09
Xermade	Miraz (San Pedro)	1	0,97
Xermade	Xermade (Santa María)	1	0,05
Guitiriz	Lagostelle (San Xoán)	1	0,33
Guitiriz	Santa Mariña de Lagostelle (Santa Mariña)	1	0,63
Guitiriz	Pígara (San Pedro)	1	0,27
Guitiriz	San Breixo de Parga (San Breixo)	1	0,36
Guitiriz	Labrada (Santa María)	11	5,91
Muras	Silán (Santo Estevo)	4	1,28
A Pastoriza	Bretoña (Santa María)	9	9,22
A Pastoriza	A Regueira (San Vicente)	1	0,56
A Pastoriza	San Cosme de Piñeiro (San Cosme)	13	10,12
A Pastoriza	Úbeda (San Xoán)	1	0,14
Riotorto	A Muxueira (San Lourenzo)	26	33,65
Xermade	Momán (San Mamede)	3	1,33
Riotorto	Ferreiravella (San Xillao)	16	4,89
Riotorto	Riotorto (San Pedro)	12	1,84
Riotorto	Espasande de Baixo (Santa María)	23	10,26
Riotorto	Santa Marta de Meilán (Santa Marta)	63	40,76
Riotorto	Aldurfe (San Pedro)	1	0,43
Vilalba	Román (Santalla)	1	0,34
Vilalba	Vilapedre (San Mamede)	39	86,94
Vilalba	San Simón da Costa (San Simón)	1	2,41
Vilalba	Goiriz (Santiago)	1	0,49
Vilalba	Codesido (San Martiño)	4	8,42
Vilalba	Carballido (Santa María)	1	0,98
Vilalba	Árbol (San Lourenzo)	42	28,64
Vilalba	Santaballa (San Pedro)	91	84,64
Vilalba	Distriz (San Martiño)	2	1,37
Vilalba	Tardade (Santa María)	2	2,00

Segundo os datos facilitados polo Banco de Terras todos os concellos da comarca da Terra Chá teñen parcelas inscritas.

Ilustración 46. Zonas de bancos de terras na zona GDR.



Outros instrumentos de recuperación, como son os Polígonos Agroforestais ou as Aldeas Modelo aínda non foron instaurados dentro da Terra Chá.

E.4.3 Valoración territorial da aplicabilidade dos instrumentos de recuperación e outros previstos na Lei 11/2021 e Lei 4/2015


Neste apartado faise unha avaliación preliminar de posibles zonas de actuación prioritaria para os instrumentos de recuperación de terras. Para determinar estas zonas, é preciso empregar o visor Estratexias-GDR (https://estratexiasgdr.laborate.es/visor/), pois contén capas de interese para este estudo, como a terra agraria infrautilizada, que non poden ser descargadas para o seu uso nun Sistema de Información Xeográfica (S.I.X.).

- Polígonos agroforestais de iniciativa pública.
    - Zonas de re-estruturación parcelaria finalizadas cun abandono superior ao 50%.

Táboa 252. Masas CP con abandono

Parroquia	Concello
Fanoi (Santa María Madanela)	Abadín
Fraiás (San Pedro)	Abadín
As Goás (San Pedro)	Abadín
Quende (Santiago)	Abadín
Romariz (San Xoán)	Abadín
Aldixe (San Pedro)	Abadín
Baroncelle (Santiago)	Abadín
Candia (San Pedro)	Abadín
Castromaior (San Xoán)	Abadín
Loboso (Santo André)	A Pastoriza
Bretoña (Santa María)	A Pastoriza
Cadavedo (San Bartolomeu)	A Pastoriza
Lagoa (San Xoán)	A Pastoriza
A Órrea (Santa Comba)	Riotorto
Espasande de Baixo (Santa María)	Riotorto
Galegos (Santa María)	Riotorto
Santa Marta de Meilán (Santa Marta)	Riotorto
Piñeiro (San Martiño)	Xermade
Cabreiros (Santa Mariña)	Xermade
Candamil (San Miguel)	Xermade
Santaballa (San Pedro)	Vilalba
Vilapedre (San Mamede)	Vilalba

Ilustración 47. Masas CP con abandono.



- Recuperación de terras en zonas con DO ou IXP.

  Na zona de estudo non existen zonas como zonas preferentes en DO


- Variables adicionais a considerar para a priorización de zonas:

  - Proporción elevada de terras con potencial produtivo abandonadas. Dentro das masas CP con abandono, como zonas con potencial produtivo abandonadas temos a seguinte parroquia:

Táboa 253. Parroquia con potencial produtivo abandonadas dentro das masas CP con abandono

Parroquia	Concello
Lanzós (San Martiño)	Vilalba

Ilustración 48. Parroquia con potencial produtivo abandonadas dentro das masas CP con abandono.



- Presenza en áreas contiguas de explotacións agrarias con potencial de demanda.


Para obter estes datos, empregáronse a capa xefes de explotación menores de 40 anos e a carga gandeira por SAU

Táboa 254. Xefes de explotación menores de 40 dentro das Masas CP

Concello	Xefes de explotación menores de 40 anos
Abadín	8
A Pastoriza	13
Riotorto	12
Xermade	6
Vilalba	8

Como se pode observar na táboa 230, onde existe maior número de xefes de explotación menores de 40 anos é na Pastoriza (13) e en Riotorto (12).


Ilustración 49. Xefes de explotación menores de 40 dentro das Masas CP.



Táboa 255. Carga gandeira SAU dentro das Masas CP con abandono

Concello	Carga gandeira SAU
Abadín	0,99
A Pastoriza	1,98
Riotorto	2,75
Xermade	1,48
Vilalba	1,20

Ilustración 50. Carga gandeira SAU dentro das Masas CP con abandono




- Zonas con moita continuidade de coberturas de mato e arboradas e con certo potencial produtivo.

  Cos datos dispoñibles do visor, MFE e aptitude agraria, obtéñense as seguintes parroquias:

Táboa 256. Zonas con moita continuidade de coberturas de mato e arboradas e con certo potencial produtivo dentro das Masas CP con abandono

Parroquia	Concello
Baroncelle (Santiago)	Abadín
Castromaior (San Xoán)	Abadín
Fraiás (San Pedro)	Abadín
Quende (Santiago)	Abadín
Santa Marta de Meilán (Santa Marta)	Riotorto
Espasande de Baixo (Santa María)	Riotorto
A Órrea (Santa Comba)	Riotorto
Galegos (Santa María)	Riotorto
Vilapedre (San Mamede)	Vilalba
Santaballa (San Pedro)	Vilalba
Candamil (San Miguel)	Xermade
Piñeiro (San Martiño)	Xermade

Ilustración 51. Zonas con moita continuidade de coberturas de mato e arboradas e con certo potencial produtivo dentro das Masas CP con abandono.




- Incidencia de lumes elevada

  Revisáronse as áreas con incidencia de lumes 2010-2020 para as zonas de re-estruturación parcelaria finalizadas cun abandono superior ao 50%.

Táboa 257. Incidencia de lumes elevada dentro das Masas CP con abandono

Parroquia	Concello
Lagoa (San Xoán)	A Pastoriza
Santa Marta de Meilán (Santa Marta)	Riotorto
Vilapedre (San Mamede)	Vilalba

Ilustración 52. Incidencia de lumes elevada dentro das Masas CP con abandono



Despois da análise da aplicabilidade dos polígonos agroindustriales públicos de ordenación podemos concluír que as zonas con máis prioridade para establecer este instrumento son:

Vilalba ten zonas ten dúas parroquias con zonas de re-estruturación parcelaria finalizadas cun abandono superior ao 50 %, ten unha parroquia (Lanzós) con potencial produtivo abandonadas dentro de masas CP con abandono, ao mesmo tempo conta cun número baixo de xefes de explotacións menores de 40 anos en comparación con

outros concellos, o segundo no territorio GDR, a segunda SAU máis pequena e ademais ten dúas parroquias con moita continuidade de mato con potencial produtivo dentro de zonas con CP. A nivel parroquial as zonas prioritarias para a implementación deste instrumento son Lanzós, Villapedre e Santaballa.

A casuística de Xermade é semellante a Vilalba, so que este concello non conta con zonas de potencial produtivo abandonadas dentro de masas CP con abandono pero presenta o menor número de xefes de explotacións menores de 40 anos. A nivel parroquial as zonas con maior prioridade para a implementación deste instrumento son Piñeiro e Candamil.


Outro concello que podemos citar con problemas é Abadín, o cal conta sobre todo con un gran número de parroquias con zonas de re-estruturación parcelaria finalizadas cun abandono superior ao 50 % ademais de contar con número baixo de xefes de explotacións con menos de 40 anos e coa SAU máis baixa. Dentro de Abadín as parroquias prioritarias son Baroncelle, Castromaior, Fraiás e Quende.

- Polígonos agroforestais de iniciativa privada. Considérase unha combinación dos seguintes criterios:
    - Densidade media-baixa de explotacións agrogandeiras. A presenza de promotores é neste caso fundamental.

Táboa 258. Densidade de explotacións agrogandeiras

Concello	Densidade de explotacións agrogandeiras
Abadín	2,06
Begonte	1,25
Castro de Rei	2,53
Cospeito	2,95
Guitiriz	1,48
Muras	1,03
A Pastoriza	2,71
Riotorto	1,39
Vilalba	2,14
Xermade	1,45

Ilustración 53. Densidade de explotacións agrogandeiras



Sendo o concello de Cospeito (2,95) o que ten maior densidade de explotacións agrogandeiras, seguido de A Pastoriza (2,71), Castro de Rei (2,53) e Vilalba (2,14).


- Elevada (comparativamente) fragmentación parcelaria

  A continuación amósase a táboa presente no apartado E.4.1, onde se amosa o tamaño medio de parcela rústica.

Táboa 259. Tamaño medio da parcela rústica

	Superficie rústica (ha)	Parcelas (ud.)	Tamaño medio parcela
27001 Abadín	19.587,37	40.699	0,48
27007 Begonte	12.475,84	36.341	0,34
27010 Castro de Rei	17.074,62	22.707	0,75
27015 Cospeito	14.406,69	41.593	0,35
27021 Xermade	16.191,37	49.871	0,32
27022 Guitiriz	29.127,68	75.442	0,39
27033 Muras	16.268,86	21.781	0,75
27044 Pastoriza (A)	17.372,41	21.343	0,81
27054 Riotorto	6.645,06	11.377	0,58
27065 Vilalba	37.612,67	113.854	0,33

Ilustración 54. Tamaño medio da parcela rústica



- Presenza de terras abandonadas ou infrautilizada de aptitude potencial


  Analizouse para Begonte por ser o concello cunha densidade media-baixa de explotacións agrogandeiras e co tamaño medio de parcela máis pequeno. Aínda que existen concellos con valores máis pequenos, é a que cumpre as dúas condicións.

  As zonas máis representativas son as seguintes:

Táboa 260. Parroquias con aptitude potencial en Begonte con densidade media baixa de explotacións agrogandeiras e tamaño medio de parcela rústica máis pequeno

Parroquia	Concello
Felmil (Santiago)	Begonte
Damil (San Salvador)	Begonte
Saavedra (Santa María)	Begonte
Gaibor (San Xiao)	Begonte

Ilustración 55. Parroquias con aptitude potencial en Begonte con densidade media baixa de explotacións agrogandeiras e tamaño medio de parcela rústica máis pequeno



Polo tanto despois deste análise conclúese que as parroquias que máis prioridade teñen para a aplicar este instrumento son Felmil, Damil, Saavedra e Gaibor.


- Aldeas modelo:
    - Elevada proporción de superficie perimetral en estado de abandono,
    - Aptitude da terra suficiente para unha recuperación produtiva, cando menos a nivel de silvopastoreo
    - Incidencia acusada de lumes na zona
    - Constatación de interese preliminar por parte dos veciños ou do Concello no que se ubique.

  Para identificar as posibles aldeas modelos superpuxéronse as capas de estado de abandono, aptitude e incidencia acusada de lumes, desta combinación as zonas que se obtiveron foron as seguintes:

Táboa 261. Posibles aldeas modelo

Parroquia	Concello
Corvelle (San Bartolomeu)	Vilalba
Lagoa (San Xoán)	A Pastoriza
Lamas (San Martiño)	Cospeito

Ilustración 56. Posibles aldeas modelo




- Banco de explotacións: de interese identificar
    - Explotacións ben dimensionadas:

      Para caracterizar as explotacións atendeuse aos datos de produción estándar total media e a SAU media.

Táboa 262. Produción estándar total media

Concello	Produción estándar total media
Abadín	30.534,58
Begonte	58.204,01
Castro de Rei	84.681,01
Cospeito	54.484,60
Guitiriz	59.122,98
Muras	53.711,41
A Pastoriza	75.376,12
Riotorto	58.472,08
Vilalba	27.407,11
Xermade	45.125,58

Ilustración 57. Produción estándar total media




O concello que ten unha maior produción estándar total media é Castro de Rei cunha cantidade de 84.681,01 e a que menor produción estándar total media é Vilalba cunha cantidade de 27.407,11.

Táboa 263. SAU media

Concello	SAU media
Abadín	21,53
Begonte	13,51
Castro de Rei	19,79
Cospeito	18,60
Guitiriz	19,66
Muras	28,59
A Pastoriza	23,46
Riotorto	14,90
Vilalba	14,69
Xermade	18,90

Ilustración 58. SAU media



- Titulares próximos a xubilación

  Cos datos dispoñibles, pódese consultar a idade media do xefe de explotación por concello.

Táboa 264. Idade media xefe de explotación

Concello	Idade media xefe de explotación
Abadín	62,32
Begonte	64,55
Castro de Rei	59,49
Cospeito	59,99
Guitiriz	58,31
Muras	60,35
A Pastoriza	56,94
Riotorto	59,76
Vilalba	61,06
Xermade	60,16

A idade media do xefe de explotación próximos a xubilación observados na táboa son que o concello de Begonte a idade media é de 64,55 e o concello de A Pastoriza é o concello con menor valor de idade media de xubilación 56,94, o cal pode influír no número de xefes de explotación, sendo o concello da Pastoriza o que ten maior número de xefes menores de 40 anos.

Tendo en conta a condicións (Elevada produción agrícola e gandeira, SAU elevada e xefes de explotación próximos a xubilarse) que debe cumprir unha zona concreta para a aplicación deste instrumento de ordenación podemos concluír que os concellos con maior prioridade para establecelo son Begonte que conta coa idade media de xefes de explotacións máis elevada e cunha boa produción total media das súas explotacións aínda que non conta cunha SAU moi elevada.

A Pastoriza, Castro de Rei e Muras aínda contan con moi boas producións medias, uns bos niveles de SAU e aínda que non contan cos xefes máis lonxevos tamén están próximos á idade de xubilación polo que poden ser zonas interesantes para aplicar este instrumento.

- Banco de terras:
    - Zonas con presenza media-elevada de explotacións

Táboa 265. Densidade de explotacións agrogandeiras

Concello	Densidade de explotacións agrogandeiras
Abadín	2,06
Begonte	1,25
Castro de Rei	2,53
Cospeito	2,95
Guitiriz	1,48
Muras	1,03
A Pastoriza	2,71
Riotorto	1,39
Vilalba	2,14
Xermade	1,45

Sendo o concello de Cospeito (2,95) o que ten maior densidade de explotacións agrogandeiras, seguido de A Pastoriza (2,71), Castro de Rei (2,53) e Vilalba (2,14).

    - Coexistencia de abandono e SAU na mesma zona

      Revisáronse as zonas de Cospeito e A Pastoriza, por ser os concellos cunha maior presenza de explotacións agrogandeiras, as parroquias nas que coexisten abandono e SAU son:

Táboa 266. Parroquias nas que coexisten abandono e SAU en Cospeito e A Pastoriza

Parroquia	Concello
Xustás (Santiago)	Cospeito
Santa Cristina (San Xiao)	Cospeito
Lamas (San Martiño)	Cospeito
Sistallo (San Xoán)	Cospeito
Pousada (Santa Catarina)	A Pastoriza
Álvare (Santa María)	A Pastoriza
A Aguarda (San Martiño)	A Pastoriza
San Martiño de Corvelle (San Martiño)	A Pastoriza
Loboso (Santo André)	A Pastoriza
Lagoa (San Xoán)	A Pastoriza
Cadavedo (San Bartolomeu)	A Pastoriza
Bretoña (Santa María)	A Pastoriza

- Re-organización parcelaria (de iniciativa pública ou privada)
    - Elevada proporción de SAU

      Cos datos que mostra o visor Estratexias-GDR, pódese observar a SAU media por concello:

Táboa 267. SAU media

Concello	SAU media
Abadín	21,53
Begonte	13,51
Castro de Rei	19,79
Cospeito	18,60
Guitiriz	19,66
Muras	28,59
A Pastoriza	23,46
Riotorto	14,90
Vilalba	14,69
Xermade	18,90

    - Elevada (comparativamente) densidade de explotacións agrogandeiras

Táboa 268. Densidade de explotacións agrogandeiras

Concello	Densidade de explotacións agrogandeiras
Abadín	2,06
Begonte	1,25
Castro de Rei	2,53
Cospeito	2,95
Guitiriz	1,48
Muras	1,03
A Pastoriza	2,71
Riotorto	1,39
Vilalba	2,14
Xermade	1,45

- Fragmentación parcelaria media-alta

  A continuación amósase a táboa presente no apartado E.4.1, onde se amosa o tamaño medio de parcela rústica.

Táboa 269. Tamaño medio da parcela rústica

	Superficie rústica (ha)	Parcelas (ud.)	Tamaño medio parcela
27001 Abadín	19.587,37	40.699	0,48
27007 Begonte	12.475,84	36.341	0,34
27010 Castro de Rei	17.074,62	22.707	0,75
27015 Cospeito	14.406,69	41.593	0,35
27021 Xermade	16.191,37	49.871	0,32
27022 Guitiriz	29.127,68	75.442	0,39
27033 Muras	16.268,86	21.781	0,75
27044 Pastoriza (A)	17.372,41	21.343	0,81
27054 Riotorto	6.645,06	11.377	0,58
27065 Vilalba	37.612,67	113.854	0,33

As zonas que deben ter prioridade para establecer a reorganización parcelaria son aquelas que cotan con menor tamaño das súas parcelas e con densidades de explotacións e SAU elevadas.

Tendo isto en conta os concellos que presentan maiores dificultades son Xermade por presentar o tamaño de parcela máis pequeno da zona GDR mentres que conta cunha densidade de explotacións e SAU relevantes.

Outros concellos con dificultades neste aspecto son Vilalba, Cospeito e Guitiriz, que están nunha situación semellante a Xermade, cun tamaño de parcela pequeno ao mesmo tempo que contan cunha densidade de explotacións e SAU considerables.

E.4.4 Marco de ordenación de incidencia potencial

É preciso facer unha análise do marco de ordenación, pois os instrumentos ou iniciativas contempladas poden verse afectadas, podendo priorizar, condicionar ou excluír actuacións en determinadas zonas.

Tomáronse como fontes o Plan Básico Autonómico (PBA), as Determinacións das Directrices de paisaxe de Galicia e o planeamento urbanístico de cada un dos concellos pertencentes ao GDR da Terra Chá.
Neste documento faise unha caracterización preliminar básica, dado que é durante a execución da estratexia e o desenvolvemento de proxectos concretos canto este marco de ordenación tería que ser analizado para o caso particular.

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO (PBA):

Comprobáronse que elementos teñen presenza na zona mediante o visor habilitado do PBA da Xunta de Galicia, divídense en Instrumentos de Ordenación do Territorio, afeccións que clasifican Solo Rústico de especial protección e outras afeccións. A relación xunto co ámbito no que está presente, é a seguinte:

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO:

Táboa 270. Plans sectoriais dos instrumentos de Ordenación do Territorio do Plan Básico Autonómico presentes por concello

PLANS SECTORIAIS	
Plan S. Infraestruturas de Telecomunicacións	
• Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL	Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
O.A. Empresariais	
• PS Ordenación de Areas Empresariais de Galicia	Cospeito, Guitiriz, Vilalba
Plan Eólico	
• Plan Sectorial Eólico de Galicia. 1ª Modificación	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade

Táboa 271. Proxectos sectoriais dos instrumentos de Ordenación do Territorio do Plan Básico Autonómico presentes por concello

PROXECTOS SECTORIAIS:	
Antenas	Castro de Rei e Muras
Parques eólicos	Abadín, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
Alta Tensión	Castro de Rei, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto
Gasodutos	Begonte, Guitiriz, Xermade e Vilalba
Parques Empresariais	Begonte

AFECCIONS QUE CLASIFICAN SOLO RUSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN:

Táboa 272.Afeccións que clasifican Solo Rústico de Especial Protección do Plan Básico Autonómico presentes por concello

MEDIO AMBIENTE	
Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN)	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba, Xermade
Rede Natura 2000: Zona de Especial Conservación (ZEC)	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba, Xermade
Plan de recuperación da escribenta das canaveiras	Muras e Riotorto
AUGAS	
Policía de cauces	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
Zonas de fluxo preferente	Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto e Vilalba
PAISAXE	
Áreas de especial interese paisaxístico	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, Xermade
ENERXÍA	
Eléctrica	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
Eólica	Abadín, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
Gasoduto	Abadín, Begonte, Guitiriz, Vilalba e Xermade
TRANSPORTE	
Estradas	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
Ferrocarril	Begonte e Guitiriz

AEROPORTOS	
Servidumes aeronáuticas	Castro de Rei e A Pastoriza
DEFENSA	
Instalacións de Defensa	Guitiriz
Zona de Seguridade	Guitiriz
MONTES VECIÑAIS	
MVMC	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, Xermade
CONCENTRACIÓNS PARCELARIAS	
Concentracións Parcelarias	Abadín, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
DEPURACIÓN DE AUGAS	
EDAR	Begonte, Cospeito, Guitiriz, A Pastoriza e Vilalba
PATRIMONIO CULTURAL	
Ben de Interese Cultural	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba, Xermade
Contorno de Protección de Elementos BIC	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba, Xermade
Elementos Catalogados do Patrimonio Cultural	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
Contorno de Protección de elementos do Catálogo do PC	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
Camiño de Santiago	Abadín, Begonte, Guitiriz e Vilalba

OUTRAS AFECCIÓNS:

Táboa 273. Outras afeccións do Plan Básico Autonómico presentes por concello

MEDIO AMBIENTE	
Espazo Privado de Interese natural (EPIN)	Xermade
Árbores senlleiras	Begonte, Castro de Rei, Vilalba e Xermade
Formacións senlleiras	Cospeito e Guitiriz
Reservas da Biosfera	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
Zonas de protección avifauna	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, Xermade
Áreas prioritarias avifauna	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, Xermade
AUGAS	
Zonas Inundables T500	Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Riotorto e Vilalba
Zonas Inundables T100	Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Riotorto e Vilalba
TELECOMUNICACIÓNS	
Antenas Retegal	Begonte, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba e Xermade


CONCENTRACIÓNS PARCELARIAS EN TRAMITACIÓN	
Concentracións parcelarias en tramitación	Castro de Rei
CONCESIÓNS MINEIRAS	
Concesións mineiras	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
ÁREAS INCENDIADAS	
Áreas incendiadas 2010-2020	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
CEMITERIOS	
Cemiterios	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade

As Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP), presentes nas Directrices de paisaxe de Galicia presentes no GDR da Terra Chá correspóndense coas seguintes:

Táboa 274. Áreas de Especial Interese Paisaxístico

CÓDIGO AEIP	GRANDE ÁREA PAISAXÍSTICA	NOME AEIP	SUPERFICIE TOTAL AEIP (Ha)	SUPERFICIE AFECTADA DO GDR (ha)	CONCELLOS DO GDR AFECTADOS
AEIP_03_01	Chairas e Fosas Luguesas	Serra da Carba	3542,95	3542,95	Muras, Vilalba e Xermade
AEIP_03_02	Chairas e Fosas Luguesas	Monseivane	3851,8	3851,8	Abadín e Vilalba
AEIP_03_04	Chairas e Fosas Luguesas	Lagoa de Cospeito	132,83	132,83	Cospeito
AEIP_03_05	Chairas e Fosas Luguesas	Veigas de Muimenta	468,06	468,06	Castro de Rei e Cospeito
AEIP_03_06	Chairas e Fosas Luguesas	Fonmiñá	66,78	66,78	A Pastoriza
AEIP_03_07	Chairas e Fosas Luguesas	Río Parga-Guitiriz	136,05	136,05	Guitiriz
AEIP_03_09	Chairas e Fosas Luguesas	Alto Miño	1591,98	745,93	Begonte
AEIP_03_10	Chairas e Fosas Luguesas	Castro de Viladonga	101,18	101,18	Castro de Rei
AEIP_11_08	Galicia Setentrional	Fraga de Ambosores-Alto Sor	300,75	45,74	Muras
AEIP_11_11	Galicia Setentrional	Serra do Xistral	6555,97	3761,75	Abadín e Muras
AEIP_11_13	Galicia Setentrional	Serra da Toxiza-Tronceda-Fragavella	3426,13	1306,54	Abadín

Ilustración 59. Áreas de Interese Paisaxístico.



En canto ao planeamento urbanístico, revisouse para cada concello dentro do GDR. Nos casos nos que o SIOTUGA posúe a información dixitalizada, tamén se indica as superficies de Solo Rústico de Protección Agropecuaria e de Solo Rústico de Protección Forestal.

Táboa 275. Planeamento urbanístico por concello

CONCELLO	FIGURA DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO	APROBACIÓN DEFINITIVA	MARCO LEGAL	SUPERFICIE SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA (ha)	SUPERFICIE SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL (ha)
Abadín	Delimitación do solo urbano	24/01/1992	1985	-	-
Begonte	Normas subsidiarias de planeamento	04/04/1997	1985	-	-
Castro de Rei	Plan xeral de ordenación municipal	10/07/2020	2010	23057,3	8902,21
Cospeito	Normas subsidiarias de planeamento	14/04/1997	1985	-	-
Guitiriz	Plan xeral de ordenación municipal	01/06/2020	2010	14272,7	7042,59
Muras	Normas subsidiarias de planeamento	18/09/1987	1985	-	-
A Pastoriza	Plan xeral de ordenación municipal	09/08/2013	2002	13133,4	3726
Riotorto	Delimitación do solo urbano	13/03/1986	1985	-	-
Vilalba	Normas subsidiarias de planeamento	13/03/1984	1985	-	-
Xermade	Plan xeral de ordenación municipal	29/04/2003	2002	2073,43	1055,33

Como pode comprobarse na táboa anterior a maioría de concellos contan cun planeamento moi antigo, delimitacións de solo urbano (Abadín e Riotorto) e normas subsidiarias de planeamento (Begonte, Cospeito, Muras e Vilalba). Só Castro de Rei, Guitiriz, A Pastoriza e Xermade contan con Plans Xerais de Ordenación Municipal.

Para completar o marco de ordenación, tamén será preciso contemplar as determinacións da Estratexia da galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas. No momento da redacción deste documento, este instrumento de OT aínda está pendente de aprobación, polo que aínda non ten incidencia. Porén, prevese que a proposta de infraestrutura verde teña que integrarse no marco de planificación estratéxica.

E.5. Identificación de axentes ou iniciativas interesadas na posta en produción de terra agraria ou no desenvolvemento de actividades de transformación e comercialización de produtos agroforestais.

É importante coñecer os axentes ou iniciativas interesadas na posta en produción de terra agraria ou no desenvolvemento de actividades de transformación e comercialización de produtos agroforestais, pois son eles os que farán que a terra non quede abandonada.


No GDR da Terra Chá, é preciso a reorganización do territorio para mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias da zona, isto ponse de manifesto coa solicitude de 29 titulares de explotacións para a Concentración Parcelaria en Moncelos, no concello de Abadín. Esta solicitude foi apoiada polo concello co obxectivo de incrementar e mellorar a xestión da base territorial das explotacións, reducindo costes de produción.
Na actualidade xa foi declarada de utilidade pública e reorganizará, segundo datos da Xunta de Galicia 813 hectáreas.

Outro posible instrumento de recuperación e/ou xestión de terras, estase a contemplar na parroquia de Triabá, no concello de Castro de Rei. Trátase dun polígono agrario, por mor de que a Confederación Hidrográfica exclúe unha zona moi grande da Concentración Parcelaria que está en tramitación.
Presentase o seguinte listado que corresponde unicamente con zonas que cumpren cos requisitos solicitados aos polígonos agroforestais. Son exemplos ilustrativos dos proxectos tipo que se poderían desenvolver:

Abadín


- Zona 1 de Abadín
- Área aproximada: 17,88 Has
- Atópase na parroquia de San Pedro de As Goás, ao norte das poboacións de Abelleira, O Valado, Cañotal e O Asperón.

Ilustración 60. Polígono Agroforestal Abadín. Zona 1



- Zona 2 de Abadín
- Perímetro en proceso de estudio.
- Área aproximada: 30,19 Ha
- Sitúase na parroquia de Santa Maria de Abeledo, entre as poboacións de A Coroza, O Campo, Touceiras e Os Pasandellos.

Ilustración 61. Polígono Agroforestal Abadín. Zona 2




- Zona 3 de Abadín
- Perímetro en proceso de estudio
- Área aproximada: 37,31 Ha
- Sitúase na parroquia de Santa Maria de Abeledo, entre as poboacións de A Fervoira, Toxeiro, O Outeiro, A Valiña e Cabo de Vila.

Ilustración 62. Polígono Agroforestal Abadín. Zona 3



- Zona 4 de Abadín
- Perímetro en proceso de estudio.
- Área aproximada: 65,99 Ha
- Sitúase na parroquia de San Pedro de Corvite, entre as poboacións de O Espiño do Cal, Chouselas, e Arriba de Vilar


Ilustración 63.Polígono Agroforestal Abadín. Zona 4



Begonte

- Zona 1 de Begonte
- Área aproximada de estudio previo: 523,81 Ha
- Inclúe superficie dos concellos de Begonte e Vilalba.
- Parroquias de San Salvador de Ladra en Vilalba e San Xiao de Gaibor en Begonte, a zona en estudio inclúe a poboación de Leboradas, e atópase entre as poboacións de Borreiros, Fondevila, Casas de Morán, Os Muíños, O Reboredo, A Ichoa, As Cernadas, A Fraga Vella, e Carabulla.


Ilustración 64. Polígono Agroforestal Begonte. Zona 1



Castro de Rei


- Zona 1 de Castro de Rei
- Área sen definir, cun máximo de 65 Ha
- Sitúase na parroquia de Santiago de Viladonga, ao norte das poboacións de A Carreira, A Cañoteira e A Casela.

Ilustración 65. Polígono Agroforestal Castro de Rei. Zona 1



- Zona 2 de Castro de Rei
- Perímetro sen definir, entre 200-300 Ha, ata un máximo de 950 Ha
- Sitúase na metade norte da parroquia de San Pedro de Triabá, inclúe multitude de poboacións como A Bouza Vella, O Carballo, As Castiñeiras, Amorín, O Soutelo, A Casanova, A Teixoeira, Rego de Bouzas, Rozas, Pulleira…


Ilustración 66. Polígono Agroforestal Castro de Rei. Zona 2



Cospeito


- Zona 1 de Cospeito
- Área aproximada: 26,42 Ha
- Sitúase na parroquia de Santa Cristina e San Xulián, entre as poboacións de Xunto a Igrexia, As Abelleiras, A Costa, O Pedo e Currás.

Ilustración 67. Polígono Agroforestal Cospeito. Zona 1



- Zona 2 de Cospeito
- Perímetro en estudio.
- Na parroquia de San Xoán de Sistallo


Ilustración 68. Polígono Agroforestal Cospeito. Zona 2



Guitiriz


- Zona 1 de Guitiriz
- Área aproximada: 119,56 Ha
- Parroquias de San Salvador de Parga e Santa Cruz de Parga, entre as poboacións de Bascuas, Revixoso, O Castro, As Lobeiras, Ferreiros e O Meao


Ilustración 69. Polígono Agroforestal Guitiriz. Zona 1.




- Zona 2 de Guitiriz.
- Área aproximada: 166 Has
- Parroquia de Santa María de Labrada, entre as poboacións de Os Xiros e Labrada.
- Atópase no entorno dunha gandería, non chega ao 50% de abandono, pero existe interese en reestruturar a propiedade.

Ilustración 70. Polígono Agroforestal Guitiriz. Zona 2













- Zona 3 de Guitiriz.
- Área aproximada: 958,63 Has
- Parroquia de San Pedro de O Buriz, inclúe as poboacións de Xestoselo, O Sandiño, Corvite de Arriba e Corvite de Abaixo, A Lagoa e Carelo.
- Presenta un grado importante de abandono

Ilustración 71. Polígono Agroforestal Guitiriz. Zona 3










- Zona 4 de Guitiriz.
- Área aproximada: 348,40 Has
- Parroquia de San Vicenzo dos Vilares, entre as poboacións de As Reixas, A Tiñaz, A Tolda, Vilargabin, Novás, Vilasuso, O Barreiro, O Merendeiro e A Pena. Inclúe a poboación de Malde.
- Aparentemente non chega ao 50% de abandono, pero existe interese en reestruturar a propiedade.

Ilustración 72. Polígono Agroforestal Guitiriz. Zona 4











- Zona 5 de Guitiriz.
- Área aproximada: 51,33 Has
- Parroquia de Santa Mariña de Lagostelle, entre as poboacións de Santa Mariña e O Porto Vello


  Aparentemente non chega ao 50% de abandono, pero existe interese en reestruturar a propiedade.

Ilustración 73. Polígono Agroforestal Guitiriz. Zona 5










- Zona 6 de Guitiriz.
- Área aproximada: 103,18 Has
- Parroquia de San Xoán de Lagostelle, entre as poboacións de O Sanguiñedo, Pardiñas, O Berete e Amariz.


  Aparentemente non chega ao 50% de abandono, pero existe interese en reestruturar a propiedade.


Ilustración 74. Polígono Agroforestal Guitiriz. Zona 6





- Zona 7 de Guitiriz.
- Área aproximada: 359,24 Has
- Nas parroquias de Santiago de Trasparga, San Xoán de Lagostelle e San Xiao de Becín, inclúe ás poboacións de Sante, Queimos, Pasarín e Vilanova; ao norte das poboacións de O Navallo, A Pena Moscosa e O Mesón da Cabra.
- Aparentemente non chega ao 50% de abandono, pode haber zonas dentro desta área que si cumpran. Existe interese en reestruturar a propiedade.

Ilustración 75. Polígono Agroforestal Guitiriz. Zona 7












- Zona 8 de Guitiriz.
- Área aproximada: 97,69 Has
- Na parroquia de Santa Eulalia de Mariz, inclúe ás poboacións de Mezonzo e A Cuíña, rodeado por Mariz, O Cando, A Francela e Viladónega.
- Aparentemente non chega ao 50% de abandono. Existe interese en reestruturar a propiedade.

Ilustración 76. Polígono Agroforestal Guitiriz. Zona 8












- Zona 9 de Guitiriz.
- Área aproximada: 267,44 Has
- Na parroquia de Santa Locaia de Parga, inclúe ás poboacións de Eirexe, Carballedo e Aldar; rodeada por Saa, A Pedranegra e Cabana.
- Aparentemente non chega ao 50% de abandono, pode haber zonas dentro desta área que si cumpran. Existe interese en reestruturar a propiedade.

Ilustración 77.Polígono Agroforestal Guitiriz. Zona 9










Muras


- Zona 1 de Muras.
- Área aproximada: 19,09 Ha
- Parroquia de Santa María de O Burgo, entre as poboacións de A Maciñeira
- Pequena e Sanguñedo

Ilustración 78.Polígono Agroforestal Muras. Zona 1




- Zona 2 de Muras.
- Área aproximada: 26,05 Has
- Parroquia de San Pedro de Muras, o norte das poboacións de Prado e A Cabana

Ilustración 79. Polígono Agroforestal Muras. Zona 2




- Zona 3 de Muras.
- Área aproximada: 59,57 Has
- Entre as parroquia de San Pedro de Muras e San Xillao de Irixoa, entre as poboacións de A Paleira, O Porto e O Xunxal

Ilustración 80. Polígono Agroforestal Muras. Zona 3




- Zona 4 de Muras.
- Área aproximada: 31,42 Has
- Entre as parroquia de Santa María de O Burgo, ao norte da poboación de O Barral, e entre Carelle, Cal Do Bañó, A Cabeceira e Carracedo.

Ilustración 81. Polígono Agroforestal Muras. Zona 4



- Zona 5 de Muras.
- Área aproximada: 20,20 Has
- Entre as parroquia de Santa María de A Balsa, ao norte das poboacións de O Cotelo, A Serra e O Aguillal. Limita co concello de Abadín.


Ilustración 82. Polígono Agroforestal Muras. Zona 5



Riotorto


- Zona 1 de Riotorto.
- Área aproximada: 137,20 Has
- Entre as parroquia de Santa Marta de Meilán, entre as poboacións de A Abelleira, Santalla e A Braña
- Encóntranse dentro dunha das zonas declaradas como zona de concentración parcelaria con abandono.

Ilustración 83. Polígono Agroforestal Riorto. Zona 1




- Zona 2 de Riotorto.
- Área aproximada: 29,12 Has
- Na parroquia de San Lourenzo de A Muxueira, ao norte da poboación de A Augaxosa e O Acevro.
- Encóntranse dentro dunha das zonas declaradas como zona de concentración parcelaria con abandono.

Ilustración 84. Polígono Agroforestal Riorto. Zona 2



- Zona 3 de Riotorto.
- Área aproximada: 27,40 Has
- Na parroquia de Santa María Espasande de Baixo, entre as poboacións de Cabana, Lamarcide, A Ermida, O Pedregal, A Cruz, O Navallo e Carboeiro.
- Encóntranse dentro dunha das zonas declaradas como zona de concentración parcelaria con abandono.

Ilustración 85. Polígono Agroforestal Riorto. Zona 3




Vilalba

- Zona 1 de Vilalba.
- Área aproximada: 40,66 Has
- Na parroquia de San Mamede Vilapedre, ao sur das poboacións de A Bouza, O Cristo, Fraguas, e o norte de Ferreira e Vilagondriz.

Ilustración 86. Polígono Agroforestal Vilalba. Zona 1










- Zona 2 de Vilalba.
- Área aproximada: 30,79 Has
- Na parroquia de San Martiño Lanzós, entre as poboacións de Vilagondriz, Ladrela, Moreda e O Pedrouzo.

Ilustración 87. Polígono Agroforestal Vilalba. Zona 2




- Zona 3 de Vilalba.
- Área aproximada: 11,53 Has
- Na parroquia de San Simón da Costa, entre as poboacións de Seixoá, Pardsalbas, As Edradas Casianes, Laxoso e Supena.

Ilustración 88. Polígono Agroforestal Vilalba. Zona 3




- Zona 4 de Vilalba.
- Área aproximada: 28,47 Has
- Na parroquia de San Simón da Costa, entre as poboacións de Pardasalbas, O Cal, Porto Dos Troncos, A Casanova, As Rocellas e Merlos.

Ilustración 89. Polígono Agroforestal Vilalba. Zona 4




- Zona 5 de Vilalba.
- Área aproximada: 92,23 Has
- Na parroquia de San Martiño de Belesar, entre as poboacións de Cabanamille, O Fontao, A Chousa, A Atadoira, Os Barreiros, A Mouteira, Corvite de Arriba, A Reibocha e Pedrapicada

Ilustración 90. Polígono Agroforestal Vilalba. Zona 5



- Zona 6 de Vilalba.
- Área aproximada: 50,88 Has
- Dentro das parroquias de San Bartolomeu Insua e San Salvador de Ladra, entre as poboacións de Vilargabín, Picouzo, As Cernadas, A Calzada e A Fraga Vella.
- É un exemplo de masa enclavada nun Monte veciñal en mancomún que non ten ningún aproveitamento.


Ilustración 91. Polígono Agroforestal Vilalba. Zona 6



Xermade

- Zona 1 de Xermade.
- Área aproximada: 36,4 Ha
- Coincide con unha das masas declaradas como zonas de reestruturación parcelaria con abandono.
- Parroquia de San Martiño de Piñeiro, entre as poboacións de A Cerveira, O Toutelo, Os Rebuxentos e A Casa do Novil.

Ilustración 92. Polígono Agroforestal Xermade. Zona 1.




Begonte/Vilalba

Dende o concello de Begonte propúxose estudar a zona seguinte de cara a detectar algunha masa apta de proporse como polígono agroforestal. A área de estudo ten zonas con susceptibles tanto en Begonte como en Vilalba.

- Zona 1 de Begonte/Vilalba
- Área aproximada de estudio previo: 523,81 Has
- Inclúe superficie dos concellos de Begonte e Vilalba.
- Parroquias de San Salvador de Ladra en Vilalba e San Xiao de Gaibor en Begonte, a zona en estudio inclúe a poboación de Leboradas, e atópase entre as poboacións de Borreiros, Fondevila, Casas de Morán, Os Muíños, O Reboredo, A Ichoa, As Cernadas, A Fraga Vella, e Carabulla.


Ilustración 93. Polígono Agroforestal Begonte/Vilalba. Zona 1



Guitiriz/Xermade

- Zona común concellos de Guitiriz e Xermade
- Área aproximada: 105,92 Ha
- O terreo a estudio ten superficie dentro dos dous concellos, nas parroquias de Santa Maria de Labrada en Guitiriz e San Mamede de Momán en Xermade, entre as poboacións de Os Xiros, A Paderna, As Toxeiras de Baixo, As Toxeiras, O Regueiro, Margá e Muxín.

Ilustración 94. Polígono Agroforestal Guitiriz-Xermada. Zona común



F. Coordinación coas estratexias globais de desenvolvemento rural de Galicia

Os mecanismos e actuacións que se describen a continuación reflicten o marco de coordinación previsto á data de entrega deste documento. A coordinación da estratexia do GDR Terra Chá coas dos restantes territorios de Galicia, e con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC, concíbese como unha actividade continua ao longo de todo o período. Polo tanto, os citados mecanismos e actuacións adaptaranse e desenvolveranse de forma dinámica, en función das necesidades derivadas da execución da estratexia do GDR así como do contexto de planificación e gobernanza no que esta se insire, especialmente a nivel galego.

F.1. Procedementos e actuacións durante a elaboración da estratexia para a súa coordinación coas dos restantes territorios de Galicia, co fin de maximizar as sinerxías e complementariedades

F.1.1 Mecanismos xerais de coordinación no proceso de elaboración da estratexia

O marco de partida para coordinar a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) cos restantes GDR de Galicia veu dado pola *Resolución de AGADER do 18 de maio de 2022 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023* (DOG de 2 de xuño de 2022). O artigo 6.1 destas bases reguladoras establece que "*Co fin de optimizar os resultados da medida Leader en Galicia no período 2023-2027, requírese que a preparación das diferentes estratexias de desenvolvemento local estea coordinada a través dunha asociación de GDR de Galicia que agrupe polo menos a dous terzos dos GDR de Galicia*".

O GDR Terra Chá decidiu adheriuse a ese marco xeral de coordinación a través da Asociación de GDR de Galicia, o que se plasmou na súa participación nas seguintes accións concretas:

- Subscrición do Convenio de colaboración entre a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo) para a coordinación das propostas de estratexias de desenvolvemento local LEADER dos 24 GDRs de Galicia no período de programación 2023-2027.
- Utilización da "plantilla" ou guía común que se confeccionou no marco do citado Convenio para a elaboración das EDLP dos GDR de Galicia, así como do repositorio de documentos e o visor SIX-Web asociados. Isto permitiu coordinar cos restantes territorios de Galicia o contido dos diferentes apartados da estratexia, así como contar cunha información e documentación de partida común para a elaboración das estratexias dos diferentes GDR.
- Participación do Grupo nas reunións organizadas pola Asociación de GDR de Galicia para discutir e afinar os instrumentos de coordinación antes mencionados. En concreto, o Grupo participou nas seguintes reunións de coordinación:

Táboa 276. reunións organizadas pola Asociación de GDR de Galicia

18/03/2022	Reunión GDRs con Agader para a presentación do Programa Aldeas Intelixentes de Galicia
08/06/2022	Reunión Comité Seguimento Agader cos GDRs
13/06/2022	Reunión 30 Aniversario Avaliación LEADER (Concello de Cenlle)
20/06/2022	Asemblea Xeral ordinaria da Asociación de GDR, debatindo e acordando posibles accións de coordinación das Estratexias
28/07/2022	Reunión de Agader cos GDRs para coordinación de Estratexias
11/08/2022	Asemblea xeral da Asociación de GDR de Galicia para aprobación do Convenio
29/09/2022	Reunión de coordinación AGADER – GDRs
8/11/2022	Participación GDRs en proxecto GAL X CLIMA (online)
10/11/2022	Asemblea Xeral da Asociación de GDR para a coordinación de Estratexias
17/11/2022	Reunión de Coordinación das estratexias en Sergude (GDR/Agader/Universidades)
2/12/2022	Xornada funcionamento Visor para recuperación terras agrarias
12/12/2022	Seminario Redes, Grupos e Retos para o novo LEADER (2023-2027)
13/12/2022	Participación GDRs en proxecto GAL x CLIMA (2) (online)
15/12/2022	Participación Xornada de formación Aldeas Modelo e polígono agroforestal en Muimenta (Carballeda de Avia)

Ademais por medio dos representantes da Asociación de GDRs o GDR Terra Chá participou en:

Táboa 277. Participacións do GDR Terra Chá

27/05/22	Reunión da Xunta Directiva da Asociación de GDR para preparar Asemblea
22/09/2022	Comité de seguimento do PDR (2014 – 2020)
16/09/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR - Universidades
24/10/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR - Universidades
07/11/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR - Universidades
28/11/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR - Universidades

- GDR Terra Chá participou nas seguintes xornadas coordinadas por REDER

Táboa 278. Participación GDR Terra Chá coordinadas por REDER

07/07/2022	Xornada formativa sobre contratación pública para Grupos de Acción Local
29/09/2022	Los procedementos de xestión del Leader en España: presente y futuro.
24/10/2022	Reunión sobre sistemas agroalimentarios locais e novas tecnoloxías
1/12/2022	Los GAL xestores del Leader fronte a reto demográfico

- Ademais, o Grupo traballou de forma conxunta coa Asociación de GDR e o equipo de apoio técnico das Universidades, especialmente en certos apartados específicos da súa estratexia:
  - C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.
  - E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente.
  - G. Propostas de proxectos piloto.

F.1.2. Grupos de traballo (GT)

De modo complementario, o GDR Terra Chá en colaboración cos restantes GDR de Galicia a través da Asociación de GDR, está a participar na definición e posta en marcha de grupos de traballo, tanto grupos focais temáticos como por tipos de territorios. Os Grupos de Traballo son unha iniciativa de colaboración e coordinación entres os GDR de Galicia co espírito de coordinar as súas estratexias. O obxectivo destes Grupos de Traballo é abordar retos comúns e aproveitar oportunidades de desenvolvemento territorial nos territorios dos GDRs participantes. Estes grupos de traballo iniciarán a súa

actividade durante a elaboración das EDLP, en particular na fase de definición dos obxectivos e liñas estratéxicas e de concreción do Plan de acción de cada GDR. Os grupos de traballo están concibidos para axudar a identificar ámbitos de colaboración e sinerxías a medio e longo prazo entre os diferentes territorios, así como posibilitar o intercambio de ideas no deseño das accións da EDLP. En concreto, a participación nos GT facilitaralle ao GDR Terra Chá, entre outros, os seguintes aspectos:

- Poñer en común a experiencia dos períodos anteriores, tratando de extraer leccións aprendidas para o período 2023-2027.
- Intercambiar ideas sobre os obxectivos para este novo período.
- Explorar as posibilidades de coordinar proxectos e actuacións e buscar unha mellor definición dos tipos de proxectos a apoiar.

Como primeiro paso, xa se ten realizado, por parte do conxunto dos GDRs de Galicia a través da Asociación de GDR, un inventario inicial dos temas de maior interese para ser abordados en grupos focais temáticos, cuxos resultados se resumen a continuación:

Táboa 279. Temáticas dos grupos focais

TEMÁTICA	GDR Terra Chá
A.-Telecomunicacións e innovación dixital	
B.-Novos modelos enerxéticos e eficiencia	
C.-Auga e cambio climático	x
D.-Recuperación de terras agrarias-novos empregos	x
E.-Ferramentas para a xestión do territorio	
F.-Turismo en espazos rurais	
G.-Innovación ambiental, infraestrutura verde e conectividade ecolóxica	x
H.-Novos modelos xestión do monte, loita contra incendios e sostibilidade	
I.-Sector agrario e produtos alimentarios	
H.-Dinamización e retos de xénero e coa xuventude	

As temáticas dos grupos focais presentadas son todas de gran interese para o territorio do GDR Terra Chá pero é materialmente imposible abarcar todas elas polo tanto escóllense colaborar, por ser eixos da estratexia do GDR, nos seguintes grupos focais:

- Grupo focal temático – Auga e enerxía. Cambio climático e innovación ambiental:
  - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica na procura de utilización de modelos enerxéticos eficientes na xestión da auga e da enerxía que supoñan a redución de gases efecto invernadoiro a efectos de poder contribuír a neutralidade climática (Pacto Verde).

- Grupo temático – Recuperación de terras agrarias:
    - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en que é unha das oportunidades que ten este territorio tanto para recuperar terras agrarias en desuso e poñer en marcha os instrumentos da Lei de recuperación de terras agrarias (en especial polígonos e permutas) para consolidar e/ou crear novos empregos vinculados a terra.
    - O GDR Terra Chá está participando en dous proxectos de cooperación que fomentan o emprendemento da xuventude no medio rural.
- Grupo temático – Innovación
    - A innovación, tanto si é creación de novos produtos ou si é a realización de procesos distintos para obter o mesmos produtos é fundamental para o territorio do GDR.

Outros grupos nos que se podería colaborar, no caso de que non se forme algún dos grupos anteriores ou se constate interese por parte do GDR Terra Chá, son:

- Grupo temático – Turismo en espazos rurais:
    - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en que agora se está traballando nun plan de desenvolvemento turístico do territorio (proxecto de animación executado no ano 2022). Ademais ten unha gran potencialidade de turismo en espazos naturais.
- Grupo temático – Sector agrario e produtos alimentarios:
    - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en que unha das fortalezas do territorio do GDR é o sector agrario e os produtos alimentarios e pode vincularse coa estratexia da UE da granxa a mesa.
    - O GDR Terra Chá está participando en dous proxectos de cooperación que fomentan os circuítos curtos e os produtos ecolóxicos, de tempada e proximidade.

Nese marco de traballo colaborativo o GDR Terra Chá partirá da súa experiencia nas seguintes actividades ou proxectos de cooperación previos:

- “Alimentos da Biosfera, rede para a promoción de circuítos corto alimentarios baixo a marca da reservas da biosferas españolas”
- “Incorporando ilusións” (Nó Rural).

O interese nestas temática acreditase na concorrencia, por parte do GDR Terra Chá, a convocatoria do ano 2022 de proxectos de cooperación, con dous proxectos intimamente relacionados cos anteriores e que son:

- “Rede de eco-comedores para animar o consumo de produtos ecolóxicos, de tempada e proximidade en comedores escolares.
- “Rede para animar a incorporación de persoas no sector primario” (Nó Rural)

Os grupos de traballo deben ser unha oportunidade de cara a atender e tentar resolver problemas territoriais detectados máis alá das competencias do Leader, axudando a consolidar ós GDRs como axentes relevantes nos territorios.

A posta en marcha de proxectos cara á obtención de fondos para os territorios, máis alá do que nos posibilita o LEADER é un dos obxectivos principais destes Grupos de Traballo.

Reunirse, formarse, compartir e crear unha rede de traballo entre os GDR e con axentes das temáticas dos GT serán as principais liñas de traballo, co obxectivo de articular proxectos que teñan impacto nos territorios.

A composición dos GT é aberta, polo que ao longo das estratexias poderán incorporarse GDR interesados nas súas temáticas. Do mesmo xeito, preténdese que os GT sexan dinámicos e operativos. Para iso, redactarase un regulamento de funcionamento co obxecto de crear as condicións de traballo máis axeitadas e xerar produtividade. Tamén se regulará a posible baixa dos GDR que non participen activamente no GT.

Os grupos de traballo funcionarán principalmente a través do intercambio de documentos, complementado con reunións periódicas telemáticas (e eventualmente presenciais). Crearanse espazos dixitais compartidos que funcionen como repositorio, tanto de informes ou estudos de interese como de proxectos desenvolvidos polos GDR que podan ser de utilidade.

Dentro dos grupos de traballo nos que participe o GDR, dos aspectos mais importantes e que se considere de interese, quedará constancia do seguinte xeito:

- Elaboraranse resumos executivos para discutir nos órganos de participación e decisión do GDR.
- Publicaranse na web do GDR de fichas divulgativas, en particular de proxectos de interese identificados, que poidan servir de inspiración.
- E realizaranse outras actividades divulgativas nas redes sociais do GDR.

Nunha segunda fase, a partir da aprobacións das EDLP por parte da AGADER, baixo un regulamento de réxime interno por definir, traballarase baixo a metodoloxía que se indica a continuación, coas seguintes consideracións:

- A metodoloxía de traballo que pretendemos desenvolver é un proceso aberto e vivo.
  Polo tanto acordase que se ao longo da implementación das estratexias, no caso de detectarse a necesidade de crear outros GT, os GDR interesados organizaranse en función dos seus intereses comúns.
- Así mesmo, se dentro dun GT actual se detecta a necesidade de crear subgrupos en beneficio da súa eficacia u eficiencia poderase e deberase constituír tales subgrupos.

1. Elaborar e aprobar un regulamento de uso interno para garantir o correcto funcionamento dos GT e a obtención dos seus obxectivos.

2. En base ás matrices DAFO de cada GDR, elaborarase unha relación de necesidades e potencialidades, en cada temática do GT, para resolver as debilidades, ameazas e/ou potenciar as fortalezas e oportunidades dos seus territorios. A continuación haberá que acordar e reflectir cales desas necesidades son de interese común para os diferentes territorios e, sobre elas, marcar prioridades.

3. Segundo a priorización de necesidades e pontencialidades haberá que marcar obxectivos xerais e obxectivos específicos dos GT.

4. Definir plan de acción e as correspondente liñas estratéxicas e indicadores para o seu seguimento e avaliación.

5. Tamén será de interese Identificar os axentes e entidades de interese para os diferentes GT que, de maneira puntual, poidan participar co obxecto de formar, consultar, ou estabelecer colaboracións.

F.1.3 Outras actuacións para a coordinación da estratexia do GDR coas dos restantes territorios de Galicia

O GDR – 2 Terra Chá esta realizado diversas actuacións de coordinación durante a elaboración da estratexia con outros GDRs. A modo esquemático pode resumirse na seguinte táboa:

Táboa 280. Actuacións de coordinación durante a elaboración da estratexia con outros GDRs

ACTUACIÓNS DE COORDINACIÓN DURANTE A ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA	
COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS SEGÚN EIXOS TEMÁTICOS	
GDR COS QUE SE TRABALLA NA COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS 2023-2027	
GDRs: Condado Paradanta; Limia-Arnoia; Seitura 22; Terra Chá; Montes e Vales Orientais; Mariñas-Betanzos	
ACTUACIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS	
Reunións para a definición e coordinación de Estratexias: 21/06/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR) 08/07/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR) 11/07/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR) 18/07/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR) 19/07/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR) 11/09/2022 (Son de Monte) 16/09/2022 (Alimentos da Biosfera) 13/10/2022 Reunión definición de posibles liñas de interese común 14/10/2022 Reunión definición de posibles liñas de interese común 23/11/2022 (Son de Monte) 2/12/2022 (Definición posibles actuacións comúns)	
XUSTIFICACIÓN DOS ÁMBITOS TEMÁTICOS DA COOPERACIÓN IDENTIFICADOS	
Seis GDR galegos teñen decidido identificar intereses comúns e definir posibles actuacións a desenvolver no período 2023-2027 nos seguintes eixos temáticos: Nova cultura do Monte (Son de Monte); Comedores escolares que consumen produto local, ecolóxico e de tempada (EcoComedores); Fomento do emprendemento na xuventude, identificando oportunidades de emprego ligados a recuperación de terras agrarias (Nó-Rural); Novos modelos enerxéticos no medio rural (Comunidades enerxéticas locais); Identificación de melloras para simplificar o funcionamento dos GDR	
LIÑAS DE ACCIÓN CONCRETAS A TRABALLAR NA ESTRATEXIA 2020-2027	**CONEXIÓN CON OUTRAS ESTRATEXIAS**
1.-Nova cultura do monte	Pacto Verde Estratexia Biodiver. 2030
2.-Fomento do emprendemento na xuventude vinculada ao medio rural	Lei de recuperación de terras agrarias
3.-Novos modelos de produción e consumo enerxético no medio rural	Lei de cambio climático
4.-Estratexias de mitigación do cambio climático, especialmente na agricultura	Pacto Verde Estratexia Biodiver. 2030
5.-Promoción da alimentación saudable nas Escolas, mediante produtos locais, ecolóxicos e de tempada	Pacto Verde Estratexia granxa-mesa
6.-Identificación de melloras para simplificación funcionamento do LEADER	

POSIBLES VÍAS DE FINANCIACIÓN PARA ACCIÓNS	LIÑA DE ACCIÓN
Traballo en Rede (Gastos funcionamento)	1; 6
Visitas e reunións de intercambio de experiencias	4;
Animación LEADER (expedientes dos GDR de Animación)	
Proxectos de Cooperación	2; 5 (Eco Comedores, proxecto presentado)
Convocatoria Grupos Operativos de Innovación Agraria	
Outras vías de financiamento (outros programas)	3;

Así mesmo, continuaran realizándose actividades de coordinación/colaboración cos GDRs da provincia de Lugo, como xa se ven facendo dende o período Leader 2014 – 2020, e que entre outros fixéronse reunións de traballo para coñecer os territorios e proxectos financiados por outros GDRs ou a realización da formación CECRA para os equipos técnicos dos GDRs da provincia.

Tamén, se poden realizar actividades de coordinación con GDRs de similares características territoriais como o GDR Asdecomor (Ordes), GDR Comarca de Lugo, GDR Pontevedra Norte.

F.2. Mecanismos e procedementos que se van implantar ao longo do período 2023-2027 para asegurar a execución da estratexia de xeito coordinado cos restantes GDR de Galicia

O GDR Terra Chá prevé impulsar e participar nos mecanismos e procedementos que se indican a continuación, para facilitar a execución da súa estratexia de xeito sinérxico e colaborativo cos restantes GDR de Galicia.

F.2.1 Taller de lanzamento: visión xeral das EDLP dos GDR galegos

Logo da aprobación das estratexias de desenvolvemento local, o GDR Terra Chá contribuirá á organización, coordinada pola Asociación de GDR de Galicia, dun taller de lanzamento do novo período LEADER, no que cada Grupo exporá os principais elementos da súa EDLP, en particular do seu Plan de acción. Este taller permitirá coñecer con maior detalle as estratexias dos diferentes GDR de Galicia, co fin de afinar as accións de coordinación no novo período. En particular, axudará a identificar os

grupos de traballo xa formados (ver o punto F.1.2) que é interesante que continúen funcionando e, no seu caso, outros novos a constituír.

Ese taller de lanzamento poderá ir seguido de talleres de seguimento durante o período 2023-2027, nos que os GDR de Galicia podan presentar e debater as actividades realizadas, resultados, atrancos e retos no proceso de execución das súas estratexias, como mecanismo de intercambio de información e coordinación.

F.2.2 Grupos de traballo

Unha vez aprobada a estratexia do GDR Terra Chá, este contribuirá ao mantemento daqueles grupos de traballo (dos constituídos na fase de elaboración das estratexias) que considere de interese e/ou á creación doutros novos. Para concretar os obxectivos e actividades destes grupos de traballo tomarase, en principio, como referencia o modelo exposto anteriormente para o período de elaboración das estratexias.

Na medida das súas posibilidades, en función dos medios humanos e materiais cos que conte, propoñemos que a Asociación de GDR de Galicia supervise e preste apoio ao funcionamento dos grupos de traballo. Ademais, en función das necesidades detectadas, ás reunións destes grupos poderán ser convidados expertos ou outros actores externos con capacidade para aportar información de interese para os GDR.

F.2.3 Base de datos de proxectos

O GDR Terra Chá colaborará na creación e actualización dunha base de datos conxunta dos proxectos e actividades financiadas no marco das EDLP en Galicia. Base de datos que, no seu caso, incluirá tamén outras actividades promovidas polos GDR que se consideren interesantes para o coñecemento dos outros Grupos.

A estrutura, contido, soporte tecnolóxico e ubicacións desta base de datos, así como o procedemento para asegurar a súa actualización permanente, serán concretados por unha comisión *ad hoc* integrada pola Asociación de GDR de Galicia e AGADER.

F.2.4 Impulso de proxectos de cooperación

A partir do intercambio de información nos grupos de traballo nos que participe, o GDR Terra Chá márcase o obxectivo de identificar proxectos de cooperación no marco

LEADER a promover con outros territorios, e tamén explorar as oportunidades existentes noutros programas e convocatorias de financiación para proxectos que vaian máis alá do ámbito territorial deste GDR.

F.3. Mecanismos e procedementos para asegurar a execución da estratexia de xeito aliñado con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC

De entrada, entendemos que a definición dos mecanismos e procedementos para asegurar que a execución das estratexias dos GDR está aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia dependerá en boa medida das normas e actuacións que con ese fin adopte AGADER, en coordinación, no seu caso, cos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e intervencións.

Como punto de partida para contribuír a ese aliñamento, o GDR Terra Chá recolle no apartado D unha análise da relevancia e a posible incidencia na súa estratexia dos principais elementos do marco normativo e institucional, prestando especial atención ás medidas de desenvolvemento rural programadas en Galicia dentro do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 (PE PAC), así como aos plans sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionados co medio rural.

Reprodúcese a continuación un resumo dos aspectos máis salientables derivados desa análise do apartado D:

- Intervencións de desenvolvemento rural do PE PAC máis relevantes para o GDR:
    - A. Permanencia e asentamento de nova poboación, xoves e mulleres
    - B. Sistemas agroalimentario e forestal sustentables e diversificados e xestión forestal sustentable
    - C. Cooperación para promover os produtos agrarios e alimentarios
    - D. Formación, divulgación e transferencia de coñecemento en bioeconomía.
    - E. Órganos de decisión e mulleres.
- Elementos máis relevantes para o GDR dos plans sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia:
    - A. Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais do territorio. (lei de recuperación de terras agraria

- B. Consolidar a Galicia como unha das primeiras rexións produtoras de leite de Europa en equilibrio coas capacidades do territorio. (estratexia sector lácteo)
- C. Avanzar cara a unha produción sustentable, respectuosa co medio ambiente, que aposte polo benestar animal e que xere riqueza e oportunidades nos espazos rurais. (estratexia sector cárnico)
- D. Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais (plan forestal de Galicia).

Tendo iso como base, o GDR Terra Chá propón os mecanismos e procedementos que se indican a continuación para asegurar o aliñamento da execución da súa estratexia (e das estratexias dos GDR galegos) coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco da PAC, así como cos plans sectoriais e iniciativas prioritarias da Administración autonómica para o medio rural.

F.3.1 Identificación dos ámbitos prioritarios para o aliñamento e establecemento de directrices

A partir da análise das estratexias dos 24 GDR de Galicia finalmente aprobadas, en particular do seu apartado D, AGADER e os GDR identificarán conxuntamente os ámbitos temáticos e os tipos de proxectos ou actuacións nos que é máis necesario un aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural e cos plans e iniciativas prioritarias da Xunta de Galicia para o medio rural. Sobre esa base, poderá elaborarse un documento (Guía para a execución das estratexias LEADER) no que se establezan normas e directrices para promover que a execución das estratexias dos GDR estea aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia. O contido desta Guía poderá actualizarse a medida que avance a execución das estratexias, en base á experiencia acumulada, tendo en conta para isto as reunións de seguimento indicadas no punto F.3.3.

O GDR Terra Chá avaliará a forma de incorporar as normas e directrices desa Guía xeral na aplicación da súa estratexia, tanto na información subministrada aos axentes do territorio como na valoración e selección dos proxectos presentados ao Grupo.

F.3.2 Xornadas informativas e formativas para o persoal técnico dos GDR

Ademais da elaboración da citada Guía, o GDR Terra Chá considera oportuno que, ao inicio do período, se organice un programa de formación e información dirixido ao

persoal técnico dos GDR sobre os ámbitos e tipos de proxectos identificados como críticos para o seu aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural. Este programa pode ser organizado por AGADER en colaboración coa Asociación de GDR de Galicia, contando tamén coa participación dos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e medidas relevantes dentro da Xunta de Galicia.

Partindo diso, o GDR Terra Chá levará a cabo actividades de información e divulgación aos axentes do territorio, sobre o tipo de proxectos financiables polo Grupo e a súa delimitación, complementariedade e sinerxías potenciais con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia.

F.3.3 Reunións de seguimento

Como complemento do anterior, o GDR Terra Chá propón a organización periódica de reunións entre AGADER e os GDR, coa participación tamén dos órganos xestores das medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, para avaliar o aliñamento da execución das estratexias LEADER con esas medidas e políticas sectoriais, resolver as dúbidas ou cuestións que vaian xurdindo e debater posibles adaptacións na execución desas estratexias e/ou nas políticas sectoriais e outras medidas de desenvolvemento rural.

F.3.4 Gobernanza

Para impulsar e pilotar as accións mencionadas nos puntos anteriores o GDR Terra Chá considera que sería oportuno constituír un "Comité de Coordinación e Seguimento das Estratexias LEADER". O seu cometido sería promover o aliñamento das estratexias dos GDR con outras medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, a través das actuacións citadas anteriormente e outras que se acorden.

O Comité estaría integrado por AGADER, unha representación dos GDR e responsables doutros servizos da Xunta de Galicia que xestionan medidas de desenvolvemento rural ou outras políticas sectoriais relevantes para as estratexias dos GDR.

G. Propostas de proxectos piloto.

G.1. PROPOSTA 1.

G.1.1 Denominación e breve xustificación do proxecto.

Táboa 1: Denominación
LOITA CONTRA O RETO DEMOGRÁFICO. ASENTAMENTO DE COLECTIVOS VULNERABLES E FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO RURAL.

Táboa 2: Breve xustificación
A presente proposta pretende dar resposta ao reto demográfico da Terra Chá, en concreto aos ameazantes datos demográficos derivados do envellecemento da poboación, da masculinización destes territorios, do seu baixo nivel de competitividade en sectores locais crave, o baixo nivel de formación e emprego da poboación e a diminución do relevo xeracional en labores tradicionais da zona. A poboación nova e as mulleres vense obrigados a saír en busca de novas e mellores oportunidades. Este proxecto vertébrase en varios eixos de actuación dirixidos a diferentes colectivos vulnerables da poboación, tratando de atraelas ás comarcas da Terra Chá, cambiando a visión estereotipada do mundo rural e fomentando o relevo xeracional, facilitando ademais o asentamento de familias en risco de exclusión na zona. Para iso preténdese mellorar as oportunidades laborais, crear servizos de proximidade, dinamizar a economía da zona fomentando o emprendemento social e a economía verde e facilitando recursos en destino.

G.1.2 Identificación da entidade tractora proposta e outras posibles entidades participantes.

Táboa 3: Entidade tractora	
Denominación	**CRUZ ROJA ESPAÑOLA LUGO**
Datos de contacto	**lugo@cruzroja.es**
Sector e actividades	**Humanitario Social**

Táboa 4: Outras entidades participantes:				
Colaboración Público/Privada	**Si**	**X**	**Non**	
Entidade 1				
Denominación	**Fundación CEL**			
Datos de contacto	**María Tallón Veiga (Xerente)** **maria.tallon@fundacioncel.org**			
Sector e actividades	**Empresarial**			

G.1.3. Motivación do carácter innovador do proxecto.

Táboa 5: Descrición da innovación	
Tipo de innovación	**Descrición e xustificación**
1. Produto	Se fomenta a economía "Silver": aumento de servizos de proximidade para a terceira idade no rural. Cubrindo unha necesidade non satisfeita das persoas maiores na rexión. Impulso da Bioeconomía : aproveitamento dos recursos endóxenos.

2. Procesos	Realización de actividades interxeracionais: innovando na maneira de transmisión do coñecemento. Inclusión da sociedade de acollida no proceso: incluíla como motor do cambio. Se crean Oficinas de Acollida para que o acompañamento das persoas que se asenten na zona poda perdurar no largo prazo e non só se trate dun apoio puntual. Utilización de metodoloxía participativa: de abaixo cara a enriba, onde toda a sociedade participa. Innovación social: detección de necesidades no medio e creación de proxectos de innovación social como solución, conseguindo un impacto multiplicador por contar con persoas vulnerables para crealas. Uso de vehículos híbridos en actividades de apoio á terceira idade. Favorece a Economía circular e economía verde: exponse como a solución fronte á crise económica e ambiental. Fomenta a Economía Social: nunha sociedade socialmente mais inclusiva. Reduce a brecha dixital: incluíndo as novas tecnoloxías no ámbito rural.
3. Comercialización	Se potenciarán novas formas de comercialización como o circuíto corto (proximidade xeográfica entre produción e consumo, alimentación de mais calidade e menos contaminación) Dixitalización tanto do comercio de proximidade procurando o aumento da venta online como a alfabetización dixital das persoas da terceira idade para que poidan mercar dende a súa casa e facer outras xestións.

G.1.4. Ámbito xeográfico de actuación

Táboa 6: Municipios e núcleos (Nº)	
Nº de municipios (total)	**10**
Nº de núcleos de poboación (total)	**160 parroquias**

Táboa 7: Municipios e núcleos (Relación)	
Relación de municipios	Terra Chá: Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Pastoriza, Riotorto, Vilalba e Xermade
Relación de núcleos de poboación (total parroquias)	Abadín (10): Abadín, A Poceira, Os Carballás, Fernandaño, Gontán, O Convento, O Correo, Pedralva, Pedreiras, Torre. Begonte (19): Baamonde, Begonte, Bóveda, Carral, Castro, Cerdeiras, Damil, Donalbay, Felmil, Gaibor, Illán,Pacios, Pena, Saavedra, San Vicente de Pena, Trobo, Uriz, Valdomar,Virís Cospeito (12): Agrelo, A Torre, O Vao, Bodenlle, Fonte, Mornelo, O Toiral, Paredes, Perotato, Rebuxín, Regueira, Ribela Guitiriz (19): O Buriz (San Pedro), Becín (San Xulián), Labrada (Santa María), Lagostelle (San Xoán), Santa Mariña de Lagostelle, Mariz (Santa Eulalia), Negradas (San Vicenzo), Parga (Santo Estevo), Pedrafita, Pígara (San Pedro), Roca (San Xiao), Sambreixo de Parga, San Salvador de Parga, Sta Leocadia de Parga, Santa Cruz, Trasparga (Santiago de), O Vilar (Santa María) e Os Vilares (San Vicenzo). Muras (8): Ambosores, Balsa, Burgo, Irijoa, Muras, Silán, Sixto, Viveiro Pastoriza(19): Aguarda, Alvare, Baltar, Bretoña, Cadabedo, Corvelle, Crecente, Fuenmiñana, Gueimonde, Lagoa, Loboso, Pastoriza, Piñeiro, Pousada, Reigosa, Rigueira, Saldange, Ubeda, Vián. Riotorto(8): Aldurfe , Espasande, Ferreiravella, Galegos, Meilán, Mojoeira,Orrea, Riotorto Villalba(30): Alba, Árbol, Belesar , Boizán ,Carballido, Codesido,Corvelle,Distriz ,Goiriz ,Gondaísque ,Insua, Ladra ,Lanzós Mourence,Nete ,Noche, Oleiros,Rioaveso ,Román, Samarugo ,Sancovade , San Simón da Costa Santaballa, Soexo, Tardade, Torre, Vilalaba ,Vilapedre Xoibán Xermade (10): Burgás, Cabreiros, Candamil, Cazás, Lousasa, Miraz, Momán, Piñeiro, Ropar, Xermade Castro de Rei (25):Ansemar, Azúmara, Balmonte, Bazar. Bendia, Castro de Rey, Coea, Duancos, Duarría, Dumpín Goberno , Loentia Ludrio, Mondriz , Mos,Orizón, Otero, Pacios, Prevesos, Quintela, Ramil, Riberas de Lea, Santa Leocadia, Triabá, Villadonga.

G.1.5. Obxectivos a conseguir:

Táboa 8: Obxectivos xerais
1. Aumentar a fixación de poboación na Terra Chá: mellorando as oportunidades de colectivos da zona máis afectados como mulleres e mocidade e atraer poboación doutras zonas. 2. Apoiar o desenvolvemento de grupos máis vulnerables: mellorar a perspectiva de futuro das persoas en risco de exclusión. 3. Desenvolver o potencial do territorio no longo prazo: analizar e dar a coñecer as súas oportunidades. *4.* Dinamizar o territorio da Terra Chá: no marco social e económico.

Táboa 9: Obxectivos específicos
1. Atraer poboación a Terra Chá: aumentar a poboación na zona e á vez mellorar a perspectiva de futuro de persoas en risco de exclusión laboral e residencial. 2. Fomentar a inclusión social dos colectivos vulnerables e a redución da pobreza. Mediar entre necesidades da zona e familias en risco de exclusión doutros espazos que pretendan asentarse no territorio. Intentando derribar posibles prexuízos entre ambas partes. Creando Oficinas de Acollida que dean apoio no longo prazo co obxectivo de mellorar a hospitalidade. 3. Coñecer e analizar as necesidades e oportunidades da zona: tanto laborais, como habitacionais, de servizos, ecolóxicas, de emprendemento, etc. 4. Crear un rexistro de vivendas cun alugueiro accesible para poder facilitar o asentamento e o retorno á rexión das persoas. 5. Mellorar a calidade de vida da terceira idade no territorio: ofrecendo solucións innovadoras aos seus problemas na rexión. 6. Fomentar a participación, asociación e cooperación en cada un dos colectivos vinculados e en toda a comunidade. 7. Planear programas formativos adaptados ás necesidades específicas dos grupos da poboación centrándonos en colectivos prioritarios como mulleres e mocidade. 8. Implicar a toda a poboación, xerando ilusión, no mesmo obxectivo final de desenvolvemento local, calidade de vida e fixación da poboación. 9. Mellorar as oportunidades laborais e dinamizar a zona: Acompañar e orientar na procura de emprego e na posta en marcha de empresas no territorio da Terra Chá. Priorizaranse colectivos desfavorecidos como mulleres e mocidade da zona ou persoas en risco de exclusión que pretendan asentarse na rexión. 10. Mellorar a valoración do local, das potencialidades de cada persoa e dos recursos endóxenos. 11. Ampliar a carteira de recursos de proximidade para ofrecer unha máis ampla oferta tanto á poboación local como ás novas familias que pretendan asentarse no territorio, favorecendo a economía “Silver”. 12. Diminuír a brecha dixital existente no mundo rural: dixitalizando dende os pequenos produtores ata as persoas da terceira idade. 13. Conseguir un desenvolvemento sostible: fomentando o emprendemento verde tendo en conta o coidado e protección do medio ambiente.

G.1.6. Actividades propostas:

Táboa 10: Listaxe de actividades

Actividade	**Descrición e xustificación**
DIAGNÓSTICO TERRITORIAL E ESTUDO DE OPORTUNIDADES	Responde á necesidade de coñecer e profundar nas necesidades específicas e as oportunidades da zona en termos laborais, habitacionais, de servizos, de emprendemento e outros. Coa finalidade ademais de crear un rexistro de recursos para facilitar o asentamento de novas persoas na rexión, como por exemplo co rexistro de vivendas co alugueiro accesible. Actividades: ● Preténdese realizar mediante un estudo socioeconómico, asociativo e de detección de necesidades e oportunidades no territorio. ● Ademais do uso de información e fontes secundarias, o diagnóstico se desenvolve baixo unha metodoloxía participativa dos distintos axentes, colectivos e grupos de interese do territorio mediante cuestionarios, entrevistas e mesas de traballo entre os colectivos (axentes públicos, privados, asociacións e grupos de poboación). Intentando implicar a maior parte da poboación da Terra Chá nestas actividades.

RETORNO E ASENTAMENTO POBOACIONAL	Dada a crecente ameaza de despoboación rural, é importante favorecer tanto retorno de habitantes como a chegada de nova poboación ao territorio. Ao mesmo tempo existen colectivos vulnerables que nas cidades se encontran excluídos no ámbito laboral e residencial e poderían encontrar unha solución a súa situación no asentamento na Terra Chá. Consideramos de importancia sensibilizar á sociedade da necesidade de facer fronte ao despoboamento e os desequilibrios territoriais existentes e derribar posibles prexuízos bidireccionais. Ao mesmo tempo é importante traballar para que as institucións (públicas ou privadas) articulen medidas conxuntas para atraer, fixar e incrementar poboación, promocionando o desenvolvemento económico, cultural e social do territorio Terra Chá. Esta actividade pretende coordinar a información, apoio e o acompañamento a todas aquelas persoas que queiran instalarse no territorio ou que non desexen abandonalo. É imprescindible inventariar recursos empresariais, laborais, de conciliación e de vivenda para informar as persoas do territorio e as persoas que queiran asentarse nel para así facilitar o proceso de acollida e a súa permanencia. Para iso, propóñense as seguintes actividades: · Xornadas e encontros para a implicación da poboación local na integración de posibles novos habitantes (integración activa en procesos de acollida, implantación de figuras de colaboradores/as, sensibilización, mediación e eliminación de posibles prexuízos) · Realización dun inventario de recursos como servizos, vivendas en compra ou alugueiro ou recursos de conciliación para informar as persoas que queiran asentarse en Terra Chá. · Se creará un rexistro de vivendas da rexión con prezos de aluguer razoables como solución habitacional tanto para mozos que queiran independizarse, retornados e novos veciños que se establezan na zona. · Xornadas en distintas cidades para a orientación a colectivos vulnerables no seu asentamento na rexión da Terra Chá: - Mulleres: Xornadas dirixidas a orientar a este colectivo , en temas como conciliación da vida familiar, recursos existentes no territorio e o acceso á vivenda e ao mercado laboral.

RETORNO E ASENTAMENTO POBOACIONAL	- Mozos: Orientación integral en materia de emprego, recursos e vivenda no medio rural. - Persoas inmigrantes e outros colectivos en risco de exclusión. Orientación sobre os recursos existentes tanto para familias como persoas individuais para o seu asentamento no territorio para facilitar o seu acceso a unha vivenda e ao mercado laboral. · Establecemento de 4 Oficinas de Acollida distribuídas pola rexión para que o acompañamento das persoas que se asenten nela poda perdurar no largo prazo, orientando nun longo período de tempo para conseguir un arraigo mais sólido. · Xornadas de promoción e difusión de boas prácticas con representantes da poboación local. · Mesas de traballo cos axentes económicos e sociais, entidades locais e administracións para a articulación de medidas conxuntas que permitan afrontar o despoboamento do territorio (oficinas de acollida, recursos de conciliación, banco de vivendas, espazos de coliving e axudas dispoñibles). · Se establecerán unha serie de axudas para obter el carné de conducir para os colectivos mais vulnerables que queiran establecerse na rexión e non dispoñan del. Apoiando economicamente e tamén no proceso de preparación do mesmo. · Intermediación coas administracións para ofrecer ás persoas que pretendan asentarse no territorio, terras abandonadas para que as utilicen no desenvolvemento de cultivos autóctonos. Se traballará en coordinación cos Servizos Sociais de Cruz Roja Española Lugo e dos Concellos da Terra Chá.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PROGRAMA MULLER RURAL	Tendo en conta os datos ameazantes da masculinización do territorio nas idades centrais no ámbito rural surxe a necesidade de empoderamento das mulleres no medio. Para o que se pretende realizar as seguintes actividades: ·Encontro das mulleres da contorna da Terra Chá fomentando o intercambio de saber e experiencias entre elas, apoiando a posta en marcha de iniciativas e transmisión de coñecementos. ·Obradoiros de Intelixencia emocional, autocoñecemento, empoderamento social e autoestima. ·Obradoiros sobre coñecementos e habilidades das mulleres como axentes crave do medio rural. ·Xornadas de sensibilización sobre as mulleres como axentes crave de coñecemento para o desenvolvemento rural- Mentoring. ·Talleres Mastermind Group, onde se presenten temas de interese seleccionados polos colectivos de mulleres rurais para a procura de solucións colaborativas co apoio de expertos na materia. Todo isto relacionado e consolidado coas actividades da liña de emprendemento e emprego.
MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA TERCEIRA IDADE NO RURAL	Son varios os inconvenientes que padecen as persoas maiores na contorna. A falta de recursos de proximidade, a dificultade nos desprazamento, o escaso relevo xeracional en certas actividades e unha soidade non desexada na terceira idade son algún deles. O desenvolvemento de novos servizos de proximidade nas zonas rurais xera un impacto positivo no territorio, a chamada “Economía Silver”. Polo que o proxecto contempla a posibilidade de ofrecer unha serie de novos servizos aos veciños da Terra Chá que, pola súa idade e situación socioeconómica, son colectivos máis vulnerables que requiren dunha atención especial para cubrir as súas necesidades. Mellorando así a calidade de vida das persoas maiores en contornas rurais e ao mesmo tempo procura de oportunidades nos sectores relacionados co servizo e a atención ás persoas maiores como fonte de oportunidades de emprendemento e emprego no ámbito. Creando proxectos empresariais que dean resposta a esta necesidade Por outra banda, todo isto fomenta a fixación e atracción da poboación no medio rural a través da mellora dos servizos e da calidade de vida que ofrece o territorio.

MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA TERCEIRA IDADE NO RURAL	Ademais se pretende conseguir reducir a soidade non desexada do colectivo das persoas maiores a través de actividades interxeracionais que promovan ao mesmo tempo a continuidade xeracional en labores tradicionais. Tamén se lles ofrecen actividades de alfabetización dixital, entre outras. Entre as actividades se contempla: ● Para favorecer a cohesión interxeracional propóñense talleres prácticos impartidos por persoas maiores a colectivos máis novos que favorezan a transmisión de coñecementos e habilidades no ámbito rural (artesanía, medio agrario, horticultura...). ● Talleres formativos de Alfabetización Dixital ás persoas maiores que perseguen reducir a fenda dixital nas persoas (Sergas Móbil, RRSS, compra online, correo electrónico, etc.). ● Sesións grupais de envellecemento activo. Estas sesións perseguen a promoción dun envellecemento saudable a través da participación social. ● Sesións grupais para o fomento de habilidades sociais co obxectivo de fortalecer o apoio social para aquelas persoas maiores que o necesiten. ● Sesións grupais de abordaxe da soidade, coñecemento e xestión das emocións asociadas a ela. ● Obradoiros e difusión sobre oportunidades empresariais relacionadas co sector de servizos a persoas maiores no medio rural: economía “Silver”. ● Creación dunha rede de persoal cualificado para o coidado das persoas maiores no medio rural (coidado, podoloxía, cociña...) ● Se facilitará aos maiores o traslado para a realización de probas médicas , tramitacións e outras xestións como reparto das súas compras semanais as súas casas. Todo isto con vehículos híbridos, pretendendo diminuír a contaminación do transporte. ● Mediante o apoio en pequenas reformas nos fogares preténdese mellorar a accesibilidade física e dixital dos fogares dos maiores. Isto tamén fomenta a creación ou o desenvolvemento de emprendemento. Se traballará en coordinación cos Servizos Sociais dos Concellos da Terra Chá.

FOMENTO DA EMPREGABILIDADE E INSERCIÓN LABORAL DA POBOACIÓN NO RURAL	Responde á necesidade de desenvolver estratexias de intervención para a inserción laboral das persoas en procura activa de emprego, tanto de persoas locais como persoas que pretendan asentarse na zona. O que se pretende é favorecer a ocupación sostible no territorio, con especial atención aos mozos e mulleres, así como aos colectivos de persoas inmigrantes. A persoa encargada destas actividades preténdese que sexa unha persoa coñecedora en profundidade da zona, para que poida así comprender mellor a súa realidade. Se traballará en coordinación co Programa de Emprego de Cruz Roja Española en Lugo e cos Servizos Sociais dos Concellos da Terra Chá. A idea é realizar atención na procura de emprego por comarcas e que poidan abarcar poboación de entre dous e tres municipios, na que poidan participar tanto persoas asentadas xa na Terra Chá como de outras zonas que pretendan asentarse nela. Para iso, propóñense as seguintes actividades: 1.Itinerario de Orientación Laboral ● Pílulas formativas dirixidas a mellorar a empregabilidade a través do reforzo de competencias profesionais, e o acompañamento na procura dun posto de traballo promovendo a igualdade de oportunidades no emprego. Acompañamento individualizado para a creación de itinerarios de empregabilidade nos distintos colectivos no medio rural: Mozos, mulleres, inmigrantes, grupos en risco de exclusión social, persoas desempregadas de longa duración. ● Definición do obxectivo profesional orientado cara a actividades nas que exista necesidade na zona, como por exemplo no relevo xeracional de certos oficios. ● Potenciación dos valores, capacidades e habilidades de cada un. ● Currículo e cartas de presentación, portais de Emprego e de Formación

	• Crenzas limitantes, eliminación de prexuízos da vida no rural, pensado para aquelas persoas que queiran asentarse na Zona. 2.Itinerario formación profesional • Realización de obradoiros de formación específicos (con certificación) para o desempeño cualificado en distintas temáticas das necesidades de emprego e autoemprego detectadas na Zona. Se prevé a conexión en modalidade teleformación para aquelas persoas que non se encontren no territorio ou teñan dificultades de conciliación ou transporte
OBRADOIROS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO NO RURAL ORIENTADO A COLECTIVOS VULNERABLES.	Dada as escasas oportunidades laborais no entorno rural preténdese fomentar a cultura emprendedora no territorio. O Obxectivo é dotar de coñecementos e ferramentas ás persoas emprendedoras para a posta en marcha dos seus modelos de negocio e favorecer, a través da formación en xestión empresarial, en materia ambiental e de igualdade de oportunidades, a ocupación sostible no territorio, con especial atención aos mozos e mulleres, así como aos colectivos de inmigrantes e persoas con discapacidade. Favorecendo a creación de empresas de turismo sostible, economía social e economía circular e ademais todas aquelas provenientes da economía verde (enerxías renovables, mellora na xestión forestal, edificación eficiente, alimentos de circuíto corto, etc.) As persoas encargadas destas actividades preténdese que sexan persoas coñecedoras en profundidade da zona, para que poidan así comprender a súa realidade con máis proximidade. A idea é realizar obradoiros por comarcas que poidan abarcar poboación de entre dous e tres municipios, na que poidan participar tanto persoas asentadas xa na Terra Chá como de outras zonas que pretendan asentarse nela. Preténdese realizar: • Actividades de difusión e sensibilización: Xornadas de difusión e concienciación da persoa emprendedora e difusión de experiencias emprendedoras no territorio. Información sobre lexislación, trámites, recursos formativos, axudas e

OBRADOIROS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO NO RURAL ORIENTADO A COLECTIVOS VULNERABLES.	subvencións, liñas de financiamento. Programa formativo e titorizado (Incubadora Rural). Traballando as crenzas limitantes, eliminación de prexuízos da vida no rural, pensado para aquelas persoas que queiran asentarse na rexión. • Formación xeral proxecto emprendemento. Fase de apoio, soporte e formación transversal do proxecto. Desenvolvemento sostible Igualdade e Mentoring feminino e xuvenil. Formación empresarial e técnicas empresariais. • Formación en cooperativismo e economía social: fórmulas empresariais baseadas na xeración de emprego de calidade e que fomentan unha mais xusta distribución dos recursos, favorecendo á vez a cohesión territorial e social. • Formación sobre emprendemento en economía verde, economía circular, economía "Silver" e Bioeconomía. Tamén sobre emprendementos relacionados coas pequenas reformas e a inclusión dixital, relacionado coas persoas maiores. • Obradoiro de implantación de comercio tradicional: ultramarinos. Inténtase promover mediante a actividade o restablecemento dos antigos negocios, para conseguir incrementar a venta de produtos locais e á vez considérase unha oportunidade de ter un espazo que favoreza a socialización veciñal. • Titorización de proxectos. Tamén se prevé a conexión as formacións en modalidade teleformación para aquelas persoas que non se encontren no territorio ou teñan dificultades de conciliación ou transporte.
DINAMIZACIÓN TERRITORIAL E RESPONSABILIDADE SOCIAL (RS)	Nestas accións procúrase dinamizar a economía local e atraer empresas á zona, así como promover a comunicación con empresas que poidan colaborar co proxecto apelando a súa Responsabilidade Social. Actividades: • Dixitalización das empresas pequenas e familiares: Itinerario para a transformación dixital: ferramentas de uso cotiá e implementación.

DINAMIZACIÓN TERRITORIAL E RESPONSABILIDADE SOCIAL (RS)	• Alfabetización dixital dos pequenos produtores/comercios: correo electrónico, RRSS, páxinas web, venta online. • Prospección das empresas locais na procura de necesidades de traballadores e outras posibles colaboracións (como prácticas non laborais u outras actividades da súa RS) • Encontros cos empresarios doutras zonas que pretendan establecerse neste espazo rural, apoiando e facilitando na medida do posible a súa acción.

Táboa 11: Descrición das actividades enumeradas

Actividade	Calendario	Participantes
DIAGNÓSTICO TERRITORIAL E ESTUDO DE OPORTUNIDADES	Dende xaneiro 2023 ata xuño 2023 o proxecto se centrará nesta actividade. Esta primeira etapa é fundamental para o desenvolvemento das seguintes. O diagnóstico continuará durante toda a vida do proxecto e das diferentes actividades, ata decembro de 2025. Tendo en todo momento comunicación aberta co resto de actividades.	40.000 persoas Intentando involucrar ao total da poboación da Terra Chá.
RETORNO E ASENTAMIENTO POBOACIONAL	Xuño 2023 ata decembro de 2025: unha vez finalizada a actividade de diagnóstico do territorio se comezará a traballar nesta liña. Xuño 2023: Un primeiro paso de acollida de difusión do proxecto polas comarcas e as cidades mais pretas da Terra Chá. Aínda que durante toda a vida do proxecto se realizará difusión do mesmo, neste primeiro mes será unha actividade prioritaria.	800 persoas interesadas tanto no retorno como en asentarse na zona por primeira vez. Incluíndo persoas da rexión, comarcas limítrofes e das cidades. Cada participante terá o seu itinerario en función das súas necesidades.

	Dende Xullo de 2023 ata finalizar o proxecto se realizarán de forma cíclica as seguintes: acollida de participantes, inclusión e realización das as actividades e peche. A Oficina de Acollida preténdese que se asente durante toda a vida do proxecto e incluso no mais longo prazo.	
IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PROGRAMA MULLER RURAL	xuño 2023 ata decembro de 2025: unha vez finalizada a actividade de diagnóstico do territorio se comezará a traballar nesta liña. Xuño 2023: Un primeiro paso de acollida de difusión do proxecto polas comarcas e as cidades máis pretas da Terra Chá. Aínda que durante toda a vida do proxecto se realizará difusión do mesmo, neste primeiro mes será unha actividade prioritaria. Dende Xullo de 2023 ata finalizar o proxecto se realizarán de forma cíclica as seguintes: acollida das participantes, inclusión e realización das actividades e peche, coincidindo co ano natural.	120 mulleres de todas as idades que participarán nas diferentes actividades: Ano 2023: 30 participantes. Ano 2024: 45 participantes Ano 2025 45 participantes. Cada usuaria dispoñerá dun itinerario persoal e participara en cada unha das actividades.
MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA TERCEIRA IDADE NO RURAL	Xuño 2023 ata decembro de 2025: unha vez finalizada a actividade de diagnóstico do territorio se comezará a traballar nesta liña. Xuño 2023: Un primeiro paso de acollida de difusión do proxecto polas comarcas da Terra Chá. Aínda que durante toda a vida do proxecto se realizará difusión	100 persoas da terceira idade que se interesen polo programa. Os técnico realizarán unha procura das persoas participantes polas diferentes comarcas. Realizando desprazamentos grupais de participantes maiores ás actividades se fose necesario.

MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA TERCEIRA IDADE NO RURAL	do mesmo, neste primeiro mes será unha actividade prioritaria. Dende Xullo de 2023 ata finalizar o proxecto se realizarán de forma cíclica as seguintes: acollida dos participantes, inclusión e realización das actividades e peche, coincidindo co ano natural.	40 mozos que queiran participar nas actividades interxeracionais. Participantes por ano: Ano 2023: 20 maiores e 10 mozos. Ano 2024: 40 maiores e 15 mozos Ano 2025: 40 maiores e 15 mozos Cada usuario dispoñerá dun itinerario persoal e participará nas actividades que precise segundo o seu perfil.
FOMENTO DA EMPREGABILIDADE E INSERCIÓN LABORAL DA POBOACIÓN NO RURAL	xuño 2023 ata decembro de 2025. Unha vez finalizada a actividade de diagnóstico do territorio se comezará a traballar nesta liña. Xuño 2023: Un primeiro paso de acollida de difusión do proxecto polas comarcas da Terra Chá e cidades. Aínda que durante toda a vida do proxecto se realizará difusión do mesmo, neste primeiro mes será unha actividade prioritaria. Dende Xullo de 2023 ata finalizar o proxecto se realizarán de forma cíclica as seguintes: acollida dos participantes, inclusión e realización das actividades e peche, coincidindo co ano natural.	100 persoas participantes nas actividades, procurando unha maioría do 70% mulleres e mozos. Poden participar persoas da rexión como persoas de fóra dela. Participantes por ano: Ano 2023: 20 persoas. Ano 2024: 40 persoas. Ano 2025: 40 persoas. Cada usuario dispoñerá dun itinerario persoal e participará nas diferentes actividades.

OBRADOIROS PARA O FOMENTO DE EMPRENDEMENTO NO RURAL ORIENTADO A COLECTIVOS VULNERABLES	xuño 2023 ata decembro de 2025. Unha vez finalizada a actividade de diagnóstico do territorio se comezará a traballar nesta liña. Xuño 2023: Un primeiro paso de acollida de difusión do proxecto polas comarcas da Terra Chá e cidades. Aínda que durante toda a vida do proxecto se realizará difusión do mesmo, neste primeiro mes será unha actividade prioritaria. Dende Xullo de 2023 ata finalizar o proxecto se realizarán de forma cíclica as seguintes: acollida dos participantes, inclusión e realización das actividades e peche, coincidindo co ano natural.	150 persoas participarán nas actividades, procurando un mínimo dun 60% mulleres e un 40% homes. Poden participar persoas da rexión como persoas de fóra dela. Participantes por ano: Ano 2023: 30 persoas. Ano 2024: 60 persoas. Ano 2025: 60 persoas. Cada usuario dispoñerá dun itinerario persoal e participará nas actividades que precise segundo o seu perfil e se continuará durante toda a vida do proxecto co asesoramento aos participantes emprendedores
• DINAMIZACIÓN TERRITORIAL E RS	xaneiro 2024-decembro 2025. Unha vez consolidadas as anteriores actividades se comeza a traballar nesta liña.	40 empresas informadas del proxecto, procurando que colaboren con el o poidan beneficiarse tamén.

G.1.7. Resultados esperados, posibles beneficiarios e impacto no emprego :

Táboa 12: Descrición dos resultados esperados		
Resultado 1 COÑECER AS NECESIDADES ESPECÍFICAS E AS OPORTUNIDADES DA ZONA		
Descrición	En termos laborais, habitacionais, de servizos, ecolóxicos, de emprendemento e outros. Para poder ofrecer a información e oportunidades de asentamento e retorno poboacional. Creación de base de datos de recursos, como vivendas de alugueiro accesible.	
Beneficiarios	40.000 (toda a comarca da Terra Chá)	
Impactos esperados	Facturación (€)	25.000
	Empregos (Nº)	2
Outra información de interese	Crease unha base de datos da zona de interese xeral que poda reflectir datos para poder mellorar a contorna no medio prazo e perdurar no tempo.	

Resultado. 2. RETORNO E ASENTAMIENTO POBLACIONAL NA TERRA CHÁ DE PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN		
Descrición	Favorecer o retorno e a chegada de nova poboación ao territorio informando das oportunidades e recursos da zona e apoiando na mellora la calidade de vida e oportunidades das persoas mais vulnerables. Coas Oficinas de Acollidas se pretende lograr un acompañamento das persoas que se asenten na rexión no largo prazo para conseguir un arraigo mais sólido.	
Beneficiarios	600 habitantes mais na rexión Beneficiarios indirectos: todos os veciños da zona.	
Impactos esperados	Facturación (€)	216.000
	Empregos (Nº)	18
Outra información de interese	Neste sentido espérase un resultado exponencial, xa que o propio retorno e asentamento poboacional atraerá a outras persoas a habitar nesta zona a longo prazo, tanto polo aumento de oportunidades como polo aumentos dos servizos.	

Resultado 3. MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA TERCEIRA IDADE NO RURAL		
Descrición	Mellorando os seus servizos dispoñibles, facilitando os desprazamentos, diminuíndo a súa soidade non desexada e mantendo un envellecemento mais activo, incluíndo as novas tecnoloxías.	
Beneficiarios	100 persoas maiores	
Impactos esperados	Facturación (€)	990.000
	Empregos (Nº)	15
Outra información de interese	Ademais co aumento de servizos de economía "Silver" e das pequenas reformas tamén aumenta o emprego dispoñible na zona e con isto as súas oportunidades	

Resultado 4. DERRIBAR ESTEROTIPOS E PREXUÍZOS		
Descrición	Tanto da poboación local como da poboación acollida, sensibilizar e lograr unha integración efectiva.	
Beneficiarios	500 persoas tanto da sociedade de acollida como dos novos veciños.	
Impactos esperados	Facturación (€)	30.000
	Empregos (Nº)	2
Outra información de interese	Ademais o asentamento de poboación inmigrante pode favorecer a poboación local aumentando a súa riqueza cultural.	

Resultado 5. CONSEGUIR RELEVO XERACIONAL NAS ACTIVIDADES MAIS TRADICIONAIS		
Descrición	Realizado cunha relación interxeracional de tipo formativa.	
Beneficiarios	**100 persoas maiores** **40 mozos**	
Impactos esperados	Facturación (€)	**200.000**
	Empregos (Nº)	***5***
Outra información de interese	Benefícianse tanto os mozos como as persoas maiores.	

Resultado 6. EFECTOS MEDIOAMBIENTALES POSITIVOS		
Descrición	Coa implantación de empresas provenientes da economía circular e economía verde.	
Beneficiarios	5 empresas de nova creación de economía verde	
Impactos esperados	Facturación (€)	975000
	Empregos (Nº)	*10*
Outra información de interese	Beneficio contemplado a largo prazo polo coidado do medio ambiente e polo rendemento económico.	

Resultado 7 FOMENTAR A CULTURA EMPRENDEDORA NO TERRITORIO.		
Descrición	Dinamizando economicamente a zona, favorecendo o establecemento poboacional e xeración de oportunidades. E ao mesmo tempo dotando a Terra Chá de novos servizos que melloren a calidade de vida e o atractivo da contorna.	
Beneficiarios	40 empresas creadas 60 postos de traballo novos Beneficiarios indirectos: toda a poboación polo aumento de servizos e as novas oportunidades.	
Impactos esperados	Facturación (€)	4.125.000
	Empregos (Nº)	60
Outra información de interese	Este resultado pretende dar sustentabilidade ao proxecto, xa que si na zona crece o tecido empresarial, se espera que no longo prazo isto achegue poboación ao aumentar as posibilidades de emprego de calidade e aumentar a cantidade de servizos prestadas na zona	

Resultado 8. Mellorar o arraigo das mulleres e os mozos da zona		
Descrición	Mellorando súas oportunidades e o empoderamento. Mellora nas oportunidades e os recursos.	
Beneficiarios	120 mulleres	
Impactos esperados	Facturación (€)	1.944.000
	Empregos (Nº)	*24*
Outra información de interese	*Menos abandono das mulleres e mozos do espazo rural en procura de mellores oportunidades.*	

Resultado 9 Dixitalización do rural.		
Descrición	Tanto das persoas da terceira idade como dos pequenos produtores e empresas locais.	
Beneficiarios	100 persoas maiores e 40 empresas	
Impactos esperados	Facturación (€)	990.000
	Empregos (Nº)	*10*
Outra información de interese	Beneficio contemplado a largo prazo no ámbito empresarial, polo posible aumento da cota de mercado e posibles novos postos de traballo.	

G.1.8. Incidencia do proxecto sobre determinados sectores da poboación

Táboa 13: Incidencia do proxecto sobre sectores poboacións	
Mulleres	Se pretende mellorar a súa situación xeral en canto a colectivo especialmente afectado pola falta de oportunidades e recursos no ámbito rural. Neste sentido se traballará para que o colectivo feminino mellore no aspecto laboral, de conciliación, corresponsabilidade, emprendemento, o seu empoderamento e xestión emocional. Creando ademais novos lazos entre elas como fonte de apoio social.
Mocidade	O proxecto fomenta o mantemento da mocidade no entorno rural, xa que incrementa as súas oportunidades laborais, habitacionais e ou de emprendemento. Ademais de actividades interxeracionais que permitirán adquirir novos coñecementos a ambas partes e enriquecer o horizonte deste colectivo.
Outros colectivos	Terceira idade: intentando mellorar en todo momento a súa calidade de vida e evitando que deban deixar a rexión cara a cidade ou residencias por falta de servizos, pola súa soidade u outras situacións. Outros colectivos beneficiarios do proxectos: colectivos en risco de exclusión como as persoas inmigrantes u outros colectivos desfavorecidos aos que se lles asesorará de maneira integral (laboral, emprendemento, conciliación e habitacional) pretendendo mellorar a súa situación e aumentando a súa integración na sociedade de acollida. Poboación da Terra Chá: verase aumentada a súa poboación, a súa calidade de vida e social.

G.1.9. Impacto na mellora do ambiente e na valorización dos recursos naturais

Táboa 14: Efectos medioambientais	
Positivos	Aumento do nicho empresarial da economía verde, fomentando a economía circular, os emprendementos en enerxías renovables, mellora na xestión forestal, edificación eficiente e de comercio de alimentos de circuíto corto. Se se consegue un maior aproveitamento das fincas abandonadas, isto potencia un mellor mantemento das fincas e espazos rústicos, o que diminúe o risco de incendios
Negativos	Desprazamentos en vehículo para a realización das actividades.
Cuantificación económica	**1.290.000€**

G.1.10. Orzamento necesario e solvencia económica

Táboa 15: Orzamento e prazo de execución	
Orzamento (€)	**435.660**
Prazo de execución	**3 años**
Ingresos esperados (€)	
Custos de explotación (€)	**435.660**
Axudas solicitadas (€)	**409.860**
% do grao de apoio público	**94 %**

Táboa 16: Solvencia económica	
Prazo de recuperación (pay-back) anos	**1**
Valor Actual Neto (VAN)	**8.432.787,76 €**
Taxa Interna de Retorno (TIR)	**1795%**

G.1.11. Sostibilidade financeira

Táboa 17: Sostibilidade financeira	
Ratio "Nº empregos xerados / investimento necesario (orzamento)" (Cálculo ou estimación)	**0,00049**

G.2. PROPOSTA 2.

G.2.1 Denominación e breve xustificación do proxecto.

Táboa 1: Denominación
Terra Chá Emprende

Táboa 2: Breve xustificación
Preténdese crear un centro de emprendemento e coworking que leve asociado a oficina do emprendedor, plataforma dixital de servizos sociais de vídeo asistencia así como a creación dunha plataforma de intercambio de bens urbanos e rurais, produtos (mercado) e servizos. O obxectivo xeral é ofrecer un centro que preste un servizo integral centrado en xerar oportunidades de emprendemento e emprego para asentar a poboación no territorio. Por outra banda, o centro estará asociado a unha plataforma dixital dedicado á atención, nun territorio con poboación maior e conectar oferta e demanda de bens e servizos.

G.2.2 Identificación da entidade tractora proposta e outras posibles entidades participantes.

Táboa 3: Entidade tractora	
Denominación	**GDR Terra Chá**
Datos de contacto	**C/ Carmiña Prieto Rouco 982 51 23 69 / 982 52 30 13**
Sector e actividades	**Asociación de desenvolvemento comarcal**

Táboa 4: Outras entidades participantes:				
Colaboración Público/Privada	**Si** **x**		**Non**	
Entidade 1				
Denominación	**Agrupación de concellos da comarca**			
Datos de contacto				
Sector e actividades	**Entidades públicas**			

Entidade 2	
Denominación	**Apio de asociacións de empresarios e empresas da zona**
Datos de contacto	**GDR2 TERRA CHA**
Sector e actividades	

G.2.3. Motivación do carácter innovador do proxecto.

Táboa 5: Descrición da innovación	
Tipo de innovación	**Descrición e xustificación**
4. Produto	O centro de emprendemento-coworking a poñer en marcha contará con profesionais do asesoramento e a orientación laboral que identificarán os factores clave á hora de fixar poboación a través da creación de emprego de calidade e baseado nas necesidades reais do territorio no que se vai a desenvolver. Por unha banda, detectáronse sectores nos que se vai a incidir á hora de desenvolver os proxectos tractores da iniciativa, tales como o sector primario e o desenvolvemento de iniciativas innovadoras sobre todo nos subsectores agropecuario e forestal, os servizos en xeral, as potencialidades turísticas, o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras de I+D e a oportunidade laboral que ofrece o sector dos coidados e servizos sociais en xeral
5. Procesos	Os procesos que se levan a cabo son a captación do talento estranxeiro e difusión individual e colectiva para a captación de posibles emprendedores, a mentorización e formación para o emprendemento e por último a consolidación e fidelización.
6. Comercialización	Potenciaranse novas formas de comercialización como o desenvolvemento web para a posta en marcha das 3 plataformas previstas: Marketplace de produtos locais, plataforma dixital de servizos sociais e a plataforma de conexión de oferta e demanda.

G.2.4. Ámbito xeográfico de actuación

Táboa 6: Municipios e núcleos (Nº)	
Nº de municipios (total)	10
Nº de núcleos de poboación (total)	111 parroquias

Táboa 7: Municipios e núcleos (Relación)	
Relación de municipios	Terra Chá: Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Pastoriza, Riotorto, Vilalba e Xermade
Relación de núcleos de poboación (total)	Abadín (19): Abadín, Abeledo, Aldixe, Baroncelle, Cabaneiro, Candia, Castromaior, Corvite, Fanoi, Fraias, Galgao, Goás, Graña, Labrada, Moncelos, Montouto, Quende, Romariz, Vilarente. Begonte (19): Baamonde, Baldomar, Begonte, Bóveda, Carral, Castro, Cedeiras, Damil, Donalbai, Felmil, Gaibor, Illan, Pacios, Saavedra, Santalla de Pena, San Vicente de Pena, Trobo, Uriz, Viris. Cospeito (20): Arcilla, Beján, Bestar, Cospeito, Goa, Lamas, Momán,Muimenta, Pino, Rioveso, Roas, Santa Cristina, Seixas, Sisoi, Sistallo, Támoga, Vilar, Vilapena, Xermar, Xustas. Guitiriz (18): Becín, Buriz, Labrada, Lagostelle, Mariz, Negradas, Parga, Piedrafita, Pígara, Roca, San Breixo de Parga, San Salvador de Parga, Santa Cruz de Parga, Santa Leocadia de Parga, Santa Marina de Lagostelle, Trasparga, Villar, Villares Muras (8): Ambosores, Balsa, Burgo, Irijoa, Muras, Silán, Sixto, Viveiro Pastoriza(19): Aguarda, Alvare, Baltar, Bretoña, Cadabedo, Corvelle, Crecente, Fuenmiñana, Gueimonde, Lagoa, Loboso, Pastoriza, Piñeiro, Pousada, Reigosa, Rigueira, Saldange, Ubeda, Vián. Riotorto(8): Aldurfe , Espasande, Ferreiravella, Galegos, Meilán, Mojoeira,Orrea, Riotorto Villalba(30): Alba, Árbol, Belesar , Boizán ,Carballido, Codesido,Corvelle,Distriz ,Goiriz ,Gondaísque ,Insua, Ladra ,Lanzós Mourence,Nete ,Noche, Oleiros,Rioaveso, Román, Samarugo ,Sancovade , San Simón da Costa Santaballa, Soexo, Tardade, Torre, Vilalaba ,Vilapedre Xoibán Xermade (10): Burgás, Cabreiros, Candamil, Cazás, Lousasa, Miraz, Momán, Piñeiro, Ropar, Xermade Castro de Rei (25):Ansemar, Azúmara, Balmonte, Bazar. Bendia, Castro de Rey, Coea, Duancos, Duarría, Dumpín Goberno , Loentia Ludrio, Mondriz , Mos,Orizón, Otero, Pacios, Prevesos, Quintela, Ramil, Riberas de Lea, Santa Leocadia, Triabá, Villadonga

G.2.5. Obxectivos a conseguir:

Táboa 8: Obxectivos xerais
O obxectivo xeral do proxecto é abordar a cuestión do reto demográfico nunha comarca que enfronta un decrecemento poboacional superior á media que padece Galicia no seu conxunto. A poboación obxectiva á que se dirixe o proxecto é de 28.659 habitantes nos municipios agrupados e case 40.000 en toda a comarca, a ter en conta en caso de posible transferencia de boas prácticas. O proxecto ofrece unha visión integral á hora de loitar contra o problema demográfico debido a que pretende poñer en valor as potencialidades dun territorio altamente ruralizado, e con base económica no sector primario e dirixilas ás necesidades obxectivas dunha poboación envellecida, dispersa e con necesidades específicas. Terra Chá emprende, pretende ofrecer os mecanismos de axuda para a creación de negocios emprendedores que obteña éxito e por tanto asenten poboación e capten talento ao dirixir as súas ofertas ás demandas da comunidade que conforman os municipios agrupados. A base do proxecto é a creación dun centro de emprendemento-coworking no que se ofreza asesoramento continuo (entre outras accións) a emprendedores e emprendedoras da zona, valorizando os recursos e potencialidades propias, co fin de identificar oportunidades e poñer en contacto oferta e demanda de bens, produtos e servizos. Terra Cha emprende nace da necesidade de aproveitar aqueles sectores, como o primario, nos que desenvolver innovación para a súa necesaria actualización ás necesidades de mercado; identificar os nichos de mercado á hora de crear emprego e captar man de obra así como dirixir programas específicos a sectores de poboación con máis difícil inserción: mozos, mulleres e desempregados de longa duración.

Táboa 9: Obxectivos específicos
Entre os obxectivos específicos do proxecto atópase o establecemento dun espazo dedicado ao emprendemento que actúe de maneira integral contra os retos que supón o decrecemento demográfico, o envellecemento poboacional e a falta de oportunidades, sobre todo para certos colectivos específicos: mulleres, novas e parados de longa duración. O obxectivo fundamental será a captación de talento, a capacitación en perfís laborais e empresariais demandados, o aproveitamento das vantaxes comparativas do territorio, en canto a sectores e servizos demandados e o fomento de iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego estable e que responda á demanda do territorio. En relación cos obxectivos específicos que prevé a orde correspondente, fundamentalmente ímonos a

dirixir aos seguintes, aínda que hai que ter en conta que se trata dun proxecto integral e transversal:

1. Creación de estruturas administrativas destinadas a formalizar e impulsar a actividade das entidades locais, en especial mediante a cooperación con outras Administracións públicas e con axentes sociais e económicos activos nas zonas xeográficas interesadas. A través da creación da oficina do emprendedor-espazo coworking impulsarase a participación social daqueles colectivos demandantes de emprego e capacitaráselles para o desenvolvemento dos seus talentos á vez que se captará a participación daqueles axentes sociais e económicos que necesitan de reforzo, en termos de recursos humanos capacitados, para o desenvolvemento das súas iniciativas. No que respecta a colaboración con axentes económicos e sociais activos na zona, o proxecto conta co apoio dos servizos de axuda a domicilio que operan na zona así como o apoio de Atenza, empresa líder en servizos de tele asistencia con presenza en todo o Estado. Estes apoios abren a porta a unha posible materialización en forma de colaboración unha vez que a axuda sexa concedida e impulsará, notablemente, aspectos do noso proxecto como son a análise da situación de atención e coidados na zona, os recursos necesarios para mellorar a calidade de vida dos habitantes e favorecer o asentamento poboacional así como unha posible colaboración no desenvolvemento da plataforma dixital de servizos sociais para video asistencia.

Por outra banda, o proxecto presentado conta co apoio de Caixa Rural Galega, entidade bancaria de referencia na zona e implicada en todas aquelas iniciativas que fomenten o desenvolvemento económico, social e laboral desde unha perspectiva innovadora para a reactivación económica e a loita contra o despoboamento territorial. Contar coa súa posible colaboración nun proxecto destinado ao emprendemento é unha baza importante á hora de dar a coñecer instrumentos de financiamento, entre outras. Fomentarase a creación de empresas vinculadas ás necesidades do territorio que complementen os servizos públicos existentes.

2. Reforzo dos Servizos Públicos Ampliación e mellora dos servizos públicos que corresponden ás entidades locais, e cooperación na prestación de servizos que corresponden ás Administracións do Estado e das comunidades autónomas. Entre as funcións da administración pública atópanse os servizos sociais de atención á infancia e á poboación maior. O asentamento e renovación poboacional son fitos imposibles se non se conta con servizos de conciliación á altura das necesidades das familias á hora de establecerse nun territorio. Identificouse un nicho crecente de mercado en canto aos servizos de atención á infancia que actuarían positivamente no fomento da natalidade e ofrecerían un mercado laboral a aquelas persoas formadas en atención infantil. Considérase que a poboación establecida nunha contorna rural dispersa debe contar cos mesmos servizos públicos de atención que a poboación de núcleos urbanos, só así se garantirá unha

calidade de vida suficiente para xerar asentamento poboacional nestas zonas. Por outra banda, o envellecemento da poboación supón novos retos á hora de conciliar coidados e inserción, sendo, ademais, un nicho de mercado para a creación de emprego eminentemente feminino. O custo da capacitación de, por exemplo, mulleres desempregadas de alta duración é mínimo á hora de conseguir que se insiran nun mercado, o dos coidados, que asegura estabilidade e opcións para o emprendemento cooperativo, por exemplo. Desde o espazo proxectado fomentarase a creación de cursos de formación e capacitación profesional neste sector e a creación de iniciativas de autoemprego e emprego cooperativo e empresarial dirixidas á atención e coidados das persoas.

- Promoción e apoio á mellora da calidade de vida no medio rural.

- Promoción e apoio para a creación e desenvolvemento de redes de inclusión social.

- Promoción de proxectos para a atención e coidado de persoas.

- Desenvolvemento de programas piloto dirixidos a parados de longa duración.

O proxecto desenvólvese nunha zona con altas potencialidades no sector forestal (aproveitamento madeireiro, silvicultura, traballos agrarios e forestais) que indica a necesidade de fomento de iniciativas emprendedoras neste aspecto así como a posta en valor destes perfís profesionais, de capacitación alcanzable, á hora de acceder á actividade forestal. Por outra banda, entre as fortalezas da área á que se dirixe o proxecto está o desenvolvemento de actividade agropecuaria, sendo un dos obxectivos do proxecto, fomentar o acceso a esta actividade, poñer en contacto a produtores e consumidores (marketplace de produtos locais) a través da comercialización, difusión e promoción en liña de produtos autóctonos e de alta calidade, establecer contacto entre demandantes de emprego en sector forestal e agropecuario e empresarios do sector. Ofrecerase, así mesmo, asesoramento laboral e técnico para a creación de empresas vinculadas a dous subsectores do sector primario con alta demanda e futuro. Da mesma forma, fomentarase a incorporación de mulleres, por unha banda, a sectores tradicionalmente masculinizados e de mozos, por outra, mediante a dixitalización do sector, o desenvolvemento de iniciativas de I+D e a captación de talentos con alta cualificación profesional no ámbito das ciencias forestais e agropecuarias. Preténdese a modernización dun sector que ten moitas oportunidades de negocio mediante o seu desenvolvemento e adaptación ás necesidades actuais do mercado (agricultura e gandería ecolóxica, aproveitamento forestal e prevención de incendios, etc).

3. Fomento do Emprendemento e da Actividade Empresarial. Fomento das actuacións dirixidas á identificación de novas actividades económicas compatibles coa conservación da

biodiversidade e a paisaxe, e todo tipo de actuacións que favorezan o desenvolvemento económico endóxeno e sostible.

- Asesoramento xurídico, técnico e financeiro.

- Acceso á actividade agrícola, gandeira, forestal e, en xeral ,de aproveitamento de recursos naturais.

- Mellora de procesos agrícolas, gandeiros, forestais e, en xeral ,de aproveitamento de recursos naturais.

- Difusión e comercialización de produtos locais.

- Desenvolvemento de mercados cooperativos.

- Comercialización en liña no mercado de alimentos.

- Apoio ao emprendemento de mulleres e novas.

4. Formación e Axuda ao Emprendemento. Proposta e xestión de actividades formativas destinadas a mellorar a capacitación laboral e o apoio ao emprendemento da poboación activa, en especial promovendo a igualdade de dereitos e oportunidades das mulleres e os mozos.

- Formación e innovación agroalimentaria e de aproveitamento de recursos naturais locais.

- Actividades de formación para o aprendizaxe de mulleres e novas.

5. Desenvolvemento e Innovación no Territorio Fomento para a creación dunha masa crítica que achegue unha mellora da competitividade e unha posta en valor das vantaxes económicas absolutas e comparativas e fomenten o valor económico agregado nestas áreas xeográficas, en especial desde a perspectiva do patrimonio natural e histórico-artístico e cultural.

- Difusión do valor engadido achegado pola vida rural, nunha contorna de hábitos saudables.

- Actividades de coidado e mellora das masas forestais e a prevención e vixilancia de incendios forestais asociadas a plans de xestión forestal.

G.2.6. Actividades propostas:

Táboa 10: Listaxe de actividades	
Actividade	**Descrición e xustificación**
1) Captación e difusión do proxecto	A. Atracción de talento estranxeiro. Creación dun portal web. Investimento mellora de local destinado a centro de emprendemento. B. Atracción de emigrantes para o seu retorno. C. Difusión individual e colectiva para a captación de posibles emprendedores. A través de campañas de difusión especializadas, campaña de difusión en redes sociais e medios. D. Recompilación de recursos públicos e privados (vivenda, garderías, centros de día, colexios e outros servizos
2) Mentorización e formación para o emprendemento.	A. Mentorización, formación e acompañamento individualizado a cada candidato emprendedor.
3) Consolidación	A. Consolidación, fidelización e acompañamento ao candidato emprendedor. B. Marketplace de produtos locais

Táboa 11: Descrición das actividades enumeradas		
Actividade	**Calendario**	**Participantes**
1.Captación e difusión do proxecto	A. 3 meses: 01/10/2022-31/12/2022 B. 3 meses: 01/01/2023-30/03/2023 C. 3 meses: 01/04/2023-30/06/2023 D. 3 meses: 01/04/2023-30/06/2023	40.000 persoas Intentando involucrar ao total da poboación da Terra Chá.
2. Mentorización e formación para o emprendemento.	C. 6 Meses: 01/07/2023-31/12/2023	40.000 persoas Intentando involucrar ao total da poboación da Terra Chá.
3.Consolidación	A. 6 meses: 01/01/2024-30/06/2024 B. 6 meses: 01/01/2024-30/06/2024	40.000 persoas Intentando involucrar ao total da poboación da Terra Chá.

G.2.7. Resultados esperados, posibles beneficiarios e impacto no emprego :

Resultado 1 Necesidades da poboación envellecida		
Descrición	Atender as necesidades dunha poboación cada vez máis envellecida a través de oportunidades de negocio baseados na chamada Silver economy e desenvolver, con iso, oportunidades de emprendemento para sectores de poboación con baixa inserción laboral. Preténdese mentorizar e acompañar proxectos que dirixan a súa oferta de servizos a este sector de poboación e poidan desenvolver nichos de emprego.	
Beneficiarios	A poboación envellecida das comarcas da Terra Chá	
Impactos esperados	Facturación (€)	**INVESTIMENTO 250000 euros**
	Empregos (Nº)	**Directos 3 -Indirectos 80**
Outra información de interese	491 persoas desempregadas (45-64 anos)	

Resultado 2 Desenvolver o potencial emprendedor de colectivos de difícil inserción laboral		
Descrición	Desenvolver o potencial emprendedor de colectivos de difícil inserción laboral: mozos, mulleres e persoas desempregadas de longa duración a través da posta en valor e innovación de sectores estratéxicos do territorio con altas potencialidades, tales como o sector primario, o turismo de calidade e como destino final, o sector de coidados e benestar e o desenvolvemento de iniciativas de I+D	
Beneficiarios	Mulleres, mozos e persoas desempregadas	
Impactos esperados	Facturación (€)	
	Empregos (Nº)	
Outra información de interese	399 mulleres desempregadas	

Resultado 3 Atraer talento novo e foráneo		
Descrición	A Terra Chá, conta coa xeración máis formada e cualificada da súa historia pero, con todo, a dificultade á hora de atopar emprego especializado e ben remunerado en función da formación adquirida ha feito que se produza a denominada fuga de cerebros ou de talento. O obxectivo deste proxecto é ofrecer emprego de alta cualificación e innovador para atraer a aquelas persoas que se marcharon por falta de oportunidades e mesmo atraer a persoas que queiran sumar o seu talento e ideas innovadoras en sectores con alta potencialidade nos que se procure investimento en investigación e desenvolvemento.	
Beneficiarios	Mozos e mozas da comarca da Terra Chá	
Impactos esperados	Facturación (€)	
	Empregos (Nº)	
Outra información de interese	85 persoas desempregadas (-30 anos)	

Resultado 4 Contratación dos seguintes perfís técnicos para a posta en marcha do centro de emprendemento-coworking	
Descrición	Orientador/a laboral: Prevese a contratación dun perfil especializado en recursos humanos e orientación laboral para que poida realizar entrevistas, asesoramento e acompañamento aos participantes que desexen emprender. Encargarase, así mesmo das tarefas de difusión do proxecto e das actividades da oficina do emprendedor. Procúrase un perfil de relacións laborais ou recursos humanos con experiencia sendo axente de emprego e especializado en novas tecnoloxías orientadas ao mercado laboral, planificación, financiamento e xestión de proxectos. Entre as súas tarefas estarán a coordinación da comunicación entre empresas e profesionais, manter as relacións coas entidades públicas da área de emprego e desenvolvemento, acompañar e asesorar aos usuarios e usuarias no proceso de inserción, traballar en acordos de colaboracións con empresas e lanzamento de ofertas, actuar na mellora do programa realizando seguimentos e analizando a súa eficacia así como reportar informes periódicos, crear e actualizar directorios de recursos de emprego e realizar a procura de nichos de emprego.

	Coach empresarial : Prevese a contratación dun perfil altamente cualificado e especializado en labores de coaching empresarial e, entre os seus labores, coordinará de forma xeral o desenvolvemento do proxecto en todas as súas fases. O seu labor principal consistirá na mentorización individualizada dos e as participantes no proxecto. O seu obxectivo principal será identificar e desenvolver talentos a través de motivación e mentorización individual e colectiva para a creación de negocios innovadores e de alta demanda, establecer relacións cos sectores de actividade potencialmente máis demandados, identificar as necesidades de adquisición de competencias básicas para cumprir os obxectivos do proxecto e desenvolver os plans de innovación e creación de iniciativas emprendedoras. Administrativo/a : Requiriranse os servizos profesionais dun perfil de administración e xestión dedicado a realizar os trámites necesarios para o desenvolvemento do proxecto en todas as súas fases, xestionar a documentación tanto dos proxectos de emprendemento (altas de empresas, xestións básicas, rexistros, arquivo) como o seguimento da propia subvención concedida. Requirirase, ademais, os servizos profesionais de programación e desenvolvo web para a posta en marcha das 3 plataformas previstas: marketplace de produtos locais, plataforma dixital de servizos sociais e a plataforma de conexión de oferta e demanda. Contrataranse estes servizos en réxime de subcontratación, contarase, así mesmo, baixo réxime de subcontratación cunha entidade de formación para levar a cabo a realización de cursos de capacitación profesional para aquelas persoas emprendedoras que necesiten completar a súa cualificación unha vez que se identificaron as súas potencialidades e os nichos de mercado onde as súas iniciativas poidan ter unha maior porcentaxe de éxito

Beneficiarios		
Impactos esperados	Facturación (€)	Orientador/a laboral: 28.356,36/ano Coach empresarial: 38.940,00/ano en función da súa experiencia e formación acreditada por organismos oficiais e/o homologados. Administrativo/a : 18.196,8/ano
	Empregos (Nº)	**3 directos e 80 indirectos sendo o obxectivo de emprendemento na comarca para esta oficina durante 2 anos**
Outra información de interese		

G.2.8. Incidencia do proxecto sobre determinados sectores da poboación

Táboa 12 : Incidencia do proxecto sobre sectores poboacionais	
Mulleres	Incremento das oportunidades laborais en sectores con alta ocupación de man de obra feminina, tales como a atención e coidados e os servizos complementarios especializados enfocados á chamada Silver economy.
Mocidade	Incremento do emprego xuvenil e aumento de oportunidades laborais (de todos os niveis de cualificacións) ligadas ao territorio (sector primario) que promoverán o retorno do talento, evitarán o éxodo en busca de oportunidades, permitirán a súa incorporación ao mercado laboral e mesmo a súa especialización para a modernización do sector.
Outros colectivos	Incremento da capacidade de captación de novos habitantes e o seu asentamento mediante a posta en marcha de iniciativas xeradoras de emprego e servizos de conciliación de proximidade.

G.2.9. Impacto na mellora do ambiente e na valorización dos recursos naturais

Táboa 13: Efectos medioambientais	
Positivos	Na oficina do emprendemento unha das pautas será orientar e asesorar en materia de medioambiente para acadar unha redución de emisións de CO2, incluso orientar as empresas existentes da comarca en prácticas e axudas que poden optar para conseguir acadar unha redución de emisións de CO2
Negativos	Que é un proxecto público vinculado a financiación
Cuantificación económica	250.000€ de investimento pero con repercusión económica na Terra Cha anualmente estimada de 8.000.000 euros

G.2.10. Orzamento necesario e solvencia económica

Táboa 14: Orzamento e prazo de execución	
Orzamento (€)	250.000,00 €
Prazo de execución	**2 anos**
Ingresos esperados (€)	**8.000.000,00€**
Custos de explotación (€)	**250.000€**
Axudas solicitadas (€)	**200.000€**
% do grao de apoio público	**80%**

Táboa 15: Solvencia económica	
Prazo de recuperación (pay-back) anos	
Valor Actual Neto (VAN)	
Taxa Interna de Retorno (TIR)	

G.2.11. Sostibilidade financeira

Táboa 16: Sostibilidade financeira	
Ratio "Nº empregos xerados / investimento necesario (orzamento)" (Cálculo ou estimación)	**3 empregos directos e 80 indirectos**